



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 6 de marzo de 2020

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Abel Losada Álvarez
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día seis de marzo de dous mil vinte e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(144).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 27 de febreiro de 2020. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(145).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDIMENTOS (RELACIÓN 3/2020). EXPTE. 12718/111.

Dáse conta do informe-proposta de data 27/02/2020, asinado polo xefe da Área Xudicial de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

1.- Civil. Expediente nº 9547/111
Auto do 5 de febreiro de 2020
Tribunal Supremo, Sala do Civil
Casación: 5210/2017
Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: reclamación 40.798.22 Euros

Expte(s): Recoñecemento obrigas como consecuencia da certificación nº 1

Este Auto do Tribunal Supremo, Sala do Civil, inadmite o Recurso de Casación que como recurso extraordinario interpuxera a Sindicatura da quebra de Construcciones Noceda S.L. contra a sentenza da Audiencia Provincial de Lugo.

Proc. Orixe: Xuízo Verbal 680/2015 Xulgado de 1ª Instancia de Sarria.

2.- Contencioso. Expediente nº 11220/111

Sentenza nº 90 do 6 de febreiro de 2020

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 1ª

Ordinario: 42/2018

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: anulación/revogación liquidacións do Consorcio, 1º semestre 2017, centros de día Teis, Coia e Valadares.

Expte(s): 146526-301

Contía: 171.250,00 €

Esta sentenza, que non é firme, e contra a que se pode interpoñer recurso de casación, desestima as pretensións da demanda interposta polo Concello de Vigo contra as liquidacións do primeiro semestre do 2017 xiradas polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Na sentenza, o TSXG considera que a competencia plena é autonómica, e na CCAA galega a regula a Lei de Servizos Sociais. Con respecto a isto, o TSXG considera que o TC resolveu xa que o Estado non pode limitar as competencias municipais que desenvolvan as CCAA.

Neste caso, acontece que en Galicia estes servizos sociais se atribúen por parte da CCAA aos Concellos, mediante a fórmula consorcial. Se considera na sentenza, asumindo os argumentos da Xunta de Galicia, esta é a fórmula establecida legalmente; a de cooperación.

A Área de Benestar Social debe coñecer do resolto.

3.- Contencioso. Expediente nº 11413/111

Sentenza nº 54 do 11 de febreiro de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Ordinario: 128/2018

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: resolución da Autoridade Portuaria de Vigo do 18/01/2018 ditada no expte de RPA nº 9/17, que inadmite a reclamación patrimonial de indemnización de danos e perdas.

Expte(s): 5564-243

Contía: 51.135,15 €

Esta sentenza, que non é firme, aprecia concorrencia de culpas, estima parcialmente o recurso e condena ao Concello de Vigo e á aseguradora MAPFRE S.A. ao pagamento de 15.652,50 euros mais xuros legais desde o 27/02/2018.



Concello de Vigo

O departamento de Patrimonio-RPA debe informar con urxencia sobre a procedencia de apelar ou executar o resolto.

4.- Contencioso. Expediente nº 11701/111
Sentenza nº 61 do 21 de febreiro de 2020
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Ordinario: 349/2018
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: reclamación de responsabilidade patrimonial por falecemento nun accidente de circulación acaecido o 03/10/2016 no túnel de Beiramar
Contía: 340.424,12 €

Esta sentenza, que non é firme e contra a que cabe recurso de apelación, estima o recurso da parte demandante, e condena ao Concello de Vigo e á súa compañía aseguradora ao abono das indemnizacións correspondentes e fixadas na sentenza.

A sentenza atende unicamente, sen ofrecer xustificación da desestimación das alegacións municipais ou das da compañía aseguradora, aos alegatos da parte demandante, para concluír que a culpa exclusiva é da Administración, e de que o elemento causante do dano, concretado na morte dun motorista, non cumpre coa normativa.
O Servizo de Patrimonio-RPA debe coñecer do resolto.

5.- Mercantil. Expediente nº 11737/111
Auto nº 9 do 22 de xaneiro de 2020
Xulgado do Mercantil nº 1 de Pontevedra
Abreviado: 1/2011
Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: Concurso Voluntario

Este Auto, declara concluso o procedemento concursal pola razón recollida no art. 176 bis do mesmo; a insuficiencia da masa activa para satisfacer os créditos contra a masa.
Esta resolución é firme e implica o remate do procedemento, previos os trámites de publicidade.
A Recadación Executiva-Tesouraria debe coñecer do resolto a fin de comprobar os créditos pendentes fronte ao Concello e declaralos fallidos ou incobrables, segundo proceda e regule a normativa de recadación.

6.- Contencioso. Expediente nº 11836/111
Sentenza nº 33 do 13 de febreiro de 2020
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Ordinario: 458/2018
Demandante/Recorrente: Outra Administración Pública
Obxecto: desestimación presunta por silencio administrativo da reclamación formulada por medio de resolución da alcaldía do Concello de Mos ditada o 01/03/2018.
Contía: (Indeterminada) 18.000,00 €

Esta resolución xudicial, resolve a inadmisión da demanda presentada polo Concello de Mos, no recurso promovido por ese Concello pola suposta vulneración do principio de igualdade na emisión das tarxetas "Pass Vigo".

A sentenza conclúe a falta de lexitimación do Concello de Mos por falta de lexitimación activa. Igualmente aprecia a existencia dun acto firme e consentido polo Acordo da Xunta de Goberno Local do 17/1/2014, na que se estableceron os requisitos para a obtención do billete xeral bonificado.

Esta sentenza tamén considera que non existe discriminación ou vulneración do dereito á igualdade pola esixencia do empadramento. Parte da competencia municipal exclusiva do servizo de transporte urbano, e do feito de que os veciños dun municipio que non é o que presta o servizo, e ao que non contribúen, carecen da capacidade para discutir as tarifas dun servizo do que non poden reclamar a súa prestación.

O Servizo de Transportes debe coñecer o resolto.

7.- Contencioso. Expediente nº 12114/111

Sentenza nº 7 do 14 de xaneiro de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Ordinario: 146/2019

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: desestimación presunta por silencio administrativo da reclamación efectuada para a devolución das garantías prestadas a favor do Concello de Vigo para responder as obrigas derivadas do contrato de mantemento e conservación das instalacións de alumeadado público.

Expte(s): 11226-444

Contía: 196.060,06 €

A sentenza estima parcialmente o recurso sen imposición de custas. Condena ao Concello a devolver os 3 avais por canto considera que do expediente administrativo non resulta un defectuoso cumprimento do contrato que impida a devolución da garantía prestada. E pola contra, desestima o recurso no relativo á pretensión de abono de gastos de mantemento dos avais e xuros de demora.

Ao non formularse recurso de apelación, deben coñecer e executar o resolto os departamentos de Fomento e Tesourería.

8.- Contencioso. Expediente nº 12229/111

Sentenza nº 65 do 12 de febreiro de 2020

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 358/2019

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: resolución do Concelleiro Delegado de Xestión Municipal de data 17/10/2018 desestimatoria da solicitude en materia de permiso por maternidade.

Expte(s): 33145/220

Esta sentenza, fronte á que só é posible o recurso extraordinario de casación, desestima o recurso de apelación promovido polo Concello en orde á determinación da norma aplicable.

O recurso examina o suposto dunha traballadora municipal que solicitou o desfrute do permiso por maternidade conforme ao establecido na Lei de emprego público de Galicia, e a



Concello de Vigo

controversia para o TSXG é a da aplicación preferente da norma estatal básica (TREBEP) ou ben a autonómica (LEPG).

Na sentenza se relacionan as fontes, e conclúe que o art. 4.1 da LEPG declara aplicable ás entidades locais galegas esta norma. O establecido no TREBEP é mínimo, e se pode mellorar, considera a Sala que o RDL 781/1986 establece que en materia de permisos, licencias e vacacións ou recompensas é de aplicación preferente a lexislación sobre función pública da Comunidade.

Polo tanto, considera que o número (superior) de semanas de permiso na lei galega, é un dereito a recoñecer á demandante na instancia, e desestima o recurso de apelación.

A Área de Recursos Humanos e Formación debe coñecer do resolto (como criterio xeral fe aplicación) e executar a sentenza.

Proc. Orixe: RCA 56/2019 PA, Xdo. Contencioso-Admin. Nº 1 Vigo, sentenza nº 214/2019 do 19/06/2019 (comunicada na sesión da X.G.L do 18/07/2019)

9.- Social. Expediente nº 12335/111

Sentenza nº 48 do 28 de xaneiro de 2020

Xulgado do Social nº 2 de Vigo

Ordinario: 860/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: recoñecemento da calificación da relación laboral co concello de Vigo como fixo e subsidiariamente indefinido, como mestre de formación de encaixe de palillos na Escola municipal de Artes e Oficios.

Esta sentenza, que non é firme (e en relación coa cal anunciamos xa de suplicación para valorar a súa interposición), desestima a pretensión de fixeza (posto que a situación rematará coa convocatoria e cobertura da praza -regularización- ou a súa amortización) pero declara fraudulenta ou abusiva a temporalidade e convértea en indefinición (persoal laboral temporal indefinido -non fixo-)

As razóns desta resolución son:

- o transcurso do prazo de 3 anos (art. 15 E.T. en relación co 70 EBEP)
- a non resolución na OEP e non convocatoria do procedemento selectivo de prazas
- a consideración da actividade como permanente

O departamento de Persoal e EMAO deben coñecer o resolto e informar con urxencia sobre a procedencia e as bases para recorrer en suplicación.

En todo caso é obrigada a "regulación" destas "situacións" nos termos da sentenza.

10.- Contencioso. Expediente nº 12457/111

Sentenza nº 24 do 4 de febreiro de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 334/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: resolución do TEA de data 06/09/2019 desestimatoria da reclamación formulada contra acordo de resolución do recurso de reposición interposto contra dilixencia de embargo.

Expte(s): 4936/550

A sentenza resolve a satisfacción extraprocesual do recurso tendo en conta a resolución do 29 de xaneiro do 2020, que revogaba a actuación impugnada, ao apreciar a nulidade da

notificación da providencia de constrinximento e acordaba a devolución do pagamento indebido polo importe de 738,89 euros, incrementado nos xuros procedentes, 19,66 euros. E tamén acorda a retroacción do expediente de constrinximento para realizar correctamente a notificación que indebidamente se practicou.
Debe coñecer o resolto o servizo de Tesourería-Recadación executiva.

11.- Contencioso. Expediente nº 12478/111
Sentenza nº 50 do 11 de febreiro de 2020
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 331/2019
Demandante/Recorrente: Outra Administración Pública
Obxecto: resolución do TEA do Concello de Vigo do 31/07/2019, desestimatoria da reclamación económico-administrativa formulada contra a desestimación do recurso de reposición formulado fronte a dilixencia de embargo por importe de 11768,59 euros, expte nº 4743203, debedor Instituto Galego da Vivenda e Solo, taxa recollida lixo vivendas, imposto de bens inmoables e de natureza urbana.
Expte(s): 4874-550

Esta sentenza, firme, estima o recurso e anula a dilixencia de embargo (sen custas por dúbidas de dereito).
O resolto nela non afecta á obriga da Xunta de Galicia-IGVS de aboar os tributos e do deber do Concello de proceder á súa execución (no par. derradeiro do FD 3º indícase a opción da compensación de débedas que non foi utilizada ata o momento).
O TEA do Concello de Vigo, a Tesourería Recadación e a Dirección de Ingresos-IBI deben executar o resolto.

12.- Contencioso. Expediente nº 12488/111
Decreto nº 11 do 3 de febreiro de 2020
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 338/2019
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: resolución da Concelleira Delegada da Área de Seguridade do Concello de Vigo, do 04/09/2019, desestimatoria do recurso de reposición formulado fronte a outra ditada en expediente sancionador.
Expte(s): 2019/14165

A resolución acorda ter por desistido ao recorrente, declarando rematado o procedemento; sen imposición de custas.
O departamento de Seguridade debe coñecer o resolto.

13.- Contencioso. Expediente nº 12504/111
Sentenza nº 28 do 4 de febreiro de 2020
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 337/2019
Demandante/Recorrente: Particular



Concello de Vigo

Obxecto: resolución do 15/10/2019 do Concello de Vigo, desestimatoria do recurso de reposición formulado pola imposición de multa de 300 euros e perda de dous puntos do permiso de condución.

Expte(s): 2018/26856

A sentenza desestima o recurso ao considerar que o actor, ao formular alegacións, renunciou a facultade de acollerse ao pagamento bonificado da multa e que se aplicaron as marxes de erro dos dispositivos medidores da velocidade.

Deben coñecer o resolto os departamentos de Seguridade e a Tesourería-Recadación Executiva.

14.- Social. Expediente nº 12533/111

Sentenza nº 39 do 4 de febreiro de 2020

Xulgado do Social nº 6 de Vigo

Ordinario: 120/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: recoñecemento de dereitos e cantidades en concepto de complemento de IT segundo recolle o Convenio Regulador do Concello de Vigo.

Esta sentenza estima a demanda e condena ao Concello ao pagamento de 959,96 euros en concepto de "complemento de Incapacidad Temporal" mais o 10% de xuros por mora.

O departamento de Persoal e a Intervención municipal deben executar o resolto.

15.- Contencioso. Expediente nº 12535/111

Sentenza nº 36 do 29 de xaneiro de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 348/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Contra acordo do Concello de Vigo de data 30/08/2019 desestimatorio da reclamación formulada contra a inadmisión do recurso de reposición contra dilixencia de embargo por sanción de tráfico.

Expte(s): 4917/550 - 168617148

Esta sentenza, firme, desestima o recurso.

O T.E.A. do Concello de Vigo e a Tesourería-Recadación municipal deben coñecer o resolto

16.- Contencioso. Expediente nº 12548/111

Sentenza nº 52 do 11 de febreiro de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 353/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: resolución do 23/09/2019, notificada o 01/10/2019, ditada polo Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo desestimatoria da reclamación formulada contra desestimación de recurso de reposición interposto contra dilixencia de embargo por sancións de tráfico dos anos 2016 e 2017 e taxa lixo industrial do ano 2016.

Esta sentenza, firme, estima parcialmente o recurso, anula parcialmente a dilixencia de embargo (en relación cos dous recibos que nela se indican). Desestima o relativo aos outros dous recibos e á inembargabilidade.

A Tesourería-Recadación Executiva debe executar o resolto.

17.- Contencioso. Expediente nº 12570/111

Sentenza nº 49 do 11 de febreiro de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 356/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Contra resolución do 04/09/2019 ditada en expediente sancionador, pola comisión dunha infracción de tráfico.

Expte(s): 2018/12845

Esta sentenza, firme, estima o recurso e anula a sanción, con custas taxadas.

O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación deben executar o resolto.

18.- Contencioso. Expediente nº 12578/111

Sentenza nº 53 do 11 de febreiro de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 363/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: resolución do TEA desestimatoria da reclamación económico administrativa formulada fronte á desestimación da solicitude de anulación e devolución do IVTM.

Expte(s): 4952-550 e 56298-511

Esta sentenza, firme, desestima o recurso, con custas taxadas de oficio.

A Dirección de Ingresos (IVTM) debe coñecer o resolto.

19.- Civil. Expediente nº 12600/111

Decreto nº 24 do 21 de febreiro de 2020

Audiencia Provincial Civil-Penal, Sección nº 3 de Pontevedra

Recurso de apelación: 35/2020

Demandante/Recorrente: Outra Administración Pública

Obxecto: solicitude de que se declare que a porción do Monte do Gorxal e a porción do Monte da Bandeira, como propiedades da Comunidade de Montes en man común de Cabral

Este decreto resolve que a representación procesual da Xunta de Galicia non se personou no Recurso de Apelación que a promovera, polo que ao opoñerse o apelado, que se personou, imponlle as custas á Xunta de Galicia.

O Servizo de Patrimonio debe coñecer do resolto, quedando firme xa a sentenza de instancia.

20.- Contencioso. Expediente nº 12468/111

Sentenza nº 25 do 04 de febreiro de 2020



Concello de Vigo

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 335/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: resolución do Concello de Vigo desestimatoria do recurso de reposición.

Expediente: 2019/12898

A sentenza desestima o recurso ao considerar que o demandante, contrariamente ao que manifesta, non acredita que efectuase todas as actuacións posibles para poder identificar ao conductor infractor e a partir de aí prodúcese un desprazamento da carga probatoria plenamente compatible co dereito fundamental á defensa e á presunción de inocencia.

Deben coñecer o resolto os departamentos de Seguridade e a Tesourería-Recadación executiva.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto ex art. 118 da Constitución e o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúa que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no caso de stea administración municipal ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, de ser outro caso, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta, Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou atendendo á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuízamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, dase conta a ese órgano, das resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

PROPOSTA DE ACORDO

Único.- Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

Segundo.- Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á debida e puntual execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(146).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE PAPEL DE FOTOCOPIADORA E IMPRESORAS. EXPTE. 6403/241.

Visto o informe de fiscalización do 28/02/2020, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada o 27/02/2020, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de papel de fotocopiadora e impresoras (6.403-241)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado aberto simplificado para a contratación do subministro de papel de fotocopiadora e impresoras (6.403-241)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 16 de xaneiro de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- - Aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria, do subministro de papel de fotocopiadora de alta velocidade e impresoras.

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola técnica de administración xeral en ausencia da xefa do Servizo de Contratación de data 7 de xaneiro de 2020.



Concello de Vigo

Terceiro.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado pola técnica de administración xeral en ausencia da xefa do Servizo de Contratación e a xefa da Área de Réxime Interior de data 17 de decembro de 2019.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total de 22.000 € (vinte dous mil euros), que inclúe un IVE (21%) de 3.818,18€ € (tres mil oitocentos dezaioito con dezaioito céntimos), con cargo á aplicación orzamentaria 9206.2200002 "MATERIAL OFICINA", segundo o seguinte detalle:

2020: 21.000€

2021: 1.000€

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 13 de febreiro de 2020, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de papel de fotocopiadora e impresoras (6.403-241) na seguinte orde descendente:

	Licitador	% de desconto único dos prezos unitarios
1	CARLINGAL, S.L.	12%
2	PAZ DISMAC, S.L.	11%
3	PAIPEL-OR, S.L	8%

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CARLINGAL, S.L. (B-32.170.961), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia:

- *Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.*
- *Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo V.*
- *Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC".*

Terceiro.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, CARLINGAL, S.L., o día 17 de febreiro de 2020, que presenta a documentación requirida 26 do mesmo mes, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 27 de febreiro de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos

membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CARLINGAL, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CARLINGAL, S.L., de conformidade co acordo da Mesa de Contratación de data 13 de febreiro de 2020 polo que se ordenan as ofertas por orde decrecente aplicando o disposto no apartado 7B do Anexo I -FEC- do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CARLINGAL, S.L. (B-32.170.961) o procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de papel de fotocopiadora e impresoras (6.403-241) por un prezo total de 22.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.818,18 euros e cunha porcentaxe de desconto único do 12% a aplicar aos prezos unitarios relacionados no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

4(147).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN DAS INSCRICIÓNS, CLASIFICACIÓNS E CRONOMETRAXE DO CIRCUÍTO RUNRUN VIGO. EXPTE. 19219/333.

Visto o informe de fiscalización do 28/02/2020, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada o 27/02/2020, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe do circuíto Runrunvigo (19.219-333)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe do circuíto Runrunvigo (19.219-333)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 27 de decembro de 2019 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro: Aprobar a contratación polo procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria da contratación para a prestación do servizo de xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe do circuíto RunRunVigo na cidade de Vigo.

Segundo: Aprobar o Prego de prescrición técnicas particulares coa regulación dos aspectos técnicos sobre a execución do servizo de de xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe do circuíto RunRunVigo na cidade de Vigo, asinado polo xefe do servizo de deportes-Director deportivo, con data 12 de decembro de 2019.

Terceiro: Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, asinado pola Técnica de administración xeral con data 17 de decembro de 2019.

Cuarto: Autorizar o gasto polo importe máximo de 10.213,91€ sen iva, e un importe correspondente o iva (21%) de 2.144,92 € o cal totaliza un importe de 12.358,83 € con IVE (21%), co seguinte desglose do contrato por anualidades:

Anualidades	Importe sen iva	IVE	Importe con IVE
2020	10.213,91 €	2.144,83 €	12.358,83 €

Totais	10.213,91 €	2.144,83 €	12.358,83 €
--------	-------------	------------	-------------

Dito importe deberá ser aplicado con cargo os créditos do orzamento da concellería de Deportes na partida:

3410	226.09.01	Organización de actividades deportivas
------	-----------	--

Quinto: *Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente*".

Segundo.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 6 de febreiro de 2020, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe do circuíto Runrunvigo (19.219-333) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	CRONO CHIP S.L.	97
2	TEAM RELAY SL	66

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CRONO CHIP S.L. (B-98.504.582), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a documentación esixida nas cláusulas 8 e 22.1 do PCAP, ao non estar inscrito nun rexistro de contratistas:

1. *Declaración de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *Escritura de constitución.*
3. *Poder de representación e DNI do apoderado.*
4. *Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.*
5. *Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo V.*
6. *Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.*
7. *Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11, conforme ao modelo incluído no Anexo VI*".

Terceiro.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, CRONO CHIP S.L., o día 17 de febreiro de 2020, que presenta a documentación requirida 20, 24 e 26 de febreiro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 27 de febreiro de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS



Concello de Vigo

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CRONO CHIP S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CRONO CHIP S.L., de conformidade cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e de fórmula de datas 27 de xaneiro e 3 de febreiro de 2020, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CRONO CHIP S.L. (B-98.504.582) o procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe do circuito Runrunvigo (19.219-333) por un prezo total de 12.358,83 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.144,92 euros e coas seguintes condicións:

a) *Propón unha porcentaxe de desconto único do 30% a aplicar ao prezo consignado no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP.*

b) *Propón unha porcentaxe de desconto do 15% a aplicar ao prezo máximo sinalado no apartado 5 do PPT do aluguer de chip desechable ou no reutilizable ás entidades organizadoras de cada unha das probas.*

c) *Propón os seguintes servizos complementarios:*

- Zona de control intermedio complementario en todas as probas*
- Monitor de seguimento de clasificacións na zona de chegada de cada proba cun tamaño mínimo de 55”*
- 5 Mailing masivos de promoción de carreiras pedestres ou eventos en vía pública a celebrar na cidade de Vigo organizados ou con participación municipal non incluídos no programa RunRunVigo*

- *Ampliación prazo de inscrición de corredores ata 48h previas á celebración do evento*
- *Enlace directo no entorno web da empresa ás principais redes sociais dos organizadores de cada unha das probas e do Concello de Vigo*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(148).- PROPOSTA DE INICIO DE EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE “IMPLANTACIÓN DE VÍA VERDE SOBRE ANTIGO TRAZADO FERROVIARIO ENTRE TEIS E URZÁIZ E O MANTEMENTO DAS ZONAS VERDES, DO MOBILIARIO URBANO E DAS INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS. EXPTE. 6440/241.

Dáse conta do informe-proposta de data 03/03/2020, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa do Servizo de Contratación e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas (LPAC)
- Prego de cláusulas administrativas que rexe o procedemento aberto mixto de obra e servizos para a contratación das obras de “Implantación de vía verde sobre antigo trazado ferroviario entre Teis e Urzáiz” e o mantemento das zonas verdes, do mobiliario urbano e das instalacións eléctricas (PCAP)



Concello de Vigo

- Real decreto de 24 de xullo de 1889, polo que se aproba o Código Civil (CC)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 18 de outubro de 2018, acordou "Aprobar o proxecto de "IMPLANTACIÓN DA VÍA VERDE SOBRE O ANTIGO TRAZADO FERROVIARIO ENTRE TEIS E URZÁIZ", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Alberto Moreno Pike, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN CATROCENTOS MIL EUROS (1.400.000,00 EUROS) asinado en xullo de 2018 e entregado en data outubro de 2018".

Segundo.- Na sesión do 22 de novembro de 2018 a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación mixta a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do proxecto de "IMPLANTACIÓN DE VÍA VERDE SOBRE ANTIGO TRAZADO FERROVIARIO ENTRE TEIS E URZÁIZ"

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 19.11.2018

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de "UN MILLÓN CATROCENTOS MIL EUROS" (1.400.000,00 EUROS), sendo o importe correspondente ao IVE de 242.975,21 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 1532.619.00.75 (PROXECTO INTEGRACIÓN URBANA VÍA VERDE, DENDE CHAPELA A URZÁIZ).

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Terceiro.- A Xunta de Goberno local, na sesión extraordinaria e urxente do 31 de xaneiro de 2019, adoptou o seguinte acordo:

"Adxudicar á UTE PRACE SERVICIOS E OBRAS, S.A. - EXCAVACIONES Y TRANSPORTES MANUEL RODRÍGUEZ, S.L. o procedemento aberto mixto para a contratación das obras de "Implantación de vía verde sobre antigo trazado ferroviario entre Teis e Urzáiz" e o mantemento das zonas verdes, do mobiliario urbano e das instalacións eléctricas (117-441) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 1.135.819,99 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 197.125,78 euros.*

- b) *Propón un incremento do período inicial do servizo de mantemento de zonas verdes e mobiliario urbano de 4 trimestres (6 trimestres en total).*
- c) *Propón un incremento do período inicial do servizo de mantemento das instalacións eléctricas de 4 trimestres (6 trimestres en total).*

Cuarto.- O contrato formalizouse en documento administrativo nas datas 6 e 7 de febreiro de 2019.

Quinto.- Na sesión do 9 de maio de 2019, a Xunta de Goberno local acordou autorizar o inicio do expediente de modificación do proxecto de obras de “**IMPLANTACIÓN DA VÍA VERDE SOBRE O ANTIGO TRAZADO FERROVIARIO ENTRE TEIS E URZÁIZ**”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Alberto Moreno Pike. Consta no expediente que xustificación técnica da modificación foi a seguinte:

“No ámbito de actuación entre Urzáiz e o pk 0+000, posteriormente a licitación da obra de referencia e previamente a firma da acta de comprobación de replanteo, deron comezo as obras do Centro Comercial Vialia que presentan un ámbito de actuación compartido no citado tramo, como se deixou constancia na propia acta de comprobación de replanteo.

Unha vez realizado o replanteo da obra comezáronse os traballos de acondicionamento previo na mesma, procedendo desbrozar e limpar o primeiro tramo do ámbito de actuación, dende Urzáiz ata o pk 0+900 aproximadamente.

Tralos axustes realizados na nova obra do Centro Comercial, comprobouse que, coas disposicións propostas actuais, existe solape entre o trazado da vía verde e os axustes do novo aparcamento proposto na obra do Centro Comercial, polo que tras diversas reunións mantidas cos responsables de ADIF e das actuacións do Centro Comercial Vialia, considerase necesario o axuste do trazado da vía verde lixeiramente no tramo citado e a adecuación as novas condicións de contorno da actuación do centro comercial e a súa interacción con esta e coa rúa Vía Norte”.

Sexto.- O 10 de decembro de 2019, os directores facultativos da obra emitiron informe no que conclúen na necesidade de recibir parcialmente a obra (entre o pk 0+120 e o pk 0+530) por atoparse actualmente finalizada e na imposibilidade de executar o resto da obra pola necesidade de modificar o contrato en máis dun 20% do seu prezo.

Sétimo.- O 16 de decembro de 2019 o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario remite o expediente ao Servizo de Contratación para a realización dos trámites oportunos para a resolución do contrato.



Concello de Vigo

Oitavo.- Con data do 13 de febreiro de 2020 os directores facultativos da obra emiten informe sobre o estado da obra.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Natureza do contrato e lexislación aplicable

O contrato que nos ocupa ten por obxecto a execución do proxecto de “IMPLANTACIÓN DA VÍA VERDE SOBRE O ANTIGO TRAZADO FERROVIARIO ENTRE TEIS E URZÁIZ” e o o servizo de mantemento das zonas verdes, o mobiliario urbano e a instalación eléctrica da Vía Verde.

Os contratos réxense en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares así como pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña ao TRLCSP

Determinada a lexislación aplicable cómpre determinar que tipo de contrato é o que nos ocupa, pois segundo o tipo de contrato aplicaranse distintas causas de resolución e os seus correspondentes efectos.

Segundo o previsto na cláusula 2.1 do PCAP, trátase dun contrato mixto por comprender prestacións propias do contrato típico de obra (98,22%) e do contrato de servizos (1,78%).

Resulta preciso determinar o réxime aplicable á resolución contractual. Segundo o artigo 18.1 da LCSP, o réxime xurídico dos efectos, cumprimento e extinción dos contratos mixtos determinarase de acordo co disposto no artigo 122.2, que regula os pregos de cláusulas administrativas particulares (“*No caso de contratos mixtos, detallarase o réxime xurídico aplicable para os seus efectos, cumprimento e extinción, atendendo ás normas aplicables ás diferentes prestacións fusionadas neles*”).

Prevé a cláusula 42.1 do PCAP que “A resolución do contrato rexerese polo establecido con carácter xeral nos artigos 211 a 213 da LCSP e especificamente para o contrato de obras nos artigos 245 e 246 da LCSP e para o contrato de servizos no artigo 313 da LCSP”.

-II-

Da resolución

A lexislación de contratos do sector público recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de acordar a resolución dos contratos e determinar os seus efectos (artigos 190 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato nas cláusulas 2.5 e 42 do PCAP.

A resolución é unha das formas de finalización do contrato administrativo. A lexislación contractual subsume baixo este termo todas as causas de extinción do vínculo contractual distintas da súa conclusión por cumprimento. Presupón, pois, a aparición dalgunha circunstancia na vida do contrato que impide ou fai inconveniente a súa prosecución ata a súa normal extinción. En definitiva, por resolución entende a lei todas aquelas causas de finalización anticipada do contrato. Neste senso establece o artigo 209 LCSP que os contratos se extinguirán por cumprimento ou resolución.

A lexislación de contratos, ao regular a resolución, establece por un lado unhas causas e efectos xenéricos aplicables a todo tipo de contratos, e por outro, dentro da regulación de cada tipo de contrato típico, establece unhas causas e efectos específicos para os mesmos.

Dunha interpretación conxunta dos artigos 211, 245 e 313 da LCSP, que establecen as causas de resolución dos contratos en xeral e as específicas do contrato de obras e servizos respectivamente, podemos concluír que son causas de resolución deste contrato as seguintes:

Con carácter xeral (artigo 211 da LCSP):

- a) A morte ou incapacidade sobrevida do contratista individual ou a extinción da personalidade xurídica da sociedade contratista, sen prexuízo do previsto no artigo 98 relativo á sucesión do contratista.
- b) A declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera outro procedemento.
- c) O mutuo acordo entre a Administración e o contratista.
- d) A mora no cumprimento dos prazos por parte do contratista.
- e) A mora no pagamento por parte da Administración por prazo superior ao establecido no apartado 6 do artigo 198 ou o inferior que se tivese fixado ao abeiro do seu apartado 8.
- f) O incumprimento da obriga principal do contrato.



Concello de Vigo

- g) **A imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados, cando non sexa posible modificar o contrato conforme aos artigos 204 e 205;** ou cando dándose as circunstancias establecidas no artigo 205, as modificacións impliquen, illada ou conxuntamente, alteracións do seu prezo, en contía superior, en máis ou en menos, ao 20 por cento do prezo inicial do contrato, con exclusión do IVE.
- h) As que se sinalen especificamente para cada categoría de contrato nesta Lei.
- i) A falta de pagamento, durante a execución do contrato, dos salarios por parte do contratista aos traballadores que estiveran participando na mesma, ou o incumprimento das condicións establecidas nos Convenios colectivos en vigor para estes traballadores tamén durante a execución do contrato.

Para as prestacións de obras (artigo 245 da LCSP):

- j) A mora inustificada na comprobación do replanteo.
- k) A suspensión da iniciación das obras por prazo superior a catro meses.
- l) A suspensión das obras por prazo superior a oito meses por parte da Administración.
- m) A desistencia.

Para as prestacións de servizos (artigo 313 da LCSP):

- n) A desistencia antes de iniciar a prestación do servizo ou a suspensión por causa imputable ao órgano de contratación da iniciación do contrato por prazo superior a catro meses a partir da data nel sinalada para o seu comezo, agás que no prego se sinala outro menor.
- o) A desistencia unha vez iniciada a prestación do servizo ou a suspensión do contrato por prazo superior a oito meses acordada polo órgano de contratación, agás que no prego se sinala outro menor.
- p) Os contratos complementarios quedarán resoltos, en todo caso, cando se resolva o contrato principal.

Da resolución derivada da modificación do contrato

A LCSP establece unha regulación da modificación dos contratos que parte da diferenciación introducida no noso ordenamento pola Lei 2/2011, do 4 de marzo, de Economía sustentable, entre modificacións pactadas e modificacións que operan ex lege.

Así o seu artigo 203.2 determina que os contratos só poderán modificarse “*cando así se teña establecido no prego de cláusulas administrativas particulares*” nos termos previstos no artigo 204, ou “*excepcionalmente, cando sexa necesario realizar unha modificación que non estea prevista no prego de cláusulas administrativas particulares sempre e cando se cumpran as condicións que establece o artigo 205*”; precepto que incorpora o conxunto de circunstancias que, de acordo co artigo 72 a Directiva 2014/24, fan posible a variación do contrato sen necesidade de acudir a unha nova licitación.

Fóra destes supostos, engade o artigo 203.2, “*se fora necesario que un contrato en vigor se executase en forma distinta á pactada, deberá procederse á súa resolución e á celebración doutro baixo as condicións pertinentes, ...*”. En coherencia con esta previsión, o artigo 211.1.g) considera causa xeral de resolución “*a imposibilidade de*

executar a prestación nos termos inicialmente pactados, cando non sexa posible modificar o contrato conforme aos artigos 204 e 205". Agora ben, o artigo 211.1.g), e aquí radica a súa novidade en relación co establecido no TRLCSP, prevé tamén a resolución do contrato "cando dándose as circunstancias establecidas no artigo 205", isto é, sendo posible a súa variación, "as modificacións impliquen, illada ou conxuntamente, alteracións do prezo do mesmo, en contía superior, en máis ou en menos, ao 20 por cento do prezo inicial do contrato, con exclusión do IVE".

O artigo 206.1 declara obrigatorias para o contratista as modificacións impostas pola Lei que non excedan desta contía. Se a supera, require a súa "previa conformidade por escrito", resolvéndose "o contrato, en caso contrario".

Reprodúcese a continuación o informe emitido polos directores facultativos da obra o 13 de febreiro de 2020:

"1.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 18 de outubro de 2018, adoptou o seguinte acordo Aprobar o proxecto de "IMPLANTACIÓN DA VÍA VERDE SOBRE O ANTIGO TRAZADO FERROVIARIO ENTRE TEIS E URZÁIZ".

2.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 31 de xaneiro de 2019, adoptou o seguinte acordo Adxudicar á UTE PRACE SERVICIOS E OBRAS, S.A. - EXCAVACIONES Y TRANSPORTES MANUEL RODRÍGUEZ, S.L.

3.- O Acta de comprobación de replanteo foi asinada en data 13 de febreiro de 2019. O prazo de execución da obra recollido na licitación é de 6 meses para a execución da obra e 6 meses trala finalización das obras e firma da acta de recepción para a execución do servizo de mantemento.

4.- Con data 9 de maio de 2019 a Xunta de Goberno Local autoriza a redacción de proxecto modificado, coa seguinte xustificación técnica:

"No ámbito de actuación entre Urzáiz e o pk 0+000, posteriormente a licitación da obra de referencia e previamente a firma da acta de comprobación de replanteo, deron comezo as obras do Centro Comercial Vialía que presentan un ámbito de actuación compartido no citado tramo, como se deixou constancia na propia acta de comprobación de replanteo.

Unha vez realizado o replanteo da obra comezáronse os traballos de acondicionamento previo na mesma, procedendo desbrozar e limpar o primeiro tramo do ámbito de actuación, dende Urzáiz ata o pk 0+900 aproximadamente.

Tralos axustes realizados na nova obra do Centro Comercial, comprobouse que, coas disposicións propostas actuais, existe solape entre o trazado da vía verde e os axustes do novo estacionamento proposto na obra do Centro Comercial, polo que tras diversas reunións mantidas cos responsables de ADIF e das actuacións do Centro Comercial Vialía, considerase necesario o axuste do trazado da vía verde lixeiramente no tramo citado e a adecuación as novas condicións de contorno da actuación do centro comercial e a súa interacción con esta e coa rúa Vía Norte."



Concello de Vigo

5.- En data 10 de maio de 2019 se paralizan os traballos tanto do ámbito afectado polo modificado, entre Vía Norte e o pk 0+036, como o tramo pendente da retirada de vía férrea por parte de ADIF, entre pk 0+0775 e o pk 3+650.

6.- En data 01 de agosto de 2019, a UTE adxudicataria da obra solicita a recepción parcial da obra, entre o pk 0+120 e o pk 0+530.

7.- En data 10 de decembro de 2019 a dirección facultativa emite informe sobre o estado do contrato.

8.- En data 10 de decembro de 2019 se tramita a certificación de obra nº 10, que recolle tódalas actuacións levadas a cabo ata ese intre. Desta certificación resulta unha cantidade certificada líquida con IVE de 429.912,14 euros.

9.- En data 18 de decembro de 2019 se procede a recepción parcial da obra, entre o pk 0+120 e o pk 0+530.

10.- Desde a data da certificación de obra número 10, non se levaron a cabo traballos na obra. Tódalas actuacións levadas a cabo con anterioridade a esa data foron xa convenientemente recollidas na citada certificación e anteriores.

MODIFICACIÓNS NECESARIAS PARA A FINALIZACIÓN DA OBRA.

Trala autorización pola XGL da redacción do proxecto modificado en data 9 de maio de 2019, comezouse o estudo detallado das modificacións necesarias para incluír no documento modificado. Tamén se continuo coa execución da obra, así como co estudo do resto do ámbito de actuación.

Para o ámbito por executar, durante estas labores de redacción do proxecto modificado detectáronse nos últimos meses as seguintes circunstancias que obligan as modificacións necesarias na obra, que se resumen a continuación:

1) Os axustes de trazado no entorno do aparcamento proposto na obra do Centro Comercial, obriga a unha nova solución estrutural para salvar o noiro existente nunha lonxitude considerable de máis de 100 metros lineais, que según o estado do material deste noiro no entorno do pk 0, cimentación e nova pasarela se estima o sobrecoste no entorno de 150.000 euros en execución material (aprox. 15% de incremento)

2) Tras proceder ás labores de desbroce do resto do ámbito e execución da obra, detectáronse taludes inestables, de notable altitude, ata 6 metros, entre outros os situados nos pkk 0+800 (aprox 30 metros) 2+600 (50 ml) 3+400 (50 ml). Se estima a estabilización destes ou a execución de solución mediante muro de contención, a falta dun cálculo detallado no entorno de mínimo 60.000 euros en execución material (aprox 6% de incremento)

3) Tralo comezo da obra, descubriuse o estado deteriorado de algúns elementos non estruturais ocultos baixo o balasto, que o proxecto recollía a restaurar para manter o seu uso, pero que, tralo proceso de retirada da vía levado a cabo por ADIF con posterioridade a licitación da obra, e o comezo desta, detectáron a obriga agora da

sua reposición en algúns tramos e que non están contemplados no proxecto constructivo. Se estima en aprox 10.000 euros en execución material (aprox 1% de incremento)

4) Nos últimos meses ADIF levou a cabo a retirada da vía existente, según as obrigas do convenio firmado. O estado do balasto trala remoción de parte deste no proceso de levantamento e retirada da vía e das travesas, modifica as condicións recollidas no proxecto, supoñendo un residuo tipificado de modo distinto ao recollido no proxecto, que encarece a xestión de residuos ao ser necesario varias labores de cribado e separación previas deste. Este canon de vertido de residuo ou as labores previas a executar para alcanzar a situación recollida no proxecto, supón un incremento de coste que se estima no entorno de 150.000 euros en execución material (aprox 15% de incremento).

5) Asemade tralo comezo das obras e transcurso destas recibíronse reclamacións veciñais sobre mantemento de taludes nos marxes das vías, que plantexan diferenza de superficie de actuación nos marxes do ámbito da actuación con respecto a liña de cesión facilitada por ADIF, con discrepancias con respecto a titularidade manifestada polos titulares das parcelas contiguas en ámbitos como Buenos Aires ou Vía Norte que tamén necesitan aclaración e que afectan principalmente como aumento de medicións de certas unidades de obra.

Nos puntos expostos anteriormente, as variacións con respecto ao proxecto aprobado, modifica substancialmente a base económica inicial do proxecto e fai necesario incorporar asemade prezos novos.

CONCLUSIÓNS:

Para o ámbito por executar, as actuacións necesarias para a finalización da obra, de retranqueo da traza no entorno de Vía Norte, a consolidación de taludes, a renovación de elementos non estruturais e a correcta xestión de residuos contaminados non tipificados uniformemente, a falta dun estudo detallado do resto da traza que podería aumentar esa cifra, superan amplamente o límite de modificacións do 20% previsto nas FEC do prego que rixe a licitación, polo que non se axustan aos límites económicos das recollidos nos pregos de licitación. Estas modificacións necesarias citadas non son causa imputable ao contratista e ademáis alteran o obxecto do contrato.

Esta imposibilidade de executar a prestación nos termos pactados, se recolle no artigo 211 do LCSP como causa de resolución do contrato.

Se considera liquidada a obra executada ata o de agora coa certificación n.º 10 cun importe líquido a orixe con IVE de 429.912,14 euros, xa tramitada e con pago efectivo.



Concello de Vigo

Se recomenda a realización dun novo estudio detallado para o resto do ámbito das necesidades e do estado real tralo paso das obras de ADIF, plasmado nun novo proxecto constructivo que solvente tódalas incidencias anteriores e adapte o obxecto das obras, para a súa posterior licitación”.

Tras un exame das causas de resolución, e á vista do informe da dirección facultativa, podemos deducir que o caso que nos ocupa se pode subsumir no suposto mencionado no apartado g) do artigo 211.1 da LCSP, concretamente na imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados, cando non sexa posible modificar o contrato conforme ao artigo 204, por tratarse de modificacións previstas no PCAP.

En efecto, o apartado 14 do Anexo I -FEC- do PCAP prevé a modificación deste contrato nos seguintes termos:

“14. MODIFICACIÓN DO CONTRATO

A) ESTÁ PREVISTA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO: si

B) ASPECTOS A MODIFICAR: As unidades de obra de levantamento e demolicións, drenaxe, abastecemento, alumeados públicos, carril bici, senda peonil, pechamentos, accesos e explanadas, mobiliario urbano, xardinería, sinalización, obras complementarias, seguridade e saúde e xestión de residuos

C) CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN:

- Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos, construcións soterradas, elementos de protección, condicións xeotécnicas, estado das estruturas, impermeabilizacións, soleiras e contencións existentes distintas das recollidas no proxecto.*
- Necesidades de adaptación ao entorno, no referente a servizos, deseño, esquema funcional ou accesibilidade, sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade a data de aprobación do proxecto*

D) LÍMITES DA MODIFICACIÓN: 20% do prezo do contrato

E) ESPECIALIDADES, NO SEU CASO, DO PROCEDIMENTO DE MODIFICACIÓN: non se fixan”

Prevé o artigo 204 LCSP referido ás “modificacións previstas no prego de cláusulas administrativas particulares”, que os contratos das Administracións Públicas poderán modificarse durante a súa vixencia ata un máximo do 20% do prezo inicial cando nos pregos de cláusulas administrativas particulares se tivera advertido expresamente

desta posibilidade. Este mesmo límite é o previsto no apartado 14D do Anexo I -FEC- do PCAP.

A modificación non poderá supoñer o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato nin alterar a natureza global do contrato inicial.

O informe dos directores facultativos da obra indica que a obra liquidada e executada ascende a 429.912,14 euros, polo que restarían por executar 705.907,85 euros. Establece así mesmo, que a modificación necesaria superaría amplamente o 20% do prezo inicial (aproximadamente o 37%), requirindo incorporar prezos novos e alterando a natureza global do contrato inicial.

Á vista destas circunstancias, a Área de Fomento remitiu o expediente ao Servizo de Contratación para a realización dos trámites oportunos para a resolución do contrato.

-III-

Do procedemento de resolución

Constatada a existencia dunha causa de resolución, procede iniciar o procedemento de resolución do contrato.

De conformidade co artigo 211.2 a resolución do contrato acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista, no seu caso, seguindo o procedemento que nas normas de desenvolvemento da LCSP se estableza, agás no suposto no artigo 211.1i) que non concorre neste contrato.

Aínda que o procedemento de resolución queda remitido á norma regulamentaria, o artigo 191 da LCSP establece, ao igual que as Leis anteriores, dous trámites de obrigado cumprimento: a audiencia ao contratista e o ditame do Consello de Estado ou órgano equivalente da Comunidade Autónoma respectiva cando se formule oposición pola súa parte.

En espera do desenvolvemento regulamentario, o procedemento aplicable será o previsto no RXLCAP, en vigor no que non se opoña ás novas disposicións legais. Con carácter supletorio aplicarase, como determina a disposición final 2ª.1 da LCSP, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común (LPAC).

En consecuencia, segundo o previsto nos artigos 191 da LCSP e 109 do RXLCAP, os requisitos do procedemento de resolución son os seguintes:

- Audiencia ao contratista por prazo de dez días naturais.
- Audiencia ao avalista ou asegurador cando se propoña a incautación da garantía, no mesmo prazo anterior.



Concello de Vigo

- Informe da Asesoría Xurídica.
- Informe preceptivo do órgano consultivo da Comunidade Autónoma cando se formule oposición á resolución por parte do contratista.

A resolución poderá instarse por aquela parte á que non lle sexa imputable a circunstancia que dera lugar a ela (artigo 212.2 da LCSP), neste caso concreto por calquera das dúas partes.

Os acordos que adopte o órgano de contratación poñerán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos.

Debe significarse que nos supostos de resolución nos que non concorren circunstancias das modificacións dos artigos 204 e 205, as partes non dispoñen da facultade de optar entre o exercicio da potestade resolutoria ou o mantemento do contrato, senón que a propia norma impón a súa extinción.

Á vista dos trámites enumerados, o procedemento de resolución é un procedemento de carácter contradictorio. Como tal, é trámite preceptivo a audiencia do contratista, a fin de que este poida formular as alegacións que o seu dereito estime convenientes. E a lei, como garantía dos dereitos do contratista, establece que, se este formulase oposición, é preceptivo solicitar o ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva.

O resto dos trámites do procedemento de resolución previstos nos artigos 191 da LCSP e 109 do RLCAP, a saber, o informe preceptivo da Asesoría Xurídica e a fiscalización da Intervención, deberán realizarse con carácter previo á adopción do acordo da proposta de resolución por parte do órgano de contratación.

-IV-

Dos efectos da resolución

Os efectos da resolución do contrato veñen regulados con carácter xeral no artigo 213 da LCSP.

O seu apartado 3 prevé que cando o contrato se resolva por incumprimento culpable do contratista seralle incautada a garantía y deberá, ademais, indemnizar á Administración os danos e perdas ocasionados no que excedan do importe da garantía incautada. En todo caso o acordo de resolución conterá pronunciamento expreso acerca da procedencia ou non da perda, devolución ou cancelación da garantía que, no seu caso, tivese constituído. Segundo o indicado no informe da dirección facultativa do 13 de febreiro de 2020 *“Estas modificacións necesarias citadas non son causa imputable ao contratista e ademais alteran o obxecto do contrato”*, polo que non procede a incautación da garantía definitiva.

O seu apartado 4 establece para o suposto de resolución do artigo 211.1.g que o contratista terá dereito a unha indemnización do 3% do importe da prestación deixada de realizar, agás que a causa sexa imputable ao contratista ou este rexeite

a modificación contractual proposta pola Administración ao abeiro do artigo 205. Á vista do previsto no citado informe da dirección facultativa, procedería indemnizar ao contratista co 3% do importe da prestación deixada de realizar.

Ao tempo de incoarse o expediente administrativo de resolución do contrato pola causa establecida no artigo 211.1.g poderá iniciarse o procedemento para a adxudicación do novo contrato, se ben a adxudicación deste quedará condicionada á terminación do expediente de resolución.

Aplicarase a tramitación de urxencia a ambos os dous procedementos.

-V-

Do prazo para ditar resolución

A Administración ten a obriga de ditar resolución expresa en todos os procedementos que instrúa, e a notificala calquera que sexa a súa forma de iniciación (artigo 21 LPAC), con excepción dos supostos de terminación do procedemento por pacto ou convenio ou nos procedementos sometidos unicamente ao deber de comunicación previa á Administración.

Prevé o artigo 212.8 da LCSP, a diferenza das disposicións precedentes en materia de contratación, que o prazo máximo no que os procedementos de resolución deberán ser instruídos e resoltos é de oito meses, a contar, como establece o artigo 21.3 da LPAC, desde a data do acordo de iniciación no caso de incoarse o procedemento de oficio, ou desde que a solicitude tivo entrada no rexistro electrónico da Administración ou Organismo competente para a súa tramitación, nos supostos nos que sexa solicitada a resolución polo contratista.

-VI-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

Logo da audiencia ao contratista e ao avalista (cando proceda), emitirase informe proposta que resolverá o mesmo órgano competente, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención xeral (artigo 114.3 TRRL e apartado 8 da disposición adicional segunda da LCSP), e no caso de que o contratista formule oposición, do informe do Consello Consultivo.

-VII-

Acordo



Concello de Vigo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Iniciar o procedemento para a resolución do contrato mixto de obra e servizos para a contratación das obras de “Implantación de vía verde sobre antigo trazado ferroviario entre Teis e Urzáiz” e o mantemento das zonas verdes, do mobiliario urbano e das instalacións eléctricas adxudicado pola Xunta de Goberno local á UTE PRACE SERVICIOS E OBRAS, S.A. - EXCAVACIONES Y TRANSPORTES MANUEL RODRÍGUEZ, S.L. na sesión do 31 de xaneiro de 2019 por un prezo total de 1.135.819,99 euros e un prazo de execución dun ano, por concorrer a causa prevista no artigo 211.1g da LCSP (a imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados, cando non sexa posible modificar o contrato conforme aos artigos 204 e 205).

2º.- Declarar a urxencia da tramitación en aplicación do artigo 213.6 da LCSP.

3º.- Dar traslado deste acordo ao contratista, concedéndolle un prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte á recepción deste acordo para formular as alegacións que estimen convenientes”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(149).- PROCEDIMIENTO PARA A XESTIÓN DIRECTA POLOS CONSELLOS ESCOLARES DO PRESUPOSTO MUNICIPAL DE MANTEMENTO ORDINARIO DOS CENTROS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DE VIGO, PARA O ANO 2020 (PROGRAMA AUTOXESTIÓN 2020). EXPTE. 24169/332.

Visto o informe de fiscalización do 28/02/2020, dáse conta do informe-proposta de data 21/02/2020, asinado pola xefa do Servizo de Educación, o concelleiro-delegado de Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria e de educación especial de Vigo é competencia propia e responsabilidade do Concello, segundo se recolle no artigo 25.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro.

Como en anos anteriores, co criterio de acadar unha maior economía, axilidade e operatividade e para potenciar a maior participación dos consellos escolares na conservación dos colexios públicos, a Concellería de Educación desenvolve o presente expediente para a xestión directa de fondos municipais no mantemento dos centros públicos de educación infantil e primaria (en adiante, Programa Autoxestión), correspondente ao ano

2020. O Programa Autoxestión é un sistema polo cal o Concello de Vigo entrega aos centros escolares unha parte da partida económica anual correspondente (3230 2120000 “Reparación e mantemento edificios colexios”), para que poidan acometer obras de mantemento, conservación, reparación e seguridade no seu centro, durante cada exercicio presupostario; no presente expediente, no período comprendido entre o 01/01/20 e o 31/12/20. Interesa recalcar, como concepto vertebrador deste programa, que as obras de mantemento que o centro debe afrontar deben de fundamentarse no **MANTEMENTO PREVENTIVO** dos elementos (sobre todo dos estruturais, por cuestións de seguridade) que sexan susceptibles de incluírse en tal concepto. Así, o mantemento e reparación dos colexios públicos realizarase do seguinte xeito:

*A **UTSE** (Unidade Técnica do Servizo municipal de Educación) **realizará as obras de mantemento e conservación de maior entidade, complexidade e contía económica, así como aquelas que podan afectar a elementos sensibles da edificación ou requiran dunha maior especialización no seu deseño e control.***

*Os Consellos Escolares dos centros educativos **afrontarán o mantemento, conservación e reparación das súas instalacións mediante actuacións preventivas de pequena entidade co PROGRAMA AUTOXESTIÓN.** Nestas pequenas tarefas de mantemento tamén ten unha importancia destacada o traballo do persoal municipal adscrito ao Servizo de Educación que desenvolve as súas funcións nos centros educativos, os **VIXILANTES-PORTEIROS.***

Pode suceder que, ao longo do ano, un determinado centro escolar esgote o seu presuposto do Programa Autoxestión e non poda facer fronte ás actuacións de mantemento que lle corresponderían; neste caso, xustificadas todos os gastos, o Servizo municipal de Educación asumirá, ata o remate do ano, o mantemento que debería facer o Consello Escolar do centro correspondente.

Para unha mellor optimización dos recursos municipais destinados a estes fins, así como para clarear as competencias e procedementos das tarefas de conservación e mantemento diante dos equipos directivos dos centros públicos de ensino, a Unidade Técnica do Servizo de Educación (UTSE) do Concello de Vigo ten realizado unha **Guía técnica de mantemento para os centros escolares públicos**, que se achega no expediente, na que se presentan e centran convenientemente todos estes aspectos, consonte ao acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 16 de maio de 2014, polo que se aprobou o contido refundido e consolidado da “Guía Técnica de Mantemento para os centros escolares públicos” (expte. 16026/332).

Tendo en conta a situación orzamentaria, así como as indicacións da citada Guía con respecto aos traballos a desenvolver por cada unha das partes, redactouse, para o ano 2020, o correspondente **Procedemento para a xestión directa polos Consellos Escolares do presuposto municipal de mantemento ordinario dos centros de educación infantil e primaria para o ano 2020**, que se achega no presente expediente. Neste documento, en base ao indicado no baremo que figura na base SÉTIMA, estímase a cantidade que corresponde neste ano a cada centro público, reflectida no seu **Anexo I.** A contía global anual ascende a **295.830,00 euros** (para determinar exactamente o monto que corresponde a cada colexio faise un cálculo dos puntos que corresponden a cada centro e o seu equivalente en euros).



Concello de Vigo

No Anexo I indícase, pois, a distribución destes fondos entre os diferentes colexios de infantil e primaria de Vigo.

De resultas do establecido na base SEGUNDA do citado procedemento, haberá que ter en conta que, para a determinación final do diñeiro a transferir este ano 2020 aos centros, e conforme ao establecido na base TERCEIRA do Programa Autoxestión, naqueles centros que presentan saldo positivo na xustificación do Programa no anterior exercicio (2019), ese saldo detraeráse da cantidade asignada no Anexo I, quedando deste xeito a conformación final do financiamento para este ano conforme se reflicte no **Anexo II**, cun montante total de **292.315,97 euros**. Aínda así, a cantidade a xustificar no presente exercicio de 2020 será a indicada no Anexo I inicial, pois representa a totalidade do financiamento municipal dispoñible por cada centro educativo (saldo 2019 + financiamento 2020). Complementariamente, non houbo ningún centro público de educación infantil, primaria e especial que manifestara intención de deixar de participar no Programa Autoxestión 2020, polo que participan nel a súa totalidade que ascenden a un total de 50 centros educativos: 6 centros públicos de educación infantil de 2ª etapa (3-6 anos), 43 centros públicos de educación infantil e primaria (3-12 anos) e 1 centro público de educación especial.

No que respecta á xustificación do financiamento municipal do Programa de Autoxestión 2019 ou procedemento para a xestión directa polos Consellos Escolares do presuposto municipal de mantemento ordinario dos centros de educación infantil e primaria de Vigo para o ano 2019, que foi aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria de 28 de febreiro de 2019 (expte. 23080/332); cómpre indicar que a base terceira deste procedemento determinaba que a xustificación do financiamento municipal que se librou a cada centro educativo, debe ser presentada polos equipos directivos achegando a relación de facturas que se imputan ao mantemento ordinario e preventivo e unha certificación do acordo do Consello Escolar de centro no que se indique a aprobación das contas que se presentan ao Concello para liquidación.

Seguindo o procedemento indicado, os 50 centros públicos de educación infantil e primaria de Vigo participantes no programa municipal de Autoxestión 2019, teñen presentado no Servizo de Educación a citada documentación xustificativa, a cal ten sido revisada pola Unidade Técnica do Servizo de Educación (UTSE), resultando o gasto e actuacións realizadas en mantemento, conservación e reparación das instalacións escolares, conforme ao obxecto e finalidade do programa de financiamento municipal "Autoxestión 2019". Esta documentación xustificativa atópase arquivada nas dependencias deste Servizo Municipal de Educación.

En base ao exposto, e de conformidade co réxime de atribucións en materia de xestión económica establecido no artigo 127.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, elévase a Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

1) Aprobar o **Procedemento para a xestión directa polos Consellos Escolares do presuposto municipal de mantemento ordinario dos centros públicos de educación**

infantil e primaria de Vigo, para o ano 2020 (Programa Autoxestión 2020), que se achega no expediente.

2) Aprobar a autorización do gasto previsto para a posta en marcha do Programa de Autoxestión 2020, destinando para tal fin a cantidade de **292.315,97 euros** da partida 3230 2120000 “Reparacións e mantemento edificios colexios” do orzamento municipal vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROCEDIMENTO PARA A XESTIÓN DIRECTA POLOS CONSELLOS ESCOLARES DO PRESUPOSTO MUNICIPAL DE MANTENIMENTO ORDINARIO DOS CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DE VIGO, PARA O ANO 2020

(Programa Autoxestión 2020)

(Expte.: 24169/332)

BASES

PRIMEIRA.- Destínase a cantidade de **295.830,00 euros para o ano 2020**, para ser xestionada directamente polos consellos escolares de cada centro público de educación infantil e primaria, para atender as reparacións ordinarias dos mesmos, fundamentalmente no referido aos traballos de mantemento dos centros que precisen actuacións de pequena entidade, consonte coas consideracións que se especifican na ***Guía técnica de mantemento para os centros escolares públicos***, editada polo servizo municipal de Educación, expte. 16026/332, sobre competencias e procedementos de mantemento e conservación, que obra en poder dos respectivos equipos directivos dos centros públicos, e de conformidade co indicado no presente Procedemento.

SEGUNDA.- Esta cantidade distribuirase en cada colexio seguindo o baremo que se indica na base Sétima e que queda reflectido no **Anexo I**. Haberá que ter en conta que, para a determinación final do diñeiro a transferir este ano 2020 aos centros, e conforme ao establecido na base Terceira do Programa Autoxestión, aqueles centros que presentan saldo positivo na xustificación do Programa no anterior exercicio (2019), ese saldo detraerase da cantidade asignada no Anexo I, quedando deste xeito a conformación final do financiamento conforme se reflecte no **Anexo II**, cun montante total de **292.315,97 euros**. Aínda así, a cantidade a xustificar no presente exercicio de 2020 será a indicada no Anexo I inicial (**295.830,00 €**), pois representa a totalidade do financiamento municipal dispoñible por cada centro educativo (saldo 2019 + financiamento 2020). A cantidade asignada para o presente ano 2020 farase efectiva do xeito que se indica no seguinte punto.

TERCEIRA.- O Concello entregará á dirección de cada colexio a cantidade asignada nun pago único, a principios do ano, consecuencia da tramitación e aprobación polo órgano competente do correspondente expediente para o Programa Autoxestión.

Durante o primeiro mes do ano seguinte, a Dirección do centro educativo presentará a xustificación da totalidade do importe librado (**Relación de facturas**), tal e como a continuación se indica, xunto coa correspondente **Certificación do acordo do Consello Escolar**. No caso de que o importe xustificado fora inferior ao importe librado, o correspondente saldo será deducido do seguinte ingreso a realizar (pago do ano seguinte) polo Concello de Vigo ao abeiro do Programa



Concello de Vigo

Autoxestión, contabilizándose a partir dese momento como importe a xustificar no novo período. Se o centro educativo non participara no citado programa nesa anualidade, o saldo deberá ser ingresado na conta do Concello, polo que a aportación municipal para a conservación e mantemento será xustificada na súa totalidade.

Esta documentación xustificativa, correspondente ao Programa Municipal de Autoxestión, será supervisada pola Unidade Técnica do Servizo de Educación (UTSE) para o seu posterior informe do Servizo de Educación, acreditativo de que as facturas son conformes aos fins previstos nas presentes bases.

A xustificación de fondos librados deberá ser presentada pola dirección dos centros educativos do seguinte xeito:

1) *Relación de facturas*: conxunto ordenado de facturas (legais e orixinais) que xustifican gasto referido a traballos de mantemento ordinario e preventivo. As facturas deberán ser de curso legal e nelas debe figurar:

- *A palabra "Factura", co seu número correspondente.*
- *Datos completos do proveedor: nome, CIF, enderezo.*
- *Concepto do gasto, o máis concreto posible.*
- *Importe total, co IVE desglosado ou indicando IVE incluído.*

Os orixinais das facturas serán arquivados na secretaría do centro para, se é o caso e conforme á base Sexta do Programa Autoxestión, poder seren consultados polos servizos técnicos e económicos municipais.

O modelo de encabezado para a citada relación de facturas deberá ser **obrigatoriamente** deste formato:

Data factura	Nº factura	Proveedor	NIF proveedor	Concepto	Importe
--------------	------------	-----------	---------------	----------	---------

2) Certificación do acordo do Consello Escolar correspondente, no que se indique a aprobación das contas que se presentan ao Concello para a liquidación. Esta certificación deberá recibirse no Servizo de Educación preferentemente dentro da segunda quincena do mes de xaneiro de cada ano. Para a súa elaboración, a correspondente Comisión Económica, coa presenza do representante municipal no Consello Escolar, reunirse previamente á celebración do citado Consello Escolar, co obxecto de presentar a xustificación dos gastos efectuados ao abeiro do presente programa municipal de Autoxestión, que se concretará na supervisión da relación ordenada das facturas pagadas con cargo a Autoxestión.

CUARTA.- As contías entregadas destinaranse integramente a gastos relativos ao mantemento ordinario e mantemento preventivo, tanto no referido ao pagamento de facturas relativas aos materiais necesarios (cristais, bombillas, peches, apliques, ...), como ao pagamento das facturas por man de obra e servizos de empresas competentes nas materias obxecto do gasto, legalmente establecidas. Para a concreción do aquí indicado, estarase ao disposto na citada **Guía técnica de mantemento para os centros escolares públicos, expte. 16026/332**. Para aqueles gastos cun importe superior aos 1.000 euros, deberase efectuar consulta previa de conformidade coa UTSE.

QUINTA.- **Prohíbese** expresamente, baixo a responsabilidade da dirección do centro, a **realización con fondos do Programa Autoxestión de obras de mellora, reforma ou**

ampliación, así como aquelas **reparacións que afecten ás instalacións da calefacción central, gas, instalacións eléctricas e instalacións de fontanería (abastecemento e saneamento)** e as que poidan supoñer ponteio, modificación ou sobrecarga das liñas ou demais elementos, agás nos casos nos que a Unidade Técnica do Servizo de Educación (UTSE) as autorice expresamente. Sen embargo, a substitución de elementos eléctricos como bombillas, lámparas, cebadores, resistencias, etc, entran no Programa Autoxestión e deberán ser realizados polo centro, ao igual que as actuacións simples de fontanería que non afecten ás tubaxes de abastecemento e saneamento.

Todas as reparacións a efectuar nos colexios que non poidan ser comprendidas nos termos deste acordo, deberán ser solicitadas por escrito (preferentemente mediante correo electrónico) á Unidade Técnica do Servizo de Educación (UTSE), que actuará, así mesmo, en caso de emerxencias ou grandes avarías, así como nos casos nos que os colexios non teñan recursos suficientes para afrontalos cunha programación plurianual e por fases, previo informe da Unidade Técnica do Servizo municipal de Educación.

O Concello resérvase a capacidade de rescindir unilateralmente este acordo cun colexio determinado, no caso de incumprimento dalgún dos seus apartados.

SEXTA.- Dada as diferencias que existen entre uns colexios e outros, a fin de evitar un progresivo distanciamento da calidade entre os centros, controlarase estritamente o uso das cantidades asignadas. Este control realizarase por medio do persoal técnico do Servizo de Educación e polos mecanismos propios da Intervención municipal e os procedementos ordinarios de inspección de contas previstos na lexislación vixente.

SÉTIMA.- Para a distribución do presuposto xeral previsto, asignarase a cada colexio un número de puntos, resultante da aplicación do seguinte BAREMO:

Estado xeral do centro (criterio da UTSE):

- estado xeral bo (superior á media): 2 puntos
- estado xeral regular (media): 5 puntos
- estado xeral malo (inferior á media): 10 puntos

Número de alumnos (datos da Consellería de Educación da Xunta de Galicia):

- entre 11 e 50: 2 puntos
- entre 51 e 150: 5 puntos
- máis de 150: 10 puntos

Superficie edificada (m²):

- entre 50 e 500: 10 puntos
- entre 501 e 1500: 15 puntos
- entre 1501 e 2500: 20 puntos
- entre 2501 e 4000: 25 puntos
- entre 4001 e 5500: 30 puntos
- máis de 5500: 35 puntos

Superficie terreos (m²):

- entre 50 e 1000: 10 puntos
- entre 1001 e 3000: 15 puntos
- entre 3001 e 6000: 20 puntos
- entre 6001 e 9000: 25 puntos
- máis de 9000: 30 puntos

OITAVA.- O mantemento das vivendas dos vixilantes-porteiros e do profesorado non está incluído nos custos asumibles polo Programa Autoxestión.



Concello de Vigo

NOVENA.- O Servizo de Educación cursará as ordes oportunas á Intervención Xeral para o ingreso das cantidades correspondentes a cada colexio acollido ao Programa Autoxestión.

DÉCIMA.- Os centros educativos do Anexo I que, por calquera razón, decidan deixar de participar no presente Programa, deberán manifestalo expresamente por escrito. O servizo municipal de Educación, en base a causas xustificadas e documentadas, poderá dar de baixa do presente Programa aos centros educativos que incumpran o establecido nas disposicións que o regulan (***Procedemento para a xestión directa polos Consellos Escolares do presuposto municipal de mantemento ordinario dos centros de educación infantil e primaria de Vigo*** -de aprobación anual-, e ***Guía técnica de mantemento para os centros escolares públicos***).

7(150).- NORMAS DE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS E MATRÍCULA NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS PARA O CURSO 2020-2021. EXPTE. 24176/332.

Visto o informe de fiscalización do 28/02/2020, dáse conta do informe-proposta do 27/02/2020, asinado pola xefa do Servizo de Educación e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

O técnico superior de educación en data 26 de febreiro de 2020 emite o seguinte informe:

“O Concello de Vigo, a través do seu Servizo de Educación, xestiona actualmente, mediante os correspondentes contratos administrativos de xestión, oito Escolas Infantís do primeiro nivel 0-3 anos (Costeira-Saiáns, Casiano Martínez-Bouzas, Tomás Alonso, Santa Marta-Casco Vello, Atalaia-Teis, Santa Cristina-Lavadores, Mestres Goldar-Castrelos e Navia), ao abeiro da posibilidade contemplada no seu día polo artigo 15 da Lei Orgánica de Educación-LOE.

A Xunta de Goberno Local na súa sesión do 7 de marzo de 2019 acordou aprobar as *Normas para a adxudicación de prazas nas escolas infantís municipais (0-3 anos) para o curso 2019-2020 (Expte 23113/332)*. Este Servizo de Educación Municipal anualmente vén acolléndose ás distintas convocatorias de subvención da Xunta de Galicia que concretan a definición de axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 dependentes das corporacións locais. Unha das obrigas específicas que deben ter en conta estes equipamentos infantís é a obrigatoriedade tal como é o caso da Rede de EIM, de igualar a puntuación das solicitudes de novo ingreso ao baremo de criterios preferentes que propón a administración competente, ao abeiro da Orde anual pola que se regula o procedemento de adxudicación de prazas nas escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Política Social. De conformidade con isto, o Servizo Municipal de Educación, está na obriga de publicar, con carácter anual, unha Norma que ordene e regule o proceso para a adxudicación de prazas e matriculación nas escolas infantís municipais.

O procedemento básico da convocatoria non difire significativamente da realizada o curso anterior, en canto a prazos, mecanismos de solicitude e seguimento do proceso. ”

As competencias municipais en materia de educación son as recollidas no artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases del Réximen Local (LRBRL), conforme a

redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que establece como competencia propia:

“n) Participar en la vigilancia del cumplimiento de la escolaridad obligatoria y cooperar con las Administraciones educativas correspondientes en la obtención de los solares necesarios para la construcción de nuevos centros docentes. La conservación, mantenimiento y vigilancia de los edificios de titularidad local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria o de educación especial.”

A Lei 5/1997, de 22 de xulio, de Administración Local de Galicia, regula como competencias propias no apartado 2 do artigo 80:

“ ñ) A participación na programación da educación e a cooperación coa Administración educativa na creación, construción e mantemento dos centros docentes públicos, a intervención nos órganos de xestión dos centros docentes e a participación na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria.

o) A execución de programas propios destinados á infancia, xuventude, muller e terceira idade.”

Se ben as competencias das corporacións locais en materia de educación son as sinaladas no referido artigo 25.2 n) da lei 7/85, e 80.2 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, compre citar a disposición adicional cuarta da Lei do Parlamento de Galicia 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, relativa á asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais, de acordo coa cal: «1. As competencias que debe asumir a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación, saúde e servizos sociais en cumprimento das disposicións da Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán sendo prestadas polos municipios en tanto no se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómica e das facendas locais previsto na mesma».

En consecuencia e unha vez incorporado o proxecto de Normas para o curso 2020-2021 que se achega no expediente elevase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

1. Aprobar as Normas para a adxudicación de prazas e matrícula nas Escolas infantís municipais 0-3 (EIM) para o curso 2020-2021, conforme ao texto que se xunta a esta proposta de acordo.
2. Facultar ao Concelleiro de Educación e Xuventude para que realice a convocatoria de presentación de solicitudes para as Escolas Infantís Municipais para o curso 2020-2021 de acordo co calendario previsto nas Normas citadas, así como a resolución das solicitudes e aprobación dos listados provisionais e definitivos e lista de agarda.



Concello de Vigo

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

NORMAS PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS E MATRÍCULA NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS 0-3 (EIM) PARA O CURSO 2020-2021

PRIMEIRA.- Obxecto

Estas Normas teñen por obxecto regular o procedemento de adxudicación de prazas e matrícula na **Rede de Escolas Infantís Municipais 0-3 (REIM)** dependente do Servizo de Educación do Concello de Vigo para o curso 2020/2021 e establecer a convocatoria e calendario do procedemento. Conforman a REIM as seguintes escolas infantís municipais: Santa Cristina-Lavadores, Atalaia-Teis, Santa Marta-Casco Vello (só renovación de prazas), Costeira-Saiáns, Bouzas, Tomás Alonso, Mestres Goldar-Castrelos e Navia.

SEGUNDA.- Requisitos para ser adxudicatario

Serán requisitos imprescindibles para ser adxudicatarios de prazas nas EIM:

1. Que o/a neno/a estea empadronado en Vigo.
2. Idade do/a neno/a
 - Ter unha idade mínima de tres meses na data de ingreso na escola na que obteña praza
 - Non ter cumpridos 3 anos o 31 de decembro de 2020
Este prazo poderase ampliar un ano máis para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, logo da emisión do ditame do equipo de orientación específica da xefatura territorial correspondente da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, por petición das/dos nais/pais, ou titores/as legais a través da escola onde renoven a praza, quen proporcionará á familia a información e orientación necesarias sobre o procedemento a seguir nestes casos.
3. Para a reserva de praza é requisito imprescindible estar ao día no pagamento das cotas mensuais na data de presentación da solicitude.
4. No caso de integrarse nenas/os con necesidades específicas de apoio educativo, en ningún caso poderá haber máis dunha nena ou dun neno con estas necesidades por aula. Para efectos de ratio, estas prazas contabilizaranse como dúas.

TERCEIRA.- Criterios de prioridade para a adxudicación de prazas

As prazas adxudicaránse por esta orde:

A) Reserva de praza

Teñen preferencia á renovación automática da praza os/as nenos/as escolarizados/as no curso 2019/2020, sempre que reúnan os requisitos establecidos nestas Normas e soliciten a reserva da praza na mesma quenda.

Poderán reservar praza noutra escola da REIM as familias que xustifiquen un cambio de domicilio, cando existan prazas suficientes, logo de rematado o proceso de renovación de praza do alumnado da propia escola.

B) Novo ingreso

Pódese solicitar praza en calquera das escolas da REIM de Vigo, agás na EIM Santa Marta-Casco Vello. Os/As solicitantes deberán, se é o caso, marcar por orde de preferencia dúas opcións como máximo. No caso de marcar máis dunha escola, só poderá facerse na mesma quenda en todas elas.

As solicitudes seguirán a seguinte orde:

1. Os/as fillos/as do persoal da REIM, cando soliciten a praza no centro onde presta servizo a/o nai, pai, titora ou titor legal.
2. Os/as irmáns/ás de alumno/a con praza, renovada ou de novo ingreso na EIM para a que solicitan praza.

As prazas que queden vacantes adxudicaranse aos/ás solicitantes segundo a puntuación obtida por aplicación do baremo que figura no Anexo 1 destas Normas. Esta puntuación determinará a orde de prelación na adxudicación das prazas para calquera das dúas opcións solicitadas, así como para a lista de espera resultante.

C) Solicitudes fóra de prazo

Unha vez rematado o prazo de matrícula e asignadas as vacantes, o período de solicitude permanecerá aberto, de xeito *extraordinario* e con carácter xeral, a partir do mes de setembro e ata o mes de maio de 2021, no caso de existiren prazas dispoñibles na aula e na escola onde se solicita a praza.

CUARTA.- Horario e calendario das EIM

1. Horario

As EIM, con carácter xeral, dispoñen dun horario continuo de 07.30 h a 20.00 h, desde o mes de setembro ata o mes de xullo, ambos inclusive.

As/os usuarias/os dentro do horario de apertura do centro terán que optar polas seguintes quendas tendo en conta as horas máximas e mínimas permitidas:

QUENDA	Mañá	Tarde	Contínuo (*)
HORARIO	07:30 a 15:45 h.	16:00 a 20:00 h.	09:00 a 17:00 h
(*) Só dispoñible para a EIM Costeira-Saiáns			10:00 a 18:00 h

Dentro deste horario de funcionamento dos centros, fíxase un horario de permanencia máximo e mínimo, das cativas e cativos na escola:

- ◆ Permanecerase na escola un mínimo de 4 horas e un máximo de 8 horas.

Para posibilitar a boa marcha das escolas:

- ◆ A entrada pola mañá realizarase entre as 07:30 e as 09:00 horas.
- ◆ A saída do centro para a quenda de mañá será entre as 15:30 e as 15:45 horas.
- ◆ Na EIM Costeira-Saiáns a hora de entrada prolongarase ata as 10:00 horas.
- ◆ A entrada pola tarde será as 16:00 horas.
- ◆ A saída do centro para a quenda da tarde será entre as 19:45 e as 20:00 horas.
- ◆ A quenda de mañá inclúe o servizo de comedor e a quenda de tarde o servizo de merenda.



Concello de Vigo

➤ Horarios especiais

- ◆ En circunstancias excepcionais, debidamente acreditadas, o horario poderase ampliar ou reducir, trala correspondente solicitude e posterior valoración técnica das circunstancias das e dos menores, mediante Resolución do concelleiro de Educación do Concello de Vigo.
- ◆ Con motivo de desenvolver as sesións de traballo trimestrais do equipo educativo das escolas para a preparación da programación, os centros pecharán ás 19:00 h, os días que propoña cada escola á aprobación do Consello Escolar.
- ◆ O día 5 de xaneiro as escolas pecharán ás 16:00 h.

2. Calendario

Os centros permanecerán abertos de luns a venres, excluídos os días considerados festivos no calendario laboral e as festas laborais de carácter local, así como o Día do Ensino e os días 24 e 31 de decembro.

O curso escolar comezará o día 3 de setembro de 2020

O alumnado poderá asistir ao centro un máximo de 11 meses dentro do período comprendido entre o 3 de setembro de 2020 e o 30 de xullo de 2021.

QUINTA.- Prestacións

A matriculación e tarifas inclúen en todos os casos os seguros obrigatorios, horario amplo, servizo de comedor e de orientación.

SEXTA.- Prezos

1. Os prezos que deberán pagar os/as usuarias/os son os establecidos na Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación do servizo das Escolas de primeira etapa de Educación Infantil (Ordenanza nº 23, ano 2020), coas exencións e bonificacións nela contidas.

Estarán obrigados ao pagamento das cantidades que se establecen como taxas, as/os nais, pais, titores, titoras ou representantes legais dos nenos e nenas en situación de alta nas escolas infantís municipais.

Para o curso 2020-2021 son as seguintes:

Renda per cápita mensual	Quenda mañá		Quenda tarde	
	Matriculación	Mensualidades	Matriculación	Mensualidades
Ata 347,17 €	Exento/a	Exento/a	Exento/a	Exento/a
Ata 543,25 € familias numerosas	Exento/a	Exento/a	Exento/a	Exento/a
Entre 347,18 e 400,00 €	50,85 €	50,85 €	33,05 €	33,05 €
Entre 400,01 e 472,00 €	76,25 €	76,25 €	49,56 €	49,56 €
Entre 472,01 e 547,00 €	101,70 €	101,70 €	66,10 €	66,10 €
Mayor de 547,00 €	127,10 €	127,10 €	82,61 €	82,61 €

2. Estarán exentos das taxas reguladas en dita ordenanza, os nenos e nenas que pertencen a familias con ingresos brutos anuais per cápita inferiores a 4.166 €. A titularidade de Bens Inmobles de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 50.538 €
O ingreso bruto anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais da unidade familiar entre o número de integrantes.
No caso de que o/a pai, nai, titor/a sexa unha persoa vítima de violencia de xénero acreditada mediante sentenza firme, aplicarase aos seus ingresos brutos o coeficiente 0,35 Este coeficiente será de aplicación durante os primeiros 5 anos contados dende a data da sentenza.
No caso de que o/a pai, nai, titor/a sexa un/a titor/a monoparental, único perceptor de ingresos e os fillos non tiveran rematado o ensino obrigatorio, aplicarase aos ingresos brutos o coeficiente 0,55. Poderá aplicarse este coeficiente no caso de que os fillos percibiran prestacións de carácter público con motivo de discapacidade, invalidez e similares.
No caso de que o/a pai, nai, titor/a levasen en situación de desemprego mais de 22 meses ininterrompidos, aplicarase aos seus ingresos brutos un coeficiente do 0,35.
3. Estarán exentos do pagamento das taxas reguladas nesta ordenanza os nenos e nenas que pertencen a familias numerosas que contan con ingresos brutos anuais, per cápita inferiores a 6.519 €.
4. A inasistencia da/o usuaria/o á escola infantil durante un período determinado, non supón redución ningunha nin exención do pagamento do prezo establecido agás as seguintes excepcións:
 - a) Cando a/o nena/o por motivos de saúde ou por razóns debidamente xustificadas, deixe de asistir ao centro temporalmente, estarán exentos de aboar a cota mensual desde o primeiro día do segundo mes natural seguinte á data de comezo do período de ausencia. Esta suspensión temporal durará ata o día primeiro do mes natural en que a/o usuaria/o se reincorpore ao centro. Non obstante, se a reincorporación se produce con posterioridade ao día 15 do mes, a cota correspondente ao dito mes reducirase nun 50%. Nestes casos a solicitude de exención do pagamento, durante o período que corresponda, xunto coa acreditación documental da circunstancia que a motiva, deberá presentarse ante o Servizo Municipal de Educación.
 - b) Nos supostos das solicitudes formuladas fóra de prazo previstos nesta Norma, o aboamento do prezo será desde o mes no que se lle concede a praza. Se a incorporación se produce con posterioridade ao día 15 do mes, a cota correspondente ao dito mes reducirase nun 50%.
 - c) No suposto de familias que non teñan previsto a asistencia dos seus fillos/as durante o mes de xullo, deberán comunicalo á dirección da correspondente escola infantil municipal con anterioridade ao día 25 de xuño. Neste caso, deixarase de emitir a estas familias o recibo do mes de xullo, ben na súa totalidade, ben na metade do seu importe, dependendo do período previsto de inasistencia.
 - d) As familias que teñan previsto a baixa da praza, deberán comunicalo á dirección do centro antes do día 25 do mes que corresponda, para proceder á anulación do recibo.
5. Ao longo do curso poderase proceder á revisión do prezo fixado inicialmente cando concorran e se xustifiquen algún dos seguintes casos:



Concello de Vigo

- a) A modificación nos ingresos dalgún membro da unidade familiar, modificación que teña, cando menos, unha duración de 4 meses para ser tidas en conta, xustificándose coa declaración do IRPF, certificado emitido pola Axencia Tributaria, nóminas ou certificado do INEM que acredite se é beneficiario/a de prestación de desemprego.
 - b) A variación no número de membros da unidade familiar.
6. As familias que non aporten a documentación xustificativa da situación económica familiar, coa solicitude de praza aplicaraselles, se é o caso, a cota máxima en concepto de matrícula.

SÉTIMA.- Renda per capita mensual

1. Para a determinación do importe da renda per cápita da unidade familiar computarase o seguinte:
 - a) O importe dos ingresos totais das rendas do exercicio anterior de cada un dos membros da unidade familiar, que será o resultado da suma da base imponible xeral coa base imponible do aforro, segundo o criterio establecido na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF). Para o cálculo desta cota tomarase a declaración do IRPF correspondente ao ano 2018
 - b) O importe anterior dividirase polo número de membros da unidade familiar. No caso de familias monoparentais, incrementarase en 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. No caso dun menor de 25 anos con un grao de discapacidade superior ao 65% computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grao de discapacidade estivese entre 33% e 65% computarase como 1,5.
 - c) A renda per cápita mensual será o resultado de dividir o importe anterior entre doce.
2. Entenderase por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente, ou análoga relación de afectividade, e:
 - as/os fillas/os menores, con excepción de quen, con consentimento das/s nais, pais, vivan independentes destas/es.
 - as/os fillas/os maiores de dezoito anos cun grao de discapacidade superior ao 33% ou con incapacitación xudicial, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
3. Entenderase por familia monoparental cando forme parte dela unha única persoa proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e as/os fillas/os menores ao seu cargo, sempre que a outra proxenitora non contribúa economicamente ao seu sostento.

Cando as circunstancias concorrentes no momento da presentación da solicitude de praza non coincidan coa declaración do IRPF, teranse en conta estas últimas, tanto para o cálculo da renda per cápita como para a aplicación de baremo e dos distintos descontos. En todo caso, estas circunstancias deberán xustificarse documentalmente no momento de presentación da solicitude.

A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo a situación existente no periodo de solicitude de praza.

OITAVA.- Solicitudes, documentación e prazo de presentación

A) SOLICITUDES

As/os interesadas/os deberán solicitar praza a través do Formulario de Solicitud normalizado dispoñible na páxina web www.escolasvigo.org/reim. Para aquelas persoas que podan ter dificultades para acceder a esta páxina web, no propio servizo municipal de Educación terán a disposición os dispositivos necesarios para a súa cumprimentación, así como axuda e asesoramento.

Con carácter excepcional non se poderá solicitar praza na Escola Infantil Municipal "Santa Marta" para o curso 2020-2021

1.- Solicitudes de renovación

O alumnado que xa estivese matriculado nas escolas o curso anterior, cumpra os requisitos de idade especificados na Norma Segunda, puntos 2 e 3, manterá o seu dereito á praza para o curso 2020-2021 na quenda na que estivera matriculado no curso 2019-2020.

As solicitudes deberán presentarse na propia escola, utilizando o impreso específico de renovación.

As familias dos/as nenos/as con necesidades específicas de apoio educativo escolarizados/as durante o curso 2019/2020 que tivesen cumprido os tres anos a 31 de decembro de 2019, poderán solicitar a súa permanencia na escola durante un curso máis, para o que deberán presentar a solicitude de renovación xunto co informe de valoración da dirección da escola sobre a súa evolución e os informes dos/as profesionais que leven o seguimento do/a neno/a.

2.- Solicitudes de novo ingreso

O Formulario de Solicitud estará dispoñible na páxina web www.escolasvigo.org/reim, a súa presentación poderase facer por dúas vías:

a) Solicitud presencial – Rexistro Xeral. Unha vez cuberto o Formulario de Solicitud seguindo as instrucións que se indican na web www.escolasvigo.org/reim, deberase imprimir o documento resultante e, xunto coa documentación requirida, presentalo no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou en calquera dos lugares establecidos no art. 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Solicitud telemática – Rexistro Electrónico

(Consulte "Sistemas de sinatura aceptados" na sede electrónica do Concello de Vigo).

Unha vez cuberto o Formulario de Solicitud seguindo as instrucións que se indican na web www.escolasvigo.org/reim, deberase acceder ao procedemento "Solicitud de praza nas escolas infantís municipais", na sede electrónica do Concello de Vigo (www.vigo.org/solicitud-eim), onde haberá que incorporar o arquivo resultante do proceso anterior (Formulario de Solicitud) e pulsar tramitar; poderase descargar entón o xustificante do Rexistro.

c) Con carácter extraordinario, permitirase solicitar praza para nenos/as non nados, cuxo nacemento estea previsto para antes do **30 de maio de 2020** data tope de nacemento para a súa posible admisión, e sempre que presenten a solicitude de praza dentro dos prazos previstos nesta Norma.

B) DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

A documentación que en cada caso corresponda presentar, poderase achegar electronicamente (mediante o seu escaneado) no lugar indicado no Formulario de Solicitud ou ben presentar fisicamente en papel á hora de realizar a solicitude presencial.



Concello de Vigo

1. Alumnado procedente do curso 2019-2020:

Presentarán documentación só no caso de que teñan que acreditar cambios na situación socio-económica da unidade familiar

2. Alumnado de novo ingreso:

As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (formulario oficial de solicitude), a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do Documento nacional de identidade (DNI) ou outro documento acreditativo da identidade da nai e do pai, ou dos representantes legais, segundo proceda.
- b) Fotocopia do libro de familia completo ou, no seu defecto, outro documento que acredite oficialmente a situación familiar.
- c) Vida laboral actualizada da nai e do pai ou representantes legais.

SITUACIÓN LABORAL

Só para familias que necesiten xustificar situacións laborais diferentes ou recentes:

No caso de persoas traballadoras, por conta allea, en situación de alta recente:

- Copia das dúas últimas nóminas

No caso de persoas desempregadas, deberán presentar:

- Certificación do INEM que acredite se é beneficiario/a ou non da prestación de desemprego.

No caso de solicitantes que perciban Risga

- Certificación acreditativa

Naqueles casos nos que, por distintas razóns, non se poidan acreditar as rendas das/os nais/pais por falta de acreditación documental, será preciso un informe dos Servizos sociais.

SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR:

Só para as familias que necesiten xustificar incidencias familiares, económicas e sociais puntuables no baremo:

Acreditación da condición de familia numerosa:

- Fotocopia do Título de familia numerosa.

Acreditación da condición de familia monoparental:

- Sentenza de separación ou divorcio, convenio regulador ou resolución xudicial de medidas paterno-filiais.
- Certificado administrativo de monoparentalidade expedido pola Comunidade Autónoma

Acreditación da condición de minusvalía:

- Certificado do recoñecemento do grao de discapacidade e/ou dependencia da/do nai, pai, titora ou titor legal e/ou outros membros da unidade familiar.
- Grado de discapacidade e/ou dependencia do/da neno/a para quen se solicita praza.

A falta de presentación dalgún destes documentos dentro do prazo de solicitude establecido, suporá a renuncia implícita á súa valoración no epígrafe "situación socio-familiar" do baremo que se recolle o Anexo 1.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación de solicitudes establécese do **9 ao 27 de marzo de 2020**

NOVENA.- Tramitación

1. O Concello de Vigo procederá á consulta e verificación telemática dos datos fiscais da Declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) da persoa solicitante e do seu cónxugue ou parella, correspondentes ao ano 2018, agás oposición expresa do interesado, que reflectirá no apartado correspondente no Formulario de Solicitud; neste caso, deberán achegar copia da última Declaración da Renda de todos os membros da unidade familiar.
Asimesmo, para a tramitación deste procedemento, consultaránse automaticamente os datos incluídos no Padrón Municipal.
No suposto de non poder obter os datos do órgano competente poderase requerir á persoa interesada a súa presentación.
2. O Servizo de Educación do Concello de Vigo comprobará que as solicitudes reúnen os requisitos recollidos nesta Norma. De non ser así, requirirase a/o interesada/o para que, nun prazo de dez días naturais, achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se non o fixese así, se terá por desistido da súa petición.
O Servizo Municipal de Educación poderá reclamar en calquera momento todos aqueles datos, e a súa debida acreditación documental, que considere precisos para unha mellor e máis eficaz realización do seu cometido.
3. A documentación complementaria ou requirida polo Servizo de Educación presentárase preferiblemente por vía electrónica no correo "eim@vigo.org" ou presencialmente no Servizo de Educación (planta 11) do Concello de Vigo, en ámbolos dous casos indicando o número de Rexistro da solicitud.
4. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos presentados. O Concello de Vigo poderá requerir a exhibición do documento orixinal para o seu cotexo.
5. No caso de familias de nenos e nenas con necesidades específicas que solicite ampliación do prazo de escolarización, será a propia escola quen remitirá a solicitud xunto co resto da documentación á Xefatura Territorial da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para o seu traslado ao equipo de orientación específico, que emitirá o correspondente ditame de escolarización.

DÉCIMA.- Avaliación das solicitudes

1. A selección das solicitudes efectuarase en función da puntuación acadada segundo o baremo establecido no Anexo 1 destas Normas, mediante o que se avaliarán os factores socioeconómicos, familiares e laborais da unidade familiar. No caso de obter igual puntuación, daráselle prioridade á renda per capita máis baixa.
2. Aplicaráselles a todas as solicitudes recibidas un procedemento de valoración. Con tal fin constituirase unha comisión de baremación e selección coa seguinte composición para cada Escola Infantil Municipal:
 - Presidencia: A xefa do Servizo Municipal de Educación ou persoa en quen delegue.
 - Vogais: o/a director/a do centro, o/a representante das/os nais/pais das/os nenas/os no Consello Escolar do Centro do que se estean a baremar as solicitudes, e un funcionario/a do Servizo Municipal de Educación, que actúa de secretario/a, nomeado polo concelleiro de Educación.



Concello de Vigo

Os acordos tomaranse por maioría simple, e resolverá, en caso de empate, a presidencia.

3. Unha vez baremadas as solicitudes, a comisión elevará a proposta de selección ao concelleiro de Educación que resolverá a lista provisoria de admitidos/as.

LISTAS PROVISIONAIS

A relación provisional de admisións e lista de agarda, coas puntuacións obtidas farase pública na páxina web www.escolasvigo.org/reim e nas respectivas Escolas Infantís Municipais, o **día 15 de maio de 2020**.

UNDÉCIMA.- Reclamacións

As/os solicitantes poderán efectuar as reclamacións que consideren oportunas no prazo de **seis (6) días naturais** posteriores á data da exposición pública da relación provisional.

Estas reclamacións entenderanse resoltas coa publicación da lista definitiva.

DUODÉCIMA.- Resolución

Unha vez comprobadas as reclamacións presentadas contra a relación provisional, correspóndelle ao concelleiro de Educación a aprobación da relación definitiva de admitidas/os e a lista de agarda coa puntuación obtida, así como a cota mensual que corresponda aboar en cada caso. Desta Resolución dará conta á Xunta de Goberno Local seguinte.

LISTAS DEFINITIVAS

A relación definitiva de admisións e lista de agarda, coas puntuacións obtidas farase pública na páxina web www.escolasvigo.org/reim e nas respectivas Escolas Infantís Municipais, o **día 3 de xuño de 2020**.

DÉCIMO TERCEIRA.- Matrícula

1. As familias de nenas/os admitidas/os formalizarán a reserva de praza na escola onde obtivesen a praza, presentando o Impreso de aceptación de praza (Anexo 2) debidamente cuberto, así como, de ser o caso, copia do pagamento da matrícula correspondente; en caso contrario perderán automaticamente o dereito á praza.
2. A formalización da matrícula no prazo sinalado é imprescindible para confirmar a praza. Se non se realiza a matrícula da/o nena/o no prazo sinalado, considérase decaída/o na súa solicitude.
3. Con carácter xeral, o prazo máximo para resolver o procedemento previsto nesta convocatoria será de 6 meses, contados a partir do día seguinte ao da aprobación destas Normas. Transcorrido o dito prazo sen recaer resolución expresa, as solicitudes teranse por desestimadas.

Pago da matrícula

Para formalizar, de ser o caso, o pago da matrícula deberase proceder á liquidación da taxa correspondente, seguindo as instrucións que indica o procedemento "Pago de matrícula" na páxina web www.escolasvigo.org/reim.

Nos supostos dos/as admitidos/as dentro do prazo extraordinario, o pagamento de matrícula, de ser o caso, se lle xirará xunto a primeira mensualidade que lle corresponda.

PRAZO PARA A FORMALIZACIÓN DE MATRÍCULA

O prazo para formalizar a matrícula comprenderá dende o **8 ao 19 de xuño de 2020**.

DÉCIMO CUARTA.- Lista de agarda

1. A lista de agarda estará constituída polas/os solicitantes que non obteñen praza en ningunha das escolas solicitadas, ordenadas/os segundo a puntuación acadada no baremo de admisión.
2. As vacantes que se vaian producindo ao longo do curso en calquera das Escolas Infantís, serán cubertas por rigorosa orde de puntuación entre as/os solicitantes en lista de agarda.
3. As/os solicitantes que obteñan praza e renunciem a esta, quedarán excluídos tamén da outra opción solicitada
4. As familias en lista de agarda terán preferencia sobre as que se presenten fóra de prazo, referido no punto C da Norma 3ª.

DÉCIMO QUINTA.- Publicidade

A relación provisoria de admitidas/os, lista de agarda e lista definitiva, coa puntuación obtida, publicarase no Servizo Municipal de Educación, na páxina web www.escolasvigo.org/reim e nas respectivas Escolas Infantís Municipais.

DÉCIMO SEXTA.- Baixas

1. Causarase baixa nas escolas infantís por algunha das circunstancias seguintes:
 - a) Polo cumprimento da idade máxima regulamentaria de permanencia no centro.
 - b) Pola solicitude das/os nais/pais ou representantes legais.
 - c) Polo non pagamento do prezo establecido durante dous meses consecutivos ou tres alternos, calquera que sexa o curso escolar a que se refire a débeda, sen prexuízo da reclamación da débeda polo procedemento regulamentariamente establecido.
 - d) Pola comprobación de falsidade nos documentos ou datos achegados.
 - e) Pola incompatibilidade ou inadaptación manifesta para permanecer no centro.
 - f) Pola falta de asistencia continuada durante un mes sen causa xustificada.
 - g) Polo reiterado incumprimento da puntualidade na asistencia e/ou recollida do/da menor sen causa xustificada.
 - h) Polo incumprimento reiterado da normativa reguladora da Rede de Escolas Infantís Municipais do Concello de Vigo (as presentes Normas e os correspondentes Regulamentos de Réxime Interno das escolas).
2. Cando se produza unha falta de asistencia prolongada, deberá presentarse, con periodicidade mensual, a documentación acreditativa da causa que a produce. O incumprimento desta obriga será causa de baixa.
3. As baixas motivadas polo establecido nas líñas c), e), f), g) e h), resolveraa o concelleiro delegado da Área de Educación tralo informe da dirección do centro onde esté a/o nena/o matriculada/o e o informe técnico do Servizo de Educación municipal.
4. As baixas producidas ao longo do curso escolar, por calquera dos motivos anteriormente expostos, cubriranse coas/os solicitantes que figuren en lista de agarda en cada grupo de idade, por rigorosa orde de puntuación.

DÉCIMO SÉTIMA.- Protección de datos



Concello de Vigo

Os datos persoais recollidos no formulario normalizado de solicitude de praza, indispensables para a xestión desta convocatoria, incorporaranse a un ficheiro para os exclusivos efectos da xestión deste procedemento en cumprimento do disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable destes datos. A lexitimación do tratamento dos datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas na solicitude de praza na Rede de escolas infantís municipais.

Os datos serán obxecto de cesión ás empresas adxudicatarias da xestión de cada escola, que asumen expresamente as responsabilidades como encargadas do tratamento. Poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do Programa, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

DÉCIMO OITAVA.- Regulamento xeral

Estas Normas serán de aplicación ao curso 2020-2021. No non recollido nas mesmas estarase ao disposto na lexislación xeral en materia de educación e ao Regulamento xeral da Rede de Escolas Infantís Municipais que, se é o caso, aprobe o Concello de Vigo.

O concelleiro delegado da Área de Educación, en virtude das súas competencias, poderá dictar as resolucións e instrucións oportunas para o correcto desenvolvemento destas Normas.

ANEXO 1

NORMAS PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS (EIM) PARA O CURSO 2020/2021

BAREMO

BAREMO DE APLICACIÓN	PUN-TOS
----------------------	---------

SITUACIÓN ECONÓMICA (RPC mensual da unidade familiar referida ao IPREM vixente) (O IPREM ANUAL PARA 2020 É DE 7.519,59 €)	
Inferior ao 30% do IPREM	4
Entre o 30% e o 50% do IPREM	3
Entre o 50% e o 75% do IPREM	2
Entre o 75% e o 100% do IPREM	1
Entre o 100% e o 125% do IPREM	-1
Entre o 125% e o 150% do IPREM	-2
Entre o 150% e o 200% do IPREM	-3
Superior ao 200% do IPREM	-4
SITUACIÓN LABORAL (só se poderá obter puntuación por un dos epígrafes seguintes)	
Situación laboral de ocupación: <ul style="list-style-type: none"> • Nai • Pai Nas familias monoparentais, esta puntuación asimílase á formada por dous membros	7 7
Situación laboral de desemprego: <ul style="list-style-type: none"> • Nai • Pai Nas familias monoparentais, esta puntuación asimílase á formada por dous membros	2 2
Persoas que desenvolvan e perciban o tramo de inserción (Risga) <ul style="list-style-type: none"> • Nai • Pai Nas familias monoparentais, esta puntuación asimílase á formada por dous membros	3 3
SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR	
Por cada membro da unidade familiar	2
Por cada persoa que, non formando parte da unidade familiar, estea a cargo desta	1
No caso de que a/o nena/o para a/o que se solicita praza nacesse nun parto múltiple	1
Por cada membro da unidade familiar, afectado por discapacidade, enfermidade que requira internamento periódico, alcoholismo ou drogodependencia	2
Por condición de familia monoparental	3
Por condición de familia numerosa	3
Por ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais	6



Concello de Vigo

Outras circunstancias familiares debidamente acreditadas:

Ata 3

ANEXO 2

DOCUMENTO DE ACEPTACIÓN DE PRAZA NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VIGO PARA O CURSO 2020/2021

Dña

D.
na súa calidade de nai e pai ou representantes legais do/a neno/a

Manifestan:

- 1) Que aceptan a praza outorgada polo Concello de Vigo para o curso 2020-2021 na EIM
no Aula quenda de, de acordo co indicado nas Listas Definitivas de adxudicación de prazas na Rede de escolas infantís municipais para o curso 2020/21.
Esta praza dá dereito ao disfrute, por parte do/a menor citado/a neste documento, das prestacións e servizos incluídos nas "*Normas para a adxudicación de prazas e matrícula nas escolas infantís municipais 0-3 (EIM) para o curso 2020-2021*" aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data 5 de marzo de 2020.
- 2) Que aceptan o indicado nas citadas Normas e no correspondente Regulamento de Réxime Interno das Escolas Infantís Municipais.
- 3) Que autorizan a que o/a neno/a sexa recollido/a, na escola infantil, polas persoas así autorizadas segundo modelo á súa disposición nas propias escolas infantís municipais, que poderá ser revocado e/ou modificado cando os representantes legais así o decidan.
- 4) Que (si/non) autorizan ao/á neno/a a saír da Escola infantil para participar nas actividades complementarias/extraescolares programadas.
- 5) Que (si/non) autorizan á toma e publicación de imaxes do/a neno/a polos responsables da Escola infantil.
- 6) Que (si/non) autorizan a que ao/á neno/a se lle administre medicación no suposto de que sexa imprescindible e conte coa perceptiva prescrición facultativa na que conste as horas de administración e a dose correspondente.

Vigo, a de de 2020

Asdo:.....

Asdo:.....

8(151).-BASES E CONVOCATORIA PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS PARA A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA MUNICIPAL DE INMERSIÓN EN LINGUA INGLESA (VIGO EN INGLÉS 2020) DO ALUMNADO DE 3º DE ESO DE CENTROS EDUCATIVOS DE VIGO SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS. EXPTE. 24174/332.

Visto o informe de fiscalización do 26/02/2020, dáse conta do informe-proposta de data 21/02/2020, asinado polo técnico medio de actividades culturais e educativas, a xefa do Servizo de Educación, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 17 de xaneiro de 2018, adoptou o acordo de adxudicar a “Newlink Education, S.L” o procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en periodo lectivo nun High School “VIGO EN INGLES 2018” (expte. 19872-332) por un prezo total de 1.704.465.-€; de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e prescripcóns técnicas aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 07 de setembro de 2017 e a oferta presentada. O PCAP establece un prazo de duración do contrato de dous anos, e dúas posibles prórrogas, a primeira por un ano de duración e a segunda e última por un periodo máximo de 9 meses e en todo caso, ata o 31 de decembro de 2021. O contrato formalizouse dixitalmente entre o Concello de Vigo e a empresa adxudicataria en data 13/Febrero/2018.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 27 de decembro de 2019, adoptou o acordo de autorizar a 1ª prórroga por un ano do contrato para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en periodo lectivo nunh High School “VIGO EN INGLÉS 2020” (expte.19872-332) para o periodo comprendido entre o 14/02/2020 e o 13/02/2021, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

Na mesma sesión, acordou tamén autorizar e comprometer o gasto de 1.704.465,00.-€ que se imputarán á partida 3260.227.99.17 (Programa Educativo “Aulas Internacionais”) que se financiarán con cargo aos créditos que se asignen para tal fin no orzamento de 2020.

Dende fai varios anos, o Concello de Vigo ven mantendo unha decidida aposta formativa por un conxunto de medidas a prol da inmersión lingüística e o dominio da lingua inglesa no alumnado da nosa cidade, que concorda coas recomendacións do Consello de Europa en materia de linguas. O coñecemento dun idioma distinto ao do propio contribúe de forma esencial á formación integral do alumnado, e a súa aprendizaxe se ten convertido nun obxectivo fundamental dos sistemas educativos, tanto porque favorece a libre circulación e a comunicación como por esixencias do mercado de traballo. Ata tal punto é así que a Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa LOMCE (BOE nº 295 do 10/12/2013), que modifica a Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de Educación (LOE), no seu preámbulo XII indica que o dominio dunha 2ª ou incluso 3ª lingua estranxeira amósase como unha das principais carencias do noso sistema educativo, polo que propón a adquisición dunha competencia plurilingue, redobrando esforzos para que o alumnado se desenvolva con fluidez nunha primeira lingua estranxeira, cuxo nivel de comprensión oral e lectora e de expre-



Concello de Vigo

sión oral e escrita vai a resultar decisivo para a súa futura inmersión laboral nunha sociedade globalizada.

O artigo 8 “cooperación entre administracións” da LOE , recolle que as administracións educativas e as corporacións locais coordinarán as súas actuacións no ámbito das súas competencias para acadar unha maior eficacia dos recursos destinados á educación e contribuir aos fins establecidos nesta lei.

Logo da entrada en vigor da Lei 27/2013 de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL) que modifica o artigo 25 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), o Concello na xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias pode promover actividades que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, e en canto ao exercizo das competencias municipais propias que exercerán as administracións locais nas distintas materias, cita textualmente as seguintes:

- Artigo 25.2.h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.
- Artigo 25.2.l) Promoción da ocupación do tempo libre.
- Artigo 25.2.m) Promoción da cultura e equipamentos culturais.

Consonte a este marco de responsabilidade competencial obrigatorio e propio das Entidades Locais citado anteriormente, é vontade expresa do Concello de Vigo en función das políticas de promoción cultural e de ocupación do tempo libre que o goberno local considera apropiadas e, conforme ás súas prioridades programáticas; promover unha nova edición do programa municipal de inmersión en lingua inglesa mediante integración escolar nun High School en periodo lectivo (VIGO EN INGLÉS 2020), que nas súas edicións anteriores ten acadado excelentes resultados de satisfacción e ten permitido mellorar a capacitación en lingua inglesa do alumnado vigués.

O Concello de Vigo non quere ser alleo á necesidade cada vez máis evidente de aprender linguas estranxeiras, non só para formar parte do proceso de globalización que está a ter lugar no mundo, senón tamén para desenvolver unha competencia plurilingüe e intercultural nun ámbito internacional. En consecuencia estas estadías lingüísticas previstas en Reino Unido e/ou Irlanda, posúen un gran valor formativo e resultan un complemento idóneo para conseguir unha maior fluidez na lingua inglesa e potenciar a capacidade comunicativa na mesma, convertindo ao alumnado de Vigo, ao entrar e contacto con outras culturas e realidades sociais no seu tempo libre, en verdadeiros promotores e embaixadores da identidade cultural e turística da cidade de Vigo. Para elo, toda a equipa de monitoraxe e alumnado participante no programa estarán uniformados con camisetas alusivas á promoción cultural da cidade de Vigo que utilizarán no desenvolvemento do programa formativo nas localidades de inmersión e integración lingüística, e achegarán ao persoal educativo dos Highs Schools, ás familias de acollida e autoridades locais en destino, distinto soporte documental específico (posters, folletos, dípticos culturais e turísticos da cidade de Vigo).

Neste senso e seguindo instrucións do Concelleiro de Educación e Xuventude, tramítase o presente expte para a aprobación das bases e convocatoria para a adxudicación de prazas no programa municipal de inmersión en lingua inglesa mediante integración escolar nun High

School en periodo lectivo “ VIGO EN INGLÉS 2020” dirixidas ao alumnado de 3º da ESO de centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos.

A 1ª prórroga do contrato en vigor do programa municipal “VIGO EN INGLÉS” (expte. 19872-332), implica que nesta convocatoria do programa municipal “Vigo en Inglés 2020” se poderá ofertar un máximo de 750 prazas para alumnado de 3º curso da Educación Secundaria Obligatoria (ESO) de centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos; nun proceso selectivo que outorga unha discriminación positiva na adxudicación dos beneficiarios/as ao alumnado da rede pública que cumpra os requisitos recollidos na convocatoria específica para a selección do alumnado participante no programa VIGO EN INGLÉS 2020, fronte ao alumnado da rede privada-concertada. Por elo se asigna un 55% de prazas á rede pública, é dicir, un total de 413 prazas , e un 45% de prazas á rede privada-concertada, é dicir un total de 337 prazas; todo elo tendo en conta similares porcentaxes de prazas adxudicadas nas pasadas edicións do programa Vigo en Inglés.

Consonte ao antedito, as 750 prazas, serán outorgadas en réxime de concorrencia competitiva, desglosadas nun máximo de 413 prazas asignadas para alumnado escolarizado en centros públicos e un máximo de 337 prazas asignadas para alumnado escolarizado en centros privados-concertados; e as restantes solicitudes en función da puntuación obtida serán incluídas en dúas listas de agarda, unha delas correspondente ao alumnado dos centros públicos e outra correspondente ao alumnado dos centros privados-concertados.

A asignación dunha porcentaxe maior a prol do alumnado da rede pública persegue, por unha banda establecer unha medida compensatoria, partindo da base de que, con carácter xeral, existe unha correlación entre o nivel socioeconómico e a matriculación en centros públicos. Por outra, preténdese unha compensación en función das necesidades diferenciais de capacitación en lingua estranxeira: un estudo de avaliación realizado pola Universidade de Santiago de Compostela (Luis Sobrado, 2008), sobre rendemento académico, establece que en inglés (4º da ESO) o alumnado de centros públicos obtén case 10 puntos porcentuais menos cós seus compañeiros/as do ensino privado-concertado.

Este Programa de Inmersión en Lingua Inglesa (VIGO EN INGLÉS 2020) ten como acción principal a promoción e desenvolvemento de estadias de 3 semanas en Reino Unido e/ou Irlanda en réxime de integración escolar nun "High School" en periodo lectivo , para alumnado de 3º da ESO dos centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos; coa finalidade de mergullarse nunha experiencia lingüística e cultural plena e crear neste alumnado a necesidade de empregar a lingua inglesa en contextos reais 24 horas como ferramenta de comunicación social e vehículo de aprendizaxe escolar, poñendo en valor a educación dende unha perspectiva plurilingue e intercultural.

Os resultados acadados nas anteriores edicións do Programa Educativo de Inmersión en Lingua Inglesa (VIGO EN INGLÉS), non fan senón confirmar, ademáis dunha óptima avaliación, a alta satisfacción a nivel didáctico-pedagóxico, na procura de seguir tentando mellorar a competencia en lingua inglesa e na comunicación intercultural no noso alumnado vigués.

A implementación da iniciativa didáctica municipal VIGO EN INGLÉS 2020, implica a prestación do servizo por parte da empresa adxudicataria “Newlink Education, S.L.”, especializada na desenvolvemento de programas de inmersión lingüística, que terá como



Concello de Vigo

cometido a prestación plural de traballos de distinta natureza e carácter heteroxéneo, tales como , transporte, organización do programa lectivo de inmersión lingüística en destino, aloxamento, manutención, visitas organizadas e información a familias, que supoñen a xestión integral do programa, despois da selección de alumnado que realizará directamente este Servizo de Educación trala aplicación das bases e proceso de convocatoria que son obxecto do presente expediente.

No Prego de condicións técnicas para a contratación do VIGO EN INGLÉS, se explicita que corresponde ao Servizo de Educación do Concello de Vigo, realizar a convocatoria específica para a selección dos participantes no Programa de Inmersión en Lingua Inglesa para cada curso escolar; e polo tanto é obrigado proporcionar á empresa que resulte adxudicataria a relación nominal dos alumnos/as participantes, cos datos de identificación necesarios para a xestión do programa.

Por todo iso, e diante da necesidade de ter seleccionado con antelación suficiente o alumnado beneficiario do programa VIGO EN INGLÉS 2020, cómpre desenvolver a “Convocatoria para a adxudicación de prazas para a participación no programa de inmersión en lingua inglesa (VIGO EN INGLÉS 2020) dirixida ao alumnado de 3º de ESO de centros educativos da nosa cidade sostidos con fondos públicos”, cuxa convocatoria e bases son obxecto do presente expediente. En todo caso, a concesión destas prazas de inmersión lingüística efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

Por elo, con carácter previo ao outorgamento da concesión das prazas para participar na iniciativa didáctica municipal “Vigo en Inglés 2020” deberán aprobarse as bases reguladoras para a adxudicación de prazas para a participación no programa de inmersión en lingua inglesa (VIGO EN INGLÉS 2020) dirixida ao alumnado de 3º de ESO de centros educativos da nosa cidade sostidos con fondos públicos”.

Unha das complexidades manifestas desta convocatoria é o importante número de destinatarios/as potenciais, estimados nuns preto de 1000 alumnos/as que, conforme aos datos recabados por este Servizo, cumpren todos os requisitos para poder participar neste programa municipal de inmersión en lingua inglesa. Neste sentido é importante salientar que un dos elementos primordiais para a selección do alumnado é premiar o esforzo académico do mesmo, polo que se establece como requisito imprescindible ter todas as materiais aprobadas e ter obtido unha nota media mínima de 7 en lingua inglesa. Igualmente a participación no programa Vigo en Inglés 2020 non implica a total gratuidade para todo o alumnado beneficiario do mesmo, dado que as familias participantes en función da súa renda per cápita aportarán a achega familiar do prezo público que se determina nas bases desta convocatoria.

A Ordenanza Fiscal nº 42 Reguladora dos prezos públicos pola participación en programas municipais de carácter voluntario, que se inclúe nas “Ordenanzas de Tributos e Prezos Públicos 2020 do Concello de Vigo”, textualmente indica que: “Teñen a condición de prezos públicos as achegas que realizan os participantes noutros programas do Concello, en contía variable segundo niveis de renda familiar, idades dos participantes e outros parámetros que, directa ou indirectamente poñen de manifesto a capacidade económica familiar. A contía destes prezos públicos poderá ser 0 euros para aqueles participantes con niveis de renda similares aos mínimos exentos nas taxas do Concello. As restantes contías determinaranse,

en cada convocatoria segundo o nivel de renda. En ningún caso, o prezo público a satisfacer superará o custe unitario do servizo ou programa”.

Consonte á aprobación da 1ª prórroga ao actual contrato vixente, o importe total destinado a financiar as prazas ás que se refire a presente convocatoria ascende a 1.704.465.-€, e será aplicado con cargo á partida orzamentaria 3260.227.99.17 do Programa Educativo Aulas Internacionais do orzamento municipal de 2020.

En base ao exposto, e de conformidade co réxime de atribucións en materia de xestión económica establecida no artigo 127.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de Decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Aprobar as Bases reguladoras da convocatoria para a adxudicación de prazas para a participación do alumnado de 3º da ESO dos centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos, no programa municipal de inmersión en lingua inglesa (VIGO EN INGLÉS 2020) , de acordo co texto que se achega no expediente”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES ESPECÍFICAS PARA O DESENVOLVEMENTO DA CONVOCATORIA PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS PARA A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA DE INMERSIÓN EN LINGUA INGLESA (VIGO EN INGLÉS 2020) DIRIXIDAS AO ALUMNADO DE 3.º DE ESO DE CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO DE VIGO SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS.

Primeiro.- Obxecto

A presente convocatoria ten como obxecto regular o procedemento para a selección e adxudicación dun máximo de 750 prazas en réxime de concorrencia competitiva, segundo contrato en vigor do expte. administrativo 19872/332 da “1ª prórroga do contrato maior de servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en período lectivo Vigo en Inglés 2020”; entre o alumnado do 3º curso de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) de centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos; desglosada esta oferta nun total de 413 prazas para alumnado escolarizado en centros públicos e nun total de 337 prazas para alumnado escolarizado en centros privados-concertados; a fin de que o alumnado solicitante que cumpra os requisitos recollidos nesta convocatoria específica participe no Programa de Inmersión en Lingua Inglesa (VIGO EN INGLÉS 2020), que se enmarca dentro do programa educativo municipal Aulas Internacionais.

A finalidade do programa VIGO EN INGLÉS é mellorar a competencia e capacitación en lingua inglesa fomentando a súa aprendizaxe e o contacto con outras culturas nun ámbito internacional.

Cada unha das prazas inclúe os seguintes conceptos:

1.- Estadía durante tres semanas en Reino Unido e/ou Irlanda.



Concello de Vigo

- 2.- Gastos da viaxe de ida e volta dende Vigo ata o destino asignado no Reino Unido e/ou Irlanda, onde se desenvolverá o programa.
- 3.- Monitores trilingües (inglés, castelán, galego) que acompañarán ao alumnado dende o momento da saída e ata o regreso, nunha proporción mínima de dous monitores por cada 25 alumnos participantes (un monitor de 1 a 12 e dous monitores de 13 a 25).
- 4.- Matrícula do curso intensivo de mellora en lingua inglesa cun programa de clases de 20 horas e programa en réxime de inmersión lingüística e integración en escolas públicas ou privadas de Reino Unido e/ou Irlanda.
- 5.- Materiais informativos, auxiliares e didácticos adaptados aos contidos do programa.
- 6.- Certificado ou diploma acreditativo da realización do programa.
- 7.- Actividades de lecer, culturais e deportivas extracurriculares.
- 8.- Aloxamento en casa de familias anfitrías de fala inglesa.
- 9.- Manutención en réxime de pensión completa os sete días da semana.
- 10.- Gastos de transporte urbano ao centro escolar onde se impartirá o programa de inmersión lingüística.
- 11.- Seguro de accidentes e de responsabilidade civil.

Segundo.- Contía

A participación no Programa de Inmersión en Lingua Inglesa non implica a total gratuidade para todo o alumnado beneficiario do mesmo; polo que as familias en función da súa renda per cápita, achegarán as cantidades que lles corresponda segundo as contías establecidas no punto noveno desta convocatoria. Igualmente a participación no programa é incompatible con calquera outra axuda obtida para a mesma finalidade doutros organismos públicos ou privados durante o ano 2020.

O custe de cada praza é de aprox 2.400 euros, por cada alumno/a participante no programa educativo municipal VIGO EN INGLÉS 2020, que promove o Servizo de Educación do Concello de Vigo e cuxa xestión e organización levarase a cabo por medio de empresa adxudicataria "NEW LINK EDUCATION S.L." que posúe a debida cualificación e especializada na prestación de programas de inmersión e integración lingüística nun High School en período lectivo, e contratada ao efecto polo Servizo Municipal de Educación. Ocuparase de ofrecer os recursos materiais e humanos necesarios para o seu desenvolvemento, así como da contratación da oportuna póliza de seguros para a cobertura das persoas participantes.

O importe total destinado a financiar as 750 prazas ás que se refire a presente convocatoria ascende a 1.704.465,00.-€ aprox., con cargo á partida orzamentaria 3260.227.99.17 do Programa Educativo Aulas Internacionais (B.V.) do exercizo 2020, quedando a citada contía económica supeditada á disponibilidad de crédito axeitado e suficiente no exercizo orzamentario de 2020.

Terceiro.- Programa xeral programa VIGO EN INGLÉS 2020

Os contidos do programa de inmersión en lingua inglesa VIGO EN INGLÉS 2020 atópanse a disposición dos interesados nas páxinas web do programa <http://www.vigoeningles.org/convocatoria> e/ou <http://www.escolasvigo.org/vigoeningles>.

Os contidos mínimos son os que se expoñen na presente convocatoria.

1. Adxudicatarios e requisitos

Os adxudicatarios da presente convocatoria serán os alumnos e alumnas, españois ou estranxeiros con tarxeta de residencia ou de estancia por estudos en vigor, de centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos que cumpran os requisitos que a continuación se sinalan:

- 1.- Estar a cursar 3.º da ESO nun centro educativo do Concello de Vigo sostido con fondos públicos durante o curso académico 2019/2020.
- 2.- Ter aprobadas todas as materias de 2.º de ESO.
- 3.- Ter obtido como mínimo unha nota de 7 na materia de Lingua inglesa nas cualificacións finais de 2.º de ESO.
- 4.- Estar empadroadado no Concello de Vigo, con vixencia mínima dende o 01/01/2019 , dato que será comprobado de oficio pola propia administración.
- 5.- Non ter concedida, no ano 2020, outra axuda coa mesma finalidade.
- 6.- Ter DNI/NIE, permiso de residencia ou pasaporte en vigor cunha vixencia mínima de 6 meses.

Deberán solicitar as prazas os representantes legais (pai e nai ou titor/a legal) dos alumnos e alumnas.

As 750 prazas ofertadas serán outorgadas en réxime de concorrencia competitiva, conforme ao proceso de selección e baremo que se recolle nas presentes bases, desglosadas nun máximo de 413 prazas asignadas para alumnado escolarizado en centros públicos e un máximo de 337 prazas asignadas para alumnado escolarizado en centros privados-concertados; e as restantes solicitudes que cumprindo os requisitos non sexan seleccionadas, en función da puntuación obtida serán incluídas en dúas listas de agarda, unha delas correspondente ao alumnado dos centros públicos e outra correspondente ao alumnado dos centros privados-concertados. No caso de non cubrirse a totalidade das prazas ofertadas nalgunha das dúas redes educativas, estas prazas vacantes acumularanse automaticamente á rede que teña lista de agarda.

2. Número de prazas e destinos

O programa consta de 750 prazas, en grupos de máximo 25 participantes e mínimo 12/13 participantes que se asignarán a como mínimo trinta destinos e máximo sesenta e tres centros educativos de integración (High Schools) diferentes no Reino Unido e/ou Irlanda. O Servizo Municipal de Educación reserva para si o dereito de adxudicar destino aos participantes seleccionados atendendo, na medida do posible, ás preferencias indicadas e a cuestións internas de índole organizativa.

3. Duración da estadía



Concello de Vigo

O programa, de tres semanas de duración, se realizará preferentemente entre a primeira quincena de setembro de 2020 e a primeira semana de outubro de 2020. Con todo, o calendario definitivo comunicárase aos adxudicatarios nas reunións informativas que para tal fin organizará o Servizo de Educación do Concello de Vigo en estreita colaboración coa empresa neste intre adxudicataria "New Link Education S.L."

4. Programa lectivo

O programa componse de estadias dos participantes durante tres semanas no Reino Unido e/ou Irlanda, nas que se combinarán as seguintes actividades lectivas:

Ao longo deste período, terá lugar a inmersión lingüística mediante a integración en período lectivo do alumnado participante en institutos ou escolas públicas ou privadas (High Schools) do Reino Unido e/ou Irlanda, de nivel educativo equivalente á ESO española e preferentemente previo ao período de integración impartirase un curso intensivo de inglés para a adaptación e o perfeccionamento lingüístico do alumnado participante. Os High Schools estarán autorizados e recoñecidos polos organismos competentes de cada país e contarán con profesorado nativo, titulado e especializado no ensino do idioma; así mesmo, estarán dotados de recursos audiovisuais e informáticos que favorezan a aprendizaxe e facilitarán o acceso do alumnado a estas instalacións. Asignárase un máximo de 25 alumnos/as participantes ou un mínimo de 12/13 participantes en cada centro, distribuídos en distintos grupos-aula e agrupados seguindo criterios como nivel de coñecemento do idioma e idade.

Realízase un seguimento individual e un control de asistencia do alumnado con informe final do seu rendemento. O centro de integración expedirá, ao remate da estadia do alumnado, unha certificación na que constará a relación nominal dos estudantes participantes no programa VIGO EN INGLÉS 2020 que estiveron integrados neste.

5. Programa de actividades extraescolares e de lecer

O programa lectivo complementarase con actividades de lecer (lúdicas, culturais e deportivas) fóra do horario lectivo e durante a tarde, todos os días da semana, agás o domingo, que poderá reservarse para a interacción entre o alumnado participante e as familias de acollida. Estas actividades de lecer e extraescolares desenvolveranse en inglés e guiadas por persoal especializado con coñecementos culturais adaptados a este tipo de actividades.

6. Viaxe e desprazamentos

O aeroporto inicial de saída e chegada final será o de Peinador de Vigo. As viaxes das familias e alumnado participante dende o seu domicilio ata o aeroporto de saída de Vigo, e o mesmo traxecto de volta, serán por conta dos participantes, As datas e horas previstas de saída e chegada serán comunicadas con antelación suficiente.

7. Información e asistencia a participantes e familias

Realízase coas familias unha xuntanza informativa nas dependencias que concrete o Servizo de Educación, con antelación suficiente ao inicio da viaxe. Asemade, antes e durante a viaxe, as familias terán á súa disposición asistencia telefónica e mediante correo electrónico, e poderán acceder a todos os datos relevantes do programa que lles afecten. Así mesmo, e para calquera consulta, os interesados poderán remitirse á **oficina do programa VIGO EN INGLÉS ubicada no Servizo de Educación**, ben no enderezo **Praza do Rei s/n, pranta 11^a** (36202 Vigo), no teléfono **986810181**, ou a través do correo electrónico **vigoeningles@vigo.org**.

Cuarto.- Publicidade e prazo

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, será de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación das Bases da Convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP).

A publicidade da presente convocatoria, realizarase tamén a través das páxinas web <http://www.vigoeningles.org/convocatoria> e/ou <http://www.escolasvigo.org/vigoeningles>. e mediante anuncios na web municipal, nos taboleiros de Concello e dos centros educativos da ESO do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos e igualmente a través dos medios de comunicación locais.

A resolución e a finalidade das solicitudes, con expresión dos datos identificativos do/a alumno/a solicitante, puntuación acadada e a resolución atribuída (adxudicada, denegada ou lista de agarda), será publicada nas páxinas web específicas do programa <http://www.vigoeningles.org/convocatoria> e/ou <http://www.escolasvigo.org/vigoeningles> e no taboleiro municipal.

Quinto.- Solicitudes e documentación

Solicitudes:

Os/as alumnos/as interesados/as poderán consultar a información do programa e durante o prazo habilitado ao efecto solicitar a participación mediante a presentación do Formulario de Solicitud dispoñible nas webs <http://www.vigoeningles.org/convocatoria> e/ou <http://www.escolasvigo.org/vigoeningles>

- **Solicitud presencial:** Unha vez cuberto o Formulario de solicitud aloxado nas páxinas webs <http://www.vigoeningles.org/convocatoria> e/ou <http://www.escolasvigo.org/vigoeningles>, deberáse obrigatoriamente imprimir e asinar (polo pai e nai ou titor/a legal) o documento resultante e, xunto coa documentación requirida, presentalo no Rexistro Xeral do Concello de Vigo de luns a venres en horario de 9,00 a 13,30 hrs. ou en calquera dos lugares establecidos no art.16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
No caso de que a solicitud sexa enviada por correo postal, será necesaria a súa presentación en sobre aberto para que o funcionario da oficina de correos poida facer constar o selo e a data antes de proceder á súa certificación postal. Así mesmo, o/a solicitante fará chegar mediante correo electrónico á oficina do programa VIGO EN INGLÉS ubicada no servizo municipal de educación, xustificante do envío postal.
- **Solicitud telemática:** Seguindo as instrucións que se indican e unha vez cuberto o Formulario de Solicitud aloxado nas páxinas web "www.vigoeningles.org/convocatoria" e/ou "www.escolasvigo.org/vigoeningles", terá que entrar no rexistro xeral na sede electrónica do Concello de Vigo, onde haberá que incorporar o arquivo resultante do proceso anterior (Formulario de Solicitud) anexando a documentación requirida. Unha vez realizado este proceso podera descargar o xustificante do Rexistro.

Segundo o recollido na cláusula 15ª desta convocatoria, a presentación da solicitud desta praza levará a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos de carácter persoal, e da súa publicación na páxina web do Servizo de Educación así como nos taboleiros de anuncios do



Concello de Vigo

Concello e dos centros educativos de Educación Secundaria Obrigatoria do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos.

Documentación:

● **Solicitude presencial:**

- a) **Formulario de solicitude de praza** unha vez cuberto vía web e asinado.
- b) **Certificación académica orixinal** emitida polo centro educativo do Concello de Vigo sostido con fondos públicos na que conste **estar matriculado en 3.º de ESO no curso académico 2019/2020, ter aprobadas todas as materias de 2.º de ESO, e a nota final en lingua inglesa de 2º da ESO.**
- c) **DNI/NIE do alumno/a**, autorización de residencia ou pasaporte (en vigor).
- d) **DNI/NIE**, autorización de residencia ou pasaporte (en vigor) **dos solicitantes** (pai e nai ou titor/a legal) que asinan o formulario de solicitude.
- e) **Libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar ou documentación acreditativa da titoría legal**
- f) De ser o caso, **acreditación documental das circunstancias familiares**, tales como: Título de familia numerosa, título de familia monoparental, sentenza de divorcio e convenio regulador onde conste o relativo á custodia, certificado de defunción (no caso de viuvez).
- g) De ser o caso, **Certificado de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar** emitido polo órgano competente cunha porcentaxe igual ou superior ao 33%
- h) **Xustificación de ingresos:** Aquelas familias que non autoricen ao Concello de Vigo á solicitude de información fiscal á Axencia Tributaria, deberán presentar fotocopia simple da última declaración da renda de todos os membros da unidade familiar ou certificado de estar exento/a emitido pola Axencia Tributaria.
- i) No caso de que algún participante precise de **atencións médicas especiais** (por mor de alerxias, discapacidades, intolerancias...) deberán presentar un **certificado médico orixinal** que así o acredite.

● **Solicitude telemática:**

Xunto co Formulario de Solicitude cómpre anexar toda a documentación requirida citada anteriormente.

<http://www.vigoeningles.org/convocatoria> e/ou <http://www.escolasvigo.org/vigoeningles>.

Non serán tidos en conta nin valorados os requisitos alegados e non xustificados documental e correctamente tal como se indica, nin os que se aleguen fóra do prazo establecido para esta convocatoria nin os que conteñan emendas. O Servizo de Educación poderá requirir das persoas solicitantes en calquera intre aclaración da documentación presentada.

A obtención e disfrute da praza falseando as condicións requiridas ou ocultando aquelas que o impidan, poderá supoñer o reintegro do importe equivalente ao custe da praza concedida, e a existencia do xuro de demora correspondente dende a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Sexto.- Tramitación e reparación de erros

A instrución do procedemento de adxudicación das prazas convocadas corresponde ao Servizo de Educación, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixidos e a documentación acreditativa destes e requirirá, de ser o caso, ao solicitante para que subsane os erros advertidos de acordo co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para que no prazo de 10 días hábiles

(contados a partir da recepción da notificación vía correo ordinario ou correo electrónico), emende a falta ou achegue os documentos requiridos, e se lle informará de que, no caso de non o facer, entenderase que desistiu da súa petición e arquivarase o expediente nos termos previstos na citada lei.

Sétimo.- Criterios de valoración

A selección das solicitudes e asignación de prazas farase atendendo á puntuación total obtida por cada alumno/a, resultante de aplicar os seguintes criterios (a,b,) :

a) A puntuación obtida na nota final da materia de Lingua inglesa segundo o seguinte baremo:

NOTA FINAL INGLÉS 2º ESO	PUNTUACIÓN OUTORGA- DA
Nota final: 7	1 punto
Nota final: 8	2 puntos
Nota final: 9	3 puntos
Nota final: 10	4 puntos

b) Para a consideración de familia numerosa de conformidade co disposto no Real Decreto 1621/2005, de desenvolvemento da Lei 40/2003, de protección das familias numerosas, aplicarase o seguinte baremo:

FAMILIA NUMEROSA	PUNTUACIÓN OUTORGA- DA
Categoría Xeral	1 punto
Categoría Especial	2 puntos

Oitavo.- Determinación de “Unidades Familiares de Convivencia” que poden participar no programa.

- Entenderase por unidade familiar a formada polas/os nais/pais, titor/a do alumnado solicitante, e tamén os irmáns solteiros e menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar, e os irmáns maiores de dezoito anos con minusvalía superior ao 33% (circunstancia que deberá acreditarse co documento xustificativo oportuno).
- No caso de **divorcio con custodia compartida**, na solicitude deben figurar os datos de ambos proxenitores, os cales deben asinar tamén a solicitude. Neste caso, se terán en conta os datos fiscais de ambos.
- Nos casos de **divorcio sen custodia compartida, viuvez, familia monoparental ou unión de feito sen vínculo matrimonial**, a formada polos respectivos titulares cos seus descendentes menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar, e os irmáns maiores de dezoito anos con minusvalía superior ao 33% (circunstancia que deberá acreditarse co documento xustificativo oportuno). Nestes casos, no cómputo de membros engadírase 1 membro máis á unidade familiar de convivencia, computable unicamente a efectos do cálculo de renda per cápita, sempre que se achegue xustificación documental



Concello de Vigo

da situación (libro de familia, sentenza divorcio, convenio regulador, certificado de defunción, etc.).

No caso de divorcio sen custodia compartida, soamente se terán en conta os datos fiscais da persoa que teña outorgada a custodia polo que a solicitude solo a asinará dita persoa. Sen embargo, se é o caso, terá a consideración de membro computable e sustentador principal, o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación, as rendas de patrimonio do cal incluíranse dentro do cómputo da renda e patrimonio familiar, debendo figurar os seus datos na solicitude así como asinala.

A efectos do cálculo da renda per cápita, engadirase un membro máis á unidade familiar de convivencia que acredite ter, mediante xustificación documental desta situación, unha discapacidade igual ou superior ao 33%, unha pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez ou que teñan recoñecida a condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo.

Noveno.- Determinación de achegas familiares

A determinación de achegas familiares asignarase segundo os tramos de renda per cápita anual da unidade familiar recollido na seguinte táboa, e para o cálculo da mesma, terase en conta a última Declaración da Renda, da cal se suman as casillas da Base impositiva xeral máis a Base impositiva do aforro e o resultado divídese entre o número de membros que integran a unidade familiar. Esta cifra resultante constitúe a Renda per Cápita Anual.

TRAMOS RENDA PER CÁPITA ANUAL DA UNIDADE FAMILIAR	ACHEGA FAMILIAR
Ata 6.000,00.-€	Exento
Entre 6.001,00.-€ e 10.000,00.-€	240.-€ (equivale ao 10% custe da praza)
Entre 10.001,00.-€ e 13.000,00.-€	360.-€ (equivale ao 15% custe da praza)
Maior de 13.001,00.-€	600.-€ (equivale ao 25% custe da praza)

Nos casos en que a capacidade económica da unidade familiar experimentase un deterioro significativo en relación coa que consta na declaración do IRPF do último exercicio, os interesados terán que manifestar esta circunstancia e acreditar a nova situación económica achegando a documentación acreditativa correspondente.

Ás familias que non autoricen nin aporten a documentación xustificativa da situación económica familiar, aplicaráselles a achega máxima de aportación familiar, e figurarán ao remate da lista cos empatados á mesma puntuación, e si fora o caso dando prioridade ao solicitante de maior idade.

A adxudicación terá carácter de concorrencia competitiva, e será efectuada coas proporcións por rede escolar que se conteñen nas bases, polo tanto non será suficiente para obter asignación de praza, reunir todos os requisitos esixidos nesta convocatoria, senón obter tamén un número de orde que sitúe ao alumno/a solicitante dentro das 750 prazas que se van conceder, desglosadas

nun máximo de 413 prazas para alumnado escolarizado en centros públicos e un máximo de 337 prazas para alumnado escolarizado en centros privados-concertados.

No caso de se producir empates na puntuación final, o criterio de desempate será a menor renda per cápita, e si este criterio non fora suficiente os empates resolveranse mediante un sorteo en acto público no que se extraerá a letra de prioridade do 1º apelido. O/a primeiro/a solicitante seleccionado será aquel que tendo en conta a orde de extracción, o seu primeiro apelido comence pola letra extraída. Non se terán en conta artigos ou preposicións que acompañen aos apelidos. De non existir un solicitante cuxo primeiro apelido comece pola letra extraída, o primeiro solicitante seleccionado será aquel cuxo primeiro apelido sexa o inmediato posterior de acordo coa orde alfabética. Logo do sorteo e de persistir o caso de empate darase preferencia ao solicitante de máis idade.

Cos solicitantes non seleccionados que reúnan os requisitos da convocatoria, formarase dúas listas ordeadas de agarda, para o caso de que existan baixas ou renuncias nas listas iniciais de seleccionados do alumnado escolarizado en centros públicos e do alumnado escolarizado en centros privados-concertados. De existir prazas vacantes por renuncia, estas serán ofertadas ao alumnado suplente por chamamento directo, segundo a relación publicada de listas de agarda correspondente a alumnado dos centros públicos e correspondente a alumnado dos centros privados-concertados.

Décimo.- Comisión de valoración

A Comisión de valoración estará integrada polo Concelleiro Delegado de Educación e Xuventude, que actuará de presidente, a Xefa do Servizo de Educación e un Técnico do Servizo de Educación que actuará como secretario.

Este órgano colegiado avaliará as solicitudes de conformidade cos criterios que se determinan nesta convocatoria, e inicialmente emitirá unha proposta de resolución provisional para a participación no “Vigo en Inglés 2020”, na que se concretará o resultado da avaliación, debidamente motivada, con indicacións das solicitudes admitidas ás que se lles propón a concesión da praza, seguidas das solicitudes que inda cumprindo os requisitos esixidos non obteñan a praza por insuficiencia de puntuación, as cales pasarán a engrosar o “listado de agarda”, finalizando coas solicitudes desestimadas e excluídas con expresión da súa causa. Esta proposta de resolución provisional no crea dereito algún a favor do/a beneficiario/a da praza ata que non se teña procedido á resolución definitiva aprobada pola Xunta de Goberno Local.

Esta Comisión resolverá calquera incidencia e/ou dúbida interpretativa que poidan xurdir na aplicación das bases da presente convocatoria. O presidente poderá decidir que asista a esta comisión calquera outro asesor técnico ou profesional cualificado/a do mundo da ensinanza da lingua estranxeira, que actuará con voz pero sen voto.

Décimo primeira.- Concesión e resolución das prazas

Unha vez avaliadas as solicitudes de conformidade cos criterios que se determinan no punto sétimo, e examinadas e resoltas as alegacións achegadas polos/as interesados/as, o Servizo municipal de Educación, conforme aos informes da Comisión de valoración, elevará a Xunta de Goberno Local unha proposta de resolución definitiva que incluírá unha relación na que se indicarán todos os solicitantes que participan na convocatoria con nome e apelidos, puntuación obtida, e resolución das prazas, indicando o estado de adxudicada, lista de agarda ou denegada, con indicación do motivo ou motivos polos que se denega.



Concello de Vigo

Así mesmo, fará constar expresamente que da información que obra no seu poder despréndese que os adxudicatarios cumpren todos os requisitos esixidos para acceder ás prazas. Seguindo os principios de transparencia e de boas prácticas nas administracións públicas o Servizo de Educación publicará a relación de adxudicatarios/as na súas páxinas web oficiais <http://www.vigoeningles.org/convocatoria> e/ou <http://www.escolasvigo.org/vigoeningles>, no taboleiro de anuncios do Servizo de Educación e nos taboleiros de anuncios dos centros educativos que aporten alumnado participante.

O Servizo Municipal de Educación comunicará con antelación suficiente a todos os beneficiarios/as e a través dos medios que determine, a resolución concreta no referente á achega familiar correspondente (exento/a de pago ou con pagamento pola cuantía asignada)

Décimo segunda.- Aceptacións e renuncias

As listas de solicitudes adxudicadas, denegadas ou en lista de agarda serán publicadas nas webs do programa www.vigoeningles.org/convocatoria e/ou www.escolasvigo.org/vigoeningles. Os/as alumnos/as aos que se lles adxudiquen as prazas definitivamente, previo acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, deberán presentar, no prazo de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación nas páxinas web da concesión definitiva da praza:

- **Exentos de pago- Anexo de aceptación ou renuncia da praza** concedida, a través do Rexistro Xeral do Concello ou en calquera dos lugares establecidos no art.16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP) ou ben a través da páxina web "www.escolasvigo.org/vigoeningles".

- **Con achega familiar-** Tramitarán vía telemática no sitio web "<http://vigo.org/vigoeningles>" o pagamento da contía asignada de achega familiar, ben a través da pasarela bancaria ou xerando o recibo de pago para posteriormente efectuar o mesmo de xeito presencial nas entidades bancarias pertinentes.

A non xustificación da aceptación da praza mediante a presentación do anexo de aceptación ou renuncia (para aqueles exentos de pago) ou do ingreso da cantidade indicada (para aqueles con achega familiar asignada), dentro do prazo que se fixe, implica a renuncia á praza adxudicada.

Os beneficiarios/as con pagamento efectuado non terán dereito á devolución da cantidade aboada no caso de renuncia posterior, agás causa grave debidamente acreditada co correspondente xustificante documental do motivo:

- Enfermidade, accidente ou outros (deberá achegarse xustificante médico)
- Motivos familiares, enfermidade, accidente grave, falecemento dun familiar ou outros (deberá achegarse xustificación do motivo)

Aínda que se teña aceptado a praza mediante o anexo de aceptación ou realizado o pagamento, todo aquel alumno/a beneficiario/a que 4 semanas antes da data de saída da viaxe, non teña en vigor a documentación necesaria para a realización da viaxe, poderá perder a praza adxudicada, que será ofertada ao alumnado suplente por chamamento directo, segundo a relación publicada de listas de agarda correspondente a alumnado de centros públicos ou correspondente a alumnado de centros privados-concertados.

Con antelación suficiente á data de realización da viaxe, o Servizo Municipal de Educación enviará a cada centro educativo unha relación do alumnado do seu centro participante no programa onde figure nome e apelidos, lugar de inmersión lingüística e datas de ida e volta das viaxes polo que cómpre que aqueles alumnos/as que resulten adxudicatarios/as definitivos e teñan previsto cambiar de centro educativo para o seguinte curso lectivo escolar, comuniquen coa debida antelación esta circunstancia ao servizo municipal de educación, coa finalidade de poder trasladar a información concreta actualizada ao seu novo centro educativo.

Décimo terceiro.- Expulsión do programa

Poderán ser causas para a expulsión dun alumno/a do programa as faltas de disciplina, o reiterado mal comportamento e o incumprimento das normas de disciplina establecidas. Poderán ser motivos de expulsión inmediata os seguintes:

- O incumprimento das leis do país en que se desenvolve o programa.
- O incumprimento das normas establecidas para o desenvolvemento das actividades.
- O consumo de alcohol se non se ten a idade legal para facelo no país onde se desenvolve o programa.
- O consumo ou a posesión de drogas ou substancias ilegais.
- Automedicación sen autorización médica.
- Conduas disruptivas e/ou comportamentos asociais.
- Aqueles outros motivos que se recollan no regulamento de réxime interno do programa.

No caso de expulsión, o/a expulsado/a deberá facerse cargo dos gastos da viaxe ocasionados polo seu regreso anticipado, así como de ser o caso, do importe dos danos ocasionados ou derivados das ditas condutas. Igualmente, no caso do alumnado que se atope realizando a estadía e decida abandonar o programa, sen unha causa grave debidamente xustificada, o solicitante asumirá os gastos polo seu regreso anticipado.

Décimo cuarto.- Reclamacións

Fronte a esta convocatoria e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución cabe interpoñer, no prazo dun mes, dende o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, recurso potestativo de reposición perante o órgano que as ditou, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

Décimo quinto.- Tratamento de datos de carácter persoal

Os datos persoais facilitados neste formulario, indispensables para a xestión da convocatoria, incorporaranse a un ficheiro para os exclusivos efectos de xestionar adecuadamente o *“Programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en período lectivo – Vigo en Inglés 2020”*.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no Programa e no exercicio lexítimo das competencias legais do



Concello de Vigo

Concello de Vigo no ámbito da educación, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do Programa, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos serán obxecto de cesión á empresa "NEW LINK EDUCATION, S.L.", adxudataria do Programa municipal de inmersión lingüística, que asume expresamente as responsabilidades que como encargada do tratamento deses datos lle corresponden. Poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

Décimo sexto.- Disposición final

A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación das presentes bases desta convocatoria.

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA VIGO EN INGLÉS 2020

DATOS DO ALUMNO/A

Apelidos:	<input type="text"/>	Nome:	<input type="text"/>
DNI/NIE:	<input type="text"/>	Nacionalidade:	<input type="text"/>
Data de nacemento:	<input type="text"/>	Sexo:	Home <input type="checkbox"/> Muller <input type="checkbox"/>
Teléfono móbil:	<input type="text"/>		
Correo electrónico:	<input type="text"/>		
Empadroado no Concello de Vigo con vixencia mínima dende o 01/01/2019:	Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>		
Observacións (Réxime alimenticia, alerxias, doenzas, etc):	<input type="text"/>		

DATOS ACADÉMICOS

Centro Escolar	<input type="text"/>	Público	<input type="checkbox"/>	Concertado	<input type="checkbox"/>
Matriculado/a en 3º ESO curso 2019/2020:	Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>				
Todas as materias aprobadas en 2ºESO:	Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>				

Cualificación en Lingua Inglesa en 2º ESO: 7 <input type="checkbox"/> 8 <input type="checkbox"/> 9 <input type="checkbox"/> 10 <input type="checkbox"/>

DATOS DO PAI, NAI, OU TITOR/A LEGAL:

Apelidos da nai ou titora:	<input type="text"/>
Nome da nai ou titora:	<input type="text"/>
DNI/NIE da nai ou titora:	<input type="text"/>
Teléfono fixo: <input type="text"/>	Teléfono móbil nai ou titora: <input type="text"/>
Correo electrónico da nai ou titora:	<input type="text"/>
Apelidos do pai ou titor:	<input type="text"/>
Nome do pai ou titor:	<input type="text"/>
DNI/NIE do pai ou titor:	<input type="text"/>
Teléfono fixo: <input type="text"/>	eléfono móbil pai ou titor: <input type="text"/>
Correo electrónico do pai ou titor:	<input type="text"/>

SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR

Indicar o n.º de membros que compoñen a unidade familiar: <input type="checkbox"/>
Indicar o n.º de membros da unidade familiar con certificado de discapacidade =>33%: <input type="checkbox"/>
Marcar no caso de familia monoparental: <input type="checkbox"/>
Familia numerosa: Non <input type="checkbox"/> Categoría Xeral: <input type="checkbox"/> Categoría Especial: <input type="checkbox"/>

OPOSICIÓN Á COMPROBACIÓN DE DATOS DA RENDA:

Para a puntuación das solicitudes, é necesario contar cos datos da renda da unidade familiar, que se solicitarán á Axencia Estatal de Administración Tributaria . No caso de que se opoña a esta consulta, deberá indicalo a continuación, e nese caso tera que achegar unha copia da declaración (ou declaracións) da renda da unidade familiar

Opóño-me á consulta da datos da renda e presentarei unha copia da declaración da renda da unidade familiar

AUTORIZACIÓN DO/A REPRESENTANTE LEGAL

Autorizo a/ao alumno/a que figura nesta solicitude a participar no Programa Municipal de Inmersión Lingüística "Vigo en Inglés" organizado polo servizo de Educación do Concello de Vigo durante o período setembro-outubro do ano en curso.

Asemade quedo enterado/a de que deberei aceptar ou rexeitar expresamente a praza



Concello de Vigo

DECLARACIÓN COMPLEMENTARIA DO CONXUNTO DE AXUDAS CONCEDIDAS PARA A MESMA FINALIDADE

Declaro que non solicitei nin se me concederon, no ano 2020, axudas das distintas administracións públicas competentes ou das entidades vinculadas ou dependentes delas.

Declaro que solicitei e se me concederon ou están pendentes de resolución de concesión, no ano 2020, axudas das distintas administracións públicas competentes ou das entidades vinculadas ou dependentes delas.

DECLARACIÓN RESPONSABLE DO SOLICITANTE

A/s persoa/s solicitante/a declara/n baixo a súa responsabilidade que todos os datos contidos nesta solicitude son certos.

ADVÉRTESELLE que a falsidade de calquera dato imposibilita para continuar o procedemento, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar (art. 69-4 Lei 39/2015, de PAC das AAPP)

PROTECCIÓN DE DATOS.

Os datos persoais recollidos no formulario normalizado de solicitude de praza, indispensables para a xestión desta convocatoria, incorporaranse a un ficheiro para os exclusivos efectos da xestión deste procedemento en cumprimento do disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable destes datos. A lexitimación do tratamento dos datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas na solicitude da praza no programa educativo municipal Vigo en Inglés.

Os datos serán obxecto de cesión á empresa adjudicataria da xestión do programa, que asume expresamente as responsabilidades como encargada do tratamento. Poderán ser cedidos tamén a outras Administracións Públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados ou cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Sinatura nai/titora legal/outros

Sinatura pai/titor legal/outros

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA:

- Certificación académica orixinal
- DNI/NIE do alumno/a, autorización de residencia ou pasaporte en vigor
- DNI/NIE, autorización de residencia (pai e nai ou titor/a legal)
- Libro de familia
- Título de familia numerosa
- Título de familia monoparental
- Certificado de defunción
- Sentenza de divorcio e/ou convenio regulador
- Certificado de discapacidade
- Última declaración da Renda
- Certificado médico
- Outros

ANEXO DE ACEPTACIÓN OU RENUNCIA DA PRAZA CONCEDIDA

PROGRAMA VIGO EN INGLÉS 2020

DATOS DO PAI / NAI / TITOR-A SOLICITANTE

DNI/NIE:	
Nome:	
1º apelido:	
2º apelido:	

DATOS DO ALUMNO/A

DNI/NIE:	
Nome:	
1º apelido:	
2º apelido:	



Concello de Vigo

ACEPTACIÓN	RENUNCIA

A aceptación da presente praza implica o desenvolvemento do programa VIGO EN INGLÉS 2020 consonte coas bases da súa convocatoria

Sinatura do pai, nai ou titor legal

Sinatura do/a alumno/a beneficiario/a

Vigo , de de 2020

Servizo de Educación
Programa de Inmersión en Lingua Inglesa (VIGO EN INGLÉS)
Praza do Rei s/n, Pranta 11ª
36202 Vigo

Vigo, na data da sinatura dixital

9(152).-BASES E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES A ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO ORIENTADAS Á MELLORA DA ILUMINACIÓN EN CAMPOS DE FÚTBOL DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 19397/333.

Visto o informe xurídico do 24/02/2020 e informe de fiscalización do 26/02/2020, dáse conta do informe-proposta do 21/02/2020, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 19397/333 en relación á convocatoria de subvencións a entidades deportivas sen ánimo de lucro orientadas á mellora da iluminación en campos de fútbol da cidade de Vigo, procedeuse ás modificacións que a continuación se detallan:

- Cláusula décimo sétima, quedando tal como segue:

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión, será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes.

Tal e como establece o art. 30.2 da Lei 9/2017, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para subvencións de capital superiores a 60.000,00 €, no seu cómputo individual, destinadas a inversións en activos tanxibles, será requisito imprescindible a comprobación material da inversión polo órgano concedente, quedando constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada, tanto polo representante da administración como polo beneficiario.

O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

Os inspectores/arquitectos municipais poderán xirar visita para comprobar, deixar constancia e informar sobre o estado das obras obxecto de subvención antes da resolución do expediente de outorgamento.

- Anexo I.1: Engadiuse a referencia á Protección de datos e ós seus condicionantes.

Por todo o exposto, procédese á modificación da proposta considerando e atendendo ás observacións detalladas:

INFORME PROPOSTA

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou, na sesión ordinaria celebrada o 27 de decembro de 2019, o plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo, Liñas estratéxicas básicas da actuación no período 2019/2023.

Este plan de dinamización inclúe entre outras cuestións o desenvolvemento da promoción, dinamización, apoio e fomento da actividade deportiva na cidade de Vigo, que ten entre os obxectivos fundamentais a dinamización dunha oferta deportiva ampla e diversa e a optimización dos recursos destinados á promoción do deporte, incluíndo o desenvolvemento de estratexias de colaboración do tecido deportivo asociativo da cidade que permita implementar sinerxías orientadas á optimización dos usos dos espazos deportivos.

A actividade deportiva en Vigo, ten unha transcendencia dunha significación extraordinaria en relación á participación de entidades deportivas de todas as facetas do deporte, e de forma moi considerable no ámbito do fútbol.

A Concellería de Deportes, está a impulsar proxectos de dinamización deportiva, que potencien as posibilidades para o acceso á práctica deportiva á poboación en xeral da cidade nunhas condicións óptimas de práctica. Neste ámbito, destácase a gran importancia que teñen os clubs e entidades locais como axentes dinamizadores do sistema deportivo nun municipio, os cales promoven sinerxías moi importantes para dinamizar actividades deportivas.

Estas cuestións fundamentan que dende a Concellería de deportes do Concello de Vigo se considere adecuado colaborar na mellora e adecuación dalgunhas das instalacións deportivas da cidade, en concreto nos campos de fútbol vinculados ó desenvolvemento de proxectos deportivos fundamentalmente relacionados co deporte de base, que se desenvolven en campos de fútbol de titularidade privada, pero que supoñen un importante impulso á práctica deportiva na cidade.

O desenvolvemento da proposta fundaméntase na propia actividade das entidades deportivas sen ánimo de lucro da cidade, que veñen desenvolvendo proxectos deportivos de gran arraigo na cidade de Vigo, que inclúen tanto a dinamización do deporte amater en categoría sénior, como o desenvolvemento de programas de dinamización e fomento do fútbol base, a través da dinamización de escolas de fútbol que acollen fundamentalmente a nenos e nenas dos entornos próximos ás propias instalacións.



Concello de Vigo

A relación de colaboración que se establece entre o Concello e as entidades deportivas fundaméntase basicamente na relevancia que para a cidade de Vigo supón o desenvolvemento de proxectos deportivos arraigados na cidade, dinamizados por entidades sen ánimo de lucro que prestan un servizo ó deporte nesta cidade, e representan unha importante actividade deportiva da poboación.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes, atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axudas ás entidades deportivas da cidade de Vigo e a consolidación destes proxectos deportivos que xera a cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e cidadanas.

Os obxectivos xerais destes proxectos de subvencións responden ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxías no ámbito social, destacando no proxecto:

- 1-O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- 2-A búsqueda dunha personalidade propia e definida de acción, en base ós principios do compromiso da sociedade sobre os valores do deporte.
- 3-O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en todos os aspectos é unha das prioridades de actuación en materia de deporte.
- 4-A colaboración cos axentes deportivos no financiamento e ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica da actividade deportiva.
- 5-Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- 6-Contribuír a que os deportistas e as deportistas vigueses máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- 7-Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de cara a consolidar a imaxe deportiva de Vigo.

En base a todos os aspectos expostos, o obxecto do presente expediente, busca establecer unha colaboración entre o CONCELLO DE VIGO e o tecido asociativo deportivo da cidade de Vigo para subvencionar a mellora e reforma de campos de fútbol da cidade, que mellore as condicións de práctica deportiva, en base á relación de complementariedade das actuacións de Concello e entidades deportivas da cidade sobre a promoción deportiva, o cal constitúe unha importante ferramenta de traballo para o desenvolvemento de calquera programa de dinamización e actuación no sistema deportivo na cidade de Vigo.

En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axudas ás entidades deportivas da cidade de Vigo en relación á mellora e adecuación dos campos de fútbol, o Concello de Vigo obrígase a achegar a seguinte contía:

Aplicación orzamentaria	Importe	Anualidade
3420.780.00.11 "axuda investimentos campos de fútbol"	80.000,00 €	2020

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atopase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

Con carácter previo ao outorgamento das subvencións deberán aprobarse as bases reguladoras de concesión da subvención nos termos establecidos na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e proceder a súa convocatoria.

Así mesmo, atendendo ó establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e tendo en conta a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións e o traslado do seu extracto ao diario oficial correspondente, deberá aprobarse o texto do extracto e da convocatoria de subvencións que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvencións, e que se anexan ó expediente. Considerando tales preceptos legais, axúntanse como anexos na proposta de aprobación o texto da convocatoria e o extracto da mesma, tal como establece o punto cuarto da Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

A lexislación aplicable ás bases reguladoras e convocatoria específica destas subvencións será a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2018; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar as bases reguladoras para a concesión de subvencións a entidades deportivas de Vigo sen ánimo de lucro destinadas á mellora e adecuación da iluminación dos campos de fútbol da cidade de Vigo e súa convocatoria.



Concello de Vigo

SEGUNDO: Autorizar o gasto por importe de 80.000,00 € (oitenta mil Euros) con cargo a aplicación orzamentaria 3420.780.00.11 “axuda investimentos campos de fútbol” por un importe de 80.000,00€.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO ORIENTADAS Á MELLORA DA ILUMINACIÓN EN CAMPOS DE FÚTBOL DA CIDADE DE VIGO

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver as bases que regularán a concesión de subvencións para fomentar a mellora e adecuación da iluminación dos campos de fútbol ubicados no termo municipal de Vigo, mediante a entrega, a fondo perdido, dunha axuda económica ás entidades propietarias que, cumprindo os requisitos desta convocatoria, promovan e executen durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 1 de outubro de 2020, actuacións de reforma da instalación eléctrica e a substitución da iluminación do terreo de xogo.

Esta convocatoria ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado I) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atopase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

As bases que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

O obxecto das subvencións a que se refiren as presentes bases é contribuír no financiamento dos gastos vinculados coa reforma das instalacións eléctricas vinculadas coa iluminación do terreo de xogo en campos de fútbol de titularidade privada ubicados no ámbito da cidade de Vigo, o que contribuirá á dinamización e mellora da oferta deportiva da cidade, a través do desenvolvemento de actuacións de promoción da práctica do fútbol en todas as idades, para o cal o Concello de Vigo no seu ámbito competencial conta coa competencia propia en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre, ao abeiro do artigo 25.2 I) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL) -na redacción dada pola Lei 27/2013- e 80.2n) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

Serán gastos subvencionables as actuacións realizadas entre o 1 de xaneiro e o 1 de outubro de 2020, que de xeito determinado correspondan á execución dos proxectos de reforma/substitución da instalación eléctrica vinculada coa iluminación do terreo de xogo, incluídos os gastos financeiros derivados do investimento.

En todo caso, non serán gastos subvencionables:

- Os incrementos do orzamento de gastos que non se tiveran recollido na solicitude achegada.
- Os gastos de mantemento das instalacións ou infraestruturas cuxa execución se subvenciona.
- Os gastos que non estean claramente definidos e que non se tiveran reflectido no orzamento e/ou proxecto.
- Os intereses debedores das contas bancarias.
- Intereses, recargos e sancións administrativas e penais.
- Os gastos de procedementos xudiciais.

TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 80.000,00 € (oitenta mil Euros) que se farán efectivos con cargo á partida orzamentaria:

Aplicación orzamentaria	Importe	Anualidade
3420.780.00.11 "axuda investimentos campos de fútbol"	80.000,00 €	2020

Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia.

CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.

1.- Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedente de calquera outra administración, ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

2.- A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

3.- En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

QUINTA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS E CONDICIÓN DOS TERREOS E AS EDIFICACIÓNS:



Concello de Vigo

1. Poderán solicitar e obter a condición destas axudas clubs deportivos, asociacións deportivo-culturais, agrupacións de persoas propietarias e entidades deportivas que teñan, o seu enderezo social en Vigo, personalidade xurídica propia, carezan de ánimo de lucro, desenvolvan proxectos deportivos de interese para a cidade de Vigo vinculados co fútbol, acrediten a titularidade dos terreos obxecto da actuación (ou a cesión do dereito de uso da instalación por un período mínimo de 10 anos) e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.

2. Quedan excluídas expresamente de esta convocatoria:

- As federacións deportivas.
- Institucións e organismos oficiais.
- Os clubs, asociacións ou entidades pertencentes ou integrados en institucións oficiais.
- Entidades con ánimo de lucro.
- Entidades educativas.

4. Condicións dos terreos e as edificacións:

- O terreo no que se executen as obras debe atoparse en solo coa clasificación necesaria para o desenvolvemento do proxecto a subvencionar, e a actuación debe ser compatible coa normativa urbanística vixente aplicable.
- Que non exista contenda ou litixio xudicial en activo por mor da titularidade da propiedade obxecto da actuación.

5. Nas instalacións obxecto das actuacións deberán estar desenvolvéndose proxectos deportivos e estar acollendo competicións oficiais ou campionatos organizados polas federacións deportivas, e sen ter consideración de competicións consideradas profesionais nin vinculadas a clubs ou equipos profesionais.

6. Os solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incurso en prohibición para ser beneficiario da subvención das previstas no citado artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incurso nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 da Lei 9/2007.

7. Débedas coas Administracións Públicas: As entidades solicitantes acharanse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo. Entenderase que o solicitante, ao presenta-la solicitude de subvención, autoriza á comisión avaliadora para comprobar de oficio os datos acreditativos de tal extremo ós departamentos administrativos responsables, aínda que de non ser posible esta comprobación a comisión poderá esixir ás solicitantes a presentación das certificacións ás que se refire o artigo 22 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

SEXTA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

1.- Serán obrigas dos beneficiarios das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

- a) Presentar proxectos de reforma da instalación eléctrica e substitución da iluminación do terreo de xogo (asinado por un técnico competente para a redacción de dito proxecto) cos requisitos mínimos de calidade detallados no anexo I.3 .
- b) Executar a actuación subvencionada consonte o proxecto presentado coa solicitude.
- c) Dinamizar proxectos deportivos de competición e de formación no ámbito do fútbol vinculados coa instalación obxecto da subvención, deixando constancia do financiamento municipal en calquera actividade coa inclusión da imaxe corporativa oficial.
- d) Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.
- e) Dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actuación subvencionada na instalación mediante a colocación, en lugar visible, dun cartel informativo a través de cartelería elaborada ao efecto con medidas mínimas de 2X2m, que deberá permanecer na instalación en lugar visible por un período mínimo de cinco anos.
- f) Facilitar ao persoal técnico e ao persoal da inspección municipal o acceso á instalación para canta comprobación teñan que realizar aos efectos de comprobación das actuacións realizadas, así como a colaboración co persoal municipal a efectos de comprobación de canta documentación e información lle sexa requirida.

SÉTIMA.- CRITERIOS PARA A DETERMINACIÓN DA SUBVENCIÓN.

Establécese unha subvención lineal e a fondo perdido aplicable sobre o orzamento do proxecto, cos límites reflectidos na base oitava e como máximo o 100% do orzamento dos proxectos de execución das actuacións subvencionadas, cun importe inicial do 70% do mesmo que poderá incrementarse conforme ó cadro que segue:

Reforma da instalación eléctrica e substitución da iluminación do terreo de xogo:

Pola antigüidade da instalación existente	%
15 anos ou mais	10
Menos de 15 anos	5
Polo volume do programa deportivo desenvolto na instalación.	%
Mais 250 deportistas federados	20
Ata 250 deportistas federados	5

Tal como se establece no art. 19.2 da Lei de subvencións de Galicia, non se fixará un orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos, tendo en conta que polo obxecto e finalidade da subvención non é necesaria a comparación e prelación das solicitudes ata o esgotamento do crédito orzamentario.

Á vista das solicitudes admitidas no procedemento por cumprir cos requisitos establecidos, e no suposto de que o crédito dispoñible sexa insuficiente para atender os límites dos importes inicialmente propostos tras a aplicación dos criterios establecidos para o outorgamento das subvencións, a comisión avaliadora reducirá proporcionalmente estes importes iniciais ata o límite orzamentario da convocatoria.



Concello de Vigo

OITAVA.- CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCÍONS.

1.- O importe total máximo destinado a estas subvencións distribuirase entre tódalas entidades que, por reunir os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiario, sexan admitidas a participar no procedemento de concesión das subvencións, en función do proceso de avaliación que se realizará de acordo cos criterios previstos no apartado anterior.

2.- O importe total da convocatoria distribuirase entre os solicitantes segundo os seguintes límites:

- Ata un máximo de 80.000,00 euros do custo efectivo de execución material en concepto de reforma da instalación eléctrica e substitución da iluminación do terreo de xogo.

O importe máximo a subvencionar por instalación en ningún caso poderá superar os 80.000,00€, nin ser de tal contía que illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custe da actuación subvencionada.

NOVENA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

DÉCIMA.- PRAZO E PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 20 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da Lei 39/2015 do Procedemento administrativo común das AAPP.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas e asinadas electrónicamente polo/a representante da entidade, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org),

Cada entidade poderá unicamente presentar unha solicitude.

A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que tivese realizado a subsanación.

Todas as solicitudes, así coma as posibles subsanacións telemáticas contempladas no parágrafo anterior, deberanse achegar antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.

DECIMO PRIMEIRA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.

1.- Coa solicitude asinada electrónicamente polo/a representante da entidade, segundo o modelo que figura como anexo I.1 desta convocatoria, deberase achegar a demais documentación esixida nestas bases e convocatoria, segundo os modelos, que no seu caso, figuran nos demais anexos desta convocatoria.

2.- As entidades solicitantes deberán presentar xunto coa solicitude (Anexo I.1) a seguinte documentación:

A) Anexos:

- Anexo I.2. Declaración responsable.
- Anexo I.3. Características mínimas dos proxectos.

B) Outra documentación obrigatoria:

- Documento acreditativo da persoa que actúe en representación da entidade solicitante.
- Documentación que acredite a propiedade da instalación obxecto da actuación.
- Licenza de obras ou no seu defecto Comunicación previa ou título habilitante para a realización da actuación.
- No suposto de terreos/instalacións cedidos por outros entes públicos ou privados, as entidades peticionarias deberan presentar, igualmente, a autorización expresa de ditos entes para realizar as obras obxecto de subvención.
- Certificado Orixinal actualizado da titularidade da conta bancaria da entidade solicitante.
- Copia do código de identificación fiscal da entidade solicitante.
- Copia da acta de constitución da actual xunta directiva ou órgano de goberno.
- Copia do D.N.I. do presidente da entidade asinante da solicitude de subvención.
- Certificado da Federación correspondente que acredite o número de licencias vinculadas coa entidade solicitante na tempada 2018/2019.
- Proxecto de execución da actuación (asinado por un técnico competente para a redacción de dito proxecto), que inclúa un orzamento detallado e desglosado por conceptos.

Cando o importe da actuación subvencionable supere a contía de 40.000 euros (IVE excluído), o solicitante deberá achegar como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores da actuación a subvencionar, de conformidade co establecido no artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme os criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica mais vantaxosa, nos termos establecidos



Concello de Vigo

no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Esta memoria presentarase no momento da xustificación da subvención.

A Concellería de deportes poderá requirir canta outra documentación considere precisa para acreditar o cumprimento dos requisitos para participar na convocatoria, verificar ou completar datos e/ou informacións facilitadas polos solicitantes para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas.

DÉCIMO SEGUNDA.- SUBSANACIÓN DA SOLICITUDE.

Consonte co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento Administrativo Común, se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, o solicitante será requirido mediante notificación electrónica para que complete a documentación ou amañe a falla no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítanse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

DECIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE.

As presentes Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación según cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

Publicidade do financiamento público. As beneficiarias das subvencións deberán empregar o distintivo do Concello de Vigo en tódalas actividades e comunicacións que promovan e en todas as equipacións, publicacións, carteis, rótulos e demais elementos de difusión ou publicidade será indispensable mencionar á “Concellería de Deportes – Concello de Vigo”.

DÉCIMO CUARTA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.

1.- A Concellería de Deportes será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas se realizará por unha Comisión de Valoración composta polo Concelleiro de Deportes, o Xefe de Servizo da Área de Deportes e un Técnico da mesma área que actuará como secretario.

A comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de expertos sobre materias concretas se o considera oportuno.

2.- A Comisión Avaliadora, a través da Concellería de Deportes, como órgano instrutor, formulará proposta motivada de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada. A proposta incluírá o informe do órgano instrutor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren con todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

3.- A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas.

O prazo para resolver e notificar a resolución será de seis meses, como máximo, contados a partir da publicación desta convocatoria.

A resolución notificarase electronicamente ós solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data a través da sede electrónica. Remítiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4.- A resolución da Xunta de Goberno Local, sobre concesión das axudas, esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar do día seguinte ó da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses desde o seguinte ó da notificación, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común e 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

6.- Transcorrido o devandito prazo de seis meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda.

DÉCIMO QUINTA.- SUBCONTRATACIÓN.



Concello de Vigo

Os beneficiarios poderán subcontratar con terceiros a actuación subvencionada.

DÉCIMO SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIONS.

1.- As beneficiarias das subvencións teñen de prazo ata o 15 de outubro de 2020 (Incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

O prazo sinalado para a xustificación, segundo o establecido no art. 70.3 do R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, poderá ser ampliado se concorreran causas que o xustifiquen, previa aprobación do mesmo por parte da Xunta de Goberno Local. *“Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan”.*

2.- Ao efecto de xustificar a subvención os beneficiarios deberán achegar electronicamente **a través da sede electrónica do Concello de Vigo**, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica:

2.1-Copia simple da **licenza de obras** ou título habilitante para a realización da actuación, ou indicación do número de expediente municipal correspondente, sempre que non se achegase con anterioridade.

2.2.-**Certificado final de obra** asinado por técnico competente e fotografías da actuación/obra/instalación realizada e finalizada.

2.3.- A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha **conta xustificativa** conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse mediante a presentación de facturas a través do **Rexistro electrónico do Concello de Vigo** polo total do orzamento. Se poderá substituír a presentación de facturas pola parte do gasto non subvencionado do proxecto ou actividade pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

- Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.
- Que no caso de que os gastos presentados constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre as Rendas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que esta foi practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributaras e coa Seguridade Social.
- Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.
- A xustificación deberá facerse con documentos electrónicos pola parte subvencionada. Se poderá substituír a presentación de facturas pola parte do gasto non subvencionado do proxecto ou actividade pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.
- Non se admitirán facturas que non reúnan as condicións previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.

En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.

Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

2.4.- Outra documentación:

- Anexo II.1 Relación asinada de facturas presentadas como xustificación polo importe subvencionado.
- Anexo II.2. Declaración responsable

2.5.- Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello, en relación coa xustificación da subvención.

DÉCIMO SÉTIMA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIONS.

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión, será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes.

Tal e como establece o art. 30.2 da Lei 9/2017, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para subvencións de capital superiores a 60.000,00 €, no seu cómputo individual, destinadas a inversións en activos tanxibles, será requisito imprescindible a comprobación



Concello de Vigo

material da inversión polo órgano concedente, quedando constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada, tanto polo representante da administración como polo beneficiario.

O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

Os inspectores/arquitectos municipais poderán xirar visita para comprobar, deixar constancia e informar sobre o estado das obras obxecto de subvención antes da resolución do expediente de outorgamento.

DECIMO OITAVA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DECIMO NOVENA.- PAGAMENTO.

1.- Ata o 50% do importe total da subvención proposta para cada entidade beneficiaria, proporcionalmente para cada unha delas e co límite do importe máximo dispoñible na aplicación orzamentaria 3720.780.00.11, será abonado ás beneficiarias que o soliciten mediante transferencia bancaria trala aprobación da resolución de adxudicación das subvencións, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases dos proxectos. Para este pago anticipado establécese que as entidades beneficiarias, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán un aval por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quiebra, en concurso de acreedores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quiebra ou de concurso de acreedores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

2.- O resto do importe abonarase ás entidades beneficiarias logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención. O pagamento realizarase con cargo á partida orzamentaria 3420.780.00.11 do orzamento da Concellería de deportes.

3.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social mediante a presentación das correspondentes certificacións.

VIXÉSIMA.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCÍONS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCÍONS.

–Perda do dereito ao cobro:

- a) Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte da beneficiaria da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago único da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; á obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.
- b) Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.
- c) A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

2.- Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:

- Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.
- Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

1.- Os datos das solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso desta convocatoria, polo que a súa achega é obrigatoria.



Concello de Vigo

2.- os datos de carácter persoal serán tratados e protexidos de conformidade co Regulamento Xeral de Protección de Datos, respectando, en todo caso, na súa recollida e tratamento os principios relativos ó mesmo (art. 5 e ss RPDP), así como, os dereitos dos interesados (art. 12 e ss RPDP) sen prexuízo da aplicación da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

A presente convocatoria rexerese por estas bases, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2018, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

ANEXOS

ANEXO I.1.- INSTANCIA DE SOLICITUDE

SOLICITUDE SUBVENCIÓN			
Entidade		CIF:	
Modalidade :			
Enderezo		Localidade :	CP:
Tlf. 1		Tlf.2	Fax:
E-Mail a efectos de notificación			

E na súa representación, co cargo de Presidente/Representante legal:			
Apelidos:		Nome:	DNI:
Enderezo:		Localidade:	CP:
Tlf 1:		Tlf 2:	E-mail:

SOLICITA,

da Concellería de Deportes do Concello de Vigo, unha subvención por importe de € , pola actuación detallada no proxecto adxunto.

Documentación obrigatoria que se achega coa solicitude:

Anexo I.1: Instancia de solicitude.

-Documento acreditativo da persoa que actúe en representación da entidade solicitante.

Anexo I.1: Instancia de solicitude.

- Documentación que acredite a propiedade da instalación obxecto da actuación.
- Certificado Orixinal actualizado da titularidade da conta bancaria da entidade solicitante.
- Copia do código de identificación fiscal da entidade solicitante.
- Copia da acta de constitución da actual xunta directiva ou órgano de goberno.
- Copia do D.N.I. do presidente da entidade asinante da solicitude de subvención.
- Certificado da Federación correspondente que acredite o número de licencias vinculadas coa entidade solicitante na tempada 2018/2019.
- Proxecto de execución da actuación (asinado por un técnico competente para a redacción de dito proxecto), que inclúa un orzamento detallado e desglosado por conceptos.

O/A que abaixo asina declara que:

Esta entidade reúne os requisitos establecidos no artigo 10 da LSG, e que todos os datos que contén esta solicitude axústanse ós requisitos establecidos, e que nos comprometemos a cumprir co disposto nas bases da subvención, e polo tanto solicito. Así mesmo autorízase ó Concello de Vigo a solicitar e/ou verificar de oficio os datos e certificados que estime oportunos en relación á solicitude presentada.

Protección de datos: O Concello de Vigo ten a condición de responsable destes datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia. A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción do deporte, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable. A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo a estas bases. O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento. Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

Sinatura do presidente

Selo da entidade

--	--

Vigo, de de 20__

Sr. CONCELLEIRO DELEGADO DE DEPORTES

ANEXO I.2.-DECLARACIÓN RESPONSABLE



Concello de Vigo

Don/Dna		DNI	
Secretario/a da entidade deportiva		CIF	

Declara,

- Que esta entidade deportiva solicitou e/ou ten concedidas as seguintes subvencións para en relación ó proxecto obxecto da subvención ó proxecto obxecto da subvención do Concello de Vigo:

Organismo no que ten solicitada e/ou concedida a subvención	Importe solicitado	Importe concedido
	€	€
	€	€
	€	€
	€	€

- Que esta entidade non está incurso en ningunha das prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Que segundo consta na acta nº da sesión da xunta directiva celebrada na data, D/Dna..... con DNI:, figura co cargo de Presidente/a, o que lle outorga, segundo os Estatutos da entidade, a representación legal da entidade.

Vigo, de de 20__

Sinatura do secretario/a	Conforme o/a presidente/a	Selo da Entidade
--------------------------	---------------------------	------------------

ANEXOII.1.-RELACIÓN DE FACTURAS PRESENTADAS - CONTA XUSTIFICATIVA-

Entidade		CIF	
Enderezo		Localidade	C.P.
Tef.		Fax	E-Mail

Subvención concedida polo Concello de Vigo		€
Importe xustificado	Base Impoñible	€ IVE €

Relación de facturas para a xustificación da subvención (No mesmo orden no que se presentan os orixinais):

Nº da factura	Data exped. factura	CIF proveedor	Concepto do gasto	*Base imponible	* IVE

Suma e segue...

ANEXOII.1.-RELACIÓN DE FACTURAS PRESENTADAS - CONTA XUSTIFICATIVA-

Nº da factura	Data exped. factura	CIF proveedor	concepto do gasto	*Base imponible	*IVE
			Suma anterior...



Concello de Vigo

Nº da factura	Data exped. factura	CIF provedor	concepto do gasto	*Base imponible	*IVE

TOTAL	Base Imponible	€	IVE	€
-------	----------------	---	-----	---

D. _____ DNI _____ tesoureiro/a da entidade
CIF: _____ certifica que as facturas que se detallan na conta xustificativa, cuxo importe ascende á cantidade de _____ € de base imponible e _____ € correspondente ó IVE dos devanditos documentos, corresponden con gastos vinculados directamente coa actuación subvencionada pola Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Vigo, de de 20__

Conforme do/da Presidente/a	Sinatura do/da tesoureiro/a	Selo da entidade
-----------------------------	-----------------------------	------------------

ANEXO II.2.-DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/Dna.	DNI:
--------	------

Secretario/a da Entidade

CIF:

DECLARA:

- Que todos os datos que contén a conta xustificativa se axustan á realidade e cumpren coas bases do programa de subvencións obxecto da solicitude.
- Que a actuación subvencionada realizouse tal como figura na memoria presentada e cumprindo todas as características que se declararon na solicitude de subvención.
- Que a actuación que foi obxecto da subvención foi executada na súa totalidade e o seu custo total foi de€
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presentan, aplicáronse á actuación subvencionada.
- Que as subvencións ou achegas obtidas para as actuacións subvencionadas non superaron o custe total da mesma.
- Que a entidade atópase ó corrente coas obrigas tributarias da Seguridade Social, Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, non é debedora por resolución de procedencia de reintegro e que foi practicada a pertinente retención sobre a Renda das Persoas Físicas sobre os gastos que están suxeitos á retención, así como que esta foi practicada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria (No caso de empregar ditos Xustificantes).
- Que autoriza ó servizo de Deportes do Concello de Vigo a comprobar de oficio os datos e certificados acreditativos necesarios ós departamentos administrativos responsables de acreditar o cumprimento das súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Axencia Tributaria e para coa Seguridade Social.
- Que, no seu caso, o importe do IVE derivado dos gastos da axuda a xustificar en relación á subvención concedida polo Concello de Vigo en relación ó desenvolvemento do proxecto é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.
- Que esta entidade ten solicitadas, concedidas e/ou recibiu as seguintes subvencións para o desenvolvemento da mesma actividade subvencionada polo Concello de Vigo:

SÍ	
NON	

Organismo no que ten solicitada e/ou concedida a subvención	Importe concedido	Importe recibido
	€	€
	€	€

Vigo, de de 20__

Sinatura do/da secretario/a	Conforme do/da Presidente/a	Selo da entidade:
-----------------------------	-----------------------------	-------------------



Concello de Vigo

ANEXO III.1.

CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ANIMO DE LUCRO ORIENTADAS A MELLORA DA ILUMINACION EN CAMPOS DE FUTBOL DA CIDADE DE VIGO.

O obxecto das subvencións a que se refiren as presentes bases é contribuír no financiamento dos gastos vinculados coa reforma das instalacións eléctricas vinculadas coa iluminación do terreo de xogo en campos de fútbol de titularidade privada ubicados no ámbito da cidade de Vigo, o que contribuír á dinamización e mellora da oferta deportiva da cidade, a través do desenvolvemento de actuacións de promoción da práctica do fútbol en todas as idades, para o cal o Concello de Vigo no seu ámbito competencial conta coa competencia propia en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre, ao abeiro do artigo 25.2 l) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL) -na redacción dada pola Lei 27/2013- e 80.2n) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

O obxecto das subvencións o financiamento dos gastos vinculados coa reforma das instalacións eléctricas vinculadas coa iluminación do terreo de xogo en campos de fútbol de titularidade privada ubicados no ámbito da cidade de Vigo.

SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 80.000,00 € (oitenta mil Euros) que se farán efectivos con cargo ás partidas orzamentarias:

Aplicación orzamentaria	Importe	Anualidade
3420.780.00.11 "Axuda investimentos campos de fútbol"	80.000,00 €	2020

TERCEIRA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.

1. Poderán solicitar e obter a condición destas axudas clubs deportivos, asociacións deportivo-culturais, agrupacións de persoas propietarias e entidades deportivas que teñan, o seu enderezo social en Vigo, personalidade xurídica propia, carezan de ánimo de lucro, desenvolvan proxectos deportivos de interese para a a cidade de Vigo vinculados co fútbol, acrediten a titularidade dos terreos obxecto da actuación (ou a cesión do dereito de uso da instalación por un período mínimo de 10 anos) e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.

2. Quedan excluídas expresamente de esta convocatoria:

- As federacións deportivas.
- Institucións e organismos oficiais.
- Os clubs, asociacións ou entidades pertencentes ou integrados en institucións oficiais.
- Entidades con ánimo de lucro.
- Entidades educativas.

3. Condicións dos terreos e as edificacións:

- O terreo no que se executen as obras debe atoparse en solo coa clasificación necesaria para o desenvolvemento do proxecto a subvencionar, e a actuación debe ser compatible coa normativa urbanística vixente aplicable.

- Que non exista contenda ou litixio xudicial en activo por mor da titularidade da propiedade obxecto da actuación.

4. Nas instalacións obxecto das actuacións deberán estar desenvolvéndose proxectos deportivos e estar acollendo competicións oficiais ou campionatos organizados polas federacións deportivas, e sen ter consideración de competicións consideradas profesionais nin vinculadas a clubs ou equipos profesionais.

CUARTA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 20 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

SEXTA.- BASES REGULADORAS.

As bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ó BOPPO do extracto da mesma, sen perxuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

SÉTIMA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.

A Concellería de Deportes será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas se realizará por unha Comisión de Valoración composta polo Concelleiro de Deportes, o Xefe de Servizo da Área de Deportes e un Técnico da mesma área que actuará como secretario.

OITAVA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS.

As beneficiarias das subvencións teñen de prazo ata o 15 de outubro de 2020 (Incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

O prazo sinalado para a xustificación, segundo o establecido no art. 70.3 do R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, poderá ser ampliado se concorreran causas que o xustifiquen, previa aprobación do mesmo por parte da Xunta de Goberno Local.

NOVENA.- PAGO.

O pagamento da subvención terá lugar logo da xustificación pola beneficiaria da actuación para a que se concedeu a subvención.

ANEXO III.3.



Concello de Vigo

Extracto do acordo da Xunta de Goberno Local de data (completar unha vez aprobado) de 2020, polo que se aproba a convocatoria específica para o desenvolvemento do proxecto de subvencións a entidades deportivas sen ánimo de lucro orientadas á mellora da iluminación en campos de fútbol da cidade de Vigo.

“De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

Contribuír ó financiamento dos gastos pola reforma das instalacións eléctricas vinculadas coa iluminación do terreo de xogo en campos de fútbol de titularidade privada ubicados no ámbito da cidade de Vigo.

SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 80.000,00 € (oitenta mil Euros) que se farán efectivos con cargo ás partidas orzamentarias:

Aplicación orzamentaria	Importe	Anualidade
3420.780.00.11 “Axuda investimentos campos de fútbol”	80.000,00 €	2020

TERCEIRA. - BENEFICIARIOS.

clubs deportivos, asociacións deportivo-culturais, agrupacións de persoas propietarias e entidades deportivas que teñan, o seu enderezo social en Vigo, personalidade xurídica propia, carezan de ánimo de lucro, desenvolvan proxectos deportivos de interese para a cidade de Vigo vinculados co fútbol, acrediten a titularidade dos terreos obxecto da actuación (ou a cesión do dereito de uso da instalación por un período mínimo de 10 anos) e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.

CUARTA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 20 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

SEXTA.- BASES REGULADORAS.

As bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ó BOPPO do extracto da mesma, sen perxuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

As beneficiarias das subvencións teñen de prazo ata o 15 de outubro de 2020 (Incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

10(153).- BASES E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES A ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO ORIENTADAS Á CONSTRUCCIÓN DUN CAMPO DE BÉISBOL NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 19398/333.

Visto o informe xurídico do 24/02/2020 e o informe de fiscalización do 26/02/2020, dáse conta do informe-proposta do 21/02/2020, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 19398/333 en relación á convocatoria de subvencións a entidades deportivas sen ánimo de lucro orientadas á construción dun campo de béisbol na cidade de Vigo, procedeuse ás modificacións que a continuación se detallan:

- Cláusula décimo sétima, quedando tal como segue:
A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión, será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes.
Tal e como establece o art. 30.2 da Lei 9/2017, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para subvencións de capital superiores a 60.000,00 €, no seu cómputo individual, destinadas a inversións en activos tanxibles, será requisito imprescindible a comprobación material da inversión polo órgano concedente, quedando constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada, tanto polo representante da administración como polo beneficiario.
O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.
Os inspectores/arquitectos municipais poderán xirar visita para comprobar, deixar constancia e informar sobre o estado das obras obxecto de subvención antes da resolución do expediente de outorgamento.
- Cláusula sétima: Engadiuse un novo criterio de valoración:
c) Medidas de xestión medioambiental : Valoraranse as propostas de medidas de xestión medioambiental incluídas nos proxectos construtivos: Ata 10 puntos, según os seguintes criterios:

Sistema de xestión ambiental dos materiais da obra	Ata 5 puntos
Sistema de xestión de residuos e control da contaminación.	Ata 3 puntos
Selo de calidade dos produtos que se vaian a utilizar	Ata 2 puntos

- Anexo I.1: Engadiuse a referencia á Protección de datos e ós seus condicionantes.

Por todo o exposto, procédese á modificación da proposta considerando e atendendo ás observacións detalladas:



Concello de Vigo

INFORME PROPOSTA

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou, na sesión ordinaria celebrada o 27 de decembro de 2019, o plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo, Liñas estratéxicas básicas da actuación no período 2019/2023.

Este plan de dinamización inclúe entre outras cuestións o desenvolvemento da promoción, dinamización, apoio e fomento da actividade deportiva na cidade de Vigo, que ten entre os obxectivos fundamentais a dinamización dunha oferta deportiva ampla e diversa e a optimización dos recursos destinados á promoción do deporte, incluíndo o desenvolvemento de estratexias de colaboración do tecido deportivo asociativo da cidade que permita implementar sinerxías orientadas á optimización dos usos dos espazos deportivos.

A actividade deportiva en Vigo, ten unha transcendencia dunha significación extraordinaria en relación á participación de entidades deportivas de todas as facetas do deporte.

En liña co que vai dito, a Concellería de Deportes, está a impulsar proxectos de dinamización deportiva, que potencien as posibilidades para o acceso á práctica deportiva á poboación en xeral da cidade nunhas condicións óptimas de práctica. Neste ámbito, destácase a gran importancia que teñen os clubs e entidades locais como axentes dinamizadores do sistema deportivo nun municipio, os cales promoven sinerxías moi importantes para dinamizar actividades deportivas.

Estas cuestións fundamentan que dende a Concellería de deportes do Concello de Vigo se considere adecuado colaborar na construción ou adecuación das instalacións necesarias para o desenvolvemento do Béisbol, unha modalidade deportiva que nos derradeiros anos está incrementando de forma moi destacada a súa presenza na cidade, co desenvolvemento de proxectos de gran calado e cun elevado potencial deportivo, o que supón un importante impulso á práctica deportiva na cidade.

O desenvolvemento da proposta fundaméntase na propia actividade das entidades deportivas sen ánimo de lucro da cidade, que xestionen instalacións deportivas e veñan desenvolvendo proxectos deportivos plenamente arraigados na cidade de Vigo, que inclúen tanto a dinamización do deporte amater e de alto nivel en categoría sénior, como o desenvolvemento de programas de dinamización e fomento do béisbol de base, a través da dinamización de escolas que acollen fundamentalmente a nenos e nenas da cidade.

A relación de colaboración que se establece entre o Concello e as entidades deportivas fundaméntase basicamente na relevancia que para a cidade de Vigo supón o desenvolvemento de proxectos deportivos arraigados na cidade, dinamizados por entidades sen ánimo de lucro que prestan un servizo ó deporte nesta cidade, e representan unha importante actividade deportiva da poboación.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes, atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axudas ás entidades deportivas da cidade de Vigo e a consolidación destes proxectos deportivos que xera a

cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e cidadáns.

Os obxectivos xerais destes proxectos de subvencións responden ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxías no ámbito social, destacando no proxecto:

8-O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.

9-A búsqueda dunha personalidade propia e definida de acción, en base ós principios do compromiso da sociedade sobre os valores do deporte.

10-O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en todos os aspectos é unha das prioridades de actuación en materia de deporte.

11-A colaboración cos axentes deportivos no financiamento e ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica da actividade deportiva.

12-Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten con proxectos deportivos de continuidade e futuro no seu entorno.

13-Contribuír a que os deportistas e as deportistas vigueses máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

14-Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de cara a consolidar a imaxe deportiva de Vigo.

En base a todos os aspectos expostos, o obxecto do presente expediente, busca establecer unha colaboración entre o CONCELLO DE VIGO e o tecido asociativo deportivo da cidade de Vigo para subvencionar a construción dun campo de béisbol na cidade de Vigo, que mellore as condicións de práctica deportiva, en base á relación de complementariedade das actuacións de Concello e entidades deportivas da cidade sobre a promoción deportiva, o cal constitúe unha importante ferramenta de traballo para o desenvolvemento de calquera programa de dinamización e actuación no sistema deportivo na cidade de Vigo.

En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axudas ás entidades deportivas da cidade de Vigo na construción dun campo de béisbol, o Concello de Vigo obrígase a achegar a seguinte contía, condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no orzamento do Concello para 2020:

Aplicación orzamentaria	Importe	Anualidade
3420.7800011 "Axuda investimentos instalacións deportivas"	60.000,00 €	2020

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atopase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.



Concello de Vigo

Con carácter previo ao outorgamento das subvencións deberán aprobarse as bases reguladoras de concesión da subvención nos termos establecidos na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e proceder a súa convocatoria.

Así mesmo, atendendo ó establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e tendo en conta a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións e o traslado do seu extracto ao diario oficial correspondente, deberá aprobarse o texto do extracto e da convocatoria de subvencións que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvencións, e que se anexan ó expediente. Considerando tales preceptos legais, axúntanse como anexos na proposta de aprobación o texto da convocatoria e o extracto da mesma, tal como establece o punto cuarto da Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

A lexislación aplicable ás bases reguladoras e convocatoria específica destas subvencións será a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2018; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar as bases reguladoras para a concesión de subvencións a entidades deportivas de Vigo sen ánimo de lucro destinadas á construción dun campo de béisbol na cidade de Vigo.

SEGUNDO: Autorizar o gasto por importe de 60.000,00 € (sesenta mil Euros), condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no orzamento do Concello para 2020:

Aplicación orzamentaria	Importe	Anualidade
3420.7800011 "Axuda investimentos instalacións deportivas"	60.000,00 €	2020

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES E CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO ORIENTADAS Á CONSTRUCIÓN DUN CAMPO DE BÉISBOL NA CIDADE DE VIGO.

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver as bases que regularán o procedemento de concesión de axudas a entidades deportivas sen ánimo de lucro con sede social na cidade de Vigo que xestionan instalacións deportivas para a construción dun campo de béisbol para a práctica federada desta modalidade deportiva.

A presente convocatoria está ligada ás competencias municipais en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas conforme disposto no artigo 25.2. apartado I) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atopase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

A concesión desta subvención efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

As bases que seguen teñen por obxecto regular a concesión desta subvención e iniciar o procedemento para a dita concesión.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

O obxecto da subvención a que se refire as presentes bases é contribuír no financiamento dos gastos vinculados coa construción dun campo de béisbol en terreos de titularidade privada propiedade (Ou cunha dispoñibilidade dos terreos mínima de 10 anos dende a data de concesión da subvención) de entidades con sede social na cidade de Vigo que xestionen instalacións deportivas e estean a desenvolver proxectos deportivos de interese para a cidade de Vigo, o que contribuirá á dinamización e mellora da oferta deportiva da cidade, a través do desenvolvemento de actuacións de promoción da práctica do béisbol en todas as idades, para o cal o Concello de Vigo no seu ámbito competencial conta coa competencia propia en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre, ao abeiro do artigo 25.2 I) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL) -na redacción dada pola Lei 27/2013- e 80.2n) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

Serán gastos subvencionables as actuacións realizadas entre o 1 de xaneiro de 2019 e o 1 de outubro de 2020, que de xeito determinado correspondan á execución do proxecto de



Concello de Vigo

construción dun campo de béisbol, incluídos os gastos financeiros derivados do investimento.

Serán gastos subvencionables a execución da obra na instalación deportiva nos terreos onde se desenvolva a actuación subvencionada. Os honorarios profesionais correspondentes á redacción do proxecto, dirección de obra e execución, a coordinación de seguridade, os actos previos ó proxecto como, no seu caso, a realización de estudos xeotécnicos, levantamentos topográficos, etc., aínda que se incorporen ó mesmo para a súa realización en obra, serán subvencionables so ata o 5 % do importe total da axuda concedida.

En todo caso, non serán gastos subvencionables:

- Os incrementos do orzamento de gastos que non se tiveran recollido na solicitude achegada.
- Os gastos de mantemento das instalacións ou infraestruturas cuxa execución se subvenciona.
- Os gastos que non estean claramente definidos e que non se tiveran reflectido no orzamento e/ou proxecto.
- Os intereses debedores das contas bancarias.
- Intereses, recargos e sancións administrativas e penais.
- Os gastos de procedementos xudiciais.

TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a esta subvención será a de 60.000,00 € (sesenta mil Euros) que se farán efectivos con cargo á partida orzamentaria:

Aplicación orzamentaria	Importe	Anualidade
3420.7800011 "Axuda investimentos instalacións deportivas"	60.000,00 €	2020

Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia.

CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.

1.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedente de calquera outra administración, ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

2.- A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

3.- En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actuación subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

QUINTA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS E CONDICIÓN DOS TERREOS E AS EDIFICACIÓN:

1. Poderán ser beneficiarias destas axudas a entidades deportivas sen ánimo de lucro con sede social na cidade de Vigo que xestionen instalacións deportivas e estean a desenvolver proxectos deportivos de interese para a cidade de Vigo.

Non obstante quedan excluídas expresamente de esta convocatoria:

- As federacións deportivas.
- Institucións e organismos oficiais.
- Os clubs, asociacións ou entidades pertencentes ou integrados en institucións oficiais.
- Entidades con ánimo de lucro.
- Entidades educativas.
- Solicitudes cuxos proxectos construtivos non cumpran os criterios mínimos de calidade establecidos no anexo I.1.

2.- A entidade beneficiaria deberá posuír, no momento da presentación da solicitude, o pleno dominio e/a disponibilidad dos terreos (mínimo 10 anos dende a data de concesión da subvención) nas que vaia a realizarse a actuación subvencionada. Asemade, cando a actuación implique a realización dunha obra, o solo deberá ser compatible co uso urbanístico permitido polo instrumento de planeamento urbanístico vixente aplicable

3. A beneficiaria debe estar desenvolvendo proxectos deportivos e estar dinamizando competicións oficiais ou campionatos organizados polas federacións deportivas, e sen ter consideración de competicións consideradas profesionais nin vinculadas a clubs ou equipos profesionais.

4. Os solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incurso en prohibición para ser beneficiario da subvención das previstas no citado artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incurso nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 da Lei 9/2007.

5. Débedas coas Administracións Públicas: As entidades solicitantes acharanse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo. Entenderase que o solicitante, ao presenta-la solicitude de subvención, autoriza á comisión avaliadora para comprobar de oficio os datos acreditativos de tal extremo ós departamentos administrativos responsables, aínda que de non ser posible esta comprobación a comisión poderá esixir ás solicitantes a presentación das certificacións ás que se refire o artigo 22 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

SEXTA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

1.- Serán obrigas do beneficiario da subvención, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:



Concello de Vigo

- a) Presentar un proxecto de construción dun campo de béisbol ou a adecuación dun terreo xa existente para a práctica desta modalidade que cumpran os requisitos mínimos de calidade detallados no anexo I.3. (asinado por un técnico competente para a redacción de dito proxecto).
- b) Executar a actuación subvencionada consonte o proxecto presentado coa solicitude.
- c) Dinamizar e potenciar proxectos deportivos no ámbito do béisbol, tanto de competición como de formación, vinculados con entidades con sede social na cidade de Vigo, desenvolvidos na instalación obxecto da subvención, deixando constancia do financiamento municipal en calquera actividade que se desenvolva na mesma, coa inclusión da imaxe corporativa oficial de forma preferente.
- d) Dar un uso preferente durante 5 anos ás entidades deportivas con sede social na cidade de Vigo, aplicando, como máximo, os prezos establecidos para usos das instalacións municipais de similares características á do obxecto da subvención.
- e) Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.
- f) Dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actuación subvencionada na instalación mediante a colocación, en lugar visible, dun cartel informativo a través de cartelería elaborada ao efecto con medidas mínimas de 2X2m durante a execución das obras, e que deberá permanecer visible durante 5 anos.
- g) Facilitar ao persoal técnico e ao persoal da inspección municipal o acceso á instalación para canta comprobación teñan que realizar aos efectos de comprobación das actuacións realizadas, así como a colaboración co persoal municipal a efectos de comprobación de canta documentación e información lle sexa requirida.

SÉTIMA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN.

1.- Para efectuar a proposta de concesión da subvención, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremo de puntuación sobre un máximo de 100 puntos:

a) Promoción do deporte base e do deporte en igualdade: Estar desenvolvendo proxectos deportivos orientados á formación e que potencien a participación da muller.

a.1. Número de licencias ata categoría xuvenil incluída. Ata 50 puntos

Volume de licencias ata categoría xuvenil e puntuación.

- 0 puntos: <100 licencias deportivas.
- 25 puntos: De 100 a 150 licencias deportivas.
- 50 puntos: >150 licencias deportivas.

a.2. Número de licencias de categoría feminina: Ata 20 puntos

Volume de licencias femininas e puntuación.

- 0 puntos: <20 licencias deportivas.
- 10 puntos: De 20 a 50 licencias deportivas.
- 20 puntos: >50 licencias deportivas.

b) Actividade xeral da entidade solicitante: Relevancia do proxecto deportivo da entidade deportiva no ámbito da cidade. Valorarase a relevancia, repercusión e traxectoria do proxecto deportivo no desenvolvemento social da zona na que se ubica o ámbito de actividade da entidade, relación co deporte e a discapacidade, repercusión mediática e social tanto no ámbito da cidade de Vigo como a nivel nacional e internacional...: Ata 20 puntos, según os seguintes criterios:

De 1 a 10 puntos:

A aqueles proxectos que, reunindo as condicións mínimas establecidas na convocatoria para que un proxecto sexa técnica e economicamente viable, o proxecto ou proxectos realizados ou previstos, a xuízo da comisión de avaliación, cumpren algunhas das seguintes características:

- Un impacto e repercusión medio/baixo nun entorno xeográfico determinado da cidade de Vigo.
- Orientado fundamentalmente ó deporte de base ou de categoría absoluta.
- Volume porcentual medio/baixo da entidade en función do volume total de licencias da modalidade ou modalidades na cidade e do total de licencias deportivas en Vigo.
- Nivel de competicións de ámbito fundamentalmente local ou provincial.

De 11 a 20 puntos: Aqueles proxectos que, reunindo as condicións mínimas establecidas na convocatoria para que un proxecto sexa técnica e economicamente viable, o proxecto ou proxectos realizados ou previstos, a xuízo da comisión de avaliación, cumpren algunhas das seguintes características:

- Un impacto e repercusión medio/alto no entorno xeográfico cidade de Vigo.
- Orientado ó deporte de base e de categoría absoluta.
- Nivel de competicións de ámbito fundamentalmente autonómico ou nacional.
- De longa tradición e arraigo na cidade de Vigo.
- O proxecto supón a continuidade dun proxecto anterior, de longa tradición e arraigo na cidade de Vigo.

Os datos a puntuar corresponderanse coas actividades desenvolvidas na tempada 2018/2019, ou en calquera caso, no ano 2019 nas modalidades cuxa tempada deportiva se corresponda co ano natural.

c) Medidas de xestión medioambiental : Valoraranse as propostas de medidas de xestión medioambiental incluídas nos proxectos construtivos: Ata 10 puntos, según os seguintes criterios:

Sistema de xestión ambiental dos materiais da obra	Ata 5 puntos
Sistema de xestión de residuos e control da contaminación.	Ata 3 puntos
Selo de calidade dos produtos que se vaian a utilizar	Ata 2 puntos

OITAVA.- CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCÍONS.

Establécese unha subvención lineal e a fondo perdido aplicable sobre o orzamento do proxecto, cos límites reflectidos nesta base oitava e como máximo o 100% do orzamento do proxecto de execución das actuacións subvencionadas.

1.- O importe total máximo destinado a esta subvención destinarase á entidade que obteña a mellor puntuación de entre tódalas entidades solicitantes que reúnan os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiario, en función do proceso de avaliación que se realizará de acordo cos criterios previstos no apartado anterior.



Concello de Vigo

2.- O importe total da convocatoria destinarase á entidade solicitante que obteña unha maior puntuación ata un máximo de 60.000,00 euros do custo efectivo de execución material ao obxecto de contribuír no financiamento dos gastos vinculados coa construción dun campo de béisbol en terreos de titularidade privada propiedade (Ou cunha dispoñibilidade dos terreos mínima de 10 anos dende a data de concesión da subvención) de entidades con sede social na cidade de Vigo que xestionen instalacións deportivas e estean a desenvolver proxectos deportivos de interese para a cidade de Vigo.

O importe máximo a subvencionar en ningún caso poderá superar os 60.000,00€, nin ser de tal contía que illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custe da actuación subvencionada.

NOVENA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

O procedemento para a concesión desta subvención será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

DÉCIMA.- PRAZO E PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 20 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da Lei 39/2015 do Procedemento administrativo común das AAPP.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas e asinadas electrónicamente polo/a representante da entidade, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org),

Cada entidade poderá unicamente presentar unha solicitude.

Todas as solicitudes, así coma as posibles subsanacións telemáticas contempladas no parágrafo anterior, deberanse achegar antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.

DECIMO PRIMEIRA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.

1.- Coa solicitude asinada electronicamente polo/a representante da entidade, segundo o modelo que figura como anexo I.1 desta convocatoria, deberase achegar a demais

documentación esixida nestas bases e convocatoria, segundo os modelos, que no seu caso, figuran nos demais anexos desta convocatoria.

2.- As entidades solicitantes deberán presentar xunto coa solicitude (Anexo I.1) a seguinte documentación:

A) Anexos:

- Anexo I.2. Declaración responsable.
- Anexo I.3. Características mínimas dos proxectos.

B) Outra documentación obrigatoria:

- Documento acreditativo da persoa que actúe en representación da entidade solicitante.
- Descrición do réxime legal dos terreos e/ou instalacións deportivas nas que se desenvolverán as actuacións subvencionables (propiedade dos terreos, título que outorgue ao solicitante a dispoñibilidade dos terreos ou das instalacións, uso urbanístico, réxime de explotación das instalacións no momento da presentación da solicitude.).
- Título acreditativo da dispoñibilidade dos terreos (escritura de propiedade, acordo de cesión, contrato de aluguer) e no suposto de terreos/instalacións cedidos por outros entes públicos ou privados, as entidades peticionarias deberán presentar, igualmente, a autorización expresa de ditos entes para realizar as obras obxecto de subvención.
- Localización da instalación deportiva ou dos terreos nos que se desenvolverán as actividades subvencionadas (dirección, paraxe, lindeiros, etc.).
- Declaración responsable do representante da entidade solicitante de non ter recibido ningunha outra axuda para o mesmo proxecto ou, no seu caso, determinación da entidade que concedeu a subvención e o seu importe.
- Certificados que acrediten que a entidade está ó corrente das súas obrigas tributarias coas Facendas estatal e autonómica e coa Seguridade Social, así como autorización para que se comprobe de oficio a ausencia de débedas co Concello de Vigo.
- A capacidade de representación da persoa asinante da solicitude.
- Certificado Orixinal actualizado da titularidade da conta bancaria da entidade solicitante.
- Copia do código de identificación fiscal da entidade solicitante.
- Copia do documento que acredite a constitución da actual xunta directiva ou órgano de goberno.
- Copia do D.N.I. do/a presidente/a da entidade asinante da solicitude de subvención.
- Certificado da/s Federación/s correspondente/s que acredite o número de licencias vinculadas coa entidade solicitante na tempada 2018/2019, ou no caso de modalidades individuais, do ano 2019.
- Proxecto de execución da actuación (asinado por un técnico competente para a redacción de dito proxecto), que inclúa un orzamento detallado e desglosado por conceptos.

Cando o importe da actuación subvencionable supere a contía de 40.000 euros (IVE excluído), o solicitante deberá achegar como mínimo, no procedemento de xustificación, tres ofertas de diferentes provedores da actuación a subvencionar, de conformidade co



Concello de Vigo

establecido no artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme os criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica mais vantaxosa, nos termos establecidos no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Esta memoria presentarase no momento da xustificación da subvención.

A Concellería de deportes poderá requirir canta outra documentación considere precisa para acreditar o cumprimento dos requisitos para participar na convocatoria, verificar ou completar datos e/ou informacións facilitadas polos solicitantes para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas.

DÉCIMO SEGUNDA.- SUBSANACIÓN DA SOLICITUDE.

Consonte co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento Administrativo Común, se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, o solicitante será requirido mediante notificación electrónica para que complete a documentación ou amañe a falla no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

DECIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE.

As presentes Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación según cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

Publicidade do financiamento público. As beneficiarias das subvencións deberán empregar-lo distintivo do Concello de Vigo en tódalas actividades e comunicacións que promovan e en todas as equipacións, publicacións, carteis, rótulos e demais elementos de difusión ou publicidade será indispensable mencionar á “Concellería de Deportes – Concello de Vigo”.

DÉCIMO CUARTA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.

1.- A Concellería de Deportes será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas se realizará por unha Comisión de Valoración composta polo Concelleiro de Deportes, o Xefe de Servizo da Área de Deportes e un Técnico da mesma área que actuará como secretario.

A comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de expertos sobre materias concretas se o considera oportuno.

2.- A Comisión Avaliadora, a través da Concellería de Deportes, como órgano instrutor, formulará proposta motivada de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada. A proposta incluírá o informe do órgano instrutor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren con todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

3.- A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas.

O prazo para resolver e notificar a resolución será de seis meses, como máximo, contados a partir da publicación desta convocatoria.

A resolución notificarase electronicamente ós solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data a través da sede electrónica. Remíranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4.- A resolución da Xunta de Goberno Local, sobre concesión das axudas, esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar do día seguinte ó da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses desde o seguinte ó da notificación, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común e 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.



Concello de Vigo

6.- Transcorrido o devandito prazo de seis meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda.

DÉCIMO QUINTA.- SUBCONTRATACIÓN.

Os beneficiarios poderán subcontratar con terceiros a actuación subvencionada.

DÉCIMO SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIONS.

1.- As beneficiarias das subvencións teñen de prazo ata o 1 de novembro de 2020 (Incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

O prazo sinalado para a xustificación, segundo o establecido no art. 70.3 do R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, poderá ser ampliado se concorreran causas que o xustifiquen, previa aprobación do mesmo por parte da Xunta de Goberno Local. *“Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan”.*

2.- Ao efecto de xustificar a subvención os beneficiarios deberán achegar electronicamente **a través da sede electrónica do Concello de Vigo**, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica:

2.1-Copia simple da **licenza de obras** ou título habilitante para a realización da actuación, ou indicación do número de expediente municipal correspondente, sempre que non se achegase con anterioridade.

2.2.-**Certificado final de obra** asinado por técnico competente e fotografías da actuación/obra/instalación realizada e finalizada.

2.3.- A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha **conta xustificativa** conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse mediante a presentación de facturas a través do **Rexistro electrónico do Concello de Vigo** polo total do orzamento. Se poderá substituír a presentación de facturas pola parte do gasto non subvencionado do proxecto ou actividade pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

- Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.
- Que no caso de que os gastos presentados constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre as Rendas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que esta foi practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaron o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.
- A xustificación deberá facerse con documentos electrónicos pola parte subvencionada. Se poderá substituír a presentación de facturas pola parte do gasto non subvencionado do proxecto ou actividade pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.
- Non se admitirán facturas que non reúnan as condicións previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.

En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.

Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

2.4.- Outra documentación:

- Anexo II.1 Relación asinada de facturas presentadas como xustificación polo importe subvencionado.
- Anexo II.2. Declaración responsable

2.5.- Cando o importe da actuación subvencionada supere a contía de 40.000 euros (IVE excluído), o solicitante deberá achegar como mínimo, as tres ofertas solicitadas de diferentes provedores da actuación a subvencionada. Memoria que xustifique a elección cando non recaia na proposta económica mais vantaxosa, nos termos establecidos no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2.6.- Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello, en relación coa xustificación da subvención.

DÉCIMO SÉTIMA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIONS.



Concello de Vigo

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión, será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes.

Tal e como establece o art. 30.2 da Lei 9/2017, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para subvencións de capital superiores a 60.000,00 €, no seu cómputo individual, destinadas a inversións en activos tanxibles, será requisito imprescindible a comprobación material da inversión polo órgano concedente, quedando constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada, tanto polo representante da administración como polo beneficiario.

O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

Os inspectores/arquitectos municipais poderán xirar visita para comprobar, deixar constancia e informar sobre o estado das obras obxecto de subvención antes da resolución do expediente de outorgamento.

DECIMO OITAVA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DECIMO NOVENA.- PAGAMENTO.

1.- A beneficiaria poderá solicitar o pago anticipado de ata o 50% do importe total da subvención proposta, que será abonado á beneficiaria mediante transferencia bancaria trala aprobación da resolución de adxudicación da subvención, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono da subvención, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositará un aval por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quiebra, en concurso de acreedores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quiebra ou de concurso de acreedores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

2.- O importe pendente de pago abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención. O pagamento realizarase con cargo á partida orzamentaria 3420.780.00.11 do orzamento da Concellería de deportes.

3.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social mediante a presentación das correspondentes certificacións.

VIXÉSIMA.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCÍONS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCÍONS.

–Perda do dereito ao cobro:

- d) Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte da beneficiaria da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago único da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; á obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causa previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.
- e) Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.
- f) A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

2.- Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:

- Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.
- Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

1.- Os datos das solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso desta convocatoria, polo que a súa achega é obrigatoria.



Concello de Vigo

2.- os datos de carácter persoal serán tratados e protexidos de conformidade co Regulamento Xeral de Protección de Datos, respectando, en todo caso, na súa recollida e tratamento os principios relativos ó mesmo (art. 5 e ss RPDP), así como, os dereitos dos interesados (art. 12 e ss RPDP) sen prexuízo da aplicación da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

A presente convocatoria rexerese por estas bases, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2018, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

ANEXOS

ANEXO I.1.- INSTANCIA DE SOLICITUDE

SOLICITUDE SUBVENCIÓN							
Entidade				CIF:			
Modalidade:							
Enderezo			Localidade:		CP:		
Tlf. 1			Tlf. 2			Fax:	
E-Mail a efectos de notificación							

E na súa representación, co cargo de Presidente/Representante legal:

Apelidos:			Nome:			DNI:	
Enderezo:			Localidade:			CP:	
Tlf 1:			Tlf 2:			E-mail:	

SOLICITA,

da Concellería de Deportes do Concello de Vigo, unha subvención por importe de

.....€ , pola actuación detallada no proxecto adxunto.

Documentación obrigatoria que se achega coa solicitude:

Anexo I.1: Instancia de solicitude.

- Documento acreditativo da persoa que actúe en representación da entidade solicitante.
- Documentación que acredite a propiedade ou a dispoñibilidade dos terreos da instalación obxecto da actuación.
- Certificado Orixinal actualizado da titularidade da conta bancaria da entidade solicitante.
- Copia do código de identificación fiscal da entidade solicitante.
- Copia do documento que acredite a constitución da actual xunta directiva ou órgano de goberno.
- Copia do D.N.I. do presidente da entidade asinante da solicitude de subvención.
- Certificados que acrediten que a entidade está ó corrente das súas obrigas tributarias coas Facendas estatal e autonómica e coa Seguridade Social, así como autorización para que se comprobe de oficio a ausencia de débedas co Concello de Vigo.
- Certificado da Federación correspondente que acredite o número de licencias vinculadas coa entidade solicitante na tempada 2018/2019 ou do ano 2019 no caso de modalidades individuais.
- Proxecto de execución da actuación (asinado por un técnico competente para a redacción de dito proxecto), que inclúa un orzamento detallado e desglosado por conceptos.

O/A que abaixo asina declara que:

Esta entidade reúne os requisitos establecidos no artigo 10 da LSG, e que todos os datos que contén esta solicitude axústanse ós requisitos establecidos, e que nos comprometemos a cumprir co disposto nas bases da subvención, e polo tanto solicito. Así mesmo autorízase ó Concello de Vigo a solicitar e/ou verificar de oficio os datos e certificados que estime oportunos en relación á solicitude presentada.

Protección de datos: O Concello de Vigo ten a condición de responsable destes datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia. A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción do deporte, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable. A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo a estas bases. O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento. Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente,



Concello de Vigo

perante O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

Sinatura do presidente Selo da entidade

--	--

Vigo, de de 20

Sr. CONCELLEIRO DELEGADO DE DEPORTES

ANEXO I.2.-DECLARACIÓN RESPONSABLE

Don/Dña.		DNI	
Secretario/a da entidade deportiva		CIF	

Declara,

- Que esta entidade deportiva solicitou e/ou ten concedidas as seguintes subvencións para en relación ó proxecto obxecto da subvención ó proxecto obxecto da subvención do Concello de Vigo:

Organismo no que ten solicitada e/ou concedida a subvención	Importe solicitado	Importe concedido
	€	€
	€	€
	€	€
	€	€

<ul style="list-style-type: none">• Que esta entidade non está incurso en ningunha das prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
<ul style="list-style-type: none">• Que segundo consta na acta nº da sesión da xunta directiva celebrada na data, D/Dña..... con DNI:, figura co cargo de Presidente/a, o que lle outorga, segundo os Estatutos da entidade, a representación legal da entidade.

Vigo, de de 20

Sinatura do secretario/a	Conforme o/a presidente/a	Selo da Entidade
--------------------------	---------------------------	------------------

ANEXO I.3.-REQUISITOS TÉCNICOS MÍNIMOS DOS PROXECTOS DE CONSTRUCCIÓN DUN CAMPO DE BÉISBOL.

As entidades solicitantes de subvención deberán presentar un proxecto de execución que contemple as obras necesarias para acondicionar unha parcela como terreo de xogo apto para competición, como mínimo, de Liga de Béisbol Nacional de 1ª División atendendo ás normas da Real Federación Española de Béisbol e Sófbol (RFEBS) de tal modo que poda adquirir a homologación preceptiva da RFEBS.

Atendendo ao estipulado no Capítulo VII do Regulamento Xeral e de Competicións da Real Federación Española de Béisbol e Sófbol, aprobado definitivamente pola Comisión Directiva do Consello Superior de Deportes en sesión do 29 de marzo de 2019, os terreos de xogo terán que cumprir as seguintes condicións:

- Art. 108. Non será autorizado ningún terreo de xogo de superficie notablemente irregular, que sexa pedregoso, que teña algún obstáculo no seu interior, ou con calquera outro defecto que prexudique o normal desenvolvemento do xogo ou poida constituír perigo para quen o practique. Nos campos de béisbol prestarase especial atención ao coidado do montículo do lanzador, procurando que manteña a súa altura e caída inicial así como ao compactado da terra do mesmo.
- Art. 110. Sen prexuízo de determinadas condicións que puidesen esixirse para certas categorías e competicións, os terreos de xogo deberán axustarse ás normas que sinala o Regulamento Oficial de Xogo.
- Art. 112. É condición indispensable para a homologación dun terreo de xogo no que deban disputarse encontros de competición oficial que, como instalación complementaria do mesmo, posúa vestiarios independentes para cada equipo contendente e o arbitral, provistos de lavabos, duchas e demais servizos sanitarios. Así mesmo, o vestiario para os árbitros deberá de dispoñer dunha mesa e unha cadeira onde poidan redactar, en caso necesario, os incidentes que poidan ocorrer nun encontro. Os campos deberán de ter unha cabina de anotación, que será un lugar cuberto, pechado e con boa visibilidade.

As dimensións do terreo de xogo, do home, das bases, da goma de lanzar e dos bancos dos xogadores serán as que se especifican nas Regras Oficiais de Béisbol da RFEBS.

As dimensións dos valados de protección serán as habituais para este tipo de recintos deportivos en función da súa localización.

Conforme ao estipulado no Anexo IV do Regulamento Xeral e de Competicións da Real Federación Española de Béisbol e Sófbol, os terreos de xogo que opten ao presente procedemento administrativo cumprirán as características mínimas esixibles para o Tipo B-3, que son as seguintes:



Concello de Vigo

CARACTERÍSTICAS MÍNIMAS:

- Terreo de xogo exclusivamente dedicado á práctica do béisbol.
- Pechado e valado na súa totalidade de modo permanente.
- Vestiarios con auga fría e quente, aseos e caixa de primeiros auxilios, con capacidade mínima para dous equipos simultaneamente. Vestiarios arbitraris independentes.
- Aseos para o público.
- Marcador.
- Cabina de anotación.

MEDIDAS MÍNIMAS:

- De home ao valo pola liña esquerda: mínimo 80 metros.
- De home ao valo polo centro: mínimo 80 metros.
- De home ao valo pola liña dereita: mínimo 80 metros.
- De home ao back-stop, e de 1ª e 3ª bases e liñas correspondentes trazadas desde home, ao back-stop ou ao valo: de 10 a 18,30 metros.

ANEXOII.1.-RELACIÓN DE FACTURAS PRESENTADAS - CONTA XUSTIFICATIVA-

Entidade				CIF	
Enderezo	Localidade			C.P.	
Tef.	Fax			E-Mail	

Subvención concedida polo Concello de Vigo		€		
Importe xustificado	Base Imponible	€	IVE	€

Relación de facturas para a xustificación da subvención (No mesmo orden no que se presentan os orixinais):

Nº da factura	Data exped. factura	CIF provedor	Concepto do gasto	*Base imponible	* IVE



Concello de Vigo

Nº da factura	Data exped. factura	CIF provedor	concepto do gasto	*Base imponible	*IVE

TOTAL	Base Imponible	€	IVE	€
-------	----------------	---	-----	---

D. _____ DNI _____ tesoureiro/a da entidade
CIF: _____ certifica que as facturas que se detallan na conta xustificativa, cuxo importe ascende á cantidade de _____ € de base imponible e _____ € correspondente ó IVE dos devanditos documentos, corresponden con gastos vinculados directamente coa actuación subvencionada pola Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Vigo, de de 20__

Conforme do/da Presidente/a	Sinatura do/da tesoureiro/a	Selo da entidade
-----------------------------	-----------------------------	------------------

ANEXO II.2.-DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/Dna.		DNI	
Secretario/a da Entidade		CIF:	

DECLARA:

- Que todos os datos que contén a conta xustificativa se axustan á realidade e cumpren coas bases do programa de subvencións obxecto da solicitude.
- Que a actuación subvencionada realizouse tal como figura na memoria presentada e cumprindo todas as características que se declararon na solicitude de subvención.
- Que a actuación que foi obxecto da subvención foi executada na súa totalidade e o seu custo total foi de _____ € (Este importe debe coincidir co detallado no total do balance de gastos do anexo II.3).
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presentan, aplicáronse á actuación subvencionada.
- Que as subvencións ou achegas obtidas para as actuacións subvencionadas non superaron o custe total da mesma.
- Que a entidade atópase ó corrente coas obrigas tributarias da Seguridade Social, Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, non é debedora por resolución de procedencia de reintegro e que foi practicada a pertinente retención sobre a Renda das Persoas Físicas sobre os gastos que están suxeitos á retención, así como que esta foi practicada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria (No caso de empregar ditos Xustificantes).
- Que autoriza ó servizo de Deportes do Concello de Vigo a comprobar de oficio os datos e certificados acreditativos necesarios ós departamentos administrativos responsables de acreditar o cumprimento das súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Axencia Tributaria e para coa Seguridade Social.
- Que, no seu caso, o importe do IVE derivado dos gastos da axuda a xustificar en relación á subvención concedida polo Concello de Vigo en relación ó desenvolvemento do proxecto é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.
- Que esta entidade ten solicitadas, concedidas e/ou recibiu as seguintes subvencións para o desenvolvemento da mesma actividade subvencionada polo Concello de Vigo:

SÍ	<input type="checkbox"/>
NO N	<input type="checkbox"/>

Organismo no que ten solicitada e/ou concedida a subvención	Importe concedido	Importe recibido
	€	€
	€	€

Vigo, de de 20__

Sinatura do/da secretario/a	Conforme do/da Presidente/a	Selo da entidade:
-----------------------------	-----------------------------	-------------------

ANEXO III.1.



Concello de Vigo

CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ANIMO DE LUCRO ORIENTADAS Á CONSTRUCCIÓN DUN CAMPO DE BÉISBOL NA CIDADE DE VIGO.

O obxecto da subvención a que se refire as presentes bases é contribuír no financiamento dos gastos vinculados coa construción dun campo de béisbol en terreos de titularidade privada propiedade (Ou cunha dispoñibilidade dos terreos mínima de 10 anos dende a data de concesión da subvención) de entidades con sede social na cidade de Vigo que xestionen instalacións deportivas e estean a desenvolver proxectos deportivos de interese para a cidade de Vigo, o que contribuirá á dinamización e mellora da oferta deportiva da cidade, a través do desenvolvemento de actuacións de promoción da práctica do béisbol en todas as idades, para o cal o Concello de Vigo no seu ámbito competencial conta coa competencia propia en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre, ao abeiro do artigo 25.2 l) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL) -na redacción dada pola Lei 27/2013- e 80.2n) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

O obxecto das subvencións financiamento dos gastos vinculados coa construción dun campo de béisbol en terreos de titularidade privada propiedade (Ou cunha dispoñibilidade dos terreos mínima de 10 anos dende a data de concesión da subvención) de entidades con sede social na cidade de Vigo que xestionen instalacións deportivas e estean a desenvolver proxectos deportivos de interese para a cidade de Vigo.

SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 60.000,00 € (Sesenta mil Euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria:

Aplicación orzamentaria	Importe	Anualidade
3420.7800011 "Axuda investimentos instalacións deportivas"	60.000,00 €	2020

TERCEIRA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.

1. Poderán ser beneficiarias destas axudas a entidades deportivas sen ánimo de lucro con sede social na cidade de Vigo que xestionen instalacións deportivas e estean a desenvolver proxectos deportivos de interese para a cidade de Vigo.

Non obstante quedan excluídas expresamente de esta convocatoria:

- As federacións deportivas.
- Institucións e organismos oficiais.
- Os clubs, asociacións ou entidades pertencentes ou integrados en institucións oficiais.
- Entidades con ánimo de lucro.
- Entidades educativas.

•Solicitudes cuxos proxectos construtivos non cumpran os criterios mínimos de calidade establecidos no anexo I.1.

2.- A entidade beneficiaria deberá posuír, no momento da presentación da solicitude, o pleno dominio e/a dispoñibilidade dos terreos (mínimo 10 anos dende a data de concesión da subvención) nas que vaia a realizarse a actuación subvencionada. Asemade, cando a actuación implique a realización dunha obra, o solo deberá ser compatible co uso urbanístico permitido polo instrumento de planeamento urbanístico vixente aplicable

3. A beneficiaria debe estar desenvolvendo proxectos deportivos e estar dinamizando competicións oficiais ou campionatos organizados polas federacións deportivas, e sen ter consideración de competicións consideradas profesionais nin vinculadas a clubs ou equipos profesionais.

4. Os solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incurso en prohibición para ser beneficiario da subvención das previstas no citado artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incurso nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 da Lei 9/2007.

5. Débedas coas Administracións Públicas: As entidades solicitantes acharanse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo. Entenderase que o solicitante, ao presenta-la solicitude de subvención, autoriza á comisión avaliadora para comprobar de oficio os datos acreditativos de tal extremo ós departamentos administrativos responsables, aínda que de non ser posible esta comprobación a comisión poderá esixir ás solicitantes a presentación das certificacións ás que se refire o artigo 22 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

CUARTA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 20 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

SEXTA.- BASES REGULADORAS.

As bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ó BOPPO do extracto da mesma, sen perxuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.



Concello de Vigo

SÉTIMA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.

A Concellería de Deportes será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas se realizará por unha Comisión de Valoración composta polo Concelleiro de Deportes, o Xefe de Servizo da Área de Deportes e un Técnico da mesma área que actuará como secretario.

A comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de expertos sobre materias concretas se o considera oportuno.

OITAVA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

As beneficiarias das subvencións teñen de prazo ata o 1 de novembro de 2020 (Incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

O prazo sinalado para a xustificación, poderá ser ampliado se concorreran causas que o xustifiquen, previa aprobación do mesmo por parte da Xunta de Goberno Local.

NOVENA.- PAGO.

O pagamento da subvención terá lugar logo da xustificación pola beneficiaria da actuación para a que se concedeu a subvención.

ANEXO III.3.

Extracto do acordo da Xunta de Goberno Local de data (completar unha vez aprobado) de 2020, polo que se aproba a convocatoria específica para o desenvolvemento do proxecto de subvencións a entidades deportivas sen ánimo de lucro orientadas á construción dun campo de béisbol na cidade de Vigo.

“De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

Contribuír ó financiamento dos gastos vinculados coa construción dun campo de béisbol en terreos de titularidade privada propiedade (Ou cunha dispoñibilidade dos terreos mínima de 10 anos dende a data de concesión da subvención) de entidades con sede social na cidade de Vigo que xestionen instalacións deportivas e estean a desenvolver proxectos deportivos de interese para a cidade de Vigo.

SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 60.000,00 € (Sesenta mil Euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria:

Aplicación orzamentaria	Importe	Anualidade
3420.7800011 "Axuda investimentos instalacións deportivas"	60.000,00 €	2020

TERCEIRA. - BENEFICIARIOS.

Entidades deportivas sen ánimo de lucro con sede social na cidade de Vigo que xestionen instalacións deportivas e estean a desenvolver proxectos deportivos de interese para a cidade de Vigo.

CUARTA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 20 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

SEXTA.- BASES REGULADORAS.

As bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ó BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS.

As beneficiarias das subvencións teñen de prazo ata o 1 de novembro de 2020 (Incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

11(154).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA FINANCIAMENTO DO II FORO DE EMPREGO DA FACULDADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS. EXPTE. 17070/77.

Visto o informe de fiscalización do 27/02/202, dáse conta do informe-proposta do 24/02/2020, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (Resolución do 23/10/19), o concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. A UNIVERSIDADE DE VIGO (Q8650002B), achega solicitude para a realización da II FEIRA DE EMPREGO remitida en data 30/01/2020 a través do Rexistro electrónico do Concello de Vigo (W414325-9149), xuntando a seguinte documentación para tramitación do presente convenio co Concello:



Concello de Vigo

- Decreto 13/2019, de 24 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Vigo publicado no BOE núm. 72 do 25 de marzo de 2019.
- Resolución reitoral do 5/07/2018 publicada no DOGA nº 129 do 06 de xullo
- xustificante de obtención telemática da consulta efectuada acreditativa de estar ao corrente das obrigas tributarias fronte á AEAT expedido en data 04/02/2020.
- certificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas tributarias fronte á Axencia Tributaria de Galicia expedido en data 04/02/2020.
- xustificante de obtención telemática da consulta efectuada acreditativa de estar ao corrente das súas obrigas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social expedido en data 04/02/2020.
- declaración responsable de que a entidade non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no art. 13, apartados 2 e 3, da Lei 38/2003, de 17 de novembro e no art. 10, apartado 2 da Lei de Subvencións de Galicia, asinada pola xerenta da Universidade de Vigo (en virtude de resolución reitoral do 5/07/2018 publicada no DOGA nº 129 do 06 de xullo, con NIF 33277****).
- declaración responsable de axudas solicitadas e/ou concedidas por outras entidades públicas ou privadas para o mesmo proxecto subvencionado, asinada pola xerenta da Universidade de Vigo (en virtude de resolución reitoral do 5/07/2018 publicada no DOGA nº 129 do 06 de xullo, con NIF 33277****).
- memoria do proxecto subvencionado
- orzamento de ingresos e gastos
- certificado da titularidade da conta bancaria

II. En data 04/02/2020, o Concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, asinou a orde para que por parte da unidade administrativa de Desenvolvemento Local e Emprego se inicie expediente para a tramitación dun convenio entre o Concello de Vigo e a UNIVERSIDADE DE VIGO para contribuir ao financiamento do II FORO DE EMPREGO DA FACULDADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS DA UNIVERSIDADE DE VIGO .

III. A petición do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, expídese certificación de data 05/02/2020, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

IV.- Consta no expediente memoria xustificativa e proposta de convenio que se propón para aprobación, asinada pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, co conforme do Concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá,.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- Obxecto do convenio:

É obxecto deste expediente a concesión dunha subvención directa por importe de **9.903,85 €** á UNIVERSIDADE DE VIGO (Q8650002B), que se instrumentaliza a través do convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para o financiamento do “ II FORO DE EMPREGO DA FACULDADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS” durante os días 19 e 20 de febreiro nas instalacións da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.

II. Procedemento de concesión directa:

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos Orzamentos xerais do Concello de Vigo do 2020, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

Dacordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio a través do cal se canalicen estas subvencións establecerá as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto na lei.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e as certificacións achegadas ao expediente, a entidade non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O interese público e social, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa que consta no expediente, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei, en atención á singularidade da entidade beneficiaria e o carácter extraordinario da subvención proposta que motiva o presente procedemento, en tanto que a alta taxa de desemprego xuvenil na cidade afronta o seu futuro consciente de que é imprescindible a cooperación das institucións universitaria e municipal para contribuir ao seu desenvolvemento económico e social, dentro das políticas municipais orientadas á ocupabilidade e inserción laboral da mocidade.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o desenvolvemento do proxecto subvencionado (2020), sendo gastos subvencionables aqueles que, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado proposto polo entidade.

III. Suxeitos que asinan o convenio e capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes:

Por unha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio; correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Cultura, Emprego, e Participación Cidadá.

Pola outra parte, asinará o convenio dona Raquel María Souto García, na súa condición de xerenta da Universidade de Vigo (en virtude de resolución reitoral do 5/07/2018 publicada no DOGA nº 129 do 06 de xullo, con NIF 33277****), segundo resultou acreditado no expediente.



Concello de Vigo

IV. Competencia para a actividade de fomento do emprego:

Tanto na memoria xustificativa coma no texto do convenio explicitábase o título da competencia municipal, resultando unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo a mellora do benestar da súa cidadanía, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción desta co mercado laboral.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos, reducir a porcentaxe de persoas desempregadas, mediante un conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, veciñal e social, entre as que figura, para acadar este obxectivo, a colaboración coas organizacións e entidades de todo tipo, de tal xeito que se mellore a dinamización empresarial, a contratación de persoas en situación de desemprego cara a busca de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

O desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose no marco das políticas activas de emprego polas que a Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas coma a UNIVERSIDADE DE VIGO no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador do emprego entre a cidadanía de Vigo, entre as que cabe destacar a celebración de eventos feirais de índole internacional, estatal e autonómica as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

Con fundamento no artigo 3.3.b) da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, non se considera como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando nos últimos anos desde este servizo para fomento do emprego, como actividade considerada pola Xunta de Goberno Local, mediante acordo adoptado en data 09/03/2012, como dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que *as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio (...)*. A este respecto, compre subliñar que a participación na formación de activos e desempregados, corresponde a materias de competencia propias do Concello segundo o disposto no artigo 80.2.p) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo artigo 2 del R.D.L 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de

Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

V. Normativa de aplicación:

O artigo 48 da LRXSP habilita ás Administracións Públicas para celebrar convenios con persoas tanto de dereito público coma privado.

A tenor do disposto no artigo 48.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cando o convenio instrumente unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na normativa autonómica de desenvolvemento que, no seu caso, resulte aplicable. Xa que logo, resulta de aplicación o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado de réxime xurídico do sector público, en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución dos vixentes Orzamentos do Concello de Vigo, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

VI. Contía total e crédito orzamentario:

O importe do convenio de **9.903,85 €** imputaranse con cargo á aplicación orzamentaria 2410 4800000 "PROGRAMA DE AXUDAS AO PLAN DE CREACIÓN DE EMPREGO", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2020.

Os convenios están excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, nos termos e condicións do disposto no seu artigo 6.

Non se contempla a posibilidade de tramitar un pago anticipado.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as



Concello de Vigo

actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma das obras subvencionadas.

-Procedemento e competencia:

Constan no expediente de aprobación do convenio os documentos necesarios para a súa tramitación: orde de inicio, memoria do convenio e borrador co texto do mesmo, que xunto co presente informe xurídico con proposta de resolución será remitido á Intervención Xeral do Concello para a súa fiscalización con carácter previo á súa aprobación polo órgano competente, de conformidade co disposto no art. 214 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, pois corresponde á Xunta de Goberno Local a adopción do devandito acordo de aprobación do convenio e, con carácter previo, de aprobación do gasto (artigo 31 LSG).

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

Dacordo co art. 8.1. letra "b" da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberá darse publicidade ao convenio que se subscriba e no que ás subvencións respecta, deberán comunicarse á Base de Datos Nacional de Subvencións unha vez formalizado o correspondente convenio coa entidade beneficiaria.

De conformidade co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Aprobar o proxecto de convenio que se xunta ao presente acordo entre o Concello de Vigo e a UNIVERSIDADE DE VIGO (Q8650002B).

Segundo.- Autorizar o gasto de **9.903,85 €**, como contrapartida do estipulado no presente convenio con cargo á aplicación orzamentaria 2410 4800000 "PROGRAMA DE AXUDAS AO PLAN DE CREACIÓN DE EMPREGO", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2020 e, comprometer o mesmo a favor da UNIVERSIDADE DE VIGO (Q8650002B), para o cumprimento dos obxectivos recollidos no convenio.

Terceiro.- Facultar ao Concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, don Abel Losada Álvarez, para asinar o citado convenio, en caso de ser precisa a substitución do sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.

Cuarto: Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA FINANCIAMENTO DO II FORO DE EMPREGO DA FACULDADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, na data da sinatura electrónica.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Losada Álvarez, na súa calidade de concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá por Resolución do 18/06/2020 de delegación de competencias da Alcaldía do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Raquel María Souto García, actuando en calidade de Xerenta da UNIVERSIDADE DE VIGO, con CIF Q8650002B, en virtude de resolución reitoral do 5/07/2018 publicada no DOGA nº 129 do 06 de xullo, con sede en Vigo, 36310 Campus Universitario de Vigo, no seu nome e representación.

E, actuando dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Ambas partes recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente para subscribir o outorgamento de presente convenio e

EXPOÑEN

Que unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar da súa cidadanía, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción desta co mercado laboral.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos, reducir a porcentaxe de persoas desempregadas, mediante un conxunto de accións de colaboración co entramado



Concello de Vigo

laboral, veciñal e social, entre as que figura, para acadar este obxectivo, a colaboración coas organizacións e entidades de todo tipo, de tal xeito que se mellore a dinamización empresarial, a contratación de persoas en situación de desemprego cara a busca de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

O desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose no marco das políticas activas de emprego polas que a Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas coma a UNIVERSIDADE DE VIGO no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador do emprego entre a cidadanía de Vigo, entre as que cabe destacar a celebración de eventos feirais de índole internacional, estatal e autonómica as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

Con fundamento no artigo 3.3.b) da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, non se considera como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando nos últimos anos desde este servizo para fomento do emprego, como actividade considerada pola Xunta de Goberno Local, mediante acordo adoptado en data 09/03/2012, como prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que *as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndose elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio (...)*. A este respecto, compre subliñar que a participación na formación de activos e desempregados, corresponde a materias de competencia propias do Concello segundo o disposto no artigo 80.2.p) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo artigo 2 del R.D.L 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

E, de conformidade co anterior

MANIFESTAN

I.- A UNIVERSIDADE DE VIGO (Q8650002B), é unha institución de dereito público, ao servizo da sociedade, que disfruta de autonomía e está dotada de personalidade e de capacidade xurídica e de patrimonio propio, correspondéndolle a prestación do servizo público da educación superior mediante a investigación, a docencia, o estudo, a transferencia do coñecemento á sociedade e a extensión universitaria.

Dacordo co establecido nos seus Estatutos, son fins da Universidade de Vigo:

1. Crear, desenvolver, criticar e transmitir o saber mediante unha docencia e unha investigación de calidade e de excelencia.
2. Ofrecer unha educación superior de calidade que contribúa á formación integral do seu alumnado.
3. Formar para o exercicio de actividades profesionais que esixan a aplicación de coñecementos, técnicas e métodos científicos ou para a creación artística, de cara á inserción do estudante no mundo laboral.
4. Contribuír ao progreso e ao benestar da sociedade mediante a produción, a transferencia e a aplicación práctica do coñecemento e a proxección social da súa actividade, con especial atención á realidade de Galicia, a súa cultura e a súa lingua.
5. Transmitir os valores superiores de convivencia, igualdade, o apoio permanente ás necesidades especiais das persoas e o fomento do diálogo, da paz e do respecto á diversidade.
6. Contribuír a unha sociedade xusta e igualitaria na que se respecte a igualdade entre mulleres e homes.
7. Proxectar nos ámbitos nacional e internacional a súa actividade establecendo relacións con outras universidades e institucións.
8. Facilitar a formación continua e a formación permanente ao longo de toda a vida das e dos profesionais e doutros colectivos sociais que demanden ensinanza superior.
9. Promover e conservar o seu patrimonio histórico e o seu entorno cultural, urbanístico e ambiental, como expresión do seu vínculo coa sociedade.
10. Fomentar o desenvolvemento sostible, a vida saudable, a cultura, o deporte e o voluntariado.
11. Configurar unha organización baseada na participación e na responsabilidade dos seus membros respecto do servizo público que debe prestar, orientada cara a cultura da calidade, do desenvolvemento persoal, da avaliación e da rendición de contas.

II. A Concellería de Emprego conta cunha longa traxectoria na convocatoria de axudas á contratación, ao fomento de emprego e á formación a desempregados, cara a súa inserción laboral, en aplicación das políticas activas de emprego desenvolvidas no seu ámbito territorial, correspondéndolle ao concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá as competencias municipais en materia de Emprego, políticas de desenvolvemento local relacionadas co emprego, deseño e dirección das políticas activas de emprego, industria e voluntariado.

A finalidade das axudas é a de apoiar e reforzar a ocupabilidade da cidadanía no Concello de Vigo, con especial atención á mocidade por tratarse dun dos colectivos máis vulnerables no mercado laboral e con maior dificultade de acceso ao mesmo.

III. En atención á competencia municipal referida e logo da solicitude achegada pola UNIVERSIDADE DE VIGO (Q8650002B), en data 30/01/2020 a través do Rexistro electrónico do Concello de Vigo (W414325-9149), o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, asinou en data 04/02/2020 a orde para que por parte da unidade administrativa de Desenvolvemento Local e Emprego se inicie expediente para a tramitación dun convenio entre o



Concello de Vigo

Concello de Vigo e a UNIVERSIDADE DE VIGO para contribuir ao financiamento do II FORO DE EMPREGO DA FACULDADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS DA UNIVERSIDADE DE VIGO .

IV. Segundo reflicte a memoria remitida pola UNIVERSIDADE DE VIGO (Q8650002B) en data 13/02/2020 a través do Rexistro electrónico do Concello de Vigo (W417781-5353), o obxectivo que persigue o evento é achegar as empresas e despachos profesionais aos alumnos e ofrecer ás firmas a posibilidade de que se dean a coñecer e de captar talento, para facilitar o acceso ao emprego dos seus estudantes de xeito que o talento non se desperdicie na transición cara o mercado de traballo.

Conclúe sinalando que o desenvolvemento destas iniciativas é absolutamente necesario para que se produza a maior interrelación posible entre o tecido empresarial e o estudantado universitario para conseguir que os estudantes poidan contribuir ao desenvolvemento económico do noso entorno, evitando a fuga da alta porcentaxe do talento da Universidade de Vigo cara outras zonas de España e do extranxeiro.

Polo exposto, solicitan o apoio do Concello de Vigo mediante o outorgamento dunha axuda para contribuir á financiación dos gastos de desenvolvemento do evento cunha dobre vertente: a de facilitar o emprego dos seus egresados e a de por en valor a calidade dos egresados da Universidade de Vigo no entorno nacional.

V. En atención aos razonamentos anteriormente expostos, o Concello de Vigo considera que o II FORO DE EMPREGO DA FACULDADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS DA UNIVERSIDADE DE VIGO ten un interese público e social, en tanto que a alta taxa de desemprego xuvenil na cidade afronta o seu futuro consciente de que é imprescindible a cooperación das institucións universitaria e municipal para contribuir ao seu desenvolvemento económico e social, dentro das políticas municipais orientadas á ocupabilidade e inserción laboral da mocidade.

VI.- O importe do convenio de **9.903,85 €** imputaranse con cargo á aplicación orzamentaria 2410 480000 "PROGRAMA DE AXUDAS AO PLAN DE CREACIÓN DE EMPREGO", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2020, para conceder directamente, con carácter excepcional, segundo o previsto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 67 do seu regulamento, no art. 19.4.c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos Orzamentos xerais do Concello de Vigo do 2020, unha subvención directa por razóns de interese público e social, como é a celebración do II FORO DE EMPREGO DA FACULDADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS DA UNIVERSIDADE DE VIGO.

V.- Que a UNIVERSIDADE DE VIGO (Q8650002B), non esta incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia (LSG), áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo tramitado a estes efectos.

VI.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións directas, os interviñentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención con arranxo aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A UNIVERSIDADE DE VIGO, con CIF Q8650002B comprométese a:

1º.- Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente, colaborando coa Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo en canto á dinamización e fomento da empregabilidade de estudantes universitarios e egresados en desenvolvemento das políticas municipais orientadas á ocupabilidade e inserción laboral da mocidade de Vigo, derivado da organización do "II FORO DE EMPREGO DA FACULDADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS DA UNIVERSIDADE DE VIGO".

2º.- Adoptar as medidas de difusión previstas na cláusula sexta.

3º.- Dispor dos permisos, autorizacións e seguros necesarios para o desenvolvemento das actividades.

4º.- Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.

5º.- Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e en xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6º.- Someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo Concello de Vigo, aportando cantía información lle sexa requirida no exercicio destas funcións.

Segundo.- **O CONCELLO DE VIGO**, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa UNIVERSIDADE DE VIGO na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

2º.- Conceder á UNIVERSIDADE DE VIGO unha subvención por importe de **9.903,85 €** con cargo á aplicación orzamentaria 2410 4800000 "PROGRAMA DE AXUDAS AO PLAN DE CREACIÓN DE EMPREGO" mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da Intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar ao financiamento do "II FORO DE EMPREGO DA FACULDADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS DA UNIVERSIDADE DE VIGO", dacordo co orzamento de custos do proxecto subvencionado achegado pola entidade.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.



Concello de Vigo

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menos que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización, por si mesma, das actividades subvencionadas.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión da imaxe institucional do Concello de Vigo en todas as actuacións publicitarias e de difusión que se realicen nas actividades da beneficiaria, debendo aparecer nestas co seu logotipo ou anagrama en calidade de colaborador de todas as actividades realizadas por esta entidade no ano 2020.

Séptimo.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Oitavo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo máximo que remata o día **15 de abril de 2020** o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá achegar unha conta xustificativa (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>, na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a entidade beneficiaria está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel asinadas dixitalmente..

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

- Solicitude de abono da subvención.

- **Declaración responsable asinada electronicamente** na que manifesten que a documentación dixitalizada que se achega para a xustificación da presente subvención é fiel reprodución da documentación orixinal e que son certos todos os datos reflectidos na documentación achegada para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos recibidos.

- **Memoria descritiva das actuacións realizadas asinada electrónicamente** xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- **Memoria económica asinada electronicamente** dos gastos incorridos asinada electronicamente, cos xustificantes de pago dos gastos incorridos, á que se xuntarán as facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente, indicando na táboa o **nome de empresa**, o número de **CIF**, a **data**, o **número** de factura e o **IVE**. Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto e deberá indicarse o **importe que se imputa** á subvención (total/parcial):

- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non orzamentados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención

- En caso de exención do IVE achegarase unha declaración responsable asinada electronicamente pola entidade de non dedución do IVE ou, no seu defecto, o acordo de exención do IVE correspondente.

Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada.

Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada** xustificarse **con copias de facturas dixitalizadas asinadas electrónicamente**, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.



Concello de Vigo

- **A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias** (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social. Se a entidade se opón expresamente á verificación telemática destes datos polo Concello de Vigo, deberá achegar de novo os certificados correspondentes.

- Para o caso de que a entidade beneficiaria declare **ter recibido outras subvencións** para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar copia electrónica da resolución de concesión das mesmas.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, éste requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a exixencia da reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

Noveno.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente de pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no ano 2020, dacordo co orzamento de custos do proxecto subvencionado achegado pola entidade.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda 40.000 € por execución de obra ou 15.000 € no caso de subministración ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local dependente da Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá. A xefatura do servizo emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo segundo.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento das subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos dos artigos 37 LXS e 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreziación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados son indispensables para a xestión deste procedemento e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución da concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lexislación de subvencións en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento de emprego, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Décimo sexto.- A participación do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención directa formalizada mediante o presente convenio, que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e a entidade ou coas persoas participantes no desenvolvemento das actividades subvencionadas.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se



Concello de Vigo

aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, xx de outubro de 2019.

Pola UNIVERSIDADE DE VIGO,
O xerenta,

Polo Concello de Vigo,
O concelleiro delegado de Cultura,
Emprego e Participación Cidadá,

D.^a Raquel María Souto García

D. Abel Losada Álvarez

A secretaria do Goberno Local,

María Concepción Campos Acuña

12(155).- REQUIRIMENTO PREVIO DE ANULACIÓN OU REVOGACIÓN CON CARÁCTER PREVIO Á INTERPOSICIÓN DE RCA CONTRA A ORDE DO 27 DE DECEMBRO DE 2019 QUE ESTABLECE AS BASES REGULADORAS DAS AXUDAS E SUBVENCIÓNS PARA OS OBRADOIROS DUAIS DE EMPREGO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA- ANO 2020 (CÓDIGO DO PROCEDIMENTO TR353A)". EXPTE. 17091/77.

Dáse conta do informe-proposta do 24/02/2020, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (Resolución do 23/10/19), o concelleiro-delegado de Emprego e conformado polo letrado asesor xefe da Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- No **DOG Núm. 14 do Mércores, 22 de xaneiro de 2020**, consta publicada a **Orde do 27 de decembro de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria**, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código do procedemento TR353A).

Trátase dun programa financiado con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020-2021.

II. O **artigo 18 da ORDE do 27 de decembro de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria**, determina a *Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento*, indicando no seu apartado 2.f) :

“f) Se é o caso, certificado conxunto da Fegamp e da Xunta de Galicia, expedido con anterioridade ao remate do prazo de presentación de solicitudes, no que se acredite a proposta de habilitación do concello como «Concello Emprendedor-Concello Doing Business» ou diploma no que se acredita como «Concello Emprendedor-Concello Doing Business.»”

II. O Protocolo Xeral de Actuación entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa "CONCELLOS DOING BUSINESS GALICIA", ten por obxecto establecer un marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e as diferentes administracións locais de Galicia, de xeito que poidan implicarse de maneira directa no fomento da implantación e fixación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a posta en marcha da iniciativa "Concellos Doing Business Galicia".

- O procedemento de adhesión implica:

1º.- Manifestar o desexo de adhesión mediante adopción dun acordo de órgano colexiado ou decreto de Alcaldía

2º.- Unha vez que os concellos leven a pleno a aprobación inicial da modificación das Ordenanzas e procedan á súa publicación no BOP, cómpre remitir á FEGAMP para favorecer o seguimento do expediente.

3º.- Remitir o acordo de aprobación definitiva das ordenanzas e a súa publicación no BOP.

4º.- Reunión da Comisión Técnica de Seguimento para análise da proposta de habilitación daqueles concellos que cumpran os requisitos.

5º.- Remisión do certificado “concello emprendedor” asinado polo presidente da FEGAMP e da Xunta de Galicia ao concello solicitante.

- O **Protocolo** asinado o **10 de outubro de 2017** entre o presidente da Xunta de Galicia e o presidente da FEGAMP reflicte na súa **cláusula segunda** os compromisos dos Concellos para que poidan participar na iniciativa “Doing Business Galicia” mediante a adopción das seguintes medidas:

1.- Imposto sobre bens inmobles: aprobar mediante acordo plenario unha modificación da ordenanza fiscal reguladora deste imposto que estableza unha bonificación potestativa de ata o 95% da cota íntegra do imposto a favor de inmobles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 74.2 quáter do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

2.- Imposto sobre actividades económicas: aprobar mediante acordo plenario unha modificación da ordenanza fiscal reguladora deste imposto no que se estableza unha bonificación de ata o 95 por cento da cota correspondente para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración, regulada no artigo 88.2 letra e) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de



Concello de Vigo

5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

3.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras: aprobar mediante acordo plenario unha modificación da ordenanza fiscal reguladora deste imposto no que se estableza unha bonificación potestativa de ata o 95% para as construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 103.2 a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

4.- Taxa pola prestación de servizos urbanísticos ou equivalente: aprobar mediante acordo plenario o establecemento á non suxeición a esta taxa dos autónomos e empresas que soliciten licenza de obra ou verificación "a posteriori" de comunicación previa para levar a cabo a súa implantación no termo municipal, así como para a ampliación dun establecemento empresarial xa existente sempre que conleve a creación de novos postos de traballo, cando o seu código CNAE corresponda a algunha actividade económica das incluídas no eido da industria 4.0 ou da Ris3.

5.- Taxa pola apertura de establecementos: aprobar mediante acordo plenario o establecemento á non suxeición a esta taxa dos autónomos e empresas que soliciten licenza de apertura ou verificación "a posteriori" para levar a cabo a súa implantación no termo municipal, así como para a ampliación dun establecemento empresarial xa existente sempre que conleve a creación de novos postos de traballo, cando o seu código CNAE corresponda a algunha actividade económica das incluídas no eido da industria 4.0 ou da Ris3.

6.- Compromiso de resolver as solicitudes de licenzas de obra maior nas que o petionario sexa unha empresa ou un autónomo para a construción dunha edificación destinada á primeira implantación dunha actividade, nun prazo máximo de 30 días naturais dende que o concello dispón da documentación completa e de todos os informes sectoriais preceptivos.

7.- En materia de solo empresarial, aqueles concellos que sexan titulares deste tipo de solo, adoptan o compromiso de fixar prezos competitivos das parcelas establecendo bonificacións sobre os mesmos que variarán segundo a zona do territorio onde estean ubicados.

Así mesmo, comprométense a incorporar e ofrecer ás empresas a posibilidade de acudir á figura xurídica do dereito de superficie nos termos regulados no artigo 53.1 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.

8.- En relación coa bonificación potestativa de ata o 95% no IBI; IAE ou ICIO para supostos declarados en especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, estableceranse os seguintes tramos:

- Ata 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballos

- Cando menos o 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballos
- Cando menos o 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballos

9.- *As medidas de carácter fiscal comprometidas deberán manterse cando menos tres exercicios orzamentarios."*

A **cláusula terceira** do Protocolo adicada aos compromisos da Xunta de Galicia dispón:

Os concellos que se acollan á iniciativa "Doing Business Galicia" veranse beneficiados das diferentes medidas que vai promover a Xunta de Galicia coa finalidade de alcanzar o obxectivo de favorecer e fomentar a implantación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. En concreto:

1.- *A Xunta de Galicia establecerá unha discriminación positiva a favor de aqueles concellos solicitantes de subvencións destinadas a investimentos e gastos nos eidos industrial, do emprego e do emprendemento, cando as mesmas sexa convocadas en réxime de concorrencia competitiva por calquera consellería ou entidade pertencente ao sector público autonómico de Galicia, mediante a regulación nas bases da convocatoria dun criterio específico neste sentido no que o baremo de puntuación supoña, cando menos, o 20 por 100, do total.*

2.- *Os concellos adheridos a este protocolo poderán integrar o solo industrial da súa titularidade no Observatorio de Solo Empresarial creado pola Xunta de Galicia co fin de centralizar a información relativa á oferta de inmobles empresariais (naves, parcelas, oficinas, viveiros de empresas...), e ofrecer ás empresas e emprendedores unha localización en Galicia para o desenvolvemento da súa actividade.*

3.- *Creación dunha marca territorial, asociada á Oficina Doing Business, como plataforma de colaboración para reducir as cargas administrativas ás empresas e que funcione a modo de xanela única. Os adheridos ao protocolo adquirirán, a condición de "Concello Doing Business Galicia", o que suporá un reforzo do posicionamento global do concello con respecto aos non integrados nesta marca territorial, e indentificará os activos tanxibles e intanxibles que posúe Galicia en xeral, e os seus diferentes municipios en particular, e que lles garanten diferenciarse doutros territorios.*

A **cláusula quinta** establece o réxime xurídico do Protocolo , indicando que se limita a establecer as pautas de actuación sobre unha cuestión de interese común para as partes asinantes, tratándose dun acordo programático ou declarativo e sen eficacia obrigacional, cuxo cumprimento non é susceptible de ser esixido xuridicamente.

- Con data **13 de decembro de 2017** foi asinada unha **Addenda ao Protocolo Xeral de Actuación entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP** para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa "CONCELLOS DOING BUSINESS



Concello de Vigo

GALICIA", logo de que a FEGAMP, en reunión ordinaria da súa Comisión Executiva celebrada o 15 de novembro de 2017, acordase solicitarlle á Xunta de Galicia que a adopción dos acordos por parte de cada Concello derivados do disposto nos apartados 4 e 5 da cláusula segunda anteriormente transcrita teñan carácter voluntario, así como facer extensiva a posibilidade de incluír nos mesmos "os beneficios fiscais que sexan aplicables" a maiores dos supostos de non suxeición xa mencionados.

E polo exposto, acordan que a redacción dos apartados 4 e 5 da cláusula segunda Protocolo xeral de actuación entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa Concellos Doing Bussines Galicia" quede como segue:

"4.- Taxa pola prestación de servizos urbanísticos ou equivalente: poderán establecer os beneficios fiscais que sexan aplicables ou a non suxeición a esta taxa dos autónomos e empresas que soliciten licenza de obra ou verificación "a posteriori" de comunicación previa para levar a cabo a súa implantación no termo municipal, así como para a ampliación dun establecemento empresarial xa existente sempre que conleve a creación de novos postos de traballo, cando o seu código CNAE corresponda a algunha actividade económica das incluídas no eido da industria 4.0 ou da Ris3.

5.- Taxa pola apertura de establecementos: poderán establecer os beneficios fiscais que sexan aplicables ou a non suxeición a esta taxa dos autónomos e empresas que soliciten licenza de apertura ou verificación "a posteriori" para levar a cabo a súa implantación no termo municipal, así como para a ampliación dun establecemento empresarial xa existente sempre que conleve a creación de novos postos de traballo, cando o seu código CNAE corresponda a algunha actividade económica das incluídas no eido da industria 4.0 ou da Ris3.

O resto das cláusulas mantéñense invariables."

III.- No artigo 24 da ORDE do 27 de decembro de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, establécense os Criterios de valoración dos proxectos:

"1. Na valoración dos proxectos de obradoiros duais de emprego teranse en consideración os seguintes criterios:

a) Que o proxecto conteña actividades relacionadas co fomento das TIC e a economía dixital, ata un máximo de 10 puntos. O total dos puntos dividírase entre o número de especialidades impartidas. Os puntos que corresponden a cada especialidade outorgáranse cando o seu obxecto principal estea comprendido no ámbito das TIC ou da economía dixital. Se esta dedicación so afecta a parte da formación da especialidade, distribuíranse en función das horas que correspondan a ditas materias.

b) Accións formativas dirixidas á obtención de certificados de profesionalidade, ata 8 puntos, de acordo cos seguintes criterios:

– Impartición de todos os módulos conducentes á obtención de certificados de profesionalidade nivel 1: un certificado (1 punto), por dous ou máis certificados (3 puntos).

– Impartición de todos os módulos conducentes á obtención de certificados de profesionalidade nivel 2: un certificado (3 puntos), por dous ou máis certificados (5 puntos).

– Impartición de todos os módulos conducentes á obtención de certificados de profesionalidade nivel 3: un certificado (5 puntos), por dous ou máis certificados (8 puntos).

c) Calidade do proxecto, atendendo ás actuacións que se van a realizar e a súa adecuación para a cualificación e adquisición de experiencia profesional do alumnado-traballador e dos beneficios sociais que se preveza xerar, ata 6 puntos, de acordo cos seguintes criterios:

– Proxectos considerados de baixa calidade: 0 puntos.

– Proxectos considerados de calidade media: ata 3 puntos.

– Proxectos considerados de alta calidade: ata 6 puntos.

d) Programa de incentivos á contratación laboral temporal do colectivo participante á finalización dos obradoiros. Valorarase que as entidades promotoras desenvolvan un programa de inserción laboral das persoas participantes que rematen o obradoiro con resultado de apto/a, a través da publicación dunha convocatoria de incentivos á contratación laboral temporal por conta allea durante un mínimo de 3 meses a xornada completa en empresas para ocupacións do ámbito das materias impartidas e no ámbito territorial dos obradoiros duais de emprego. Porase a disposición na sede electrónica un anexo V como modelo orientativo de convocatoria. Valorarase cun máximo de 20 puntos, en función dos compromisos de solicitude de incentivos á contratación temporal asinados por parte do tecido empresarial directamente relacionado co ámbito de formación do obradoiro dual de emprego, seguindo o modelo do anexo IV. Cada persoa solicitada nos compromisos de solicitude valorarase con 1 punto.

e) Proxectos promovidos por un concello resultante da fusión de dous ou máis nos 10 anos anteriores á data de publicación da orde: 30 puntos.

f) Proxectos promovidos por dous ou máis concellos agrupados: 10 puntos. A puntuación deste criterio é incompatible coa indicada no punto anterior.

g) Para concellos que concorran agrupados valórase a media do paro rexistrado no ano natural inmediatamente anterior ao da convocatoria no conxunto do ámbito territorial dos concellos agrupados de acordo coa seguinte escala:

– Media de paro entre 1.500 e 3.000 persoas: 3 puntos.

– Media de paro entre 3.001 e 4.500 persoas: 6 puntos.

– Media de paro de mais de 4.500 persoas: 10 puntos.



Concello de Vigo

A puntuación deste criterio é incompatible coa indicada no punto e).

h) Concellos que teñan a condición de «Concello Emprendedor-Concello Doing Business Galicia» acreditado segundo o disposto no artigo 18.2.f) (20 puntos). No caso de que a solicitude estea presentada conxuntamente por agrupación de concellos baixo calquera fórmula (agrupación, asociación, mancomunidade, ...) outorgarase a puntuación en función da porcentaxe de concellos que teñan tal condición.

i) Achegas da entidade promotora ou doutras entidades colaboradoras, que deberán estar certificadas pola persoa titular da intervención ou cargo equivalente da entidade promotora, especialmente cando estas achegas diminúan a subvención que poida conceder a Consellería de Economía, Emprego e Industria, ata 3 puntos. Para ese efecto, terase en conta o esforzo investidor en cada caso, de acordo coa seguinte escala:

– Proxectos nos que a achega económica das promotoras estea comprendida entre 5.000 e 20.000 euros: 1 punto.

– Proxectos nos que a achega económica das promotoras estea comprendida entre 20.001 e 45.000 euros: 2 puntos.

– Proxectos nos que a achega económica das promotoras sexa superior a 45.000 euros: 3 puntos.

j) Entidades solicitantes que non promovesen proxectos de obradoiros de emprego durante os catro anos inmediatamente anteriores: 3 puntos.

2. Para o caso de que se produza un empate nas puntuacións obtidas, terán preferencia aquelas solicitudes nas que se utilice a lingua galega na elaboración e na realización dos proxectos. No caso de que se manteña o empate concederase a axuda atendendo á orde de presentación da solicitude.

3. O número máximo de alumnado para a formación e prácticas profesionais dos obradoiros duais de emprego que se financien con cargo á presente orde de convocatoria será de 20. Así mesmo, o número máximo de incentivos á contratación laboral por obradoiro dual de emprego a financiar con cargo á presente orde de convocatoria será de 20.”

IV. Cualificación do Concello de Vigo coma “CONCELLO EMPRENDEDOR”:

Documéntanse a continuación as medidas desenvolvidas polo Concello de Vigo coma “**Concello Emprendedor**” por mor da súa implicación de xeito directo no fomento da implantación e fixación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia dende hai case dúas décadas:

1º.- O Concello-Pleno, a proposta da Concellería de Emprego, na súa sesión de data **5 de xuño de 2000**, aprobou o Plan Municipal de Emprego 2000-2003. Dito plan contemplaba,

entre outras medidas, as axudas á creación de empresas, ben a través de subvención directa ou ben a través de bonificacións en determinados impostos municipais, e recollía o concepto de *Proxecto Empresarial de Interese Municipal (PEIM)*.

2º.- A Comisión de Goberno, en sesión do **04 de setembro de 2000**, acordou a incorporación ás Ordenanzas Fiscais para o ano 2001 de bonificacións fiscais en determinados *impostos e taxas municipais*, para aqueles proxectos declarados de interese municipal (proxectos PEIM), independentemente da súa forma xurídica, que teñan domicilio no ámbito territorial do Concello de Vigo.

3º.- O Plan Municipal de Emprego 2008-2011, aprobado en sesión plenaria da Corporación Municipal de data **29 de abril de 2008**, segue a contemplar o apoio municipal aos Proxectos Empresariais de Interese Municipal (PEIM).

4º.- A **Xunta de Goberno Local**, na sesión ordinaria do **14/03/2011**, aprobou as **Bases reguladoras para a cualificación dos proxectos empresariais de interese municipal-PEIM** (expte. 8053/77), nas que se delimitan as características, requisitos e procedemento de cualificación desta figura, en liña coas Iniciativas Locais de Emprego da Xunta de Galicia, pero exclusivamente xeradas e apoiadas economicamente no ámbito municipal (artigo 2.b) do capítulo I, do Decreto 9/2000, do 12 de xaneiro, polo que se regulan as iniciativas locais de emprego)

- Dacordo co disposto no artigo 1 das bases reguladoras:

Poderán te-la consideración de proxectos PEIM, aqueles proxectos empresariais, independentemente da súa forma xurídica, co seu domicilio fiscal e social no ámbito territorial do Concello de Vigo, e que teñan por obxecto:

- Fomentar a posta en marcha de actividades consideradas innovadoras, emerxentes ou novos filóns de emprego, ou ben,*
- 2-O autoemprego de colectivos específicos que se constitúan como empresarios, como un dos medios mais axeitados para a súa integración laboral.*

- Os referidos proxectos empresariais, para que poidan ser cualificados como de interese municipal, deberán cumpri-los seguintes requisitos (artigo 2):

- 15-Proxectos empresariais que reúnan as condicións de viabilidade e que xeren cando menos un posto de traballo estable.*
- 16-Que se trate de empresas privadas de nova creación ou empresas xa constituídas que incorporen aspectos innovadores na súa actividade ou nunha nova actividade.*
- 17-Que os seus promotores pertencen algún dos colectivos especificados no artigo 3º, ou ben que o obxecto da iniciativa empresarial estea comprendido nalgunha das actividades indicadas no artigo 4º das presentes bases.*
- 18-Que vaian desenvolver-la súa actividade maioritariamente no ámbito territorial do Concello de Vigo, e teñan o seu domicilio fiscal e social no mesmo.*
- 19-Acadar a puntuación mínima requirida, segundo os criterios de avaliación que se especifican no artigo 5º.*



Concello de Vigo

- O artigo 5º reflicte os Criterios de avaliación:

Todos aqueles proxectos susceptibles de ser cualificados como proxectos PEIM, terán que acadar unha puntuación mínima de 70 puntos (condición necesaria, aínda que non suficiente para poder ser cualificado como proxecto PEIM), unha vez aplicada a táboa de valoración indicada, ó aplicar os seguintes criterios:

- *Colectivo/s ó/s que pertence/n o/s promotor/es do proxecto ou os socios e no caso das empresas xa constituídas relevancia na industria local.*
- *Actividade ou obxecto social da nova empresa e no caso de empresas xa constituídas as novas actividades que van a desenvolver. Neste ámbito valorarase as actividades vencelladas a sectores emerxentes ou novos filóns de emprego.*
- *Situación de desemprego dos promotores (tempo de permanencia nesta situación, segundo certificado de vida laboral) da nova empresa e de ser unha empresa xa constituída terase en conta a situación e tempo de permanencia no Concello.*
- *Natureza innovadora do proxecto, que optimicen os recursos infrautilizados ou ociosos no ámbito territorial no que van desenvolver-la súa actividade.*
- *Número de empregos estables creados e colectivos que se vaian contratar, tanto a xornada completa como a tempo parcial, por un período mínimo de 2 anos, valorándose especialmente a contratación de colectivos con especiais dificultades de inserción laboral. No caso das empresas xa constituídas valorarase as novas contratacións sempre e cando se produza un aumento da plantilla estable respecto o ano anterior.*
- *Interese do proxecto para a dinamización socio-económica da zona, tendo en conta así mesmo a ubicación do seu domicilio social (actividades turísticas ou de outro ámbito, que requiran un impulso para o seu fomento).*
- *Forma xurídica da empresa cualificada como proxecto "PEIM", dándolle prioridade ás empresas de economía social, co obxecto de incentivar e fomentar as mesmas e, por ende, o asociacionismo laboral.*
- *Contía do investimento que se vai levar a cabo no seu conxunto, e máis en concreto en activo fixo. No financiamento do mesmo terase en conta o ratio financiamento alleo fronte a financiamento propio. No caso de ser empresas xa constituídas terase en conta a contía do investimento necesario para a implantación da/s nova/s actividade/s.*
- *Experiencia laboral e formación dos promotores no sector no que van desenvolver a actividade, e que vai constituí-lo obxecto social da súa empresa. No caso de ser empresas xa constituídas valorarase os coñecementos e a experiencia dos socios nesa/s nova/s actividade/s.*

Os criterios 1) e 2) valoraranse de 0 a 20 puntos.
O criterio 5) valorarase de 0 a 15 puntos.
Os criterios 4), 6) e 8) valoraranse de 0 a 10 puntos.
Os criterios 3), 7) e 9) valoraríanse de 0 a 5 puntos.

5º.- As vixentes **Ordenanzas Fiscais do 2020**, coas últimas modificacións publicadas no BOPPO número 217, do martes, 12 de novembro de 2019, contemplan as seguintes medidas para fomento da implantación e fixación de empresas no territorio (https://sede.vigo.org/expedientes/sede_textos/texto.jsp?idt=concellodixital11&lang=ga):

- Ordenanza Fiscal nº 4 Reguladora do Imposto de Actividades Económicas:
 - *artigo 5.1: “Están exentos do imposto: (...)*
 - b) Os suxeitos pasivos que inicien o exercicio da súa actividade en territorio español, a partir do un de xaneiro de 2003, durante os dous primeiros períodos impositivos deste imposto en que se desenvolva a mesma.*
 - *- artigo 6.1: “Os suxeitos pasivos que inicien o exercicio dunha actividade empresarial cualificada polo Concello como proxecto empresarial de interese municipal (PEIM), e tributen por cota municipal, gozarán, trala exención regulada no artigo 5.1.b) desta Ordenanza, durante os cinco exercicios seguintes dunha bonificación na cota do 50%”.*
 - *- artigo 6.5: “Os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e incrementen nun 10%, ou porcentaxe superior, o promedio da súa plantilla de traballadores con contrato indefinido nos seus centros de traballo no municipio de Vigo, durante o período impositivo anterior, terán unha bonificación do 35% na cota do Imposto”.*

- Ordenanza Fiscal nº 5 Reguladora do Imposto sobre construción, instalacións e obras:
 - *artigo 3.6. “As obras, construcións e instalacións necesarias para a posta en funcionamento dun proxecto empresarial de interese municipal (PEIM) enténdese de especial interese por concorrer a circunstancia de fomento emprego e gozarán dunha bonificación na cota deste imposto do 50%, de conformidade co disposto no artigo 103.2a) do RDL 2/2004. (...)”.*

- Ordenanza Fiscal nº 50 Reguladora dos dereitos e Taxas pola concesión de Licenzas de construcións, obras e instalacións e outros servizos urbanísticos:
 - *artigo 5.6: “Gozarán dunha bonificación do 75% das taxas relativas a obras de nova planta ou de reforma necesarias para iniciar unha actividade cualificada como proxecto empresarial de interese municipal (PEIM). (...)”.*

- Ordenanza Fiscal nº 51 Reguladora das Taxas por Licenzas de Actividades e Instalacións:



Concello de Vigo

- *artigo 6: “As cotas relativas á taxa de licenza de actividades e instalacións calculadas segundo o artigo 5 desta Ordenanza gozarán dunha bonificación do 75% cando a licenza solicitada corresponda a un proxecto empresarial de interese municipal (PEIM). (...)”.*

6º.- Segundo consta na aplicación informática da Xestión Municipal de Expedientes, a Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo tramita as comunicacións previas e as solicitudes de licenzas presentadas de acordo ao réxime legalmente establecido no *Capítulo II do Título VI de “Intervención na edificación e uso do solo” da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG)* - dacordo co procedemento de outorgamento do artigo 143 LSG e dentro dos prazos legalmente establecidos – tendo tramitado, en concreto, os seguintes Proxectos Empresariais Cualificados de Interese Municipal (PEIM) **nun prazo máximo de 30 días naturais** a contar desde que consta a documentación completa no rexistro do Concello:

- **“Residencia ASPANAEX”**: proxecto presentado pola “Asociación en favor de las Personas con Discapacidad Intelectual de la Provincia de Pontevedra” (ASPANAEX, G36605905), para a creación dunha residencia que dea resposta ás crecentes demandas de servizos de apoio á mellora da vida cotiá ás persoas con discapacidade intelectual, cualificado coma Proxecto Empresarial de Interese Municipal en data **8 de febreiro de 2018**, en expte. 14804-77.

A licenza de obras de reforma de residencia e centro de día solicitada o 06/02/2018, foi tramitada en expte. 95158/421, que logo da subsanación da documentación achegada foi informado favorablemente polos servizos técnicos municipais en data 24/04/2018 e pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia autorizando o centro en data 30/07/2018. E consta autorizada en data 09/08/2018,

- O **CENTRO LOXISTICO PORTO DE VIGO SOCIEDAD LIMITADA** (B27846773) achegou proxecto cualificado coma Proxecto Empresarial de Interese Municipal en data **27 de decembro de 2018** (Expte. 15783-77) para dar servizo ás diferentes empresas que traballan no sector do peixe conxelado no Norte de España e Portugal, téndose tramitado as comunicacións previas achegadas con nº de expediente 97392-421 e 100471-421.

- A **Residencia para persoas maiores** achegada por Thor Private Equistyspain S.L. (THOR SPAIN; B24583197) para dar servizo en función das necesidades das persoas maiores baixo o concepto de residencia activa, medio integrador entre a terceira idade e as xeracións precedentes dentro da área urbana de implantación, foi cualificada coma Proxecto Empresarial de Interese Municipal en data **15 de novembro de 2019**, en expte. 16.310/77.

A licenza de obras de derruba e de edificación, tramitada en exp. 97033/421, foi solicitada o 19/07/2018 e logo de sucesivas notificacións para subsanar a documentación achegada (finalmente achegada o 21/11/2018) foi informado favorablemente polos servizos técnicos municipais en datas 22/11/2018 e 26/11/2018. E en data 05/12/2018 consta autorizada a licenza de obras.

V. Os datos anteriormente reflectidos foron comunicados á Consellería de Emprego, Economía e Industria xunto coa solicitude para participar na convocatoria co código de procedemento TR353B da ORDE do 27 de decembro de 2019, achegando un Documento Anexo denominado **“ACREDITACIÓN DA CUALIFICACIÓN COMO CONCELLO-**

EMPREENDEDOR (art. 23.h)”, aos efectos da puntuación establecida no artigo 23.1.h), en recoñecemento ao Concello de Vigo da súa cualificación coma Concello Emprendedor por mor da súa labor de fomento da implantación e fixación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, dacordo cos compromisos esixidos na **cláusula segunda** polo **Protocolo** asinado o **10 de outubro de 2017** e a súa posterior Addenda do **13 de decembro de 2017**.

VI. Pero ademáis do anterior, son **outras as medidas adoptadas polo Concello de Vigo para o fomento da implantación e fixación de empresas no seu territorio**, que exceden das estritamente esixidas pola cláusula segunda do Protocolo de Actuación para que os concellos poidan participar na iniciativa “Doing Business Galicia”, e das que cómpre destacar as seguintes:

1º.- AXUDAS Á CREACIÓN DE EMPRESAS (cunha dotación orzamentaria anual de **70.000 €**):

O Concello de Vigo dando continuidade á súa actividade de fomento de emprego, como medida de apoio ás persoas emprendedoras da nosa cidade, ven desenvolvendo o Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas desde o ano 2000, co obxecto de reforzar as medidas de apoio ao emprendemento e fomento da implantación e fixación de empresas no seu territorio.

Poden concorrer a esta convocatoria pública as entidades e empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, as comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e as persoas que causen alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional constituídas no período comprendido na convocatoria que cumpran coas obrigas e os requisitos establecidos nas bases reguladoras.

Non poderán solicitar estas axudas as entidades sen ánimo de lucro nin as persoas físicas distintas do disposto no parágrafo anterior.

Esta convocatoria pretende colaborar dunha forma activa na xeración de emprego no municipio apoiando a posta en marcha de novos proxectos empresariais outorgando especial atención á situación social das persoas promotoras que creen o seu propio posto de traballo, dándose preferencia aos colectivos con maior dificultade de inserción no mundo laboral, e a creación de emprego, por conta propia ou allea.

2º.- SUBVENCÍONS PARA FOMENTO DO EMPRENDEMENTO E A CONSOLIDACIÓN EMPRESARIAL A TRAVÉS DO TRABALLO COLABORATIVO (cunha dotación orzamentaria anual de **35.000 €**):

Subvencións dirixidas a fomentar o emprego mediante o emprendemento e/ou a consolidación do mesmo, a través de axudas que se veñen convocando desde o ano 2016, para o aluguer de espazos en centros de coworking, de tal xeito que se mellore a colaboración entre empresas e/ou profesionais independentes doutras actividades, a fin de reducir custos de funcionamento e mellorar a información, formación, colaboración e a oferta de servizos empresariais.

3º.- SERVIZO DE ASESORAMENTO A EMPREENDEDORES VIGO EMPRENDE:



Concello de Vigo

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 1 de febreiro de 2018 acordou aprobar o expediente de "Prestación de servizos de asesoramento a PEMES e emprendedores dentro da Estratexia "DUSI Vigo Vertical", *VIGO EMPRENDE*, adxudicado en data 31 de maio de 2018 por un prezo total de **179.080 €**, tendo unha duración dun ano e sete meses sen posibilidade de prórroga.

O servizo Vigo Emprende ten por obxecto realizar tarefas de información, asesoramento, formación e apoio a emprendedores e pequenas e medianas empresas (PEMES). Con este servizo trátase tanto de promover novas iniciativas empresariais, encauzando os proxectos a través de información e formación, como de mellorar a través do asesoramento e formación a competitividade e sostenibilidade das pequenas e medianas empresas de carácter local que xa se atopan establecidas a fin de acadar as cotas de competitividade necesarias.

Debido á demanda das persoas usuarias do programa e á necesidade de seguir prestando un servizo de asesoramento e información a PEMES e emprendedores sustentada nos datos que reflicten os indicadores na cidade de Vigo, cunha tendencia claramente en ascenso, que tende a incrementarse mes a mes, e que ten acadado un alto nivel de satisfacción entre os seus usuarios (cunha nota media de 8,6 sobre 10), o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá ordenou en setembro de 2019 iniciar o expediente para a contratación dos servizos de Asesoramento a PEMES e emprendedores dentro da Estratexia DUSI (Vigo Vertical), mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, cun valor estimado de **621.457,82 €**, calculado para un período de execución de dous anos e unha posible prórroga de un ano.

4º.- AXUDAS Á CONTRATACIÓN (cunha dotación orzamentaria anual de 100.000 €):

A convocatoria do programa de axudas á contratación que se veñen convocando polo Concello de Vigo desde o ano 2000 teñen por obxecto servir de estímulo ao empresariado para a contratación de persoas desempregadas, e en concreto, as "AXUDAS Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO DA MOCIDADE VIGUESA" ven promovendo a contratación dos mozos e mozas do municipio de Vigo desde o ano 2014, para favorecer o emprego estable e facilitar ás persoas novas a súa primeira experiencia laboral que permita mellorar o seu grao de empregabilidade e aprendizaxe na contorna da empresa, a través dos seguintes programas de axudas:

A) Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa Indefinidos)

B) Programa de incentivos á contratación (Programa Contratacións)

FUNDAMENTOS DE DEREITO

· Requirimento previo de anulación/revogación (art. 44 LRXCA):

Contra a ORDE do 27 de decembro de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, procede interpoñer no prazo de dous meses a contar desde a súa publicación, requirimento potestativo fronte ao mesmo órgano que ditou a resolución, consonte ao previsto no artigo 44 da Lei 29/1988, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso

administrativa ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante a Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, dacordo coas seguintes consideracións xurídicas:

PRIMEIRO.- O Protocolo de Actuación carece de base legal para esixir os compromisos requiridos na súa cláusula segunda.

Tal e como o propio documento reflicte na súa *cláusula quinta* adicada ao *régime xurídico*, o Protocolo límitase "a establecer as pautas de actuación sobre unha cuestión de interese común para as partes asinantes, tratándose dun acordo programático ou declarativo e sen eficacia obligacional, cuxo cumprimento non é susceptible de ser esixido xuridicamente".

En materia tributaria (e de bonificacións tributarias) rexe un estrito principio de reserva de lei. Así, o artigo 8 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, establece que "Se regularán en todo caso por Ley:(...) d) El establecimiento, modificación, supresión y prórroga de las exenciones, reducciones, bonificaciones, deducciones y demás beneficios o incentivos fiscales.(...)" establecendo o artigo 14 que " No se admitirá la analogía para extender más allá de sus términos estrictos el ámbito del hecho imponible, de las exenciones y demás beneficios o incentivos fiscales."

A tenor do *régime xurídico* contemplado na cláusula quinta do Protocolo de Actuación, os compromisos exixidos na cláusula segunda para poder adquirir a cualificación de "Concello Doing Bussines Galicia" carecerían de base legal en aplicación dun estrito principio de reserva de lei.

Tras recoñecer a autonomía de Municipios e Provincias para a xestión dos seus respectivos intereses (artigos 137, 140 e 141), a Constitución Española (en diante CE) establece que as Facendas locais deben dispoñer de medios suficientes para o desempeño das funcións que a lei atribúe aos Entes Locais, debendo nutrirse fundamentalmente de tributos propios e de participacións nos do Estado e das Comunidades Autónomas (art. 142). Establécese así o principio de suficiencia financeira, que pode caracterizarse, de acordo coa xurisprudencia do Tribunal Constitucional, como orzamento ou garantía da autonomía local (véxanse, en tal sentido, as sentenzas do TC 104/2000, de 13 de abril e 48/2004, de 25 de marzo, nas que pode atoparse un detallado repaso á súa doutrina sobre o principio de suficiencia financeira das Facendas Locais).

En suma, aínda que suficiencia financeira non equivale a autofinanciación, a Constitución si que garante autonomía na decisión sobre os seus ingresos tributarios dentro dos límites establecidos na lei estatal, vetando ao regulador autonómico calquera intervención inxustificada sobre os mesmos.

O respecto a esta autonomía veta ao regulador autonómico da posibilidade de limitar pola vía dunha menor puntuación a aqueles concellos que non decidan adherirse a unha iniciativa autonómica que impón como requisito unha evidente limitación á autonomía local (de feito, o protocolo FEGAMP-Xunta establece como obriga da Xunta discriminar aos Concellos que non se adhiran). As medidas que se estiman adecuadas para promover a instalación de empresas no término municipal de Vigo véñense exercendo ininterrumpidamente por este Concello (e non só pola vía dos beneficios fiscais) desde hai case vinte anos, non aceptándose a intromisión inxustificada do regulador autonómico na configuración ou



Concello de Vigo

cuantificación das mesmas.

É por iso polo que consideramos que o outorgamento de 20 puntos aos concellos coa cualificación de "Concello Doing Bussines Galicia" e de 0 puntos aos concellos que carezan de dita acreditación, en aplicación do criterio de valoración do artigo 24.1.h) da convocatoria non poden, baixo ningún suposto, ser aplicados.

SEGUNDO.- O criterio de valoración do artigo 24.1.h) da dita Orde provoca un efecto distorsionador da concorrència respecto dos concellos que participan na convocatoria pública, que resulta claramente lesivo por provocar discriminación entre as entidades concorrentes e que atentaría aos principios xerais do artigo 8.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e do artigo 5.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

*A **cláusula terceira** do Protocolo adicada aos compromisos da Xunta de Galicia dispón que: Os concellos que se acollan á iniciativa "Doing Business Galicia" veranse beneficiados das diferentes medidas que vai promover a Xunta de Galicia coa finalidade de alcanzar o obxectivo de favorecer e fomentar a implantación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.*

E en concreto: 1.- A Xunta de Galicia establecerá unha discriminación positiva a favor de aqueles concellos solicitantes de subvencións destinadas a investimentos e gastos nos eidos industrial, do emprego e do emprendemento, cando as mesmas sexa convocadas en réxime de concorrència competitiva por calquera consellería ou entidade pertencente ao sector público autonómico de Galicia, mediante a regulación nas bases da convocatoria dun criterio específico neste sentido no que o baremo de puntuación supoña, cando menos, o 20 por 100, do total." (O subliñado é noso)

En aplicación da referida cláusula, o criterio de valoración do artigo 24.1.h) da Orde impugnada confire unha vantaxe aos Concellos adheridos á iniciativa Doing Bussines outorgando 20 puntos sobre un total de 100 aos Concellos cualificados pola administración autonómica coa "marca" creada no ano 2017 como "Concello Emprendedor- Concello Doing Bussines Galicia". E outorga 0 puntos aos que non dispoñan de dito título, polo que lonxe "de alcanzar o obxectivo de favorecer e fomentar a implantación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia" o que determina é unha clara discriminación, que non atende a ningunha finalidade lexítima e que non pondera o esforzo ou grao de implicación das entidades municipais en acadar o obxectivo de dita iniciativa Doing Bussines, senón da vontade de sometemento aos ditados da Administración autonómica para esixir uns compromisos en virtude dun mero Protocolo de Actuación sen base legal e que vulneran a autonomía local garantida constitucional e legalmente para tomar decisións sobre as súas políticas de ingresos e gastos.

Polo exposto, o criterio de valoración do artigo 24.1.h) da Orde resulta claramente lesivo por provocar discriminación entre as entidades concorrentes e atentaría aos principios xerais do artigo 8.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) de concorrència competitiva, obxectividade e igualdade á hora de distribuír os fondos públicos - cofinanciados cunha porcentaxe do 91,89 % pola Iniciativa de emprego xuvenil e o Fondo Social Europeo, xerando unha distorsión da concorrència.

E así mesmo vulneraría o esixido pola propia normativa aprobada pola Xunta de Galicia na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia cuxo ámbito de aplicación abrangue as subvencións establecidas ou xestionadas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades locais de Galicia.

A este respecto o artigo 3.2 da dita Lei autonómica dispón que serán de aplicación os principios de xestión contidos no artigo 5.2 da dita lei e os de información á que fai referencia o artigo 16 ás aportacións dinerarias sen contraprestación que realicen os demais entes vinculados ou dependentes da Xunta de Galicia e das entidades locais galegas. En todo caso, as aportacións gratuitas terán relación directa co obxecto da actividade contido na norma de creación ou nos seus estatutos. A concesión destas aportacións haberá de axustarse ás normas de procedementos elaboradas polas entidades en aplicación dos citados principios.

En identidade co establecido pola normativa estatal, o artigo 5.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño indica que a xestión das subvencións á que se refire a presente lei se realizará de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola administración outorgante.
- c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

A sentenza 264/2018, do 20 de febreiro (Rec. 3635/2015) ditada pola Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Supremo sinala o seguinte: << *Por otro lado, alega la parte actora alega el trato desigual establecido por la disposición entre sus beneficiarios, favoreciendo a las organizaciones empresariales en detrimento de los sindicatos, lo que a su juicio provoca discriminación y contraría los principios comúnmente aceptados en un proceso de concurrencia competitiva. Por ello sostiene que se vulneran los principios de concurrencia competitiva, objetividad, e igualdad, a la hora de distribuir el presupuesto entre entidades empresariales (60%) y sindicales (40%).*

A su juicio, ello vulneraría el [artículo 8. 3 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones](#) :

*Artículo 8 Principios generales
(.....)*

3. La gestión de las subvenciones a que se refiere esta ley se realizará de acuerdo con los siguientes principios:

- a) Publicidad, transparencia, concurrencia, objetividad, igualdad y no discriminación.*
- b) Eficacia en el cumplimiento de los objetivos fijados por la Administración otorgante.*
- c) Eficiencia en la asignación y utilización de los recursos públicos .*

El derecho a la igualdad, en su perspectiva de igualdad en la aplicación de la ley, tal como ha sido interpretado por el Tribunal Constitucional y el Tribunal Supremo, en doctrina pacífica y constante, proscrib e el tratamiento desigual de situaciones idénticas -dentro de la legalidad-, a menos que exista una justificación objetiva y razonable en la que fundamentar esa desigualdad de trato.



Concello de Vigo

Por ello, para poder apreciar la existencia de ese trato discriminatorio injustificado es imprescindible: 1) que el recurrente ofrezca un término de comparación idéntico, no simplemente semejante o análogo; 2) que la desigualdad de trato carezca de una justificación objetiva y razonable; 3) que, siempre y en todo caso, la actuación administrativa ofrecida como término de comparación sea legalmente irreprochable.”

A STC 10.11.88 (Pte. Sr. Truyol Serra) sinala que: “Sobre las exigencias que la igualdad impone en la creación del Derecho - igualdad en la ley- existe una muy amplia doctrina de este Tribunal, que puede sintetizarse ahora recordando que para que las diferenciaciones normativas pueden considerarse no discriminatorias “resulta indispensable que exista una justificación objetiva y razonable, de acuerdo con criterios y juicios de valor generalmente aceptados, cuya exigencia deba aplicarse en relación con la finalidad y efectos de la medida considerada, debiendo estar presente, por ello, una razonable relación de proporcionalidad entre los medios empleados y la finalidad perseguida, y dejando en definitiva al legislador, con carácter general, la apreciación y tratar desigualmente”(STC [75/1983](#), f. j. 2º).

Neste sentido, se ben a medida para fomento da implantación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma pode considerarse lexítima, obxectiva e razoable, o que non é razoable é a inexistencia de toda relación de proporcionalidade nos medios empregados e a finalidade perseguida, porque a Iniciativa Doing Bussines Galicia non pondera as medidas adoptadas polas entidades municipais coma Concellos Emprendedores, senón unicamente se ditas entidades teñen implementado os compromisos esixidos por un mero Protocolo de Actuación, que determina o outorgamento, de ser o caso, dun certificado ou diploma coa cualificación de Concello Doing Bussines Galicia; documento que determina automaticamente o outorgamento ás ditas entidades concorrentes á convocatoria de subvencións, de 20 puntos sobre un total de 100 en aplicación do criterio de valoración do artigo 24.1.h).

Polo exposto, consideramos lesiva aos intereses municipais a Orde obxecto da presente impugnación porque tan contraria ao principio de igualdade é a norma que diversifica por un mero voluntarismo selectivo como aqueloutra que, atendendo á consecución dun fin lexítimo, configura un suposto de feito, ou as consecuencias xurídicas que se lle imputan, en desproporción patente con aquel fin, ou sen atención ningunha a esa necesaria relación de proporcionalidade.

Isto é, trátase dunha cuestión de razoabilidade e proporcionalidade en relación coa finalidade da iniciativa aprobada.

Neste sentido, a *discriminación positiva* establecida pola Xunta de Galicia a favor *daqueles concellos solicitantes de subvencións destinadas a investimentos e gastos nos eidos industrial, do emprego e do emprendemento, cando as mesmas sexa convocadas en réxime de concorrencia competitiva por calquera consellería ou entidade pertencente ao sector público autonómico de Galicia, mediante a regulación nas bases da convocatoria dun criterio específico neste sentido no que o baremo de puntuación supoña, cando menos, o 20 por 100 do total*, resulta claramente discriminatorio e desproporcionado, porque unicamente persigue premiar a aqueles concellos que asumisen os compromisos esixidos pola Xunta de Galicia para acadar a súa “marca”, pero non ten en conta nin garda proporción ningunha coa baremación que, de ter en conta outras medidas para acadar a mesma finalidade, poderían aca-

dar en tal concepto outros Concellos coma Vigo, pola súa labor de fomento do emprendemento e implantación de empresas no seu territorio.

CONCLUSIÓN:

En síntese, a fundamentación do presente requirimento se podería sintetizar nos seguintes motivos esencialmente:

1º.- A documentación esixida polo artigo 18.2.f) da Orde que resulta necesaria para acadar a puntuación do artigo 24.1.h), provoca unha transmutación dun mero distintivo ao que calquera concello podería acollerse voluntariamente nun requisito determinante para acadar a subvención, toda vez que outorga case a cuarta parte da puntuación total, producindo unha clara distorsión da concorrencia competitiva.

2º.- A iniciativa “Doing Bussines Galicia” - estranxeirismo innecesario, que non emprega ningún dos idiomas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia nin engade valor ningún - atenta ao debido respecto que esixen as relacións interadministrativas no lícito exercicio por cada unha das administracións para desenvolver libremente as súas competencias, sen ter que soportar inxerencias doutros entes na autonomía garantía constitucionalmente para desenvolver as súas políticas públicas, na que cabería encadrar a dita iniciativa “Doing Bussines Galicia” pola que a Xunta de Galicia considera a imposición dun ou doutro tipo tributario como mérito ou demérito para outogar unha vantaxe aos concellos adheridos.

Polo exposto, o alcance da revogación se limitaría ao art. 24.1.h) da Orde impugnada, e non á súa totalidade, considerando que é éste precepto o que introduce un factor discriminatorio que vulnera o art. 14 da CE e os principios xerais do artigo 8 da LXS e 5 da LSG, desde a perspectiva da prohibición de discriminación que, neste caso, se produce entre os concellos concorrentes á convocatoria e que carecen do certificado ou diploma de “Concello Emprendedor-Concello Doing Bussines Galicia”.

Polo que, na súa virtude, se require que se deixe sen efecto o outorgamento dos 20 puntos concedidos polo artigo 24.1.h) por discriminación positiva aos concellos coa cualificación de “Concello emprendedor-Concello Doing Business”, que deberá entenderse suspendida en tanto non se dea resposta ao presente requirimento.

É competente para formular este requirimento a Xunta de Goberno Local, de acordo co previsto no Art. 127.1.j] da LRBRL (L.7/1985) e no Apdo. Primeiro Pto. 1.3 da Resolución da Alcaldía – Presidencia do 18.06.2019 de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local, segundo a que correspóndelle a este órgano colexiado o «*exercicio de accións xudiciais e administrativas na materia das atribucións delegadas*».

En base ao exposto, elévase a Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO



Concello de Vigo

ÚNICO: Interpoñer, consonte ao disposto no art. 44 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa REQUIRIMENTO DE ANULACIÓN OU REVOGACIÓN CON CARÁCTER PREVIO Á INTERPOSICIÓN DE RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO contra a ORDE do 27 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código do procedemento TR353A) e, na súa virtude, se deixe sen efecto o outorgamento dos 20 puntos concedidos polo artigo 24.1.h) por discriminación positiva aos concellos coa cualificación de "Concello emprendedor-Concello Doing Business", que deberá entenderse suspendida en tanto non se dea resposta ao presente requirimento.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(156).- REQUIRIMENTO PREVIO DE ANULACIÓN OU REVOGACIÓN CON CARÁCTER PREVIO Á INTERPOSICIÓN DE RCA CONTRA A ORDE DO 27 DE DECEMBRO DE 2019 QUE ESTABLECE AS BASES REGULADORAS DAS AXUDAS E SUBVENCIÓNS PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS DE EMPREGO PARA PERSOAS MOZAS INCLUÍDAS NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL (FORMACIÓN E APRENDIZAXE) NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA - ANO 2020 (CÓD.PROCEDEMENTO TR353B). EXPTE. 17090/77.

Dáse conta do informe-proposta do 24/02/2020, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (Resolución do 23/10/19), o concelleiro-delegado de Emprego e conformado polo letrado asesor xefe da Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- No **DOG Núm. 13, do Martes, 21 de xaneiro de 2020**, consta publicada a **ORDE do 27 de decembro de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria**, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de Programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento TR353B).

Esta convocatoria enmárcase dentro do Programa operativo de emprego xuvenil 2014-2020, número CCI2014ES05M90P001, cofinanciado cunha porcentaxe do 91,89 % pola Iniciativa de emprego xuvenil e o Fondo Social Europeo, en particular:

– Eixe 5. Integración sustentable no mercado de traballo das persoas mozas que non se atopan empregadas, nin participan en actividades de educación e formación, en particular no contexto da garantía xuvenil.

– Prioridade de investimento 8.2. Integración sustentable no mercado de traballo das persoas mozas que non se atopan empregadas, nin participan en actividades de educación nin formación, así como a mocidade que corre o risco de sufrir exclusión social e a procedente de comunidades marxinadas, en particular no contexto da garantía xuvenil.

– Obxectivo específico 8.2.2. Reforzar a empregabilidade e as competencias profesionais das persoas mozas non ocupadas e non integradas nos sistemas de educación ou formación.

– Medida 8.2.2.5. Programa escolas obradoiro e casas de oficios e programas mixtos de emprego-formación.

II. O artigo 17 da ORDE do 27 de decembro de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, determina a *Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento*, indicando no seu apartado 2.e) :

“e) Se é o caso, documentación acreditativa de adhesión ao convenio “Doing Business Galicia”: certificado conxunto da Fegamp e da Xunta de Galicia, expedido con anterioridade ao remate do prazo de presentación de solicitudes, no que se acredite a proposta de habilitación do concello como “Concello Emprendedor-Concello Doing Business” ou diploma no que se acredita como “Concello Emprendedor-Concello Doing Business”. “

II. O Protocolo Xeral de Actuación entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa “CONCELLOS DOING BUSINESS GALICIA”, ten por obxecto establecer un marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e as diferentes administracións locais de Galicia, de xeito que poidan implicarse de maneira directa no fomento da implantación e fixación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a posta en marcha da iniciativa **“Concellos Doing Business Galicia”**.

- O procedemento de adhesión implica:

1º.- Manifestar o desexo de adhesión mediante adopción dun acordo de órgano colexiado ou decreto de Alcaldía

2º.- Unha vez que os concellos leven a pleno a aprobación inicial da modificación das Ordenanzas e procedan á súa publicación no BOP, cómpre remitir á FEGAMP para favorecer o seguimento do expediente.

3º.- Remitir o acordo de aprobación definitiva das ordenanzas e a súa publicación no BOP.

4º.- Reunión da Comisión Técnica de Seguimento para análise da proposta de habilitación daqueles concellos que cumpran os requisitos.

5º.- Remisión do certificado “concello emprendedor” asinado polo presidente da FEGAMP e da Xunta de Galicia ao concello solicitante.

- O **Protocolo** asinado o **10 de outubro de 2017** entre o presidente da Xunta de Galicia e o presidente da FEGAMP reflicte na súa **cláusula segunda** os compromisos dos Concellos



Concello de Vigo

para que poidan participar na iniciativa "Doing Business Galicia" mediante a adopción das seguintes medidas:

1.- *Imposto sobre bens inmobles: aprobar mediante acordo plenario unha modificación da ordenanza fiscal reguladora deste imposto que estableza unha bonificación potestativa de ata o 95% da cota íntegra do imposto a favor de inmobles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 74.2 quáter do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.*

2.- *Imposto sobre actividades económicas: aprobar mediante acordo plenario unha modificación da ordenanza fiscal reguladora deste imposto no que se estableza unha bonificación de ata o 95 por cento da cota correspondente para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración, regulada no artigo 88.2 letra e) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.*

3.- *Imposto sobre construcións, instalacións e obras: aprobar mediante acordo plenario unha modificación da ordenanza fiscal reguladora deste imposto no que se estableza unha bonificación potestativa de ata o 95% para as construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 103.2 a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.*

4.- *Taxa pola prestación de servizos urbanísticos ou equivalente: aprobar mediante acordo plenario o establecemento á non suxeición a esta taxa dos autónomos e empresas que soliciten licenza de obra ou verificación "a posteriori" de comunicación previa para levar a cabo a súa implantación no termo municipal, así como para a ampliación dun establecemento empresarial xa existente sempre que conleve a creación de novos postos de traballo, cando o seu código CNAE corresponda a algunha actividade económica das incluídas no eido da industria 4.0 ou da Ris3.*

5.- *Taxa pola apertura de establecementos: aprobar mediante acordo plenario o establecemento á non suxeición a esta taxa dos autónomos e empresas que soliciten licenza de apertura ou verificación "a posteriori" para levar a cabo a súa implantación no termo municipal, así como para a ampliación dun establecemento empresarial xa existente sempre que conleve a creación de novos postos de traballo, cando o seu código CNAE corresponda a algunha actividade económica das incluídas no eido da industria 4.0 ou da Ris3.*

6.- *Compromiso de resolver as solicitudes de licenzas de obra maior nas que o petionario sexa unha empresa ou un autónomo para a construción dunha edificación destinada á primeira implantación dunha actividade, nun prazo máximo de 30 días naturais dende que o concello dispón da documentación completa e de todos os informes sectoriais preceptivos.*

7.- *En materia de solo empresarial, aqueles concellos que sexan titulares deste tipo de solo, adoptan o compromiso de fixar prezos competitivos das parcelas establecendo bonificacións sobre os mesmos que variarán segundo a zona do territorio onde estean ubicados.*

Así mesmo, comprométense a incorporar e ofrecer ás empresas a posibilidade de acudir á figura xurídica do dereito de superficie nos termos regulados no artigo 53.1 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.

8.- *En relación coa bonificación potestativa de ata o 95% no IBI; IAE ou ICIO para supostos declarados en especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, estableceranse os seguintes tramos:*

- *Ata 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballos*
- *Cando menos o 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballos*
- *Cando menos o 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballos*

9.- *As medidas de carácter fiscal comprometidas deberán manterse cando menos tres exercicios orzamentarios."*

A **cláusula terceira** do Protocolo adicada aos compromisos da Xunta de Galicia dispón:

Os concellos que se acollan á iniciativa "Doing Business Galicia" veranse beneficiados das diferentes medidas que vai promover a Xunta de Galicia coa finalidade de alcanzar o obxectivo de favorecer e fomentar a implantación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. En concreto:

1.- *A Xunta de Galicia establecerá unha discriminación positiva a favor de aqueles concellos solicitantes de subvencións destinadas a investimentos e gastos nos eidos industrial, do emprego e do emprendemento, cando as mesmas sexa convocadas en réxime de concorrencia competitiva por calquera consellería ou entidade pertencente ao sector público autonómico de Galicia, mediante a regulación nas bases da convocatoria dun criterio específico neste sentido no que o baremo de puntuación supoña, cando menos, o 20 por 100, do total.*

2.- *Os concellos adheridos a este protocolo poderán integrar o solo industrial da súa titularidade no Observatorio de Solo Empresarial creado pola Xunta de Galicia co fin de centralizar a información relativa á oferta de inmobles empresariais (naves, parcelas,*



Concello de Vigo

oficinas, viveiros de empresas...), e ofrecer ás empresas e emprendedores unha localización en Galicia para o desenvolvemento da súa actividade.

3.- Creación dunha marca territorial, asociada á Oficina Doing Business, como plataforma de colaboración para reducir as cargas administrativas ás empresas e que funcione a modo de xanela única. Os adheridos ao protocolo adquirirán, a condición de “Concello Doing Bussines Galicia”, o que suporá un reforzo do posicionamento global do concello con respecto aos non integrados nesta marca territorial, e indentificará os activos tanxibles e intanxibles que posúe Galicia en xeral, e os seus diferentes municipios en particular, e que lles garanten diferenciarse doutros territorios.

*A **cláusula quinta** establece o réxime xurídico do Protocolo , indicando que se limita a establecer as pautas de actuación sobre unha cuestión de interese común para as partes asinantes, tratándose dun acordo programático ou declarativo e sen eficacia obligacional, cuxo cumprimento non é susceptible de ser esixido xuridicamente.*

- Con data 13 de decembro de 2017 foi asinada unha **Addenda ao Protocolo Xeral de Actuación entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP** para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa "CONCELLOS DOING BUSINESS GALICIA", logo de que a FEGAMP, en reunión ordinaria da súa Comisión Executiva celebrada o 15 de novembro de 2017, acordase solicitarlle á Xunta de Galicia que a adopción dos acordos por parte de cada Concello derivados do disposto nos apartados 4 e 5 da cláusula segunda anteriormente transcrita teñan carácter voluntario, así como facer extensiva a posibilidade de incluír nos mesmos “os beneficios fiscais que sexan aplicables” a maiores dos supostos de non suxeición xa mencionados.

E polo exposto, acordan que a redacción dos apartados 4 e 5 da cláusula segunda Protocolo xeral de actuación entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa Concellos Doing Bussines Galicia” quede como segue:

“4.- Taxa pola prestación de servizos urbanísticos ou equivalente: poderán establecer os beneficios fiscais que sexan aplicables ou a non suxeición a esta taxa dos autónomos e empresas que soliciten licenza de obra ou verificación “a posteriori” de comunicación previa para levar a cabo a súa implantación no termo municipal, así como para a ampliación dun establecemento empresarial xa existente sempre que conleve a creación de novos postos de traballo, cando o seu código CNAE corresponda a algunha actividade económica das incluídas no eido da industria 4.0 ou da Ris3.

5.- Taxa pola apertura de establecementos: poderán establecer os beneficios fiscais que sexan aplicables ou a non suxeición a esta taxa dos autónomos e empresas que soliciten licenza de apertura ou verificación “a posteriori” para levar a cabo a súa implantación no termo municipal, así como para a ampliación dun establecemento empresarial xa existente sempre que conleve a creación de novos postos de traballo, cando o seu código CNAE corresponda a algunha actividade económica das incluídas no eido da industria 4.0 ou da Ris3.

O resto das cláusulas mantéñense invariables.”

III.- No artigo 23 da ORDE do 27 de decembro de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, establécense os seguintes Criterios de valoración dos proxectos:

“1. Na valoración dos proxectos destes programas de emprego teranse en consideración os seguintes criterios:

a) Que o proxecto conteña actividades relacionadas co fomento das TIC e a economía dixital, ata un máximo de 14 puntos. O total dos puntos dividirase entre o número de especialidades impartidas. Os puntos que corresponden a cada especialidade outorgaranse cando o seu obxecto principal estea comprendido no ámbito das TIC ou da economía dixital. Se esta dedicación so afecta a parte da formación da especialidade, distribuiranse en función das horas que correspondan as ditas materias.

b) Accións formativas dirixidas á obtención de certificados de profesionalidade, ata 10 puntos, de acordo cos seguintes criterios:

- Impartición de todos os módulos conducentes á obtención de certificados de profesionalidade nivel 1: un certificado (1 punto), por dous ou máis certificados (3 puntos).*

- Impartición de todos os módulos conducentes á obtención de certificados de profesionalidade nivel 2: un certificado (3 puntos), por dous ou máis certificados (5 puntos).*

- Impartición de todos os módulos conducentes á obtención de certificados de profesionalidade nivel 3: un certificado (5 puntos), por dous ou máis certificados (10 puntos).*

c) Calidade do proxecto, atendendo ás actuacións que se van realizar e a súa adecuación para a cualificación e adquisición de experiencia profesional do alumnado-traballador e dos beneficios sociais que se prevea xerar, ata 10 puntos, de acordo cos seguintes criterios:

- Proxectos considerados de baixa calidade, 0 puntos.*

- Proxectos considerados de calidade media, ata 5 puntos.*

- Proxectos considerados de alta calidade, ata 10 puntos.*

d) Participación no proxecto do tecido empresarial existente no territorio no que se implantará. Xustificarse documentalmente que a formación e experiencia laboral previstas se axustan ás necesidades das empresas indicando expresamente a viabilidade da inserción laboral (6 puntos).

e) Proxectos promovidos por un concello resultante da fusión de dous ou máis nos 10 anos anteriores á data de publicación da orde (30 puntos). Cando resulte de aplicación o presente



Concello de Vigo

criterio non serán de aplicación os recollidos nos dous apartados seguintes referidos a agrupación de concellos.

f) Proxectos promovidos por dous ou máis concellos agrupados: 10 puntos.

g) Para concellos que concorran agrupados valórase o número de persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito territorial dos concellos agrupados no que se desenvolva o proxecto o último día do mes anterior a data de publicación do extracto da convocatoria no Diario Oficial de Galicia, ata 10 puntos de acordo coa seguinte escala:

- Proxectos promovidos por unha agrupación de concellos que teña entre 0 e 10 persoas mozas inscritas, 0 puntos.*
- Proxectos promovidos por unha agrupación de concellos que teña entre 11 e 25 persoas mozas inscritas, 3 puntos.*
- Proxectos promovidos por unha agrupación de concellos que teña entre 26 e 50 persoas mozas inscritas, 5 puntos.*
- Proxectos promovidos por unha agrupación de concellos que teña entre 51 e 100 persoas mozas inscritas, 8 puntos.*
- Proxectos promovidos por unha agrupación de concellos que teña máis de 100 persoas mozas inscritas, 10 puntos.*

h) Concellos que teñan a condición de “Concello emprendedor-Concello Doing Business” Galicia acreditado segundo o disposto no artigo 17.2.e) (20 puntos). No caso de que a solicitude estea presentada conxuntamente por agrupación de concellos baixo calquera fórmula (agrupación, asociación, mancomunidade,...) outorgarase a puntuación en función da porcentaxe de concellos que reúnan tal condición.

i) Achegas da entidade promotora ou doutras entidades colaboradoras, que deberán estar certificadas pola persoa titular da intervención ou cargo equivalente da entidade promotora, especialmente cando estas achegas diminúan a subvención que poida conceder a Consellería de Economía, Emprego e Industria, ata 5 puntos. Para tal efecto, terase en conta o esforzo investidor en cada caso, de acordo coa seguinte escala:

- Proxectos nos que a achega económica das promotoras estea comprendida entre 5.000 e 20.000 €: 1 punto.*
- Proxectos nos que a achega económica das promotoras estea comprendida entre 20.001 e 45.000 €: 3 puntos.*

- *Proxectos nos que a achega económica das promotoras sexa superior a 45.000 €: 5 puntos.*

j) Entidades solicitantes que non promoveran Programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil ou Obradoiros de emprego para persoas mozas, financiados con fondos POEX, durante os catro anos inmediatamente anteriores: 5 puntos.

2. Para o caso de que se produza un empate nas puntuacións obtidas terán preferencia aquelas solicitudes nas que se utilice a lingua galega na execución dos proxectos. No caso de que se manteña o empate concederáse a axuda atendendo á orde de presentación da solicitude.

3. O número máximo de alumnado dos programas que se concedan con cargo á presente orde será de 16 e non se concederá a axuda para programas de menos de 10.”

IV. Cualificación do Concello de Vigo coma “CONCELLO EMPRENDEDOR”:

Documéntanse a continuación as medidas desenvolvidas polo Concello de Vigo coma “**Concello Emprendedor**” por mor da súa implicación de xeito directo no fomento da implantación e fixación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia dende hai case dúas décadas:

1º.- O Concello-Pleno, a proposta da Concellería de Emprego, na súa sesión de data **5 de xuño de 2000**, aprobou o Plan Municipal de Emprego 2000-2003. Dito plan contemplaba, entre outras medidas, as axudas á creación de empresas, ben a través de subvención directa ou ben a través de bonificacións en determinados impostos municipais, e recollía o concepto de *Proxecto Empresarial de Interese Municipal (PEIM)*.

2º.- A Comisión de Goberno, en sesión do **04 de setembro de 2000**, acordou a incorporación ás Ordenanzas Fiscais para o ano 2001 de bonificacións fiscais en determinados *impostos e taxas municipais*, para aqueles proxectos declarados de interese municipal (proxectos PEIM), independentemente da súa forma xurídica, que teñan domicilio no ámbito territorial do Concello de Vigo.

3º.- O Plan Municipal de Emprego 2008-2011, aprobado en sesión plenaria da Corporación Municipal de data **29 de abril de 2008**, segue a contemplar o apoio municipal aos Proxectos Empresariais de Interese Municipal (PEIM).

4º.- A **Xunta de Goberno Local**, na sesión ordinaria do **14/03/2011**, aprobou as **Bases reguladoras para a cualificación dos proxectos empresariais de interese municipal-PEIM** (expte. 8053/77), nas que se delimitan as características, requisitos e procedemento de cualificación desta figura, en liña coas Iniciativas Locais de Emprego da Xunta de Galicia, pero exclusivamente xeradas e apoiadas economicamente no ámbito municipal (artigo 2.b) do ca-



Concello de Vigo

pítulo I, do Decreto 9/2000, do 12 de xaneiro, polo que se regulan as iniciativas locais de emprego)

- Dacordo co disposto no artigo 1 das bases reguladoras:

Poderán te-la consideración de proxectos PEIM, aqueles proxectos empresariais, independentemente da súa forma xurídica, co seu domicilio fiscal e social no ámbito territorial do Concello de Vigo, e que teñan por obxecto:

- Fomentar a posta en marcha de actividades consideradas innovadoras, emerxentes ou novos filóns de emprego, ou ben,*
- 2-O autoemprego de colectivos específicos que se constituían como empresarios, como un dos medios máis axeitados para a súa integración laboral.*

- Os referidos proxectos empresariais, para que poidan ser cualificados como de interese municipal, deberán cumprir-las seguintes requisitos (artigo 2):

- 1-Proxectos empresariais que reúnan as condicións de viabilidade e que xeren cando menos un posto de traballo estable.*
- 2-Que se trate de empresas privadas de nova creación ou empresas xa constituídas que incorporen aspectos innovadores na súa actividade ou nunha nova actividade.*
- 3-Que os seus promotores pertencen algún dos colectivos especificados no artigo 3º, ou ben que o obxecto da iniciativa empresarial estea comprendido nalgunha das actividades indicadas no artigo 4º das presentes bases.*
- 4-Que vaian desenvolver-la súa actividade maioritariamente no ámbito territorial do Concello de Vigo, e teñan o seu domicilio fiscal e social no mesmo.*
- 5-Acadar a puntuación mínima requirida, segundo os criterios de avaliación que se especifican no artigo 5º.*

- O artigo 5º reflicte os Criterios de avaliación:

Todos aqueles proxectos susceptibles de ser cualificados como proxectos PEIM, terán que acadar unha puntuación mínima de 70 puntos (condición necesaria, aínda que non suficiente para poder ser cualificado como proxecto PEIM), unha vez aplicada a táboa de valoración indicada, ó aplicar os seguintes criterios:

- Colectivo/s ó/s que pertence/n o/s promotor/es do proxecto ou os socios e no caso das empresas xa constituídas relevancia na industria local.*
- Actividade ou obxecto social da nova empresa e no caso de empresas xa constituídas as novas actividades que van a desenvolver. Neste ámbito valorarase as actividades vencelladas a sectores emerxentes ou novos filóns de emprego.*
- Situación de desemprego dos promotores (tempo de permanencia nesta situación, segundo certificado de vida laboral) da nova empresa e de ser unha empresa xa constituída terase en conta a situación e tempo de permanencia no Concello.*

- *Natureza innovadora do proxecto, que optimicen os recursos infrautilizados ou ociosos no ámbito territorial no que van desenvolver-la súa actividade.*
- *Número de empregos estables creados e colectivos que se vaian contratar, tanto a xornada completa como a tempo parcial, por un período mínimo de 2 anos, valorándose especialmente a contratación de colectivos con especiais dificultades de inserción laboral. No caso das empresas xa constituídas valoraranse as novas contratacións sempre e cando se produza un aumento da plantilla estable respecto o ano anterior.*
- *Interese do proxecto para a dinamización socio-económica da zona, tendo en conta así mesmo a ubicación do seu domicilio social (actividades turísticas ou de outro ámbito, que requiran un impulso para o seu fomento).*
- *Forma xurídica da empresa cualificada como proxecto "PEIM", dándolle prioridade ás empresas de economía social, co obxecto de incentivar e fomentar as mesmas e, por ende, o asociacionismo laboral.*
- *Contía do investimento que se vai levar a cabo no seu conxunto, e máis en concreto en activo fixo. No financiamento do mesmo terase en conta o ratio financiamento alleo fronte a financiamento propio. No caso de ser empresas xa constituídas terase en conta a contía do investimento necesario para a implantación da/s nova/s actividade/s.*
- *Experiencia laboral e formación dos promotores no sector no que van desenvolver a actividade, e que vai constituí-lo obxecto social da súa empresa. No caso de ser empresas xa constituídas valorarase os coñecementos e a experiencia dos socios nesa/s nova/s actividade/s.*

Os criterios 1) e 2) valoraranse de 0 a 20 puntos.

O criterio 5) valorarase de 0 a 15 puntos.

Os criterios 4), 6) e 8) valoraranse de 0 a 10 puntos.

Os criterios 3), 7) e 9) valoraríanse de 0 a 5 puntos.

5º.- As vixentes **Ordenanzas Fiscais do 2020**, coas últimas modificacións publicadas no BOPPO número 217, do martes, 12 de novembro de 2019, contemplan as seguintes medidas para fomento da implantación e fixación de empresas no territorio (https://sede.vigo.org/expedientes/sede_textos/texto.jsp?id=concellodixital11&lang=ga):

- Ordenanza Fiscal nº 4 Reguladora do Imposto de Actividades Económicas:
 - *artigo 5.1: "Están exentos do imposto: (...)*
 - b) Os suxeitos pasivos que inicien o exercicio da súa actividade en territorio español, a partir do un de xaneiro de 2003, durante os dous primeiros períodos impositivos deste imposto en que se desenvolva a mesma.*
 - *- artigo 6.1: "Os suxeitos pasivos que inicien o exercicio dunha actividade empresarial cualificada polo Concello como proxecto empresarial de interese municipal (PEIM), e tributen por cota municipal, gozarán, trala exención regulada no artigo*



Concello de Vigo

5.1.b) desta Ordenanza, durante os cinco exercicios seguintes dunha bonificación na cota do 50%”.

- - artigo 6.5: “Os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e incrementen nun 10%, ou porcentaxe superior, o promedio da súa plantilla de traballadores con contrato indefinido nos seus centros de traballo no municipio de Vigo, durante o período impositivo anterior, terán unha bonificación do 35% na cota do Imposto”.

- Ordenanza Fiscal nº 5 Reguladora do Imposto sobre construción, instalacións e obras:
 - artigo 3.6. “As obras, construcións e instalacións necesarias para a posta en funcionamento dun proxecto empresarial de interese municipal (PEIM) enténdese de especial interese por concorrer a circunstancia de fomento emprego e gozarán dunha bonificación na cota deste imposto do 50%, de conformidade co disposto no artigo 103.2a) do RDL 2/2004. (...)”.

- Ordenanza Fiscal nº 50 Reguladora dos dereitos e Taxas pola concesión de Licenzas de construcións, obras e instalacións e outros servizos urbanísticos:
 - artigo 5.6: “Gozarán dunha bonificación do 75% das taxas relativas a obras de nova planta ou de reforma necesarias para iniciar unha actividade cualificada como proxecto empresarial de interese municipal (PEIM). (...)”.

- Ordenanza Fiscal nº 51 Reguladora das Taxas por Licenzas de Actividades e Instalacións:
 - artigo 6: “As cotas relativas á taxa de licenza de actividades e instalacións calculadas segundo o artigo 5 desta Ordenanza gozarán dunha bonificación do 75% cando a licenza solicitada corresponda a un proxecto empresarial de interese municipal (PEIM). (...)”.

6º.- Segundo consta na aplicación informática da Xestión Municipal de Expedientes, a Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo tramita as comunicacións previas e as solicitudes de licenzas presentadas de acordo ao réxime legalmente establecido no *Capítulo II do Título VI de “Intervención na edificación e uso do solo” da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG)* - dacordo co procedemento de outorgamento do artigo 143 LSG e dentro dos prazos legalmente establecidos – tendo tramitado, en concreto, os seguintes Proxectos Empresariais Cualificados de Interese Municipal (PEIM) **nun prazo máximo de 30 días naturais** a contar desde que consta a documentación completa no rexistro do Concello:

- “**Residencia ASPANAEX**”: proxecto presentado pola “Asociación en favor de las Personas con Discapacidad Intelectual de la Provincia de Pontevedra” (ASPANAEX, G36605905), para a creación dunha residencia que dea resposta ás crecentes demandas de servizos de apoio á mellora da vida cotiá ás persoas con discapacidade intelectual, cualificado coma Proxecto Empresarial de Interese Municipal en data **8 de febreiro de 2018**, en expte. 14804-77.

A licenza de obras de reforma de residencia e centro de día solicitada o 06/02/2018, foi tramitada en expte. 95158/421, que logo da subsanación da documentación achegada foi informado favorablemente polos servizos técnicos municipais en data 24/04/2018 e pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia autorizando o centro en data 30/07/2018. E consta autorizada en data 09/08/2018,

- O **CENTRO LOXISTICO PORTO DE VIGO SOCIEDAD LIMITADA** (B27846773) achegou proxecto cualificado coma Proxecto Empresarial de Interese Municipal en data **27 de decembro de 2018** (Expte. 15783-77) para dar servizo ás diferentes empresas que traballan no sector do peixe conxelado no Norte de España e Portugal, téndose tramitado as comunicacións previas achegadas con nº de expediente 97392-421 e 100471-421.

- A **Residencia para persoas maiores** achegada por Thor Private Equistyspain S.L. (THOR SPAIN; B24583197) para dar servizo en función das necesidades das persoas maiores baixo o concepto de residencia activa, medio integrador entre a terceira idade e as xeracións precedentes dentro da área urbana de implantación, foi cualificada coma Proxecto Empresarial de Interese Municipal en data **15 de novembro de 2019**, en expte. 16.310/77.

A licenza de obras de derruba e de edificación, tramitada en exp. 97033/421, foi solicitada o 19/07/2018 e logo de sucesivas notificacións para subsanar a documentación achegada (finalmente achegada o 21/11/2018) foi informado favorablemente polos servizos técnicos municipais en datas 22/11/2018 e 26/11/2018. E en data 05/12/2018 consta autorizada a licenza de obras.

V. Os datos anteriormente reflectidos foron comunicados á Consellería de Emprego, Economía e Industria xunto coa solicitude para participar na convocatoria co código de procedemento TR353B da ORDE do 27 de decembro de 2019, achegando un Documento Anexo denominado **“ACREDITACIÓN DA CUALIFICACIÓN COMO CONCELLO-EMPREENDEDOR (art. 23.h)”**, aos efectos da puntuación establecida no artigo 23.1.h), en recoñecemento ao Concello de Vigo da súa cualificación coma Concello Emprendedor por mor da súa labor de fomento da implantación e fixación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, dacordo cos compromisos esixidos na **cláusula segunda** polo **Protocolo** asinado o **10 de outubro de 2017** e a súa posterior Addenda do **13 de decembro de 2017**.

VI. Pero ademáis do anterior, son **outras as medidas adoptadas polo Concello de Vigo para o fomento da implantación e fixación de empresas no seu territorio**, que exceden das estritamente esixidas pola cláusula segunda do Protocolo de Actuación para que os concellos poidan participar na iniciativa “Doing Business Galicia”, e das que cómpre destacar as seguintes:

1º.- AXUDAS Á CREACIÓN DE EMPRESAS (cunha dotación orzamentaria anual de **70.000 €**):

O Concello de Vigo dando continuidade á súa actividade de fomento de emprego, como medida de apoio ás persoas emprendedoras da nosa cidade, ven desenvolvendo o Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas desde o ano 2000, co obxecto de



Concello de Vigo

reforzar as medidas de apoio ao emprendemento e fomento da implantación e fixación de empresas no seu territorio.

Poden concorrer a esta convocatoria pública as entidades e empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, as comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e as persoas que causen alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional constituídas no período comprendido na convocatoria que cumpran coas obrigas e os requisitos establecidos nas bases reguladoras.

Non poderán solicitar estas axudas as entidades sen ánimo de lucro nin as persoas físicas distintas do disposto no parágrafo anterior.

Esta convocatoria pretende colaborar dunha forma activa na xeración de emprego no municipio apoiando a posta en marcha de novos proxectos empresariais outorgando especial atención á situación social das persoas promotoras que creen o seu propio posto de traballo, dándose preferencia aos colectivos con maior dificultade de inserción no mundo laboral, e a creación de emprego, por conta propia ou allea.

2º.- SUBVENCIONS PARA FOMENTO DO EMPRENDEMENTO E A CONSOLIDACIÓN EMPRESARIAL A TRAVÉS DO TRABALLO COLABORATIVO (cunha dotación orzamentaria anual de **35.000 €**):

Subvencións dirixidas a fomentar o emprego mediante o emprendemento e/ou a consolidación do mesmo, a través de axudas que se veñen convocando desde o ano 2016, para o aluguer de espazos en centros de coworking, de tal xeito que se mellore a colaboración entre empresas e/ou profesionais independentes doutras actividades, a fin de reducir custos de funcionamento e mellorar a información, formación, colaboración e a oferta de servizos empresariais.

3º.- SERVIZO DE ASESORAMENTO A EMPRENDEDORES VIGO EMPRENDE:

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 1 de febreiro de 2018 acordou aprobar o expediente de "Prestación de servizos de asesoramento a PEMES e emprendedores dentro da Estratexia "DUSI Vigo Vertical", *VIGO EMPRENDE*, adxudicado en data 31 de maio de 2018 por un prezo total de **179.080 €**, tendo unha duración dun ano e sete meses sen posibilidade de prórroga.

O servizo Vigo Emprende ten por obxecto realizar tarefas de información, asesoramento, formación e apoio a emprendedores e pequenas e medianas empresas (PEMES). Con este servizo trátase tanto de promover novas iniciativas empresariais, encauzando os proxectos a través de información e formación, como de mellorar a través do asesoramento e formación a competitividade e sostenibilidade das pequenas e medianas empresas de carácter local que xa se atopan establecidas a fin de acadar as cotas de competitividade necesarias.

Debido á demanda das persoas usuarias do programa e á necesidade de seguir prestando un servizo de asesoramento e información a PEMES e emprendedores sustentada nos datos que reflicten os indicadores na cidade de Vigo, cunha tendencia claramente en ascenso, que tende a incrementarse mes a mes, e que ten acadado un alto nivel de satisfacción entre os seus usuarios (cunha nota media de 8,6 sobre 10), o concelleiro

delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá ordenou en setembro de 2019 iniciar o expediente para a contratación dos servizos de Asesoramento a PEMES e emprendedores dentro da Estratexia DUSI (Vigo Vertical), mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, cun valor estimado de **621.457,82 €**, calculado para un período de execución de dous anos e unha posible prórroga de un ano.

4º.- AXUDAS Á CONTRATACIÓN (cunha dotación orzamentaria anual de 100.000 €):

A convocatoria do programa de axudas á contratación que se veñen convocando polo Concello de Vigo desde o ano 2000 teñen por obxecto servir de estímulo ao empresariado para a contratación de persoas desempregadas, e en concreto, as "AXUDAS Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO DA MOCIDADE VIGUESA" ven promovendo a contratación dos mozos e mozas do municipio de Vigo desde o ano 2014, para favorecer o emprego estable e facilitar ás persoas novas a súa primeira experiencia laboral que permita mellorar o seu grao de empregabilidade e aprendizaxe na contorna da empresa, a través dos seguintes programas de axudas:

A) Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa Indefinidos)

B) Programa de incentivos á contratación (Programa Contratacións)

FUNDAMENTOS DE DEREITO

· Requirimento previo de anulación/revogación (art. 44 LRXCA):

Contra a ORDE do 27 de decembro de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, procede interpoñer no prazo de dous meses a contar desde a súa publicación, requirimento potestativo fronte ao mesmo órgano que ditou a resolución, consonte ao previsto no artigo 44 da Lei 29/1988, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa ou ben directamente recuso contencioso administrativo ante a Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, dacordo coas seguintes consideracións xurídicas:

PRIMEIRO.- O Protocolo de Actuación carece de base legal para esixir os compromisos requiridos na súa cláusula segunda.

Tal e como o propio documento reflicte na súa *cláusula quinta* adicada ao *régime xurídico*, o Protocolo límitase "a establecer as pautas de actuación sobre unha cuestión de interese común para as partes asinantes, tratándose dun acordo programático ou declarativo e sen eficacia obligacional, cuxo cumprimento non é susceptible de ser esixido xuridicamente".

En materia tributaria (e de bonificacións tributarias) rexe un estrito principio de reserva de lei. Así, o artigo 8 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, establece que "Se regularán en todo caso por Ley:(...) d) El establecimiento, modificación, supresión y prórroga de las exenciones, reducciones, bonificaciones, deducciones y demás beneficios o incentivos fiscales.(...)" establecendo o artigo 14 que " No se admitirá la analogía para extender más allá de sus términos estrictos el ámbito del hecho imponible, de las exenciones y demás beneficios o incentivos fiscales."



Concello de Vigo

A tenor do réxime xurídico contemplado na cláusula quinta do Protocolo de Actuación, os compromisos exixidos na cláusula segunda para poder adquirir a cualificación de “Concello Doing Bussines Galicia” carecerían de base legal en aplicación dun estrito principio de reserva de lei.

Tras recoñecer a autonomía de Municipios e Provincias para a xestión dos seus respectivos intereses (artigos 137, 140 e 141), a Constitución Española (en diante CE) establece que as Facendas locais deben dispoñer de medios suficientes para o desempeño das funcións que a lei atribúe aos Entes Locais, debendo nutrirse fundamentalmente de tributos propios e de participacións nos do Estado e das Comunidades Autónomas (art. 142). Establécese así o principio de suficiencia financeira, que pode caracterizarse, de acordo coa xurisprudencia do Tribunal Constitucional, como orzamento ou garantía da autonomía local (véxanse, en tal sentido, as sentenzas do TC 104/2000, de 13 de abril e 48/2004, de 25 de marzo, nas que pode atoparse un detallado repaso á súa doutrina sobre o principio de suficiencia financeira das Facendas Locais).

En suma, aínda que suficiencia financeira non equivale a autofinanciación, a Constitución si que garante autonomía na decisión sobre os seus ingresos tributarios dentro dos límites establecidos na lei estatal, vetando ao regulador autonómico calquera intervención inxustificada sobre os mesmos, máxime nun suposto coma o presente, no que xestiona fondos comunitarios e ningún condicionante sobre o particular puxeron as institucións europeas respecto dos beneficiarios de devanditos fondos.

O respecto a esta autonomía veta ao regulador autonómico da posibilidade de limitar pola vía dunha menor puntuación nos procedementos para concorrer a subvencións financiadas con fondos europeos a aqueles concellos que non decidan adherirse a unha iniciativa autonómica que impón como requisito unha evidente limitación á autonomía local (de feito, o protocolo FEGAMP-Xunta establece como obriga da Xunta discriminar aos Concellos que non se adhiran). As medidas que se estiman adecuadas para promover a instalación de empresas no término municipal de Vigo véñense exercendo ininterrompidamente por este Concello (e non só pola vía dos beneficios fiscais) desde hai case vinte anos, non aceptándose a intromisión inxustificada do regulador autonómico na configuración ou cuantificación das mesmas.

É por iso polo que consideramos que o outorgamento de 20 puntos aos concellos coa cualificación de “Concello Doing Bussines Galicia” e de 0 puntos aos concellos que carezan de dita acreditación, en aplicación do criterio de valoración do artigo 23.1.h) da convocatoria non poden, baixo ningún suposto, ser aplicados.

SEGUNDO.- O criterio de valoración do artigo 23.1.h) da dita Orde provoca un efecto distorsionador da concorrência respecto dos concellos que participan na convocatoria pública, que resulta claramente lesivo por provocar discriminación entre as entidades concorrentes e que atentaría aos principios xerais do artigo 8.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e do artigo 5.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

*A **cláusula terceira** do Protocolo adicada aos compromisos da Xunta de Galicia dispón que: Os concellos que se acollan á iniciativa “Doing Business Galicia” veranse beneficiados das*

diferentes medidas que vai promover a Xunta de Galicia coa finalidade de alcanzar o obxectivo de favorecer e fomentar a implantación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

E en concreto: 1.- A Xunta de Galicia establecerá unha discriminación positiva a favor de aqueles concellos solicitantes de subvencións destinadas a investimentos e gastos nos eidos industrial, do emprego e do emprendemento, cando as mesmas sexa convocadas en réxime de concorrencia competitiva por calquera consellería ou entidade pertencente ao sector público autonómico de Galicia, mediante a regulación nas bases da convocatoria dun criterio específico neste sentido no que o baremo de puntuación supoña, cando menos, o 20 por 100, do total.” (O subliñado é noso)

En aplicación da referida cláusula, o criterio de valoración do artigo 23.1.h) da Orde impugnada confire unha vantaxe aos Concellos adheridos á iniciativa Doing Bussines outorgando 20 puntos sobre un total de 100 aos Concellos cualificados pola administración autonómica coa “marca” creada no ano 2017 como “Concello Emprendedor- Concello Doing Bussines Galicia”. E outorga 0 puntos aos que non dispoñan de dito título, polo que lonxe “de alcanzar o obxectivo de favorecer e fomentar a implantación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia” o que determina é unha clara discriminación, que non atende a ningunha finalidade lexítima e que non pondera o esforzo ou grao de implicación das entidades municipais en acadar o obxectivo de dita iniciativa Doing Bussines, senón da vontade de sometemento aos ditados da Administración autonómica para esixir uns compromisos en virtude dun mero Protocolo de Actuación sen base legal e que vulneran a autonomía local garantida constitucional e legalmente para tomar decisións sobre as súas políticas de ingresos e gastos.

Polo exposto, o criterio de valoración do artigo 23.1.h) da Orde resulta claramente lesivo por provocar discriminación entre as entidades concorrentes e atentaría aos principios xerais do artigo 8.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) de concorrencia competitiva, obxectividade e igualdade á hora de distribuir os fondos públicos - cofinanciados cunha porcentaxe do 91,89 % pola Iniciativa de emprego xuvenil e o Fondo Social Europeo, xerando unha distorsión da concorrencia.

E así mesmo vulneraría o esixido pola propia normativa aprobada pola Xunta de Galicia na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia cuxo ámbito de aplicación abrangue as subvencións establecidas ou xestionadas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades locais de Galicia.

A este respecto o artigo 3.2 da dita Lei autonómica dispón que serán de aplicación os principios de xestión contidos no artigo 5.2 da dita lei e os de información á que fai referencia o artigo 16 ás aportacións dinerarias sen contraprestación que realicen os demais entes vinculados ou dependentes da Xunta de Galicia e das entidades locais galegas. En todo caso, as aportacións gratuitas terán relación directa co obxecto da actividade contido na norma de creación ou nos seus estatutos. A concesión destas aportacións haberá de axustarse ás normas de procedementos elaboradas polas entidades en aplicación dos citados principios. O apartado 3 do citado artigo engade que as subvencións establecidas pola Unión Europea, o Estado ou outro ente público, cuxa xestión corresponda, total ou parcialmente, á Administración da Comunidade Autónoma, así como a financiación complementaria de ditas subvencións que poida outorgar esta administración, rexeranse polo réxime xurídico do ente que as estableza, sen prexuízo da aplicación das normas de organización e procedemento propios



Concello de Vigo

da Administración da Comunidade Autónoma. En calquera caso, a presente lei se aplicará con carácter supletorio respecto á normativa reguladora das subvencións financiadas pola Unión Europea.

En identidade co establecido pola normativa estatal, o artigo 5.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño indica que a xestión das subvencións á que se refire a presente lei se realizará de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola administración outorgante.
- c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

A sentenza 264/2018, do 20 de febreiro (Rec. 3635/2015) ditada pola Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Supremo sinala o seguinte: *<< Por otro lado, alega la parte actora alega el trato desigual establecido por la disposición entre sus beneficiarios, favoreciendo a las organizaciones empresariales en detrimento de los sindicatos, lo que a su juicio provoca discriminación y contraría los principios comúnmente aceptados en un proceso de concurrencia competitiva. Por ello sostiene que se vulneran los principios de concurrencia competitiva, objetividad, e igualdad, a la hora de distribuir el presupuesto entre entidades empresariales (60%) y sindicales (40%).*

A su juicio, ello vulneraría el [artículo 8. 3 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones](#) :

Artículo 8 Principios generales

(.....)

3. La gestión de las subvenciones a que se refiere esta ley se realizará de acuerdo con los siguientes principios:

- a) Publicidad, transparencia, concurrencia, objetividad, igualdad y no discriminación.
- b) Eficacia en el cumplimiento de los objetivos fijados por la Administración otorgante.
- c) Eficiencia en la asignación y utilización de los recursos públicos .

El derecho a la igualdad, en su perspectiva de igualdad en la aplicación de la ley, tal como ha sido interpretado por el Tribunal Constitucional y el Tribunal Supremo, en doctrina pacífica y constante, proscrib e el tratamiento desigual de situaciones idénticas -dentro de la legalidad-, a menos que exista una justificación objetiva y razonable en la que fundamentar esa desigualdad de trato.

Por ello, para poder apreciar la existencia de ese trato discriminatorio injustificado es imprescindible: 1) que el recurrente ofrezca un término de comparación idéntico, no simplemente semejante o análogo; 2) que la desigualdad de trato carezca de una justificación objetiva y razonable; 3) que, siempre y en todo caso, la actuación administrativa ofrecida como término de comparación sea legalmente irreprochable."

A STC 10.11.88 (Pte. Sr. Truyol Serra) sinala que: "*Sobre las exigencias que la igualdad impone en la creación del Derecho - igualdad en la ley- existe una muy amplia doctrina de este Tribunal, que puede sintetizarse ahora recordando que para que las diferenciaciones normativas pueden considerarse no discriminatorias "resulta indispensable que exista una justificación objetiva y razonable, de acuerdo con criterios y juicios de valor generalmente aceptados, cuya exigencia deba aplicarse en relación con la finalidad y efectos de la medida considerada, debiendo estar presente, por ello, una razonable relación de proporcionalidad entre los medios empleados y la finalidad perseguida, y dejando en definitiva al legislador, con carácter general, la apreciación y tratar desigualmente"*(STC [75/1983](#), f. j. 2º).

Neste sentido, se ben a medida para fomento da implantación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma pode considerarse lexítima, obxectiva e razoable, o que non é razoable é a inexistencia de toda relación de proporcionalidade nos medios empregados e a finalidade perseguida, porque a Iniciativa Doing Bussines Galicia non pondera as medidas adoptadas polas entidades municipais coma Concellos Emprendedores, senón unicamente se ditas entidades teñen implementado os compromisos esixidos por un mero Protocolo de Actuación, que determina o outorgamento, de ser o caso, dun certificado ou diploma coa cualificación de Concello Doing Bussines Galicia; documento que determina automaticamente o outorgamento ás ditas entidades concorrentes á convocatoria de subvencións, de 20 puntos sobre un total de 100 en aplicación do criterio de valoración do artigo 23.1.h).

Polo exposto, consideramos lesiva aos intereses municipais a Orde obxecto da presente impugnación porque tan contraria ao principio de igualdade é a norma que diversifica por un mero voluntarismo selectivo como aqueloutra que, atendendo á consecución dun fin lexítimo, configura un suposto de feito, ou as consecuencias xurídicas que se lle imputan, en desproporción patente con aquel fin, ou sen atención ningunha a esa necesaria relación de proporcionalidade.

Isto é, trátase dunha cuestión de razoabilidade e proporcionalidade en relación coa finalidade da iniciativa aprobada.

Neste sentido, a *discriminación positiva* establecida pola Xunta de Galicia a favor *daqueles concellos solicitantes de subvencións destinadas a investimentos e gastos nos eidos industrial, do emprego e do emprendemento, cando as mesmas sexa convocadas en réxime de concorrencia competitiva por calquera consellería ou entidade pertencente ao sector público autonómico de Galicia, mediante a regulación nas bases da convocatoria dun criterio específico neste sentido no que o baremo de puntuación supoña, cando menos, o 20 por 100 do total*, resulta claramente discriminatorio e desproporcionado, porque unicamente persigue premiar a aqueles concellos que asumisen os compromisos esixidos pola Xunta de Galicia para acadar a súa "marca", pero non ten en conta nin garda proporción algunha coa baremación que, de ter en conta outras medidas para acadar a mesma finalidade, poderían acadar en tal concepto outros Concellos coma Vigo, pola súa labor de fomento do emprendemento e implantación de empresas no seu territorio.

CONCLUSIÓN:



Concello de Vigo

En síntese, a fundamentación do presente requirimento se podería sintetizar nos seguintes motivos esencialmente:

1º.- A documentación esixida polo artigo 17.2.e) da Orde que resulta necesaria para acadar a puntuación do artigo 23.1.h), provoca unha transmutación dun mero distintivo ao que calquera concello podería acollerse voluntariamente nun requisito determinante para acadar a subvención, toda vez que outorga case a cuarta parte da puntuación total, producindo unha clara distorsión da concorrència competitiva.

2º.- A iniciativa "Doing Bussines Galicia" - estranxeirismo innecesario, que non emprega ningún dos idiomas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia nin engade valor ningún - atenta ao debido respecto que esixen as relacións interadministrativas no lícito exercicio por cada unha das administracións para desenvolver libremente as súas competencias, sen ter que soportar inxerencias doutros entes na autonomía garantía constitucionalmente para desenvolver as súas políticas públicas, na que cabería encadrar a dita iniciativa "Doing Bussines Galicia" pola que a Xunta de Galicia considera a imposición dun ou doutro tipo tributario como mérito ou demérito para outogar unha vantaxe aos concellos adheridos.

Polo exposto, o alcance da revogación se limitaría ao art. 23.1.h) da Orde impugnada, e non á súa totalidade, considerando que é éste precepto o que introduce un factor discriminatorio que vulnera o art. 14 da CE e os principios xerais do artigo 8 da LXS e do artigo 5 da LSG, desde a perspectiva da prohibición de discriminación que, neste caso, se produce entre os concellos concorrentes á convocatoria e que carecen do certificado ou diploma de "Concello Emprendedor-Concello Doing Bussines Galicia".

Polo que, na súa virtude, se require que se deixe sen efecto o outorgamento dos 20 puntos concedidos polo artigo 23.1.h) por discriminación positiva aos concellos coa cualificación de "Concello emprendedor-Concello Doing Business", que deberá entenderse suspendida en tanto non se dea resposta ó presente requirimento».

É competente para formular este requirimento a Xunta de Goberno Local, de acordo co previsto no Art. 127.1.j] da LRBRL (L.7/1985) e no Apdo. Primeiro Pto. 1.3 da Resolución da Alcaldía – Presidencia do 18.06.2019 de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local, segundo a que correspóndelle a este órgano colexiado o «*exercicio de accións xudiciais e administrativas na materia das atribucións delegadas*».

En base ao exposto, elévase a Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

ÚNICO: Interpoñer, consonte ao disposto no art. 44 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa REQUIRIMENTO DE ANULACIÓN OU REVOGACIÓN CON CARÁCTER PREVIO Á INTERPOSICIÓN DE RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO contra a ORDE do 27 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de Programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia,

e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento TR353B) e, na súa virtude, se deixe sen efecto o outorgamento dos 20 puntos concedidos polo artigo 23.1.h) por discriminación positiva aos concellos coa cualificación de “Concello emprendedor-Concello Doing Business”, que deberá entenderse suspendida en tanto non se dea resposta ó presente requirimento».

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(157).- REQUIRIMENTO PREVIO DE ANULACIÓN OU REVOGACIÓN CON CARÁCTER PREVIO Á INTERPOSICIÓN DE RCA CONTRA A ORDE DO 27 DE DECEMBRO DE 2019 QUE ESTABLECE AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA A POSTA EN PRÁCTICA DE PROGRAMAS INTEGRADOS DE EMPREGO DE GALICIA- ANO 2020(CÓD.PROCEDEMENTO TR332A). EXPTE. 17108/77.

Dáse conta do informe-proposta do 28/02/2020, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (Resolución do 23/10/19), o concelleiro-delegado de Emprego e conformado polo letrado asesor xefe da Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- No **DOG Núm. 20, do Xoves, 30 de xaneiro de 2020**, consta publicada a Orde do 27 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2020(código de procedemento TR332A).

Trátase dun programa financiado con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020-2021.

II. O **artigo 6** da Orde do 27 de decembro de 2019 **da Consellería de Economía, Emprego e Industria**, determina a *Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento*, indicando no seu apartado **1.a) in fine**:

“Se é o caso, documentación acreditativa de adhesión ao convenio “Doing Business Galicia”: certificado conxunto da Fegamp e da Xunta de Galicia, expedido con anterioridade ao remate do prazo de presentación de solicitudes, no que se acredite a proposta de habilitación do concello como “Concello Emprendedor-Concello Doing Business” ou diploma no que se acredita como “Concello Emprendedor-Concello Doing Business”. “

II. O **Protocolo Xeral de Actuación entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa "CONCELLOS DOING BUSINESS GALICIA"**, ten por obxecto establecer un marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e as diferentes administracións locais de Galicia, de xeito que poidan implicarse de maneira directa no fomento da implantación e fixación de empresas no territorio da Comu-



Concello de Vigo

nidade Autónoma de Galicia, mediante a posta en marcha da iniciativa "**Concellos Doing Business Galicia**".

- O procedemento de adhesión implica:

1º.- Manifestar o desexo de adhesión mediante adopción dun acordo de órgano colexiado ou decreto de Alcaldía

2º.- Unha vez que os concellos leven a pleno a aprobación inicial da modificación das Ordenanzas e procedan á súa publicación no BOP, cómpre remitir á FEGAMP para favorecer o seguimento do expediente.

3º.- Remitir o acordo de aprobación definitiva das ordenanzas e a súa publicación no BOP.

4º.- Reunión da Comisión Técnica de Seguimento para análise da proposta de habilitación daqueles concellos que cumpran os requisitos.

5º.- Remisión do certificado "concello emprendedor" asinado polo presidente da FEGAMP e da Xunta de Galicia ao concello solicitante.

- O **Protocolo** asinado o **10 de outubro de 2017** entre o presidente da Xunta de Galicia e o presidente da FEGAMP reflicte na súa **cláusula segunda** os compromisos dos Concellos para que poidan participar na iniciativa "Doing Business Galicia" mediante a adopción das seguintes medidas:

1.- Imposto sobre bens inmobles: aprobar mediante acordo plenario unha modificación da ordenanza fiscal reguladora deste imposto que estableza unha bonificación potestativa de ata o 95% da cota íntegra do imposto a favor de inmobles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 74.2 quáter do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

2.- Imposto sobre actividades económicas: aprobar mediante acordo plenario unha modificación da ordenanza fiscal reguladora deste imposto no que se estableza unha bonificación de ata o 95 por cento da cota correspondente para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración, regulada no artigo 88.2 letra e) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

3.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras: aprobar mediante acordo plenario unha modificación da ordenanza fiscal reguladora deste imposto no que se estableza unha bonificación potestativa de ata o 95% para as construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 103.2 a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial,

así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

4.- Taxa pola prestación de servizos urbanísticos ou equivalente: aprobar mediante acordo plenario o establecemento á non suxeición a esta taxa dos autónomos e empresas que soliciten licenza de obra ou verificación "a posteriori" de comunicación previa para levar a cabo a súa implantación no termo municipal, así como para a ampliación dun establecemento empresarial xa existente sempre que conleve a creación de novos postos de traballo, cando o seu código CNAE corresponda a algunha actividade económica das incluídas no eido da industria 4.0 ou da Ris3.

5.- Taxa pola apertura de establecementos: aprobar mediante acordo plenario o establecemento á non suxeición a esta taxa dos autónomos e empresas que soliciten licenza de apertura ou verificación "a posteriori" para levar a cabo a súa implantación no termo municipal, así como para a ampliación dun establecemento empresarial xa existente sempre que conleve a creación de novos postos de traballo, cando o seu código CNAE corresponda a algunha actividade económica das incluídas no eido da industria 4.0 ou da Ris3.

6.- Compromiso de resolver as solicitudes de licenzas de obra maior nas que o petionario sexa unha empresa ou un autónomo para a construción dunha edificación destinada á primeira implantación dunha actividade, nun prazo máximo de 30 días naturais dende que o concello dispón da documentación completa e de todos os informes sectoriais preceptivos.

7.- En materia de solo empresarial, aqueles concellos que sexan titulares deste tipo de solo, adoptan o compromiso de fixar prezos competitivos das parcelas establecendo bonificacións sobre os mesmos que variarán segundo a zona do territorio onde estean ubicados.

Así mesmo, comprométese a incorporar e ofrecer ás empresas a posibilidade de acudir á figura xurídica do dereito de superficie nos termos regulados no artigo 53.1 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.

8.- En relación coa bonificación potestativa de ata o 95% no IBI; IAE ou ICIO para supostos declarados en especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, estableceranse os seguintes tramos:

- Ata 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballos
- Cando menos o 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballos
- Cando menos o 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballos

9.- As medidas de carácter fiscal comprometidas deberán manterse cando menos tres exercicios orzamentarios."

A **cláusula terceira** do Protocolo adicada aos compromisos da Xunta de Galicia dispón:

Os concellos que se acollan á iniciativa "Doing Business Galicia" veranse beneficiados das diferentes medidas que vai promover a Xunta de Galicia coa finalidade de alcanzar o obxectivo de favorecer e fomentar a implantación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. En concreto:



Concello de Vigo

1.- A Xunta de Galicia establecerá unha discriminación positiva a favor de aqueles concellos solicitantes de subvencións destinadas a investimentos e gastos nos eidos industrial, do emprego e do emprendemento, cando as mesmas sexa convocadas en réxime de concorrencia competitiva por calquera consellería ou entidade pertencente ao sector público autonómico de Galicia, mediante a regulación nas bases da convocatoria dun criterio específico neste sentido no que o baremo de puntuación supoña, cando menos, o 20 por 100, do total.

2.- Os concellos adheridos a este protocolo poderán integrar o solo industrial da súa titularidade no Observatorio de Solo Empresarial creado pola Xunta de Galicia co fin de centralizar a información relativa á oferta de inmobles empresariais (naves, parcelas, oficinas, viveiros de empresas...), e ofrecer ás empresas e emprendedores unha localización en Galicia para o desenvolvemento da súa actividade.

3.- Creación dunha marca territorial, asociada á Oficina Doing Business, como plataforma de colaboración para reducir as cargas administrativas ás empresas e que funcione a modo de xanela única. Os adheridos ao protocolo adquirirán, a condición de "Concello Doing Bussines Galicia", o que suporá un reforzo do posicionamento global do concello con respecto aos non integrados nesta marca territorial, e indentificará os activos tanxibles e intanxibles que posúe Galicia en xeral, e os seus diferentes municipios en particular, e que lles garanten diferenciarse doutros territorios.

A **cláusula quinta** establece o réxime xurídico do Protocolo , indicando que se limita a establecer as pautas de actuación sobre unha cuestión de interese común para as partes asinantes, tratándose dun acordo programático ou declarativo e sen eficacia obrigacional, cuxo cumprimento non é susceptible de ser esixido xuridicamente.

- Con data **13 de decembro de 2017** foi asinada unha **Addenda ao Protocolo Xeral de Actuación entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP** para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa "CONCELLOS DOING BUSINESS GALICIA", logo de que a FEGAMP, en reunión ordinaria da súa Comisión Executiva celebrada o 15 de novembro de 2017, acordase solicitarlle á Xunta de Galicia que a adopción dos acordos por parte de cada Concello derivados do disposto nos apartados 4 e 5 da cláusula segunda anteriormente transcrita teñan carácter voluntario, así como facer extensiva a posibilidade de incluír nos mesmos "os beneficios fiscais que sexan aplicables" a maiores dos supostos de non suxeición xa mencionados.

E polo exposto, acordan que a redacción dos apartados 4 e 5 da cláusula segunda Protocolo xeral de actuación entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa Concellos Doing Bussines Galicia" quede como segue:

"4.- *Taxa pola prestación de servizos urbanísticos ou equivalente: poderán establecer os beneficios fiscais que sexan aplicables ou a non suxeición a esta taxa dos autónomos e empresas que soliciten licenza de obra ou verificación "a posteriori" de comunicación previa para levar a cabo a súa implantación no termo municipal, así como para a ampliación dun establecemento empresarial xa existente sempre que conleve a creación de novos postos de traballo, cando o seu código CNAE corresponda a algunha actividade económica das incluídas no eido da industria 4.0 ou da Ris3.*

5.- *Taxa pola apertura de establecementos: poderán establecer os beneficios fiscais que sexan aplicables ou a non suxeición a esta taxa dos autónomos e empresas que soliciten licenza de apertura ou verificación "a posteriori" para levar a cabo a súa implantación no termo municipal, así como para a ampliación dun establecemento empresarial xa existente sempre que conleve a creación de novos postos de traballo, cando o seu código CNAE corresponda a algunha actividade económica das incluídas no eido da industria 4.0 ou da Ris3.*

O resto das cláusulas mantéñense invariables."

III.- No **artigo 12** da Orde do 27 de decembro de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, establécense os seguintes **Criterios de valoración** dos programas:

"1. A concesión das subvencións previstas na presente orde realizaranse conforme os seguintes criterios:

Para todas as solicitudes:

a. As características dos colectivos que hai que atender, tendo en conta as especiais dificultades da súa inserción laboral (puntuación máxima: 8 puntos):

Os colectivos que hai que atender valoraranse segundo a pertenza aos seguintes grupos de persoas desempregadas:

Grupo A:

– Persoas con discapacidade.

– Persoas beneficiarias do tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia e persoas en risco de exclusión social.

– Mulleres coa condición de vítimas de violencia de xénero.

– Menores de 30 anos con baixa cualificación.

Grupo B:

– Menores de 30 anos (non incluídos no grupo A).

– Persoas desempregadas maiores de 45 anos.

– Persoas beneficiarias da renda de inclusión social de Galicia (non incluídas no grupo A).



Concello de Vigo

– *Persoas desempregadas perceptoras de prestacións, subsidios por desemprego ou renda activa de inserción.*

– *Persoas desempregadas como consecuencia dun expediente de regulación de emprego de carácter extintivo, presentado nos doce meses anteriores á publicación desta orde.*

– *Mulleres (non incluídas no grupo A).*

– *Persoas desempregadas de longa duración.*

– *Persoas inmigrantes.*

Grupo C:

– *Persoas desempregadas non incluídas en ningún dos grupos anteriores.*

A puntuación neste epígrafe obterase da seguinte forma:

No suposto de que todas as persoas usuarias do programa pertencen a colectivos salientados nun mesmo grupo dos sinalados anteriormente:

– *Colectivos grupo A: 8 puntos. Colectivos grupo B: 6 puntos. Colectivos grupo C: 4 puntos.*

No suposto de que as persoas usuarias do programa pertencen a colectivos salientados en distintos grupos dos sinalados: obterase, en primeiro lugar, a puntuación parcial que corresponde proporcionalmente, polas persoas usuarias pertencentes aos colectivos de cada un dos grupos. Sumaranse as puntuacións parciais resultantes da aplicación da regra proporcional en cada grupo e obterase, desta forma, a puntuación total definitiva nesta epígrafe.

No suposto de que o programa estea dirixido, exclusivamente, a mulleres (artigo 3.A), obterase a puntuación total tendo en conta o colectivo a que pertence cada unha delas, de acordo coa puntuación explicitada nos colectivos mencionados neste artigo.

b. A participación no proxecto do tecido empresarial existente no territorio en que se implantará o plan. Para tal efecto, acreditarase documentalmente a participación de empresas no plan mediante cartas de compromisos dos seus representantes legais. Para poder ser valoradas deben constar, de forma específica na carta de compromiso, as accións de entre as relacionadas no artigo 1.2 nas que se concreta a súa posible participación nese proxecto e xustificarse na memoria explicativa do proxecto que as accións propostas e a finalidade do plan se axustan ás necesidades das empresas participantes (puntuación máxima: 5 puntos).

c. Recursos humanos e materiais, propios, axeitados para a atención aos colectivos correspondentes e accións propostas para a execución do programa (puntuación máxima: 6 puntos):

c.1 Nos recursos humanos, as entidades deberán contar, polo menos, cunha persoa ao 60% de imputación (en cómputo de xornada completa) de acordo co explicitado no artigo 4.1.d e valorarase ata un máximo de 2 puntos a ratio resultante de dividir o número de persoas demandantes para atender entre o persoal propio da entidade dedicado ao programa, sempre que a dita dedicación sexa superior ao 50 % da xornada (nº de persoas demandantes/nº persoas dedicadas ao proxecto):*

- 10 ou menos: 2 puntos*
- Entre 11 e 15: 1,75 puntos*
- Entre 16-20: 1,50 puntos*
- Entre 21-30: 1,25 puntos*
- Entre 31-40: 1 punto*
- Máis de 40: 0 puntos*

**No suposto de imputación de gastos correspondentes a presidentes, directores xerais, xerentes ou similares non se poderá superar o 30% dos seus gastos salariais e de Seguridade Social.*

O límite máximo de persoas imputadas economicamente ao programa integrado de emprego será de 15 (persoal propio ou contratado especificamente para o programa).

c.2 Nos recursos materiais, valorarase ata un máximo de 4 puntos a calidade das instalacións, medios e sistemas propios da entidade para o desenvolvemento do programa. Non se computarán recursos en réxime de aluguer.

Os gastos de adquisición ou disposición dos recursos materiais propios ofrecidos pola entidade solicitante para a súa valoración ao abeiro da presente epígrafe non serán admitidos como xustificación para o cálculo do importe aboable en concepto de subvención.

d. Os obxectivos comprometidos en materia de inserción laboral no mercado de traballo das persoas demandantes que atender, sempre que sexan superiores aos mínimos establecidos no artigo 3. Non se outorgará puntuación nesta epígrafe ás entidades solicitantes que incumpraran o obxectivo de inserción comprometido en dúas ou máis ocasións dentro das últimas 5 convocatorias para as que estea dispoñible este dato (puntuación máxima: 5 puntos):

d.1 A puntuación obterase tendo en conta a seguinte escala:

- 36 %: 0,5 puntos*
- 37 %: 1 punto*



Concello de Vigo

- 38 %: 1,5 puntos
- 39 %: 2 puntos
- 40 %: 2,5 puntos
- 41 %: 3 puntos
- 42 %: 3,5 puntos
- 43 %: 4 puntos
- 44 %: 4,5 puntos
- 45 % ou máis: 5 puntos

d.2 Exclusivamente para o caso no que a totalidade dos colectivos que se van atender no programa solicitado pertencen ao grupo A do punto 1 deste artigo e en atención ás maiores dificultades de inserción laboral destes, a escala será a seguinte:

- 36 %: 1 punto
- 37 %: 2 puntos
- 38 %: 3 puntos
- 39 %: 4 puntos
- 40 % ou máis: 5 puntos

e. O maior esforzo investidor da entidade solicitante no financiamento total do proxecto, sempre que o cofinanciamento sexa superior ao 10 % (puntuación máxima: 4 puntos):

- 11 %: 0,25 puntos
- 12 %: 0,50 puntos
- 13 %: 1 punto
- 14 %: 1,25 puntos
- 15 %: 1,50 puntos

- 16 %: 2 puntos
- 17 %: 2,5 puntos
- 18 %: 3 puntos
- 19 %: 3,5 puntos
- 20 % ou máis: 4 puntos

f. A experiencia acreditada, nos últimos cinco anos, no desenvolvemento de programas integrados para o emprego ou lanzadeiras de emprego de Galicia (Orde do 18 de xullo de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica de lanzadeiras de emprego de Galicia durante os anos 2016-2017), subvencionados polo Servizo Público de Emprego de Galicia: ata un máximo de 5 puntos se a valoración é positiva e ata -5 se é negativa.

Valoraranse os resultados de inserción acadados pola entidade en relación coas porcentaxes previamente comprometidas.

Puntuarase o resultado das visitas de seguimento realizadas.

g. Características técnicas do programa integrado que se vai desenvolver (puntuación máxima 7 puntos), valorándose os seguintes aspectos:

Metodoloxía que se vai aplicar e relación cos resultados de inserción previstos, será valorado cun máximo de 4 puntos.

Existencia de sistemas adecuados de seguimento das persoas participantes. Puntuarase a descrición dos perfís profesionais das persoas demandantes e o deseño do itinerario de inserción laboral en función do perfil. Valorarase a utilización dunha aplicación informática na que consten todas as actuacións que se fagan coas persoas usuarias ao longo do programa: sesións de orientación realizadas, cursos e obradoiros en que participaron, entrevistas de selección en que participaron, contactos con empresas para o envío de CV, etc... Así mesmo, puntuarase a realización de cuestionarios de avaliación cubertos por todas as persoas participantes que recollan a súa opinión sobre as seguintes accións do programa: orientación (1 cuestionario por cada sesión), formación (1 cuestionario por cada curso ou obradoiro) e prácticas profesionais (1 cuestionario por cada período de prácticas, sempre que sexa en distintas empresas). Esta epígrafe será valorada cun máximo de 3 puntos.

h. Carácter innovador do programa (puntuación máxima: 10 puntos); valoraranse os seguintes aspectos:

A utilización das novas tecnoloxías: puntuarase cun máximo de 2 puntos.



Concello de Vigo

Existencia de medidas de conciliación da vida familiar e laboral. No caso de que a entidade se comprometa a implementar estas medidas deberá achegar, xunto coa memoria, un texto informativo en que detalle os pormenores destas, que será entregado debidamente asinado ás persoas demandantes no momento da selección. Puntuarase cun máximo de 2 puntos.

Presentación dun proxecto innovador en relación co perfil dos colectivos que se van atender ou coas características das accións que se desenvolverán no proxecto presentado. Puntuarase cun máximo de 2 puntos.

A impartición de formación acreditada con certificados de profesionalidade cando exceda a impartición dun certificado: 4 puntos de acordo coa seguinte gradación:

– Impartición dun módulo a maiores dun certificado ou formación en competencias clave: 1 punto.

– Impartición de dous ou mais módulos: 2 puntos.

– Impartición dun certificado adicional completo: 4 puntos.

i. Concellos que teñan a condición de “Concello emprendedor-Concello Doing Business” acreditado segundo o disposto no artigo 6.1.a): 20 puntos. No caso de que o proxecto estea promovido por unha agrupación de concellos baixo calquera fórmula (agrupación, asociación, mancomunidade,...) outorgarase a puntuación en función da porcentaxe de concellos que teñan tal condición.

B. Proxectos presentados por concellos resultantes dun proceso de fusión municipal nos 10 anos anteriores á data de publicación da orde: 30 puntos. A puntuación desta epígrafe é incompatible coa puntuación da epígrafe C posterior.

C. Para as solicitudes presentadas conxuntamente por agrupacións de concellos baixo calquera fórmula (agrupación, asociación, mancomunidade....) agás a fusión de concellos:

a. Pola mera presentación da solicitude conxunta: 10 puntos.

b. Segundo a poboación total de persoas desempregadas do seu ámbito territorial conxunto: ata 10 puntos. A puntuación desta epígrafe obterase da seguinte forma:

Media de paro no ano 2019 superior ás 2.000 persoas : 10 puntos.

Media de paro no ano 2019 superior ás 1.000 persoas e non superior a 2000 : 5 puntos.

Media de paro no ano 2019 igual ou inferior ás 1.000 persoas: 0 puntos.

2. Serán rexeitadas aquelas solicitudes conxuntas en que non resulte acreditada a realización conxunta do programa integrado de emprego e que supoñan actuacións independentes de cada entidade local.

3. A valoración mínima para a consecución da condición de entidade beneficiaria debe ser de 22 puntos, dos cales 11 deberán corresponder ás epígrafes de características técnicas e carácter innovador.

4. Para o caso de que se produza un empate nas puntuacións obtidas, terán preferencia aquelas solicitudes en que se utilice a lingua galega na elaboración e na realización dos proxectos. No caso de que se manteña o empate concederase a axuda atendendo á orde de presentación da solicitude.”

IV. Cualificación do Concello de Vigo coma “CONCELLO EMPRENDEDOR”:

Documéntanse a continuación as medidas desenvolvidas polo Concello de Vigo coma “**Concello Emprendedor**” por mor da súa implicación de xeito directo no fomento da implantación e fixación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia dende hai case dúas décadas:

1º.- O Concello-Pleno, a proposta da Concellería de Emprego, na súa sesión de data **5 de xuño de 2000**, aprobou o Plan Municipal de Emprego 2000-2003. Dito plan contemplaba, entre outras medidas, as axudas á creación de empresas, ben a través de subvención directa ou ben a través de bonificacións en determinados impostos municipais, e recollía o concepto de *Proxecto Empresarial de Interese Municipal (PEIM)*.

2º.- A Comisión de Goberno, en sesión do **04 de setembro de 2000**, acordou a incorporación ás Ordenanzas Fiscais para o ano 2001 de bonificacións fiscais en determinados *impostos e taxas municipais*, para aqueles proxectos declarados de interese municipal (proxectos PEIM), independentemente da súa forma xurídica, que teñan domicilio no ámbito territorial do Concello de Vigo.

3º.- O Plan Municipal de Emprego 2008-2011, aprobado en sesión plenaria da Corporación Municipal de data **29 de abril de 2008**, segue a contemplar o apoio municipal aos Proxectos Empresariais de Interese Municipal (PEIM).

4º.- A **Xunta de Goberno Local**, na sesión ordinaria do **14/03/2011**, aprobou as **Bases reguladoras para a cualificación dos proxectos empresariais de interese municipal-PEIM** (expte. 8053/77), nas que se delimitan as características, requisitos e procedemento de cualificación desta figura, en liña coas Iniciativas Locais de Emprego da Xunta de Galicia, pero exclusivamente xeradas e apoiadas economicamente no ámbito municipal (artigo 2.b) do capítulo I, do Decreto 9/2000, do 12 de xaneiro, polo que se regulan as iniciativas locais de emprego)

- Dacordo co disposto no artigo 1 das bases reguladoras:

Poderán te-la consideración de proxectos PEIM, aqueles proxectos empresariais, independentemente da súa forma xurídica, co seu domicilio fiscal e social no ámbito territorial do Concello de Vigo, e que teñan por obxecto:

- *Fomentar a posta en marcha de actividades consideradas innovadoras, emerxentes ou novos filóns de emprego, ou ben,*



Concello de Vigo

2-O autoemprego de colectivos específicos que se constituían como empresarios, como un dos medios máis axeitados para a súa integración laboral.

- Os referidos proxectos empresariais, para que poidan ser cualificados como de interese municipal, deberán cumprí-los seguintes requisitos (artigo 2):

- 1-Proxectos empresariais que reúnan as condicións de viabilidade e que xeren cando menos un posto de traballo estable.*
- 2-Que se trate de empresas privadas de nova creación ou empresas xa constituídas que incorporen aspectos innovadores na súa actividade ou nunha nova actividade.*
- 3-Que os seus promotores pertencen algún dos colectivos especificados no artigo 3º, ou ben que o obxecto da iniciativa empresarial estea comprendido nalgunha das actividades indicadas no artigo 4º das presentes bases.*
- 4-Que vaian desenvolver-la súa actividade maioritariamente no ámbito territorial do Concello de Vigo, e teñan o seu domicilio fiscal e social no mesmo.*
- 5-Acadar a puntuación mínima requirida, segundo os criterios de avaliación que se especifican no artigo 5º.*

- O artigo 5º reflicte os Criterios de avaliación:

Todos aqueles proxectos susceptibles de ser cualificados como proxectos PEIM, terán que acadar unha puntuación mínima de 70 puntos (condición necesaria, aínda que non suficiente para poder ser cualificado como proxecto PEIM), unha vez aplicada a táboa de valoración indicada, ó aplicar os seguintes criterios:

- Colectivo/s ó/s que pertence/n o/s promotor/es do proxecto ou os socios e no caso das empresas xa constituídas relevancia na industria local.*
- Actividade ou obxecto social da nova empresa e no caso de empresas xa constituídas as novas actividades que van a desenvolver. Neste ámbito valorarase as actividades vencelladas a sectores emerxentes ou novos filóns de emprego.*
- Situación de desemprego dos promotores (tempo de permanencia nesta situación, segundo certificado de vida laboral) da nova empresa e de ser unha empresa xa constituída terase en conta a situación e tempo de permanencia no Concello.*
- Natureza innovadora do proxecto, que optimicen os recursos infrautilizados ou ociosos no ámbito territorial no que van desenvolver-la súa actividade.*
- Número de empregos estables creados e colectivos que se vaian contratar, tanto a xornada completa como a tempo parcial, por un período mínimo de 2 anos, valorándose especialmente a contratación de colectivos con especiais dificultades de inserción laboral. No caso das empresas xa constituídas valorarase as novas contratacións sempre e cando se produza un aumento da plantilla estable respecto o ano anterior.*
- Interese do proxecto para a dinamización socio-económica da zona, tendo en conta así mesmo a ubicación do seu domicilio social (actividades turísticas ou de outro ámbito, que requiran un impulso para o seu fomento).*

- *Forma xurídica da empresa cualificada como proxecto "PEIM", dándolle prioridade ás empresas de economía social, co obxecto de incentivar e fomentar as mesmas e, por ende, o asociacionismo laboral.*
- *Contía do investimento que se vai levar a cabo no seu conxunto, e máis en concreto en activo fixo. No financiamento do mesmo terase en conta o ratio financiamento alleo fronte a financiamento propio. No caso de ser empresas xa constituídas terase en conta a contía do investimento necesario para a implantación da/s nova/s actividade/s.*
- *Experiencia laboral e formación dos promotores no sector no que van desenvolver a actividade, e que vai constituí-lo obxecto social da súa empresa. No caso de ser empresas xa constituídas valorarase os coñecementos e a experiencia dos socios nesa/s nova/s actividade/s.*

Os criterios 1) e 2) valoraranse de 0 a 20 puntos.

O criterio 5) valorarase de 0 a 15 puntos.

Os criterios 4), 6) e 8) valoraranse de 0 a 10 puntos.

Os criterios 3), 7) e 9) valoráranse de 0 a 5 puntos.

5º.- As vixentes **Ordenanzas Fiscais do 2020**, coas últimas modificacións publicadas no BOPPO número 217, do martes, 12 de novembro de 2019, contemplan as seguintes medidas para fomento da implantación e fixación de empresas no territorio (https://sede.vigo.org/expedientes/sede_textos/texto.jsp?id=concellodixital11&lang=ga):

- Ordenanza Fiscal nº 4 Reguladora do Imposto de Actividades Económicas:
 - *artigo 5.1: "Están exentos do imposto: (...)*
 - b) Os suxeitos pasivos que inicien o exercicio da súa actividade en territorio español, a partir do un de xaneiro de 2003, durante os dous primeiros períodos impositivos deste imposto en que se desenvolva a mesma.*
 - *- artigo 6.1: "Os suxeitos pasivos que inicien o exercicio dunha actividade empresarial cualificada polo Concello como proxecto empresarial de interese municipal (PEIM), e tributen por cota municipal, gozarán, trala exención regulada no artigo 5.1.b) desta Ordenanza, durante os cinco exercicios seguintes dunha bonificación na cota do 50%".*
 - *- artigo 6.5: "Os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e incrementen nun 10%, ou porcentaxe superior, o promedio da súa plantilla de traballadores con contrato indefinido nos seus centros de traballo no municipio de Vigo, durante o período impositivo anterior, terán unha bonificación do 35% na cota do Imposto".*
- Ordenanza Fiscal nº 5 Reguladora do Imposto sobre construción, instalacións e obras:
 - *artigo 3.6. "As obras, construcións e instalacións necesarias para a posta en funcionamento dun proxecto empresarial de interese municipal (PEIM) entenderáse de especial interese por concorrer a circunstancia de fomento emprego e gozarán dunha bonificación na cota deste imposto do 50%, de conformidade co disposto no artigo 103.2a) do RDL 2/2004. (...)"*



Concello de Vigo

- Ordenanza Fiscal nº 50 Reguladora dos dereitos e Taxas pola concesión de Licenzas de construcións, obras e instalacións e outros servizos urbanísticos:
 - *artigo 5.6: “Gozarán dunha bonificación do 75% das taxas relativas a obras de nova planta ou de reforma necesarias para iniciar unha actividade cualificada como proxecto empresarial de interese municipal (PEIM). (...)”*
- Ordenanza Fiscal nº 51 Reguladora das Taxas por Licenzas de Actividades e Instalacións:
 - *artigo 6: “As cotas relativas á taxa de licenza de actividades e instalacións calculadas segundo o artigo 5 desta Ordenanza gozarán dunha bonificación do 75% cando a licenza solicitada corresponda a un proxecto empresarial de interese municipal (PEIM). (...)”*

6º.- Segundo consta na aplicación informática da Xestión Municipal de Expedientes, a Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo tramita as comunicacións previas e as solicitudes de licenzas presentadas de acordo ao réxime legalmente establecido no *Capítulo II do Título VI de “Intervención na edificación e uso do solo” da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG)* - dacordo co procedemento de outorgamento do artigo 143 LSG e dentro dos prazos legalmente establecidos – tendo tramitado, en concreto, os seguintes Proxectos Empresariais Cualificados de Interese Municipal (PEIM) **nun prazo máximo de 30 días naturais** a contar desde que consta a documentación completa no rexistro do Concello:

- **“Residencia ASPANAEX”:** proxecto presentado pola *“Asociación en favor de las Personas con Discapacidad Intelectual de la Provincia de Pontevedra”* (ASPANAEX, G36605905), para a creación dunha residencia que dea resposta ás crecentes demandas de servizos de apoio á mellora da vida cotiá ás persoas con discapacidade intelectual, cualificado coma Proxecto Empresarial de Interese Municipal en data **8 de febreiro de 2018**, en expte. 14804-77.

A licenza de obras de reforma de residencia e centro de día solicitada o 06/02/2018, foi tramitada en expte. 95158/421, que logo da subsanación da documentación achegada foi informado favorablemente polos servizos técnicos municipais en data 24/04/2018 e pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia autorizando o centro en data 30/07/2018. E consta autorizada en data 09/08/2018,

- O **CENTRO LOXISTICO PORTO DE VIGO SOCIEDAD LIMITADA** (B27846773) achegou proxecto cualificado coma Proxecto Empresarial de Interese Municipal en data **27 de decembro de 2018** (Expte. 15783-77) para dar servizo ás diferentes empresas que traballan no sector do peixe conxelado no Norte de España e Portugal, téndose tramitado as comunicacións previas achegadas con nº de expediente 97392-421 e 100471-421.

- A **Residencia para persoas maiores** achegada por Thor Private Equistyspain S.L. (THOR SPAIN; B24583197) para dar servizo en función das necesidades das persoas maiores baixo o concepto de residencia activa, medio integrador entre a terceira idade e as xeracións precedentes dentro da área urbana de implantación, foi cualificada coma Proxecto Empresarial de Interese Municipal en data **15 de novembro de 2019**, en expte. 16.310/77.

A licenza de obras de derruba e de edificación, tramitada en exp. 97033/421, foi solicitada o 19/07/2018 e logo de sucesivas notificacións para subsanar a documentación achegada (finalmente achegada o 21/11/2018) foi informado favorablemente polos servizos técnicos municipais en datas 22/11/2018 e 26/11/2018. E en data 05/12/2018 consta autorizada a licenza de obras.

V. Os datos anteriormente reflectidos foron comunicados á Consellería de Emprego, Economía e Industria xunto coa solicitude para participar na convocatoria co código de procedemento TR332A da ORDE do 27 de decembro de 2019, achegando un Documento Anexo denominado **“ACREDITACIÓN DA CUALIFICACIÓN COMO CONCELLO-EMPREENDEDOR (art. 12.1.A)”**, aos efectos da puntuación establecida no artigo 12.1.A), en recoñecemento ao Concello de Vigo da súa cualificación coma Concello Emprendedor por mor da súa labor de fomento da implantación e fixación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, dacordo cos compromisos esixidos na **cláusula segunda** polo **Protocolo** asinado o **10 de outubro de 2017** e a súa posterior Addenda do **13 de decembro de 2017**.

VI. Pero ademáis do anterior, son **outras as medidas adoptadas polo Concello de Vigo para o fomento da implantación e fixación de empresas no seu territorio**, que exceden das estritamente esixidas pola cláusula segunda do Protocolo de Actuación para que os concellos poidan participar na iniciativa “Doing Business Galicia”, e das que cómpre destacar as seguintes:

1º.- AXUDAS Á CREACIÓN DE EMPRESAS (cunha dotación orzamentaria anual de **70.000 €**): O Concello de Vigo dando continuidade á súa actividade de fomento de emprego, como medida de apoio ás persoas emprendedoras da nosa cidade, ven desenvolvendo o Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas desde o ano 2000, co obxecto de reforzar as medidas de apoio ao emprendemento e fomento da implantación e fixación de empresas no seu territorio.

Poden concorrer a esta convocatoria pública as entidades e empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, as comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e as persoas que causen alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional constituídas no período comprendido na convocatoria que cumpran coas obrigas e os requisitos establecidos nas bases reguladoras.

Non poderán solicitar estas axudas as entidades sen ánimo de lucro nin as persoas físicas distintas do disposto no parágrafo anterior.

Esta convocatoria pretende colaborar dunha forma activa na xeración de emprego no municipio apoiando a posta en marcha de novos proxectos empresariais outorgando especial atención á situación social das persoas promotoras que creen o seu propio posto de traballo, dándose preferencia aos colectivos con maior dificultade de inserción no mundo laboral, e a creación de emprego, por conta propia ou allea.

2º.- SUBVENCIÓNS PARA FOMENTO DO EMPRENDEMENTO E A CONSOLIDACIÓN EMPRESARIAL A TRAVÉS DO TRABALLO COLABORATIVO (cunha dotación orzamentaria anual de **35.000 €**):

Subvencións dirixidas a fomentar o emprego mediante o emprendemento e/ou a consolidación do mesmo, a través de axudas que se veñen convocando desde o ano 2016, para o aluguer de espazos en centros de coworking, de tal xeito que se mellore a colaboración entre empresas e/ou profesionais independentes doutras actividades, a fin de reducir custos de funcionamento e mellorar a información, formación, colaboración e a oferta de servizos empresariais.

3º.- SERVIZO DE ASESORAMENTO A EMPREENDEDORES VIGO EMPRENDE:

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 1 de febreiro de 2018 acordou aprobar o expediente de “Prestación de servizos de asesoramento a PEMES e emprendedores dentro da Estratexia “DUSI Vigo Vertical”, *VIGO EMPRENDE*, adxudicado en data 31 de maio de 2018 por



Concello de Vigo

un prezo total de **179.080 €**, tendo unha duración dun ano e sete meses sen posibilidade de prórroga.

O servizo Vigo Emprende ten por obxecto realizar tarefas de información, asesoramento, formación e apoio a emprendedores e pequenas e medianas empresas (PEMES). Con este servizo trátase tanto de promover novas iniciativas empresariais, encauzando os proxectos a través de información e formación, como de mellorar a través do asesoramento e formación a competitividade e sostenibilidade das pequenas e medianas empresas de carácter local que xa se atopan establecidas a fin de acadar as cotas de competitividade necesarias.

Debido á demanda das persoas usuarias do programa e á necesidade de seguir prestando un servizo de asesoramento e información a PEMES e emprendedores sustentada nos datos que reflicten os indicadores na cidade de Vigo, cunha tendencia claramente en ascenso, que tende a incrementarse mes a mes, e que ten acadado un alto nivel de satisfacción entre os seus usuarios (cunha nota media de 8,6 sobre 10), o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá ordenou en setembro de 2019 iniciar o expediente para a contratación dos servizos de Asesoramento a PEMES e emprendedores dentro da Estratexia DUSI (Vigo Vertical), mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, cun valor estimado de **621.457,82 €**, calculado para un período de execución de dous anos e unha posible prórroga de un ano.

4º.- AXUDAS Á CONTRATACIÓN (cunha dotación orzamentaria anual de 100.000 €):

A convocatoria do programa de axudas á contratación que se veñen convocando polo Concello de Vigo desde o ano 2000 teñen por obxecto servir de estímulo ao empresariado para a contratación de persoas desempregadas, e en concreto, as "AXUDAS Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO DA MOCIDADE VIGUESA" ven promovendo a contratación dos mozos e mozas do municipio de Vigo desde o ano 2014, para favorecer o emprego estable e facilitar ás persoas novas a súa primeira experiencia laboral que permita mellorar o seu grao de empregabilidade e aprendizaxe na contorna da empresa, a través dos seguintes programas de axudas:

- A) Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa Indefinidos)
- B) Programa de incentivos á contratación (Programa Contratacións)

FUNDAMENTOS DE DEREITO

· Requirimento previo de anulación/revogación (art. 44 LRXCA):

Contra a Orde do 27 de decembro de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, procede interpoñer no prazo de dous meses a contar desde a súa publicación, requirimento potestativo fronte ao mesmo órgano que ditou a resolución, consonte ao previsto no artigo 44 da Lei 29/1988, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativo ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante a Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, dacordo coas seguintes consideracións xurídicas:

PRIMEIRO.- O Protocolo de Actuación carece de base legal para esixir os compromisos requiridos na súa cláusula segunda.

Tal e como o propio documento reflicte na súa *cláusula quinta* adicada ao *régime xurídico*, o Protocolo límitase *"a establecer as pautas de actuación sobre unha cuestión de interese común para as partes asinantes, tratándose dun acordo programático ou declarativo e sen eficacia obligacional, cuxo cumprimento non é susceptible de ser esixido xuridicamente"*.

En materia tributaria (e de bonificacións tributarias) rexe un estrito principio de reserva de lei. Así, o artigo 8 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, establece que "Se regularán en todo caso por Ley:(...) d) El establecimiento, modificación, supresión y prórroga de las exenciones, reducciones, bonificaciones, deducciones y demás beneficios o incentivos fiscales.(...)" establecendo o artigo 14 que " No se admitirá la analogía para extender más allá de sus términos estrictos el ámbito del hecho imponible, de las exenciones y demás beneficios o incentivos fiscales."

A tenor do *régime xurídico* contemplado na *cláusula quinta* do Protocolo de Actuación, os compromisos exixidos na *cláusula segunda* para poder adquirir a cualificación de "Concello Doing Bussines Galicia" carecerían de base legal en aplicación dun estrito principio de reserva de lei.

Tras recoñecer a autonomía de Municipios e Provincias para a xestión dos seus respectivos intereses (artigos 137, 140 e 141), a Constitución Española (en diante CE) establece que as Facendas locais deben dispoñer de medios suficientes para o desempeño das funcións que a lei atribúe aos Entes Locais, debendo nutrirse fundamentalmente de tributos propios e de participacións nos do Estado e das Comunidades Autónomas (art. 142). Establécese así o principio de suficiencia financeira, que pode caracterizarse, de acordo coa xurisprudencia do Tribunal Constitucional, como orzamento ou garantía da autonomía local (véxanse, en tal sentido, as sentenzas do TC 104/2000, de 13 de abril e 48/2004, de 25 de marzo, nas que pode atoparse un detallado repaso á súa doutrina sobre o principio de suficiencia financeira das Facendas Locais).

En suma, aínda que suficiencia financeira non equivale a autofinanciación, a Constitución si que garante autonomía na decisión sobre os seus ingresos tributarios dentro dos límites establecidos na lei estatal, vetando ao regulador autonómico calquera intervención inxustificada sobre os mesmos.

O respecto a esta autonomía veta ao regulador autonómico da posibilidade de limitar pola vía dunha menor puntuación nos procedementos para concorrer a subvencións a aqueles concellos que non decidan adherirse a unha iniciativa autonómica que impón como requisito unha evidente limitación á autonomía local (de feito, o protocolo FEGAMP-Xunta establece como obriga da Xunta discriminar aos Concellos que non se adhiran). As medidas que se estiman adecuadas para promover a instalación de empresas no término municipal de Vigo véñense exercendo ininterrumpidamente por este Concello (e non só pola vía dos beneficios fiscais) desde hai case vinte anos, non aceptándose a intromisión inxustificada do regulador autonómico na configuración ou cuantificación das mesmas.

É por iso polo que consideramos que o outorgamento de 20 puntos aos concellos coa cualificación de "Concello Doing Bussines Galicia" e de 0 puntos aos concellos que carezan de dita acreditación, en aplicación do criterio de valoración do artigo 12.1.i) da convocatoria non poden, baixo ningún suposto, ser aplicados.

SEGUNDO.- O criterio de valoración do artigo 12.1.i) da dita Orde provoca un efecto distorsionador da concorrencia respecto dos concellos que participan na convocatoria pública, que resulta claramente lesivo por provocar discriminación entre as entidades concorrentes e que atentaría aos principios xerais do artigo 8.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro,



Concello de Vigo

Xeral de Subvencións (LXS) e do artigo 5.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

*A **cláusula terceira** do Protocolo adicada aos compromisos da Xunta de Galicia dispón que: Os concellos que se acollan á iniciativa “Doing Business Galicia” veranse beneficiados das diferentes medidas que vai promover a Xunta de Galicia coa finalidade de alcanzar o obxectivo de favorecer e fomentar a implantación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. E en concreto: 1.- A Xunta de Galicia establecerá unha discriminación positiva a favor de aqueles concellos solicitantes de subvencións destinadas a investimentos e gastos nos eidos industrial, do emprego e do emprendemento, cando as mesmas sexa convocadas en réxime de concorrencia competitiva por calquera consellería ou entidade pertencente ao sector público autonómico de Galicia, mediante a regulación nas bases da convocatoria dun criterio específico neste sentido no que o baremo de puntuación supoña, cando menos, o 20 por 100, do total.” (O subliñado é noso)*

En aplicación da referida cláusula, o criterio de valoración do artigo 12.1.i) da Orde impugnada confire unha vantaxe aos Concellos adheridos á iniciativa Doing Bussines outorgando 20 puntos aos Concellos cualificados pola administración autonómica coa “marca” creada no ano 2017 como “*Concello Emprendedor- Concello Doing Bussines Galicia*”. E outorga 0 puntos aos que non dispoñan de dito título, polo que lonxe “de alcanzar o obxectivo de favorecer e fomentar a implantación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia” o que determina é unha clara discriminación, que non atende a ningunha finalidade lexítima e que non pondera o esforzo ou grao de implicación das entidades municipais en acadar o obxectivo de dita iniciativa Doing Bussines, senón da vontade de sometemento aos ditados da Administración autonómica para esixir uns compromisos en virtude dun mero Protocolo de Actuación sen base legal e que vulneran a autonomía local garantida constitucional e legalmente para tomar decisións sobre as súas políticas de ingresos e gastos.

Dacordo co reflectido no artigo 12.3 da Orde, a valoración mínima para a consecución da condición de entidade beneficiaria debe ser de 22 puntos, dos cales 11 deberán corresponder ás epígrafes de características técnicas e carácter innovador.

Se sumamos a puntuación máxima que un concello podería acadar nestes epígrafes, resultaría un total de 90 puntos, dos que 20 corresponderían á condición de Concello Doing Bussines Galicia.

Polo exposto, o criterio de valoración do artigo 12.1.i) da Orde resulta claramente lesivo por provocar discriminación entre as entidades concorrentes e atentaría aos principios xerais do artigo 8.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) de concorrencia competitiva, obxectividade e igualdade á hora de distribuír os fondos públicos, xerando unha distorsión da concorrencia.

E así mesmo vulneraría o esixido pola propia normativa aprobada pola Xunta de Galicia na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia cuxo ámbito de aplicación abrangue as subvencións establecidas ou xestionadas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades locais de Galicia.

A este respecto o artigo 3.2 da dita Lei autonómica dispón que serán de aplicación os principios de xestión contidos no artigo 5.2 da dita lei e os de información á que fai referencia o artigo 16 ás aportacións dinerarias sen contraprestación que realicen os demais entes vinculados ou dependentes da Xunta de Galicia e das entidades locais galegas. En todo caso, as aportacións gratuitas terán relación directa co obxecto da actividade contido na norma de creación ou nos seus es-

tatutos. A concesión destas aportacións haberá de axustarse ás normas de procedementos elaboradas polas entidades en aplicación dos citados principios.

En identidade co establecido pola normativa estatal, o artigo 5.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño indica que a xestión das subvencións á que se refire a presente lei se realizará de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, transparencia, concurrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola administración outorgante.
- c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

A sentenza 264/2018, do 20 de febreiro (Rec. 3635/2015) ditada pola Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Supremo sinala o seguinte: << *Por otro lado, alega la parte actora el trato desigual establecido por la disposición entre sus beneficiarios, favoreciendo a las organizaciones empresariales en detrimento de los sindicatos, lo que a su juicio provoca discriminación y contraría los principios comúnmente aceptados en un proceso de concurrencia competitiva. Por ello sostiene que se vulneran los principios de concurrencia competitiva, objetividad, e igualdad, a la hora de distribuir el presupuesto entre entidades empresariales (60%) y sindicales (40%).*

A su juicio, ello vulneraría el [artículo 8. 3 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones](#) :

Artículo 8 Principios generales

(.....)

3. La gestión de las subvenciones a que se refiere esta ley se realizará de acuerdo con los siguientes principios:

- a) Publicidad, transparencia, concurrencia, objetividad, igualdad y no discriminación.*
- b) Eficacia en el cumplimiento de los objetivos fijados por la Administración otorgante.*
- c) Eficiencia en la asignación y utilización de los recursos públicos .*

El derecho a la igualdad, en su perspectiva de igualdad en la aplicación de la ley, tal como ha sido interpretado por el Tribunal Constitucional y el Tribunal Supremo, en doctrina pacífica y constante, proscrib[e] el tratamiento desigual de situaciones idénticas -dentro de la legalidad-, a menos que exista una justificación objetiva y razonable en la que fundamentar esa desigualdad de trato.

Por ello, para poder apreciar la existencia de ese trato discriminatorio injustificado es imprescindible: 1) que el recurrente ofrezca un término de comparación idéntico, no simplemente semejante o análogo; 2) que la desigualdad de trato carezca de una justificación objetiva y razonable; 3) que, siempre y en todo caso, la actuación administrativa ofrecida como término de comparación sea legalmente irreprochable."

A STC 10.11.88 (Pte. Sr. Truyol Serra) sinala que: "Sobre las exigencias que la igualdad impone en la creación del Derecho - igualdad en la ley- existe una muy amplia doctrina de este Tribunal, que puede sintetizarse ahora recordando que para que las diferenciaciones normativas pueden considerarse no discriminatorias "resulta indispensable que exista una justificación objetiva y razonable, de acuerdo con criterios y juicios de valor generalmente aceptados, cuya exigencia deba aplicarse en relación con la finalidad y efectos de la medida considerada, debiendo estar



Concello de Vigo

presente, por ello, una razonable relación de proporcionalidad entre los medios empleados y la finalidad perseguida, y dejando en definitiva al legislador, con carácter general, la apreciación y tratar desigualmente"(STC [75/1983](#), f. j. 2º).

Neste sentido, se ben a medida para fomento da implantación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma pode considerarse lexítima, obxectiva e razoable, o que non é razoable é a inexistencia de toda relación de proporcionalidade nos medios empregados e a finalidade perseguida, porque a Iniciativa Doing Bussines Galicia non pondera as medidas adoptadas polas entidades municipais coma Concellos Emprendedores, senón unicamente se ditas entidades teñen implementado os compromisos esixidos por un mero Protocolo de Actuación, que determina o outorgamento, de ser o caso, dun certificado ou diploma coa cualificación de Concello Doing Bussines Galicia; documento que determina automaticamente o outorgamento ás ditas entidades concorrentes á convocatoria de subvencións, de 20 puntos en aplicación do criterio de valoración do artigo 12.1.i).

Polo exposto, consideramos lesiva aos intereses municipais a Orde obxecto da presente impugnación porque tan contraria ao principio de igualdade é a norma que diversifica por un mero voluntarismo selectivo como aquela outra que, atendendo á consecución dun fin lexítimo, configura un suposto de feito, ou as consecuencias xurídicas que se lle imputan, en desproporción patente con aquel fin, ou sen atención ningunha a esa necesaria relación de proporcionalidade.

Isto é, trátase dunha cuestión de razoabilidade e proporcionalidade en relación coa finalidade da iniciativa aprobada.

Neste sentido, a *discriminación positiva* establecida pola Xunta de Galicia a favor *daqueles concellos solicitantes de subvencións destinadas a investimentos e gastos nos eidos industrial, do emprego e do emprendemento, cando as mesmas sexa convocadas en réxime de concorrencia competitiva por calquera consellería ou entidade pertencente ao sector público autonómico de Galicia, mediante a regulación nas bases da convocatoria dun criterio específico neste sentido no que o baremo de puntuación supoña, cando menos, o 20 por 100 do total*, resulta claramente discriminatorio e desproporcionado, porque unicamente persigue premiar a aqueles concellos que asumisen os compromisos esixidos pola Xunta de Galicia para acadar a súa "marca", pero non ten en conta nin garda proporción algunha coa baremación que, de ter en conta outras medidas para acadar a mesma finalidade, poderían acadar en tal concepto outros Concellos coma Vigo, pola súa labor de fomento do emprendemento e implantación de empresas no seu territorio.

CONCLUSIÓN:

En síntese, a fundamentación do presente requirimento se podería sintetizar nos seguintes motivos esencialmente:

1º.- A documentación esixida polo artigo 6.1.A) da Orde que resulta necesaria para acadar a puntuación do artigo 12.1.i) provoca unha transmutación dun mero distintivo ao que calquera concello podería acollerse voluntariamente nun requisito determinante para acadar a subvención, toda vez que outorga a cuarta parte da puntuación total técnica, producindo unha clara distorsión da concorrencia competitiva.

2º.- A iniciativa "Doing Bussines Galicia" - estranxeirismo innecesario, que non emprega ningún dos idiomas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia nin engade valor ningún - atenta ao debido respecto que esixen as relacións interadministrativas no lícito exercicio por cada unha das administracións para desenvolver libremente as súas competencias, sen ter que soportar inxerencias doutros entes na autonomía garantía constitucionalmente para desenvolver as súas políticas públicas, na que cabería encadrar a dita iniciativa "Doing Bussines Galicia" pola que a Xunta de Galicia considera a imposición dun ou doutro tipo tributario como mérito ou demérito para outogar unha vantaxe aos concellos adheridos.

Polo exposto, o alcance da revogación se limitaría ao artigo 12.1.i) da Orde impugnada, e non á súa totalidade, considerando que é éste precepto o que introduce un factor discriminatorio que vulnera o art. 14 da CE e os principios xerais do artigo 8 da LXS e do artigo 5 da LSG, desde a perspectiva da prohibición de discriminación que, neste caso, se produce entre os concellos concurrentes á convocatoria e que carecen do certificado ou diploma de "Concello Emprendedor-Concello Doing Bussines Galicia".

Polo que, na súa virtude, se require que se deixe sen efecto o outorgamento dos 20 puntos concedidos polo artigo 12.1.i) por discriminación positiva aos concellos coa cualificación de "Concello emprendedor-Concello Doing Business", que deberá entenderse suspendida en tanto non se dea resposta ó presente requirimento».

É competente para formular este requirimento a Xunta de Goberno Local, de acordo co previsto no Art. 127.1.j] da LRBRL (L.7/1985) e no Apdo. Primeiro Pto. 1.3 da Resolución da Alcaldía – Presidencia do 18.06.2019 de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local, segundo a que correspóndelle a este órgano colexiado o «*exercicio de accións xudiciais e administrativas na materia das atribucións delegadas*».

En base ao exposto, elévase a Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

ÚNICO: Interpoñer, consonte ao disposto no art. 44 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa REQUIRIMENTO DE ANULACIÓN OU REVOGACIÓN CON CARÁCTER PREVIO Á INTERPOSICIÓN DE RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO contra a Orde do 27 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2020(código de procedemento TR332A) e, na súa virtude, se deixe sen efecto o outorgamento dos 20 puntos concedidos polo artigo 12.1.i) por discriminación positiva aos concellos coa cualificación de "Concello emprendedor-Concello Doing Business", que deberá entenderse suspendida en tanto non se dea resposta ó presente requirimento».

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

15(158).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO SERVIZO DE IGUALDADE, NO MES DE FEBREIRO DO ANO 2020. EXPTE. 9905/224.

Dáse conta do informe-proposta de data 03/03/2020, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31ª das Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o vixente exercicio, faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Igualdade, no mes de febreiro do ano 2020.

Expte.	Tipo	Asunto	Adxudicataria	Aplicación orzamentaria	Data Decreto	Importe
9842-224	CMSE	Base de datos xurídica On-line "Essencial Plus Familia" para o Centro Municipal de Información	Lefebre-El Derecho, S.A	23112200100	4/02/2020	971,01 €
9850-224	CMSE	Programa "Querémonos! Construindo unhas relacións libres de violencia" dirixido ao alumnado de secundaria	Van Divulgación Cultural, SL,	23112260603	3/02/2020	8.736,20 €
9851-224	CMSE	Visita guiada ao roteiro feminino "Sons de mulleres"	María Casar Díaz	23112260601	3/02/2020	600,00 €
9852-224	CMSE	Colaboración literaria no recital aberto de poesía de xénero no mes de marzo	Iolanda Pérez Zúñiga	23112260601	10/02/2020	200,00 €
9853-224	CMSE	Megafonía/amplificación de son para o apoio á visita guiada ao roteiro feminino <i>Sons de Mulleres</i>	Jeús R Andrés Tejada	23112260601	10/02/2020	121,00 €

Expte.	Tipo	Asunto	Adjudicataria	Aplicación orzamentaria	Data Decreto	Importe
9869-224	CMSE	Asistencia técnica que se precisa no salón de actos do Marco para realización de actividades organizadas no mes de marzo	Fundación Marco	23112260601	28/02/2020	435,00 €
9870-224	CMSE	Producción de material (convites e dípticos) para a organización e desenvolvemento do Premio de Igualdade "Ernestina Otero"	Agua de Mayo Marketing S L	23112260200	13/02/2020	567,19 €
9871-224	CMSE	Creatividade e produción de 32 mupis e 5000 unidades de flyers para a campaña "Día internacional das mulleres"	Rita Más Ibañez	23112260601	21/02/2020	1.643,18 €
9879-224	CMSE	Actuación musical do grupo "De Vacas", que se realizará no salón de actos do MARCO.	Mª Josefa Mariño Carreira	23112260601	17/02/2020	4.840,00 €
9880-224	CMSE	Servizos de megafonía e a instalación dunha tarima para a lectura do comunicado ao remate da manifestación convocada polo "Día Internacional das Mulleres"	Sonido Collazo S L	23112260601	21/02/2020	1.573,00 €
9882-224	CMSE	Coordinación, montaxe e desmontaxe exposición itinerante "A violencia sexual na xuventude. Infórmate!"	Ana Mª Costas Carbajal	23112279906	19/02/2020	2.178,00 €
9886-224	CMSE	Xestión e dereitos de exhibición de proxeccións de filmes	Cine Lube Lumière	23112260601	21/02/2020	1.310,00 €
9888-224	CMSE	Realización contacontos infantil no mes de marzo	Ana Mª Carreira Varela	23112260601	21/02/2020	385,00 €

Acordo



Concello de Vigo

A Xunta de Goberno local queda informada.

16(159).- PROPOSTA PARA A APROBACIÓN DO GASTO PARA O ANO 2020 EN RELACIÓN AO CONVENIO COA SOCIEDADE “SUPERVISIÓN Y CONTROL S.A.U” A FIN DE REGULAR O PROCEDIMENTO DE XESTIÓN E SISTEMA DE FACTURACIÓN DAS INSPECCIÓN TÉCNICAS (ITV) DOS VEHÍCULOS DA FLOTA MUNICIPAL. EXPTE. 13758/445.

Visto o informe de fiscalización do 21/02/2020, dáse conta do informe-proposta de data 19/02/2020, asinado polo xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais, o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, polo xefe dos Servizos Xurídicos de Servizos Xerais, polo concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES.

1.-En data 29/04/19 o Concelleiro Delegado da Área de Fomento resolveu iniciar o expediente para a elaboración e aprobación dun Convenio entre o Concello de Vigo e a sociedade “Supervisión e Control, S.A.U” concesionaria do servizo de inspeccións técnicas dos vehículos en Galicia, co obxecto de regular o procedemento de xestión e sistema de facturación das inspeccións técnicas dos vehículos da flota municipal, a cal fórmase por aproximadamente 240 vehículos de diferentes categorías e funcións. Xustifícase a necesidade e oportunidade do convenio no feito de que os devanditos vehículos deben someterse periodicamente ás inspeccións técnicas preceptivas, motivo por el cal considerouse necesaria a regulación dun procedemento de xestión e facturación adecuado.

2-Consta no expediente memoria que xustifica a necesidade e idoneidade do convenio, asinada en data 31/05/19 polo Xefe da Unidade de mantemento de vías e obras, o Xefe do Servizo administrativo e control orzamentario, o Xefe da Área de Inversións de servizos xerais, e o Concelleiro delegado da Área de Fomento, Limpeza e Contratación, e na que consta a xustificación de cumprimento do principio de sustentabilidade financeira, de conformidade co recollido no artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, toda vez que as actuacións contempladas na proposta de convenio xustifican un impacto favorable sobre os orzamentos futuros, e supoñen un aforro no gasto ao mantemento ordinario, toda vez que se prescinde da contratación dun servizo de mediación das referidas xestións sendo realizadas por persoal do Parque Móbil.

3.- Consta Informe xurídico favorable de data 8/07/19 e informe da Intervención da mesma data.

4.- A Xunta de Goberno Local aprobou en sesión ordinaria de data 18 de xullo de 2.019 aprobar o Convenio de colaboración entre a Sociedade “Supervisión y Control, S.A.U” e o Concello de Vigo a fin de regular o procedemento de xestión e sistema de facturación das inspeccións técnicas (ITV) dos vehículos da flota municipal e a súa subscripción pola Sociedade “Supervisión y Control, S.A.U”; facultando ao Concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos para la sinatura do convenio.

5.-En base á referida necesidade a sociedade “Supervisión Y Control, S.A.U” e o Concello de Vigo no exercicio das súas competencias, asinaron o convenio en data 31 de xullo de 2.019.

6.-As necesidades relativas ás inspeccións técnicas son variables en función da xestión da flota de vehículos e de acordo co alcance do convenio asinado coa sociedade “Supervisión Y Control, S.A.U”, e as previsións de realización de inspeccións técnicas para os vehículos da flota municipal para o ano 2020, estimase dende os servizos técnicos do Parque Móbil, un gasto máximo de DEZASETE MIL OITOCENTOS NOVENTA CON ONCE EUROS (17.890,11 EUROS) IVE, Tasas e gastos incluídos.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

I.- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).

II.-Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril.

III.- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira. Lei Orgánica 7/2013, de 27 decembro de racionalización e sustentabilidade da Administración Local e Lei 5/2014, 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 7/13.

IV.- Bases execución do orzamento do Concello de Vigo de 2.019.

V.- Lei 9/2.017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2.014/24/UE, de 26 de febreiro.

VI.- Lei 40/15, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

VII.- Real Decreto lexislativo 2/2.004, de 5 marzo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

En base ao exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Autorizar o gasto polo importe máximo de DEZASETE MIL OITOCENTOS NOVENTA CON ONCE EUROS (17.890,11 EUROS) IVE, Tasas e gastos incluídos, a favor da mercantil “Supervisión e Control, S.A.U”, con cargo a aplicación orzamentaria 9202.227.99.00 “Tramitación documentación de vehículos” do vixente orzamento, co obxecto de desenvolver no ano 2020 as inspeccións técnicas dos vehículos municipais, de acordo ao Convenio entre a sociedade “Supervisión e Control, S.A.U e o Concello de Vigo a fin de regular o procedemento de xestión e sistema de facturación das inspeccións técnicas (ITV) dos vehículos da flota municipal.

Segundo- Dar conta do presente acordo á “Supervisión e Control, S.A.U.” como concesionaria da prestación do servizo de ITV e asinante do convenio co Concello de Vigo.



Concello de Vigo

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(160).- MODIFICACIÓN DO CONVENIO ASINADO COA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A CESIÓN DO EDIFICIO MUNICIPAL DA RUA CHAO PARA SÉ INSTITUCIONAL, E NO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS APROBADAS NA XGL DO 5/12/2019. EXPTE. 20340/240.

Visto o informe de fiscalización do 28/02/2020, dáse conta do informe-proposta de data 19/02/2020, asinado polo xefe de Patrimonio, a xefe de Área de Xestión Patrimonial e Territorial e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN.

- LRBRL (Lei 7/1985, de de 2 de abril , reguladora das Bases de Réxime Local).
- LPAAPP (Lei 33/2003, de 3 novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas).
- LPACAP (Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).
- LCSP (Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Publico).
- RBEL (R.D.1372/1986, de 13 xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais).

INFORME- PROPOSTA

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local na súa sesión do 5 de decembro do 2019, aprobou o Convenio interadministrativo entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra cuio obxeto e establecer e concretar o réxime de colaboración entre Concello-Deputación para autorizar a través dunha concesión administrativa o dereito de uso e desfrute como sé institucional da Deputación de Pontevedra do edificio de propiedade municipal sito no número 18 da rúa Alta esquina coa rúa Chao, e conseguinte resolución do dereito de uso da Deputación de Pontevedra sobre o inmovible propiedade tamén do Concello de Vigo sito na rúa Oporto núm. 3 “Anexo ao antigo Reitorado”.

Así mesmo, acordou aprobar definitivamente o Prego de cláusulas administrativas que rexerá dita concesión administrativa do uso do edificio municipal do núm. 18 da rúa Alta, aprobado inicialmente por acordo do 17/10/2019 e sometidas a información pública polo prazo regulamentario, ao non terse presentadas alegacións ao mesmo.

En data 9 de decembro do 2019 foi asinado, por ambal as dúas administracións, o referido convenio de colaboración.

SEGUNDO.- Segundo o pacto Terceiro de dito convenio, o Concello de Vigo comprométese a tramitar á través do procedemento de adxudicación directa á Deputación provincial expediente de concesión administrativa de dominio público que comprenderá o uso privativo da edificación de titularidade municipal da rúa Alta 18, conforme ó previsto no artigo 78 e seguintes do Real Decreto 1372/86, polo que se aproba o Regulamento de Bens das

Entidades Locais e sección cuarta do capítulo I do Título IV da Lei 33/2003, de 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas.

Así mesmo, establece as condicións baixo as que sería otorgada a concesión, regulando entre outras: o prazo e prórrogas, o reximen de uso e económico, os compromisos das partes, as causas de resolución e extinción, ou as condicións de reversión.

TERCEIRO.- Neste senso, o prazo concesional fíxase en 10 anos a partires da sinatura do convenio, e con posibilidade de ser prorrogado por periodos sucesivos de cinco anos, ata un máximo de dúas prórrogas(Pacto terceiro, condición primeira).

Cabe sinalar o erro no que incurrese na regulación de dito prazo, o facer coincidir o inicio da concesión co asinamento do convenio. O convenio, como quedou exposto, constitúe un marco colaborativo entre as administracións na que, entre outras cuestións, contempla o compromiso de otorgamento dunha concesión administrativa, baixo determinadas condicións e trala tramitación do correspondente procedemento.

Conseguentemente, o prazo concesional en modo algun pode iniciarse co asinamento do convenio, xa que a concesión administrativa non so require do cumprimento dunha serie de tramites, senon dun otorgamento e posterior formalización. Formalización, por outra banda, prevista e regulada no convenio, sinalando ao respecto que farase en documento administrativo no prazo de quince días dende a data da notificación do acordo á concesionaria(Pacto Terceiro, condición Decimosegunda).

Por todo ello, faise necesario levar a cabo a modificación do convenio, no que ao inicio do prazo da concesión atinxe, establecendo como data a da súa formalización en documento administrativo.

CUARTO.- Unha vez que xa resultou aprobado definitivamente pola Xunta de Goberno Local o Prego de cláusulas administrativas que rexerá a concesión administrativa do uso do edificio municipal do núm. 18 da rúa Alta, procede conseguentemente e dacordo co convenido, otorgar a concesión á Deputación Provincial de Pontevedra para sé institucional da mesma na cidade de Vigo.

QUINTO.- Correspóndelle á Xunta de Goberno Local, aprobar a modificación do convenio e o otorgamento da concesión, consonte o previsto na Lei de Bases e na Lei de Contratos do Sector Público (Disposición adicional segunda).

A teor do que antecede, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

PRIMEIRO.-Modificar a condición primeira (prazo da concesión e prorroga) do pacto terceiro do Convenio asinado o 9/12/2019 entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra para a cesión do edificio municipal da Rúa Chao para sé institucional, e conseguentemente o Prego de cláusulas administrativas aprobadas pola Xunta de Goberno Local o 5/12/2019, resultando coa seguinte redacción:

“Primeira.- prazo da concesión e prorroga



Concello de Vigo

O prazo da concesión do inmoble da rúa Alta-Chao será de dez anos a partires da data de formalización en documento administrativo, podendo ser prorrogado por períodos sucesivos de cinco anos, ata un máximo de dous prórrogas previa solicitude da Deputación cunha antelación de tres meses antes da finalización de cada prazo, e con acordo expreso do Concello de Vigo.”

SEGUNDO.- Otorgar á Deputación Provincial de Pontevedra a concesión administrativa do uso privativo do edificio municipal sito no número 18 da rúa Alta esquina coa rúa Chao para sé institucional, consonte o pactado no convenio asinado e o Prego de cláusulas administrativas aprobadas, trala modificación acordada no punto primeiro.

TERCEIRO.- Comunicar o presente acordo á Deputacion Provincial interesando a incorporacion de dita modificacion ó convenio mediante adenda, e a formalización da concesión administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(161).- PROPOSTA PARA INICIAR PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO DE CONSTRINXIMENTO PARA O COBRAMENTO DE RECIBOS POR SUBMINISTRACIÓN DE AUGAS DO CONCELLO DE PORRIÑO – ANO 2016. EXPTE. 45354/700.

Dáse conta do informe-proposta de data 27/02/2020, asinado polo tesoureiro municipal, que di o seguinte:

A Dirección de ingresos do Concello de Vigo, en data 17 de xaneiro de 2020 de remíte a esta Tesourería o seguinte informe:

Achegolle relación de liquidacións de taxas en concepto de recibos por subministración de auga potable, servizo de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, cota de aboamento e utilizacion de aparatos de medida, correspondentes os períodos de facturación do exercicio 2016 non satisfeitas en período voluntario e aprobadas por Decreto mensual do Ilmo. Sr. Alcalde.

As citadas liquidacións foron notificadas regulamentariamente conforme ós art. 109 a 112 da Lei 58/2003, do 17 de decembro Xeral Tributaria.

Estes expedientes teñen a súa orixe na petición formulada pola empresa concesionaria do Servizo municipal de abastecemento e saneamento de auga para a apertura do citado proceso recadatorio.

As citadas liquidacións, cuxo importe total ascende a **197.704,38 €** (CIENTO NOVENTA E SETE MIL SETECENTOS CATRO EUROS E TRINTA E OITO CENTIMOS) segundo relación que achega foron aprobadas por decreto mensual do Ilmo. Sr. Alcalde en cada mes dos devanditos anos e que se relacionan o seguir:

PADRON	AÑO	RECIBO	NIF	NOMBRE	FIJO	OBJETO_TRIBUTARIO	PPAL
000593	2020	205930006	P3603***F	CONCELLO DE PORRIÑO	17471601P0736780	FACTURA SUBMINISTRACION AUGA Nº 17471601P0736780 PERIODO FACTURADO: NOV/DEC /2016	41687,14
000593	2020	205930002	P3603***F	CONCELLO DE PORRIÑO	17471601P0233450	FACTURA SUBMINISTRACION AUGA Nº 17471601P0233450 PERIODO FACTURADO: MAR-ABR/2016	25079,69
000593	2020	205930004	P3603***F	CONCELLO DE PORRIÑO	17471601P0489489	FACTURA SUBMINISTRACION AUGA Nº 17471601P0489489 PERIODO FACTURADO: XUL-AGO/2016	38513,64
000593	2020	205930001	P3603***F	CONCELLO DE PORRIÑO	17471601P0109999	FACTURA SUBMINISTRACION AUGA Nº 17471601P0109999 PERIODO FACTURADO: XAN-FEB/2016	29589,64
000593	2020	205930003	P3603***F	CONCELLO DE PORRIÑO	17471601P0366071	FACTURA SUBMINISTRACION AUGA Nº 17471601P0366071 PERIODO FACTURADO: MAI-XUÑ/2016	31874,26
000593	2020	205930005	P3603***F	CONCELLO DE PORRIÑO	17471601P0603961	FACTURA SUBMINISTRACION AUGA Nº 17471601P0603961 PERIODO FACTURADO: SET-OUT/2016	30960,01
						TOTAL	197704,38

Con data 7 de novembro de 2019, o Director da entidade concesionaria do Servizo municipal de abastecemento e saneamento de auga, Aqualia-FCC Vigo UTE emite, en cumprimento do establecido nas cláusulas 68 e 69 do prego de condicións económico-administrativas polas que se rexeu o concurso para o otorgamento da concesión, certificación na que se fai constar que unha vez rematado o periodo voluntario de cobranza das liquidacións a que se refire o presente expediente, resultaron impagadas as correspondentes cotas tributarias.

A cláusula 67 do prego de cláusulas económico-administrativas que rexeu o concurso para o otorgamento da concesión, prevé que *“Transcorridos tres meses a contar dende a finalización do período voluntario de cobro, o Concesionario presentará ó Concello relación de impagados que resulte incobrable, ós efectos de que pola Administración Municipal se tramiten e aproben os correspondentes expedientes de constrinximento”*.



Concello de Vigo

Pola súa beira, o artigo 167 da Lei xeral tributaria, dispón que o procedemento de constrinximento, iniciárase mediante providencia notificada ó obrigado tributario, que será título suficiente para iniciar o citado procedemento e terá a mesma forza executiva que a sentenza xudicial para proceder contra os bens e dereitos dos obrigados tributarios.

E por isto que, en concordancia coa petición formulada pola entidade concesionaria ó Concello de Vigo, esta Tesourería, de conformidade co disposto no artigo 9.3 da Ordenanza Fiscal nº. 60 Reguladora das Taxas pola prestación de servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, PROPÓN A ESA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, CON CARÁCTER PREVIO Á APERTURA DE EXPEDIENTES DE COBRANZA POLA VÍA DE CONSTRINXIMENTO, A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Interesar da Tesourería Municipal do Concello de Vigo, tralas comprobacións e informes que estime oportuno recadar, se inicie e desenvolva o procedemento administrativo de constrinximento mediante providencia dictada polo Tesoureiro municipal e notificada o obrigado tributario, que permita a xestión de cobramento das cantidades adebedadas á entidade concesionaria, segundo consta nas certificacións de descuberto polo importe total de 197.704,38 € (CIENTO NOVENTA E SETE MIL SETECENTOS CATRO EUROS E TRINTA E OITO CENTIMOS) en cumprimento do establecido nas cláusulas 67 e seguintes do prego de condicións económico-administrativas que rexeu o concurso para o outorgamento da concesión e con arranxo ó procedemento regulado na Lei xeral tributaria e o Regulamento xeral de recadación.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(162).- REINTEGRO DE GASTOS XUDICIAIS AO FUNCIONARIO CO NP 18520. EXPTE. 35038/220.

Visto o informe de fiscalización do 21/02/2020, dáse conta do informe-proposta de data 20/02/2020, asinado polo técnico de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- En escrito de data 19/11/2019, foi presentado polo Sr. Domínguez López G. (NP 18520), con DNI nº ***5*258 * escrito de solicitude de abono de gastos xudiciais, por importe de 1.089 euros, acompañado de factura de 13/11/2019, nº 2019/682-LU; elo consecuencia do persoamento do mesmo -en calidade de investigado- nas Dilixencias de Investigación Penal 124/19, tendo sido ditado Decreto de Arquivo da Fiscalía da Área de Vigo de data 04/11/2019.

II.- Consta no procedemento solicitude, factura (2019/682-LU), xustificante de transferencia bancaria, Decreto de Arquivo da Fiscalía da área de Vigo, Informe xeral de data 28 de xuño de 2017 da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo (“Informe xeral sobre gastos de defensa letrada e representación de corporativos e empregados municipais derivados de procedementos penais en relación co exercicio das súas funcións propias”).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- O Real Decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece no seu artigo 14 o dereito dos empregados públicos á defensa xurídica e protección da Administración Pública nos procedementos que se sigan ante calquera orde xurisdiccional como consecuencia do exercicio lexítimo das súas funcións ou cargos públicos.

II.- O artigo 36 do vixente “Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, aprobado en sesión plenaria de data 28 de decembro do 1998, establece que o Concello, ben a través dos seus servizos xurídicos ou con profesionais contratados prestará asesoramento e defensa xurídica ao persoal nos litixios derivados de feitos ocorridos como consecuencia do desenvolvemento das funcións propias do seu cargo, sen prexuízo do reembolso das cantidades que procedan si se demostrase na sentenza que existiu por parte do funcionario/a extralimitación, abuso de autoridade, dolo ou negligencia grave no exercicio das súas funcións.

III.- A sentenza do Tribunal Supremo (Sala Terceira, do Contencioso-Administrativo) de 4 de febreiro de 2002, establece os requisitos para que unha Corporación poida considerar os gastos de representación e defensa dos seus membros nun proceso penal como indemnizables a título de gastos ocasionados no exercicio do cargo. O fundamento xurídico terceiro da citada Sentenza sinala que a Entidade Local, “en uso de su autonomía reconocida por el artículo 137 de la Constitución española, puede considerar los gastos de representación y defensa de un proceso penal como indemnizables a título de gastos ocasionados en el ejercicio del cargo, a condición de que no concurran circunstancias que obliguen a calificarlos como gastos realizados en interés propio o a favor de intereses ajenos al general de la entidad y además se den los siguientes requisitos:

-Que hayan sido motivados por una inculpación que tenga su origen o causa directa en su intervención en una actuación administrativa o de otra índole realizada en el cumplimiento de las funciones atribuidas por las disposiciones aplicables a su actividad como miembro de la Corporación o en el cumplimiento o ejecución de acuerdos de los órganos de esta sala.

-Que dicha intervención no haya sido llevada a cabo con abuso, exceso, desviación de poder o en convergencia con intereses particulares propios de los interesados o del grupo político o de otra índole al que pertenecen susceptibles de ser discernidos de los intereses de la Corporación, pues en tal caso la actuación no puede considerarse como propia del ejercicio de su función, sino como realizada en interés particular, aunque externa o formalmente no sea así.

-Que se declare la inexistencia de responsabilidad criminal por falta objetiva de participación o de conocimiento en los hechos determinantes de la responsabilidad penal, la inexistencia de estos o su carácter ilícito. De haberse contraído responsabilidad criminal, no puede en-



Concello de Vigo

tenderse que la conducta realizada lo haya sido en el ejercicio de sus funciones, sino abusando de ellas”.

IV.- Con data 28 de xuño de 2017, Asesoría Xurídica do Concello de Vigo, emitiu “Informe xeral sobre gastos de defensa letrada e representación de corporativos e empregados municipais derivados de procedementos penais en relación co exercicio das súas funcións propias”, informe anexado ao expediente.

No presente caso consta a presentación da factura (2019/682 LU), o Decreto de Arquivo de actuacións. Consta tamén xustificante de transferencia polo que se aboa a cantidade reclamada. Por outra parte, non estamos ante un suposto de actuación allea ao exercicio lexítimo das funcións asignadas, nin contraditorio coas regras xerais e os deberes sinalados no estatuto e o código de conduta dos empregados públicos ou corporativos locais, cumpríndose igualmente os requisitos da sentenza do Tribunal Supremo (Sala Terceira, do Contencioso-Administrativo) de 4 de febreiro de 2002, anteriormente citada.

V.- De conformidade co anteriormente exposto, e vistas as competencias que en canto á autorización e disposición de gastos en materias competencias relativas ao persoal municipal ostenta a Xunta e Goberno Local ex artigos 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, propónse a imputación orzamentaria do gasto á aplicación orzamentaria 9200.2260400 “Gastos notariais e xudiciais” dos vixentes Orzamentos Municipais, sempre nos termos do indicado no previo o preceptivo informe de fiscalización previa do gasto proposto pola Intervención Xeral Municipal (artigos 213 a 223 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

En consecuencia, e coa conformidade da Concellería-delegada da Área de Organización Municipal nos termos do establecido no Decreto da Excm. Alcaldía e Acordo de XGL de datas 18/06/2019 e 20/06/2019, elévase ao dito órgano a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Acordar o aboamento dos gastos xudiciais ocasionados Sr. Domínguez López (NP 18520), con DNI nº ***5*258 *, como consecuencia do persoamento do mesmo -en calidade de investigado- nas Dilixencias de Investigación Penal 124/19, tendo sido ditado Decreto de Arquivo da Fiscalía da Área de Vigo de data 04/11/2019.

Os ditos gastos concréntanse nun importe total de **1.089 euros**, segundo factura aportada de 13/11/2019, nº 2019/682-LU.

Debendo imputarse o gasto á aplicación orzamentaria 9200.2260400 “Gastos notariais e xudiciais” dos vixentes Orzamentos Municipais, nos termos do indicado no preceptivo informe de fiscalización previa do gasto.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo o/a interesado/a e Intervención Xeral Municipal aos efectos oportunos.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos

8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(163).- RECTIFICACIÓN DE ERROS NO EXPEDIENTE 34886/220 DE REINTEGRO DE GASTOS XUDICIAIS. EXPTE. 35171/220.

Visto o informe de fiscalización do 19/02/2020, dáse conta do informe-proposta do 18/02/2020, asinado pola técnico de Admón. Xeral, la xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno local en sesión de data 29/11/2019, acordou: "**PRIMEIRO.-** Acordar o aboamento dos gastos xudiciais ocasionados Sr. G. O., con DNI nº *****232 *, como consecuencia do persoamento do mesmo -en calidade de investigado- no procedemento abreviado nº 1615/2016 (factura 2019/173), seguidas perante o Xulgado de Instrución nº 4 de Vigo, tendo sido ditado Auto 2/2018 de data 29/12/2017 polo que se acordou o desestimento do recurso de apelación de Xuntos por Galicia e do persoamento do mesmo -en calidade de investigado- no procedemento abreviado nº 3428/14, seguidas perante o Xulgado de Instrución nº 1 de Vigo, tendo sido ditado en data 4/12/2017, Auto de sobreseimiento provisional e arquivo das actuacións.

Os ditos gastos concréntanse nun importe total de **263,00 euros** (181,50 euros correspondente a factura 2019/173 e 181,50 euros correspondente a factura 2019/175), segundo as facturas emitidas polo procurador Sr. Curbera Fernández.

Debendo imputarse o gasto á aplicación orzamentaria 9200.2260400 "Gastos notariais e xudiciais" dos vixentes Orzamentos Municipais, nos termos do indicado no preceptivo informe de fiscalización previa do gasto.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo o/a interesado/a e Intervención Xeral Municipal aos efectos oportunos."

II.- Por escrito de data 09/12/2019 (doc nº 190194136), o Sr. G. O., DNI 1****42* * presenta escrito de reposición, solicitando que "se modifique o importe do acordo da Xunta de Goberno Local de data 29/11/2019 no referente ao expediente 34886/220 referente aos escritos de solicitude de abono de gastos xudiciais e que son os correspondentes á suma correcta dos importes 181,50 € correspondente á factura 2019/173 e de 181,50 € correspondente á factura 2019/175 e que supón 363,00 € e non 263,00 € como se fai constar no acordo."

NORMATIVA DE APLICACIÓN.

I.- Constitución Española.



Concello de Vigo

II.- Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- Presenta o Sr. G. O. recurso de reposición contra o acordo de Xunta de Goberno local de sesión ordinaria de data 29/11/2019, polo que se acorda o aboamento dos gastos xudiciais ocasionados **263,00 euros** (181,50 euros correspondente a factura 2019/173 e 181,50 euros correspondente a factura 2019/175), segundo as facturas emitidas polo procurador Sr. Curbera Fernández.

En realidade non procede a interposición dun recurso, xa que logo este debe fundarse en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 da Lei 39/2015 (artigo 112). Estamos máis ben nun suposto regulado no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, segundo o cal, as Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, do oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

No caso que nos ocupa, estamos claramente ante un erro de carácter aritmético, que supón que a cantidade a aboar serían 363,00 € (181,50 € máis 181,50 €) e non 263,00 € como se fai constar no acordo de xunta de goberno local recorrido. En consecuencia, deberá rectificarse o erro cometido e aboarse 100 € pola diferenza resultante do erro aritmético referido.

O gasto deberá imputarse á aplicación orzamentaria 9200.2260400 “Gastos notariais e xudiciais” dos vixentes Orzamentos Municipais, nos termos do indicado no preceptivo informe de fiscalización previa do gasto.

Atendendo aos fundamentos xurídicos anteriores, e vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, propónse a imputación orzamentaria do gasto á aplicación orzamentaria 9200.2260400 “Gastos notariais e xudiciais” dos vixentes Orzamentos Municipais, sempre nos termos do indicado no previo o preceptivo informe de fiscalización previa do gasto proposto pola Intervención Xeral Municipal (artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

En consecuencia, coa conformidade da tenente de alcalde e concelleira-delegada da área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, elévase ao dito órgano a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

Primeiro.- Rectificar, ao abeiro do artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o erro detectado no acordo da Xunta de Goberno Local, sesión ordinaria de data de data 29/11/2019, onde di:

*“Os ditos gastos concréntanse nun importe total de **263,00 euros** (181,50 euros correspondente a factura 2019/173 e 181,50 euros correspondente a factura 2019/175), segundo as facturas emitidas polo procurador Sr. Curbera Fernández.”*

*Debe dicir “Os ditos gastos concréntanse nun importe total de **363,00 euros** (181,50 euros correspondente a factura 2019/173 e 181,50 euros correspondente a factura 2019/175), segundo as facturas emitidas polo procurador Sr. Curbera Fernández.”*

Segundo.- En consecuencia, acordar o aboamento de 100 euros polo concepto indicado ao Sr. G. O., con DNI nº *****232 *.

Debendo imputarse o gasto á aplicación orzamentaria 9200.2260400 “Gastos notariais e xudiciais” dos vixentes Orzamentos Municipais, nos termos do indicado no preceptivo informe de fiscalización previa do gasto.”

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo ao recorrente.

Contra a presente resolución, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(164).- PROPOSTA DE APERTURA DO TRAMITE DE CONSULTA PUBLICA PREVIA PARA A TRAMITACIÓN DA MODIFICACIÓN DE “ORDENANZA MUNICIPAL DE TAXI DA CIDADE DE VIGO”. EXPTE. 2319/449.

Dáse conta do informe-proposta de data 28/02/2020, asinado pola xefa do Servizo de Transportes e o concelleiro-delegado de Servizos, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

- Con data 9 de febreiro de 2015 o Pleno da Corporación adoptou entre outros o Acordo de :
 - “Aprobar definitivamente a Ordenanza Municipal Reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo “.
 - Con data 11 de marzo de 2015 foi publicado o texto da ordenanza no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.
- O Pleno do Concello, en sesión ordinaria (agosto) do día **5 de setembro de 2018**, adoptou o seguinte acordo:
 - “Aprobar definitivamente a modificación da Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo aprobada inicialmente polo pleno municipal de data 25 de abril de 2018 “ acordo que foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 24 de setembro de 2018.



Concello de Vigo

• Na data 1 de outubro de 2018 publicase no Diario Oficial de Galicia, o Decreto 103/2018 de 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013 de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, que na Disposición final segunda, establece a obrigatoriedade de que os Concellos adapten as súas ordenanzas reguladoras do servizo de taxi ao previsto no citado Decreto.

REGULACIÓN XURÍDICA:

I. Con motivo da aprobación e publicación do citado Regulamento da Lei 4/2013 de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, xurde a necesidade de modificar o texto da vixente Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo a fin de adaptala as previsións do mesmo; e así mesmo contemplar as novas necesidades xurdidas dende a data de aprobación da vixente ordenanza que regula o servizo de taxi no Concello de Vigo,.

II. E en relación coa tramitación da citada modificación da Ordenanza Municipal debe considerarse o disposto na Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas que regula no seu artigo 133 a . “Participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas con rango de Lei e regulamentos” e que no seu número 1 di :

“Con carácter previo á elaboración do proxecto o anteproxecto de lei o de regulamento, sustanciaráse unha consulta pública, a través do portal WEB da Administración competente, na que se requirira a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.”

III. Polo exposto e conforme a Resolución de delegación de competencias de data 18 de xuño de 2019, pola que as competencias en materia de transportes corresponden a Concellería Delegada de Fomento e Servizos, formulase a Xunta de Goberno local a seguinte :

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Abrir o trámite de consulta pública previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, para a redacción, tramitación e aprobación da modificación da ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo, a través de <https://consulta.vigo.org/>, durante un prazo de 15 días hábiles, para que a cidadanía, organizacións e asociacións que así o consideren poidan facer chegar as súas opinións acerca dos aspectos que figuran recollidos no Anexo 1 do presente acordo.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Administración Electrónica para a posta en marcha do trámite de consulta a través da sede electrónica municipal.

Terceiro.- Dar publicidade do presente Acordo a través da Intranet municipal, sede electrónica e Portal de Transparencia.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO 1 CONSULTA PUBLICA

•Antecedentes da norma

A aprobación e entrada en vigor da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, deseñan un novo escenario normativo tanto en materia de procedemento como de organización e funcionamento das AA PP.

A) Problemas que se pretenden solucionar coa norma

Pretendese establecer o marco legal que permita o uso do servizo de taxi da cidade de Vigo nas debidas condicións de igualdade, seguridade, determinando o alcance das prestacións en favor das persoas usuarias, e regulando os aspectos de carácter xurídico, económico e administrativo relativos a prestación do servizo, todo elo adaptado ao Regulamento da Lei 4/2013 de 30 de maio, de transporte publico de persoas en vehículos de turismo de Galicia,

B) Necesidade e oportunidade da súa aprobación

Na Disposición final segunda do Decreto 103/2018 de 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013 de 30 de maio, de transporte publico de persoas en vehículos de turismo de Galicia, establece a obrigatoriedade de que os Concellos adapten as súas ordenanzas reguladoras do servizo de taxi ao previsto no citado Decreto .

C) Obxectivos da norma

Regular as novas necesidades xurdidas en relación coas condicións xerais de utilización do servizo publico de Taxi da cidade de Vigo e regular os dereitos e obrigacións das persoas usuarias así como das persoas profesionais do sector, dende a data de aprobación da vixente ordenanza que regula o servizo de taxi no Concello de Vigo, dar cumprimento ó disposto na citada disposición segunda Regulamento da Lei 4/2013 de 30 de maio, de transporte publico de persoas en vehículos de turismo de Galicia.

D) Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias

Non á alternativa regulatoria nin non regulatoria, debido a obrigatoriedade de adaptación da vixente Ordenanza Municipal reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo ao Regulamento da Lei 4/2013 de 30 de maio , de transporte publico de persoas en vehículos de turismo de Galicia .



Concello de Vigo

22(165).- CONTRATO AO ABEIRO DA DISPOSICIÓN ADICIONAL NOVENA DA LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO PARA O SUMINISTRO DE BASES XURÍDICAS E ACCESO A PUBLICACIÓNS DO GRUPO EDITORIAL WOLTERS-KLUWERT PARA O PERÍODO XANEIRO 2020-DECEMBRO 2020. EXPTE. 5042/550.

Visto o informe de fiscalización do 19/02/2020, dáse conta do informe-proposta de data 18/02/2020, asinado polo do vogal do Tribunal Económico Administrativo, conformado polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

En Vigo, a 4 de febreiro de 2020, en relación có asunto de referencia, emítase o presente en base ás seguintes consideracións:

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local, en sesión que tivo lugar o día 7 de marzo de 2019 prestou a súa conformidade á proposta para o seguinte contrato :

CONTRATO Ó ABEIRO DA DISPOSICIÓN ADICIONAL NOVENA DA LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PUBLICO PARA O SUBMINISTRO DE BASES XURÍDICAS E ACCESO A PUBLICACIÓNS DO GRUPO EDITORIAL WOLTERS-KLUWERT PARA O PERÍODO XANEIRO 2019-DECEMBRO 2019. EXPTE. 4842/550.

SEGUNDO.- Prestado dende entón o servizo, pola empresa presentouse nova proposta, que se adxunta, para a renovación da suscripción ás bases de datos.

A citada proposta ten un custe total de 41.765'57 € (Base 34.517,00,€ máis 21% IVE 7248,57 €), para o período xaneiro de 2020 a decembro de 2020, e con este importe se daría adecuado suministro, tanto das bases de datos coma das revistas especializadas, a todos os Servizos tanto do Concello de Vigo coma dos seus Organismos, xa que se estima que os accesos son suficientes para este fin.

TERCEIRO.- A Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público establece o seguinte:

Disposición adicional novena. Normas especiales para la contratación del acceso a bases de datos y la suscripción a publicaciones.

1. La suscripción a revistas y otras publicaciones, cualquiera que sea su soporte, así como la contratación del acceso a la información contenida en bases de datos especializadas, y en la medida en que resulten imprescindibles, la contratación de los servicios necesarios para la suscripción o la contratación citadas anteriormente, podrán efectuarse, cualquiera que sea su cuantía siempre que no tengan el carácter de contratos sujetos a regulación armonizada, de acuerdo con las normas establecidas en esta Ley para los contratos menores y con sujeción a las condiciones generales que apliquen los proveedores, incluyendo las referidas a las fórmulas de pago. El abono del precio, en estos casos, se hará en la forma prevista en las condiciones que rijan estos contratos, siendo admisible el pago con anterioridad

a la entrega o realización de la prestación, siempre que ello responda a los usos habituales del mercado.

2. Cuando los contratos a que se refiere el apartado anterior se celebren por medios electrónicos, informáticos o telemáticos, las entidades del sector público contratantes tendrán la consideración de consumidores, a los efectos previstos en la legislación de servicios de la sociedad de la información y comercio electrónico.

CARTO.- O gasto pode ser imputado á partida 9200.220.01.00 “Libros e outras publicacións”, do orzamento corrente.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, competente segundo o establecido na Disposición Adicional Segunda.4 da Lei 9/2017, previa remisión á Intervención Xeral ós efectos oportunos, a adopción do seguinte,

ACORDO

1.- Autoriza-lo réxime excepcional previsto na Disposición Adicional 9ª do Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público para a suscripción a Bases Xurídicas e publicacións especializadas, segundo a proposta remitida pola empresa e que se adxunta ó expediente, para o período xaneiro de 2020 a decembro de 2020, có tratamento de contrato menor de servizos, de conformidade co previsto nos art. 111, art. 138.3 e art 10 do TRLCSP, para o contrato ó que se refire a oferta adxunta

2.- Autoriza-lo gasto e comprometer o pago a prol de Wolters-Kluwert España SA con NIF A58417346, de acordo co disposto no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, polo importe da citada proposta de 41.765'57 € (Base 34.517,00,€ máis 21% Ive 7248,57 €), para o período xaneiro de 2020 a decembro de 2020, que pode ser imputado á partida 9200.220.01.00 “Libros e outras publicacións” do orzamento corrente.

3.- En ningún suposto a execución desta resolución dará lugar ó fraccionamento do obxecto do contrato (art. 118 LCSP), entendéndose que o mesmo debe de abarcala totalidade do obxecto, comprendendo todos e cada un dos elementos que sexan precisos para a execución do mesmo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(166).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN VECIÑAL E CULTURAL DE LAVADORES PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL. EXPTE. 9035/336.

Visto o informe xurídico do 19/02/2020 e o informe de fiscalización do 28/02/2020, dáse conta do informe-proposta do 04/02/2020, asinado pola xefa do Servizo de Xuventude, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Segundo a lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalidade e sustentabilidade da Administración Local, establece no artigo primeiro apartado oito a redacción que terá o



Concello de Vigo

artigo 25, mantendo entre as competencias do municipio: "Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre" .

O presente convenio está relacionado coa ocupación do tempo libre de nenos e nenas do municipio, polo que a Administración Local en base á citada lei, ten competencias propias para tal fin.

Dende a Concellería de Xuventude prantexamos a sinatura dun convenio de colaboración entre o Concello e o Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores, para o desenvolvemento de actividades de dinamización infantil e xuvenil durante o ano 2020.

O Asociación Veciñal,Cultural e Deportiva de Lavadores vén colaborando coa Concellería de Xuventude dende 2001 na realización de actividades.

O obxecto do presente convenio é desenvolver un PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL que cubra as necesidades de ocio e tempo de lecer d@s máis nov@s e cun marcado carácter formativo en valores positivos para o seu desenvolvemento integral e a súa socialización.

Este programa será levado a cabo nas instalacións da asociación, axeitadas para o desenvolvemento do mesmo, por contar cun espazo de zona axardinada ao aire libre que facilita o desenvolvemento de ditas actividades.

Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público e social polo que o Concello de Vigo, a través da Concellaría de Xuventude, decide apoiar a realización de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo, e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

Que o Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores é a única entidade que desenvolveu en Lavadores este programa de dinamización infantil e xuvenil dun xeito continuado dende o ano 2001, contando Cun espazo axeitado e con capacidade organizativa para afrontar esta actividade que ten un claro interese publico e zonal, figurando no orzamento do presente ano unha partida nominativa específica 3370.489.00.02 cunha dotación de 28.000 €, destinada a tal fin.

Dadas as características desta actividade, así como o lugar no que se desenvolve, o Concello de Vigo entende que a organización da mesma debe recaer na entidade que a ven executando dende fai dezaseis anos, cos seguintes horarios: de luns a venres, en días hábiles, en horario comprendido entre as 16:00 e 20:00 hs. En xuño, a partir das vacacións escolares e en xullo, o horario será de 09:30 a 13:30 h, excepto o mes de agosto que non se prestará o Servizo.

A asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores destinará á actividade un mínimo de dúas persoas que traballarán en equipo diariamente e de forma conxunta, non podendo por seguridade dos menores asistentes , estar unha sola persoa en ningún momento en que se

desenvolva a actividade. Este persoal contará coa titulación de Monitor/a de Tempo Libre e un/ unha deles/as con formación en Grao nalgunha das áreas sociais.

Por todo elo propónse a necesidade da sinatura dun convenio de colaboración para a xestión do programa de dinamización infantil e xuvenil en Lavadores durante o ano 2020. Esta subvención cun importe de 28.000 € establécese a través dun convenio coa Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores.

A normativa aplicable está de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos xerais do estado o das corporacións locais, sen perxuízo do que a este respecto estableza a súa normativa reguladora.

Cómpre subliñar que dita entidade é unha das tres coas que a Concellaría de Xuventude asinará convenios para o desenvolvemento de actividades de dinamización infantil e xuvenil na cidade de Vigo.

Na Casa do Concello de Vigo, a

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, en calidade de Alcalde do Concello de Vigo con CIF P3605700-H.

Doutra, D. Eduardo Fernández Pérez, con DNI: 35961107D como presidente da Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores, CIF: G36633618 e enderezo social en Rúa Ramón Nieto nº 302, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente número 9035/336

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidade Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores ten entre os seus obxectivos a defensa da calidade de vida dos/as veciños e veciñas en todos os seus eidos, a consecución dos medios materiais, sociais, culturais e deportivos que fagan da parroquia de Lavadores un lugar digno onde vivir e convivir. Estes obxectivos concordan co desenvolvemento do programa de dinamización infantil e

xuvenil que propoñen e coinciden cos da Concellaría de Xuventude no que se refire ao desenvolvemento de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.



Concello de Vigo

II.- Que o Concello de Vigo a través da Concellería de Xuventude ten entre os seus obxectivos a dinamización xuvenil, así como o potenciar a participación, apoiando iniciativas xuvenís e das entidades prestadoras de servizos á xuventude.

Que unha das liñas de acción empregadas para cumprir os obxectivos citados é a potenciación de espazos lúdicos para nenas e nenos onde se poida combinar tempo de lecer, diversión e desenvolvemento persoal integral a través do xogo, a cal ven a coincidir coa proposta que realiza a Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores, referida ao desenvolvemento da actividade de dinamización infantil e xuvenil, polo que considerase convinte a concesión da subvención solicitada, tendo en conta que a actividade proposta na solicitude de subvención é, como sinala García de Enterría, "a actividade xurídica da Administración pública que comporta o outorgamento de auxilios directos ou indirectos para servizos ou actividades que complementan ou suplen os atribuídos ó ente público".

III.- Por todo elo, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación orzamentaria 3370.489.00.02, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 28.000 euros, a favor da ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA DE LAVADORES.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a realización de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

V.- Que a entidade Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente número 9035/336.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social, que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores o Concello de Vigo e a Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores, conveñen a súa colaboración no ámbito de desenvolvemento da actividade de dinamización infantil e xuvenil para nenas e nenos de educación primaria (6 a 12 anos), proposta e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores comprométese a desenvolver a actividade de dinamización infantil e xuvenil en Lavadores e, concretamente, a:

1º.- Ofrecer un espazo de lecer educativo estable e gratuíto, para rapaces e rapazas de educación primaria, con idades comprendidas entre os 6 e 12 anos, no inmoble denominado Villa Galicia, na rúa Ramón Nieto núm. 302, de acordo co programa presentado, de luns a venres en horario 16:00 e 20:00 horas agás nas vacacións de verán que será de 9:30 a 13:30 horas

2º.- Destinar á actividade un mínimo de dúas persoas, que traballarán en equipo diariamente e de forma conxunta, non podendo por seguridade dos menores asistentes, estar unha sola persoa en ningún momento en que se desenvolva a actividade. Este persoal contará coa titulación de Monitor/a de Tempo Libre e un/ unha deles/as con formación en Grao nalgunha das áreas sociais.

3º.- Promover o desenvolvemento cognitivo, psicomotor, afectivo e social das nenas e nenos destinatarios a través do xogo e de actividades lúdicas.

4º.- Favorecer a participación e a integración social das persoas destinatarias, así coma das súas familias.

5º.- Facilitar a adquisición de normas e hábitos saudables e de convivencia entre os persoas destinatarias, así como o desenvolvemento máximo de habilidades e capacidades persoais e grupais.

6º.- Posibilitar o coñecemento da cultura e da lingua galega, a historia da cidade e os recursos dos que dispón.

7º.- Procurar a conciliación da vida laboral e familiar axustando os horarios das actividades ás necesidades e características específicas das familias do contorno.

8º.- Fomentar a educación en igualdade de oportunidades entre nenas e nenos así como promover a coeducación para previr a violencia de xénero.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Garantir a prestación adecuada das actividades de dinamización infantil a traveso da supervisión das mesmas polo persoal técnico da Concellería de Xuventude, que será o encargado do seguimento da execución do convenio, así como certificar o seu cumprimento unha vez rematadas as actividades obxecto do mesmo.

2º.- Conceder directamente á Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores unha subvención por importe de 28.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3370.489.00.02 do orzamento en vigor, co obxecto de coadxudar á financiación da actividade de dinamización infantil no ano 2020.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.



Concello de Vigo

A entidade Asociación Cultural, Veciñal e Deportiva de Lavadores deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- *Co obxecto de facilitar á entidade o pago de salarios de persoal e seguros sociais do mesmo, e tendo en conta que trátase dunha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada, posibilitase o pagamento da subvención en dous prazos; o primeiro deles anticipado, á sinatura do presente convenio do 50% do importe total (14.000 €) e outro do 50% restante (14.000 €) á finalización do mesmo, previa certificación de cumprimento. Debido ás razóns anteriormente descritas, non se establecen reximen de garantías dos fondos entregados.*

A xustificación do importe total recibido presentarase coa certificación dun técnico do servizo de Xuventude xunto coas facturas orixinais correspondentes aos gastos totais, unha vez rematada a actividade.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a Asociación Veciñal Cultural e Deportiva de Lavadores está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Quinto.- *Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran, na execución da actividade*

subvencionada, as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- *A entidade beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 75% do importe da actividade subvencionada.*

Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.

Sétimo.- *A entidade Asociación Cultural, Veciñal e Deportiva de Lavadores debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión do logotipo da Concellaría de Xuventude do Concello de Vigo.*

Oitavo.- *A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.*

A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

Segundo a Lei Xeral de Subvencións rexistrarse na Base de Datos Nacional de Subvencións e darase publicidade.

Asimesmo por imperativo da Lei Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e boo goberno tamén se publicará no Portal de Transparencia.

(Cando a publicación dos datos do beneficiario poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e a intimidade persoal e familiar das persoas físicas, da Asociación Cultural, Veciñal e Deportiva de Lavadores, estas poderán exercitar o seu dereito a que tales datos non se fagan públicos).

Noveno.- *A Asociación Asociación Cultural, Veciñal e Deportiva de Lavadores deberá **xustificar** o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, dentro do ano natural na que se concedeu a subvención e antes do 20 de novembro do presente ano.*

A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar:

a) Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.

b) Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeito a retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.



Concello de Vigo

c) Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financien o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

A entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

As facturas, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1619/2012/2003, de 30 de novembro polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento.

Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalizado do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros; segundo establece a Base 38.4 de Execución, referente á forma de xustificación.

Se a Asociación Cultural, Veciñal e Deportiva de Lavadores solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Décimo.- *Antes de proceder ao pago da subvención a Asociación Cultural, Veciñal e Deportiva de Lavadores deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*

Décimo primeiro.- *Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o **18 de novembro de 2019 e o 20 de novembro de 2020.***

A Asociación Cultural, Veciñal e Deportiva de Lavadores deberá solicitar 3 ofertas nos contratos de subministros e servizos cando o gasto exceda de 15.000€, por aplicación do

Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, salvo que non exista mercado para ditas contratacións.

Décimo segundo.- *A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención, así como a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polos servizos da Concellería de Xuventude. O xefe do servizo de Xuventude emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada, que será incorporado á conta xustificativa para a súa tramitación.*

Décimo terceiro.- *A Asociación Cultural, Veciñal e Deportiva de Lavadores deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Xuventude e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

Décimo cuarto.- *Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

O incumprimento da obriga de destinar á actividade un mínimo de dúas persoas, que traballarán en equipo diariamente e de forma conxunta, sen que en ningún caso a vixianza e atención dos menores poida, por seguridade destes, ser prestada por unha soa persoa, configúrase como unha obriga esencial na actividade obxecto da subvención, cuxo incumprimento dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e o reintegro das cantidades percibidas.

Décimo quinto.- *Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a asociación cultural, veciñal e Deportiva de lavadores da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título ivda lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no rd 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

Décimo sexto.- *A Asociación Cultural, Veciñal e Deportiva de Lavadores está informada de que que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*



Concello de Vigo

A Asociación Cultural, Veciñal e Deportiva de Lavadores poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Xuventude do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, a

O Alcalde

Presidente da AVCD de Lavadores

Asdo: Abel Caballero Álvarez

Asdo: D.Eduardo Fernández Pérez

Por todo o exposto **proponse a Xunta de Goberno Local** a Adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: "Aprobación do texto do convenio para desenvolver un Programa de Dinamización Infantil e Xuvenil entre o Concello de Vigo e o Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores, que se adxunta o presente expediente.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 28.000 EUROS a favor da entidade Asociación Veciñal de Lavadores CIF: G36633618 con cargo á aplicación orzamentaria 3370.489.00.02 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Que por ser unha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada se libre a cantidade de 14.000 EUROS correspondentes ao 50% do total á sinatura deste convenio, e o 50% restante (14.000 EUROS) á finalización do mesmo, ao tratarse dunha entidade sen ánimo de lucro con fins estritamente de carácter social non se esixen garantías.

CUARTO: Facultar ao Concelleiro de Xuventude, Gorka Gómez Díaz para a sinatura do presente convenio"

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Proposta de adxudicación da contratación do patrocinio publicitario para a “Gran Gala do Deporte de Vigo e a súa comarca 2020” organizada por Faro de Vigo, S.A.U. Expte. 17866/101.

- .- Expediente de contratación a través do procedemento aberto para o contrato administrativo especial de “Promoción turística da cidade de Vigo 2020-2022”. Expte. 7644/104.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 30.01.2020, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

24(167).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO PATROCINIO PUBLICITARIO PARA A “GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SÚA COMARCA 2020” ORGANIZADA POR FARO DE VIGO, S.A.U. EXPTE. 17866/101.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 5/03/2020, dáse conta do informe-proposta de data 6/03/2020, asinado pola xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial, a técnica de Administración xeral (P.D. da xefa do Servizo de Contratación do 21.06.19) e a concelleira-delegada de Contratación e Xestión Municipal, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE



Concello de Vigo

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do patrocinio publicitario da “Gran gala do deporte de Vigo e a súa comarca 2020” organizada por FARO DE VIGO, S.A.U. (PCAP).

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 27 de febreiro de 2020, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Aprobar a contratación polo procedemento negociado sen publicidade, consonte ó disposto no artigo 168 da LCSP, para o contrato de patrocinio publicitario da XXI GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SUA COMARCA 2020, a mercantil Faro de Vigo SAU, como organizador exclusivo da Gala.

Segundo.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares, redactado polo Xefe do Servizo de Deportes – Director deportivo, de data 17 de febreiro de 2020.

Terceiro.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación con data de 18 de febreiro de 2020.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe máximo de base á negociación de dun total de 75.000,00 euros (ive incluído), sendo o importe do ive a cantidade de 13.016,53 euros .

- *O gasto imputarase a aplicación orzamentaria 912.0.227.99.05 (Programas Alcaldía)*
- *O valor estimado do contrato, de conformidade co disposto no artigo 101.1 LCSP, é de 61.983,47 €.*

Quinto.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento negociado sen publicidade.

Sesto.- Exceptuar de someter ao control da Mesa de Contratación o procedemento negociado sen publicidade por razón de ser un contrato privado non requirindo ademais a consulta a ningunha outra empresa por ser un operador único, ao ser potestativa a súa constitución segundo artigo 326 da LCSP”.

Segundo.- O 2 de marzo de 2020 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a FARO DE VIGO, S.A.U., concedéndolle un prazo de 10 días hábiles para a presentación da correspondente oferta.

Terceiro.- Con data do 4 de marzo de 2019 FARO DE VIGO, S.A.U., presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O 4 de marzo de 2020, reúnense a xefa da Área de Xestión Municipal e Territorial, coa técnica de Administración xeral (por delegación da xefa do Servizo de Contratación de data 21.06.19), na oficina de Contratación e proceden á apertura da oferta presentada polo licitador invitado a participar.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa, comprobándose que esta é conforme co esixido na cláusula 13 do PCAP, e acordándose admitir a FARO DE VIGO, S.A.U. neste procedemento.

A continuación, abriuse o “SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA”. Segundo o previsto na cláusula 15 do PCAP, non procede a negociación “*dado que a empresa foi seleccionada, as características do patrocinio determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación*” nin outorgarlle puntuación. Así mesmo “*dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada*”.

Para os efectos de proceder á adxudicación do contrato, e de conformidade co previsto na cláusula 18 do PCAP, comprobouse polo Servizo de Contratación que o licitador está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Tesourería Municipal, ao ter presentado el os certificados de estar ao corrente nas obrigas coa facenda estatal e autonómica e coa Seguridade Social. Comprobouse así mesmo que está inscrito no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia. Toda esta documentación foi incorporada ao expediente.

Quinto.- Segundo o previsto na cláusula 18 do PCAP, se o licitador xa achegara ao sobre A a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, a xefa do servizo xestor e a xefa do Servizo de Contratación formularán a proposta de adxudicación á xunta de Goberno local, sen necesidade de clasificar a ofertas. Constando toda a documentación no expediente e sendo correcta, procede adxudicar este procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar FARO DE VIGO, S.A.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á xefa do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación ou



Concello de Vigo

persoas nas que deleguen. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos á acta do 4 de marzo de 2019 de apertura dos sobres A e B.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a FARO DE VIGO, S.A.U. o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do patrocinio publicitario da “Gran gala do deporte de Vigo e a súa comarca 2020” organizada por FARO DE VIGO, S.A.U. (17.866-101) por un prezo total de 75.000,00 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 13.016,53 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(168).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN A TRAVÉS DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA O CONTRATO ADMINISTRATIVO ESPECIAL DE “PROMOCIÓN TURÍSTICA DA CIDADE DE VIGO 2020-2022”. EXPTE. 7644/104.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico de data 5/03/2020 e informe de fiscalización da mesma data, dáse conta do informe-proposta de data 4/03/2020, asinado pola xefa do Servizo de Turismo, a concelleira-delegada de Área e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O turismo é unha das principais actividades económicas e de maior capacidade de desenvolvemento de Galicia, representando, segundo estimacións oficiais, o 10,4% do PIB e o 11% do emprego no ano 2019.

Vigo precisa terciarizar a súa economía, aínda industrial maioritariamente, co incremento da explotación turística sostible dos seus salientables recursos naturais e culturais: as Illas Cíes de Vigo, son a xoia do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia que foron visitadas en 2016 por 400.000 persoas, cifra histórica nunca antes alcanzada. Cíes rexistra nos meses de xullo, agosto e setembro a cifra récord de 213.690 visitas o que supón un 78% das visitas anuais. No ano 2017 as illas Cíes superan as 273.000 visitas, no total do parque as visitas ascenden a 400.465. No ano 2018 as visitas se incrementan un 10% respecto ao ano anterior, alcanzando os 488.025 visitantes.

Este atractivo verase reforzado coa próxima candidatura a Patrimonio da Humanidade da UNESCO.

A cultura e ocio urbanos propios de Vigo atraen a un crecente turismo urbano. Aínda que hai apenas unha década non se concibía Vigo como destino turístico. En 2016 foi catalogado como zona de grande afluencia turística mediante a Resolución 15 de xullo de 2016 ao rexistraren 623.578 pernoctas no ano 2015. No ano 2017 computáronse 421.193 visitantes na cidade viguesa, o que supón un incremento do 15,31%. As pernoctas no ano 2017 elevaronse a 816.739 o que supón un incremento do 12,16% respecto ao ano pasado. No ano 2018 computáronse un incremento de 26,04% de pernoctas respecto ao ano anterior sumando un total de 829.381. No ano 2019 a cifra de pernoctas segue crecendo, sumando un 14,24% facendo un total de 947.521 (*Fuente INE*)

A Concellería de Turismo, de conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art.5 dispón que corresponde aos Concellos, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.

Accións de promoción coas que se pretende conseguir o impulso do turismo, a desestacionalización da demanda e a diversificación da oferta, mediante a posta en valor dos recursos turísticos da cidade de Vigo.

A promoción turística a través de soportes publicitarios propios das aerolíneas tense amosado como moi eficiente, segundo a experiencia municipal de xestión dos últimos anos. A poboación que viaxa con fins turísticos usa maioritariamente en todo o mundo o avión, polo que a publicidade de destino inserida nas aeronaves, nas revistas de a bordo ou flyers e os anuncios ou caracterización dos destinos nas páxinas web das distintas compañías garanten a presenza do destino Vigo entre a poboación a que se dirixe a promoción turística mundial. Os espazos publicitarios nos propios equipamentos aéreos teñen unha operatividade intensiva, xa que dificilmente un avión deixa de usarse e múltiples impactos da publicidade o rodea durante as horas de viaxe.



Concello de Vigo

Doutra banda, para o desenvolvemento dun destino turístico, as comunicacións e especialmente a conectividade aérea directa, son pezas clave. O incremento das frecuencias e rutas nacionais e internacionais en Peinador ten favorecido o turismo en Vigo e en todas as Rías Baixas, coadxuvando á súa desestacionalización e a do emprego. Durante o ano 2013 o número de pasaxeiros do aeroporto de Vigo ascende a 678.711, no ano 2017 este número de pasaxeiros no aeroporto, incrementouse ata 1.065.595, o que implica un aumento do 57%. No ano 2018 o número de pasaxeiros sigue incrementando ata alcanzar a cifra de 1.129.589, é no ano 2019 cando o número de pasaxeiros comeza a descender durante seis meses consecutivos ata alcanzar a cifra de 1.012.447 o que supón un descenso do 10,38% e que se debe, entre outros factores, á finalización, no ano 2018, dun contrato de promoción turística (expte.5640), e que se suma a finalización no ano 2019, doutro contrato da mesma natureza (expte.6628). En base a estes datos podemos xustificar a efectividade da promoción turística da cidade de Vigo nos mercados turísticos nacionais e internacionais a través de compañías aéreas.

O contrato terá por obxecto a promoción turística da cidade de Vigo nos mercados turísticos británico e balear, co obxectivo de atraer turistas procedentes dos mesmos, a través de o desenvolvemento de accións de promoción turística vinculadas ao establecemento de conectividade aérea directa dos mercados británico e balear coa cidade de Vigo.

As accións a desenvolver procurarán a atracción de turistas de diferentes perfís e segmentos centrándose principalmente no turismo de escapada (citybreaker), negocios, familiar, xuvenil, gastronómico e de eventos e reunións (MICE).

O contrato adxudicarase polo procedemento aberto con múltiples criterios de valoración.

O expediente de contratación ten o contido previsto no artigo 116 da Lei de Contratos do Sector Público. Deberá incorporarse certificado da existencia de crédito.

A presente proposta contén os extremos sinalados no art.117 da Lei de Contratos do Sector Público e deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.

A aprobación do expediente require, ademais da incorporación do antedito certificado da existencia de crédito, do informe de asesoría xurídica (D.Ad.3ª.8 da LCSP) e do informe de fiscalización favorable da Intervención municipal (art. 116 LCSP e concordantes do Texto Refundido da Lei de Facendas locais).

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En data 10 de febreiro de 2020 a concelleira delegada da área de Festas e Turismo asina o informe de necesidade e idoneidade e resolve se inicie o expediente de "Promoción turística da cidade de Vigo 2020-2022", mediante un contrato administrativo especial, polo importe total de 2.485.875,00€ mais IVE que fai un total de 3.007.908,75€.

Correspondendo ao ano 2020 o importe de 996.625,00 mais IVE, que fai un total de 1.205.916,25€, correspondendo ao ano 2021 o importe de 744.625,00€ mais IVE facendo un

total de 900.996,25€, e correspondendo ao ano 2022 o importe de 744.625,00 mais IVE, facendo un total de 900.996,25€

En data 17 de febreiro de 2020, a xefa do servizo de Turismo e a Concelleira delegada da área de Festas e Turismo asinan a memoria xustificativa que inclúe as xustificacións recollidas na LCSP, en data 17 de febreiro de 2020 se incorpora ao expediente informe sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación asinado pola xefa de contratación, en data 20 de febreiro de 2020 a xefa do servizo de turismo e a concelleira delegada da área de Festas e Turismo asinan o prego de prescricións técnicas, en data 3 de marzo de 2020 a xefa do servizo de contratación asina o prego de prescricións administrativas,

Á vista do exposto, e previo informe da asesoría xurídica, incorporación de certificado de existencia de crédito e informe favorable da Intervención, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

1. Aprobar o expediente de contratación a través do procedemento aberto para o contrato administrativo especial de “Promoción turística da cidade de Vigo 2020-2022”, (expediente Nº 7644-104).
2. Autoriza-lo gasto por importe de tres millóns sete mil nove centos oito con setenta e cinco euros (3.007.908,75€) incluído IVE, correspondendo ao ano 2020 o importe de un millón dous centos cinco mil nove centos dezaseis con vinte cinco euros (1.205.916,25€) incluído IVE, con cargo á aplicación presupostaria 4320.2279902 “Promoción turística destinos rutas aéreas”
3. Abrir o procedemento de adxudicación na forma legalmente establecida.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

ME

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez